Verbas amigas

Estudos en homenaxe a Blanca Ana Roig Rechou

Marta Neira Rodríguez e Armando Requeixo (eds.)

XUNTA DE GALICIA

Verbas amigas

Estudos en homenaxe a Blanca Ana Roig Rechou

Marta Neira Rodríguez e Armando Requeixo (eds.)

XUNTA DE GALICIA

Verbas amigas. Estudos en homenaxe a Blanca Ana Roig Rechou / edición a cargo de Marta Neira Rodríguez e Armando Requeixo – Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2021.

831 pp.; 24 cm. Homenaxes – Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

D. L. C361-2021 ISBN: 978-84-453-5373-8

1. Literatura infantoxuvenil. 2. Historiografía literaria. 3. Crítica literaria. 4. Teoría da Literatura. 5. Literatura comparada. I. Roig Rechou, Blanca Ana II. Neira Rodríguez, Marta e Requeixo, Armando III. Xunta de Galicia: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

© Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
© Da edición: Neira Rodríguez, Marta e Requeixo, Armando
© Da revisión e corrección lingüística: Caamaño Pérez, Laura
© Das ilustracións interiores: Agra Pardiñas, María Jesús; Calviño, Guillermo; Cortizas, Olalla; Franco, Carmen; Mesías, José María; Pineda, Kenya; Senra, Raquel e Trigo, Cristina
© Da viñeta do colofón: Maside, Xulio

Edita: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Maquetación e impresión:
Grafisant, S. L.

ISBN:
978-84-453-5373-8

Depósito legal:
C361-2021

Marta Neira Rodríguez e Armando Requeixo (eds.)

Verbas amigas

Estudos en homenaxe a Blanca Ana Roig Rechou

Xunta de Galicia: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Santiago de Compostela - 2021

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

Román Rodríguez González: Unha vida entre libros 15

Valentín García Gómez: Alicerce da nosa cultura 19

Manuel González González: Blanca Ana Roig Rechou, a alma dos *Informes de Literatura* 23

Marta Neira Rodríguez e Armando Requeixo: Entre verbas amigas 27

CRONOBIOGRAFÍA

Marta Neira Rodríguez e Armando Requeixo: Cronobiografía de Blanca Ana Roig Rechou 33

ESTUDOS

Anxo Abuín González: *El silencio* e *Persona*: díptico da crueldade 109

Eulalia Agrelo Costas: "O noso galego": da renovación pedagóxica á escrita emerxente de Agustín Fernández Paz 121

Marilar Aleixandre: Carta a Blanca Roig da Galiña azul, o señor Lamote, Nogard, Resalgario e outros seres hipersociais 139

Fernando Azevedo e Ângela Balça: A infância contada aos adultos pela mestria de Jimmy Liao 145

Carmen Blanco: Amor contra morte: a edición do *Códice Calixtino* de Luz Pozo Garza 151

Mercedes Brea: Máis recursos electrónicos para o estudo da lírica galego-portuguesa? 165

Fernando Cabo Aseguinolaza: Máis aló dos lugares de memoria: sobre as tumbas de escritores 181

Cristina Cañamares Torrijos e Cielo Erika Ospina Canencio: Poesía española publicada en la prensa periódica infantil colombiana. El caso de *Chanchito, Revista Ilustrada para Niños* (1933-1934) 191

Arturo Casas: Palabra allea, conflito social e paratopías do autor na poesía. Aplicacións a un libro de Emilio Araúxo con Isolina Pumar 211

João Luís Ceccantini e Thiago Alves Valente: Duas faces de um mesmo Atlântico: sistema, subsistemas, polissistemas e a literatura infantil e juvenil brasileira e galega 227

Jesús Díaz Armas: La Literatura infantil desde la perspectiva del lector: hacia una redefinición del concepto de Literatura infantil..... 241

Mónica Domínguez Pérez: Cuadro de álbumes ilustrados clasificados para la enseñanza-aprendizaje de español como lengua extranjera 257

Xabier Etxaniz: Las literaturas infantiles vasca y gallega, de la colaboración editorial al libre mercado 273

Víctor F. Freixanes e Malós Cabrera: Unha crónica sentimental 283

Mar Fernández Vázquez: Carvalho Calero en "a ledicia de ler" de Casares 289

Carmen Ferreira Boo: A representación do mago na Literatura Infantil e Xuvenil galega 303

Vanessa Regina Ferreira da Silva: Literatura sem fronteiras: encontro, formação e integração 317

Eliane Aparecida Galvão Ribeiro Ferreira: Literatura e artes plásticas em diálogo no livro ilustrado infantil: análise da obra *De morte!*, de Ângela Lago..... 331

Jaime García Padrino: La exaltación de héroes infantiles: arma ideológica en la Guerra Civil (1936-1939)..... 349

Geovana Gentili Santos: Os contos de fadas no sistema literário infantojuvenil galego..... 369

José António Gomes e Ana Cristina Vasconcelos de Macedo: Blanca Ana Roig Rechou –caminhos de uma construtora de pontes 385

Isabel González e J. L. Couceiro: Dicionario bilingüe de linguas afíns: algunhas observacións 395

Ánxela Gracián: A liberdade de imaxinar ou os límites da cidade de provincias na novela *As cousas de Ramón Lamote* de Paco Martín... 407

Laura Guerrero Guadarrama: *Blancanieves y los siete enanos* de Walt Disney, desmitologización y remitización de imágenes arquetípicas 435

Modesto Hermida: Unha proposta didáctica para *Teatro de Máscaras*... 453

Ramón F. Llorens García: Itinerario de iniciación a la lectura del *Quijote*..... 461

Gemma Lluch e Mercè Cantó: Los premios literarios y el canon literario. El caso Protagonista Jove 473

Manu López Gaseni: Agustín Fernández Paz en el País Vasco 491

Lourdes Lorenzo García, Ana Fernández Mosquera, Ana Pereira Rodríguez, Beatriz Rodríguez Rodríguez e Veljka Ruzicka Kenfel: *Sempre Blanca*: colaboración coa UVigo no ámbito da investigación en LIX 501

Marina Mayoral: Non podrás fuyr (Huellas de mujer en los Cancioneros del siglo XV) 513

Xavier Mínguez López: A la recerca dels paradisos perduts. Temps i espai a la literatura infantil i juvenil en català 523

Isabel Mociño: Lecturas de dous clásicos contemporáneos: Fina Casalderrey e Agustín Fernández Paz dende a ficción científica 543

María Xesús Nogueira Pereira: Reescribir a maternidade. Notas sobre *Darío a diario*, de Xela Arias 549

Mari Jose Olaziregi: Historias de un pastor vasco convertido en pistolero. La serie Garmendia de Kirmen Uribe 573

Antón Palacio: Noticia sobre *Roig* e sobre outros apelidos cataláns presentes en Galicia dende antes de 1700 591

Raquel Patriarca: Sete Elefantes Inventam Xícaras Ocas: uma história de palavras em liberdade 605

Verónica Pousada Pardo: Zoomorfismos fraseolóxicos na literatura infantil colección "A Chalupa" 619

Ana Margarida Ramos: Balbino e Constantino: notas para a construção de uma galeria de heróis da literatura infantil luso-galaica 633

Sara Reis da Silva: Seis chaves femininas (a aprofundar) para a escrita da História da Literatura Infanto-Juvenil Portuguesa 643

Carina Rodrigues: Desafios da LIJ portuguesa contemporânea: intertextualidade em Manuela Bacelar ou do livro-álbum como espaço de *intercâmbio discursivo* 653

César Sánchez Ortiz e Aránzazu Sanz Tejeda: Sentadita me quedé: la voz femenina en las canciones de la tradición oral infantil 671

Moisés Selfa Sastre: Educación literaria y poesía: formas destacadas y temas predominantes en la poesía infantil española de autoría femenina en el siglo XXI 695

Xavier Senín Fernández: Juan Farias e Galicia 717

Isabel Soto: Azares e personaxes 731

Cláudia Sousa Pereira: *D'haver eu por vós garvaia*. Os misteriosos lados da roda literária 745

Vera Teixeira de Aguiar e Alice Áurea Penteado Martha: Branca de Neve, dos bosques ao sertão 755

Maria Madalena Marcos Carlos Teixeira da Silva: Da Periferia ao Centro da Literatura: revisão de conceitos à luz das obras e dos leitores ... 773

Caterina Valriu: La biblioteca escolar: la casa de la literatura infantil i juvenil 783

Celia Vázquez García: El colombiano Rafael Pombo y su interés por la literatura infantil y juvenil 793

José Manuel Vez: Reflexións sobre a comunicación intercultural 803

Darío Villanueva: Ramón Piñeiro, filólogo filósofo 819

PRESENTACIÓN

Unha vida entre libros

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Vivir na compaña dos libros é sempre vivir máis plenamente. Sabe ben desta verdade incontestable Blanca Ana Roig Rechou, quen naceu, medrou e se fixo unha profesora e investigadora de referencia con, por e para os libros e a lectura.

Moitos e variados son os méritos e recoñecementos que atesoura esta intelectual de noso. Abondaría con lembrar o seu impagable labor como profesora da Universidade de Santiago de Compostela, onde impartiu docencia tanto na Facultade de Filoloxía coma na de Ciencias da Educación e onde se xubilou como catedrática, motivo que xustifica este oportuno volume de homenaxe.

Mais Roig Rechou é tamén unha pioneira dos estudos sobre literatura infantil e xuvenil non só en Galicia, senón aínda no conxunto da Península Ibérica, sendo os seus estudos e investigacións abondosamente citados e seguidos por analistas de todo o espazo europeo e iberoamericano.

Neste libro inclúese unha ampla cronobiografía que dá conta do seu moi extenso currículo, mais tamén doutras facetas que non debemos deixar de lle agradecer, como a súa entrega a labores de xestión académica e investigadora, como os anos dedicados ás angueiras propias da Vicerreitoría de Estudantes da Universidade de Santiago de Compostela ou a dirección da Área de Literatura do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH).

É xustamente este centro que ela axudou a cofundar o que agora anima o presente libro para a homenaxear. Nada máis xusto. Nin máis oportuno. E ben está que quen se encarguen de coordinalo sexan, precisamente, dúas das persoas que con ela máis colaboraron nestes últimos anos e que foron, amais, colegas no CRPIH: Marta Neira Rodríguez e Armando Requeixo.

O medio cento longo de voces que participan cos seus ensaios e testemuños nesta colectánea forman parte da gran familia de colegas e amizades que Roig Rechou foi tecendo ao longo da súa extensa andaina como estudosa e espellan o aprecio e admiración que soubo gañar en distintos ámbitos de diversos lugares por persoas ben significadas.

Como máximo responsable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade non podo máis que congratularme pola presente homenaxe. Blanca Ana Roig Rechou é unha brillante expoñente da cerna mesma que representa o espírito desta consellería: como intelectual da nosa Cultura, como referente da nosa Educación, como personalidade destacada da nosa Universidade.

Parabéns, por tanto, e aplauso admirativo. Non merece menos a homenaxeada. Este libro e as persoas que nel colaboran así o demostran. Consideración e ledicia que moito comparto.



Alicerce da nosa cultura

Valentín García Gómez
Secretario Xeral de Política Lingüística

Unha cultura como a galega ten hoxe ducias de personalidades que a sosteñen brillantemente. O noso edificio literario soérguese mercé ao impagable labor de xentes que son piares fundamentais sobre os que se eleva. Mais, entre todos estes firmes e admirables esteos, sobrancean determinados nomes que funcionan tal os muros de carga dunha edificación: sen eles todo se vén abaixo, aquilo que con tanto esforzo fomos construíndo durante tanto tempo esfarelaría sen que estes alicerces termasen da súa arquitectura.

Así vexo eu a Blanca Ana Roig Rechou, investigadora, profesora e ensaísta que leva medio século iluminándonos co seu saber e bo facer, tanto nos eidos da literatura infantoxuvenil, nos que é unha autoridade internacional e unha fundadora entre nós, como noutros moitos ámbitos da investigación e do labor profesoral, particularmente na que foi, de sempre, a súa *alma mater*, a Universidade de Santiago de Compostela, onde impartiu docencia igual na Facultade de Filoloxía que na de Ciencias da Educación, formando con tanto ben a centos de alumnas e alumnos.

Os méritos que adornan a longa traxectoria de Roig Rechou están acaidamente glosados na cronobiografía que se inclúe nesta obra, polo que evitarei reiteralos. Quixera, si, subliñar que moitos deses logros, especialmente os dos últimos anos, puiden vivilos ao seu pé, aledándome por eles e aprendendo a admirala cada día máis.

Como Secretario Xeral de Política Lingüística tiven a fortuna de seguir de preto as investigacións que durante lustros levou adiante como directora dos proxectos Informes de Literatura e Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil sediados no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, o mesmo que agora anima este volume e que tivo a sorte de contar con ela no seu día como directora da Área de Literatura.

Ver como moitos dos colegas do CRPIH, da USC e doutros organismos e universidades suman agarimos para agasallala con este volume de homenaxe non fai máis que encherme de satisfacción. Sei ben do valioso labor que leva desenvolvido como coordinadora da Red Temática de Investigación Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano

(LIJMI), dos seus esforzos como investigadora principal do grupo LITER21 (USC), presidenta da Asociación Nacional de Investigación de Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ), fundadora da Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil (ELOS) e doutras plataformas nas que foi, e é, cabeza visible e persoa imprescindible.

Todas estas razóns non fan senón convencerme da necesidade e oportunidade do presente libro, coordinado por Marta Neira Rodríguez e Armando Requeixo, dúas persoas estreitamente vencelladas a ela por lazos profesionais e de amizade, que reuniron aquí as máis destacadas sinaturas de especialistas destes eidos para conformar unha obra de excelencia, tanto polo seu contido coma polo seu continente, no que salienta o coidado da súa ilustración.

Non podo máis, por tanto, que manifestar a miña ledicia pola aparición deste volume de homenaxe a Blanca Ana Roig Rechou, que axuda a lle facer xustiza a unha das nosas intelectuais máis distinguidas, a quen tanto admiro e a quen me une, para a miña fortuna, unha garimosa e vella amizade que nos ten traído ata aquí para saudar esta felicísima publicación e que continuará, con certeza, para celebrarmos xuntos futuras alegrías.

LITERATURA
INFANTIL
E
XUVENIL

Blanca Ana Roig Rechou, a alma dos *Informes de Literatura*

Manuel González González
Coordinador Científico do Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

Estou tratando de lembrar cando coñecín por primeira vez a Blanca Roig Rechou e son incapaz de vinculala a unha data ou a un feito concreto. Seguramente nos coñecemos xa na Universidade de Santiago, cando ela desenvolvía o seu labor na Escola de Maxisterio e eu o meu na Facultade de Filoloxía. Do que si estou seguro é de que coñecín e tratei moito antes outros membros da súa familia: don Julio Roura Roig fora o meu mestre en Mazaricos durante varios anos; e na casa da súa bistía Ramona pasei algunha tempada de verán en Portosín. Ao coñecer a súa vinculación con Portosín, sei que das primeiras cousas que lle preguntei era se tiña algo que ver coa familia coa que eu mantiña certa relación: os apelidos Roig e Rechou delataban este parentesco.

Moitos foron os anos que partillamos como docentes na Universidade de Santiago, a onde ela chegou despois dun longo periplo polas Escolas Universitarias de EXB de Lugo, de Vigo e de Ourense. Pero non me vou referir á súa dedicación docente na USC, onde desempeñou ademais o cargo de vicerreitora de estudantes entre os anos 1998 e o 2002, nin á importancia do seu labor investigador como crítica literaria, especialmente no ámbito da literatura xuvenil e infantil, ao que dedicou unha parte importante da súa vida, e no que é autora ou coordinadora de obras de referencia, como a *Historia da literatura Infantil e Xuvenil Galega*, que mereceu o Premio da Crítica da Fundación Premios da Crítica, na modalidade de investigación, en 2015. O que me interesa salientar aquí é a súa achega como investigadora do Centro Ramón Piñeiro.

Desde a xubilación de Anxo Tarrío Varela, Blanca Ana Roig Rechou ocupouse da dirección técnica da sección de literatura do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades con habilidade e mestría, nunha época marcada pola crise económica que afectou profundamente toda a infraestrutura da investigación en Galicia e en todo o Estado.

Blanca ocupou un papel nuclear na investigación literaria do Centro Ramón Piñeiro, como membro do Equipo Glifo, encargado da redacción do *Dicionario de Termos Literarios (DiTerLi)*, que pode ser consultado en liña por

calquera usuario; como directora do proxecto "Investigación en literatura infantil e xuvenil", creado a proposta súa a finais do ano 2012, e que acolle os traballos de investigación realizados anualmente polos membros de determinadas asociacións, redes temáticas e grupos de investigación nesta área, que, como xa dixen, é unha das grandes paixóns da nosa homenaxeada. Pero, sobre todo, deixou unha pegada imborrable na dirección dunha das iniciativas máis populares e de maior repercusión social das realizadas polo Centro Ramón Piñeiro no ámbito lierario: os *Informes de Literatura*, que levan saíndo ininterrompidamente dende o ano 1995 ata a actualidade para dar conta da produción anual de e sobre Literatura galega realizada en Galicia ou en calquera parte do mundo. Foron máis de 20 anos os que dirixiu esta obra de referencia que pon ao dispor dos investigadores unha información polo miúdo da creación e recepción anual da Literatura galega, pero que nos permite tamén observar como se vai construíndo o sistema literario galego e observar o seu estado de saúde.

Blanca Ana Roig Rechou é unha persoa que mostrou paixón polo seu traballo. O seu carácter resolutivo pode transmitirnos ás veces a falsa idea de que é unha persoa dura e inflexible, pero os que a tratamos de cerca sabemos que baixo esta aparencia ocúltase un espírito dialogante e xeneroso, que sempre mostrou unha fonda preocupación polas persoas que formou, ás que se esforzou en atoparlles un mellor acomodo e en buscarlles os medios e recursos que lles permitisen desenvolver a súa vocación investigadora.

O Centro Ramón Piñeiro réndelle unha merecida homenaxe pola súa dedicación, pola investigación levada a cabo nel e pola formación de numerosos investigadores nos que soubo espertar o interese pola literatura galega e, de maneira moi especial, pola literatura infantil e xuvenil.

Entre verbas amigas

Marta Neira Rodríguez
Armando Requeixo
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

A enerxía, aplicada e dirixida intelixentemente, é quen de facernos lograr calquera meta. Así o cría Nellie Bly, a primeira reporteira de investigación e a muller que foi quen de dar a volta ao orbe en 1889 rebaixando en oito xornadas *A volta ao mundo en 80 días* que narrara Xulio Verne.

Velaí a natureza de investigadora indómita e exploradora de novos confíns analíticos que define tamén á profesora Blanca Ana Roig Rechou. Porque ela, cando hai tres décadas o estudo da literatura infantoxuvenil galega era pouco menos que un ermo sen horizonte visible, fundou no medio dese case deserto un oasis do que abrollou toda unha escola de investigación e contribuíu decisivamente a que este eido dos estudos académicos gañase a consideración e a centralidade que de sempre mereceu.

É este seu labor como pioneira e mestra da investigación, mais tamén as súas valiosas contribucións como ensaísta, tradutora, dinamizadora e intelectual, o que xustifica un libro de homenaxe coma o presente, no que non quixeron faltar para a honrar un xeneroso feixe de colegas. Profesoras e investigadores de todos os lugares do Estado, de diversas partes de Europa e de América escribiron para a súa prezada compañeira estudos e evocacións que confirman o relevo e a transcendencia das súas múltiples angueiras. Velaí o sentido do título do volume: *Verbas amigas*. Porque amigas foron sempre as palabras para a homenaxeada ao longo de toda a súa vida. Mais tamén amigas porque ese é o sentimento que preside todas e cada unha destas colaboracións.

O seu intenso e extenso profundar nas máis variadas facetas da escrita literaria e tamén a súa andaina como investigadora e profesora son obxecto da cronobiografía coa que se abre o libro, que reúne máis de medio cento de colaboracións nas que colegas docentes, compañeiras en plataformas investigadoras, alumnado con ela formado e escritoras e ensaístas amigas achegan os seus textos para a homenaxear e nos lembrar tanto e tan bo como lle debemos.

Completan o volume as cordiais salutacións dos responsables institucionais e do coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación

en Humanidades, entidade que anima a publicación deste volume e que moito lle debe por ter sido Roig Rechou unha das súas fundadoras hai máis de un cuarto de século, amais de directora de diferentes proxectos e tamén directora da súa Área de Literatura.

Esta obra ficaría incompleta sen o concurso das e dos ilustradores que a embelecen, admirables creativos que deitan o seu talento nestas páxinas, axudando a facer delas todo un obxecto artístico.

A ese máis de medio centenar de colegas que agasallaron os seus artigos, ás persoas que regalaron as súas fermosas ilustracións, aos responsables institucionais e científicos que arrouparon estas planas, mais tamén á familia de Roig Rechou que nos axudou con información e materiais fotográficos, a quen revisou editorial e lingüisticamente cada escrito e a todas aquelas mans que, dunha ou doutra maneira, arrimaron o ombreiro para que este libro vise a luz queremos manifestarlles como coordinadores o noso máis expresivo e fondo agradecemento. A homenaxeada moito o merecía e mercé á súa complicidade naceu este volume para nos lembrar, máis unha vez, que a enerxía, o talento e a tenacidade de Blanca Ana Roig Rechou non coñecen fin e que o seu exemplo e a súa entrega teñen feito dela unha estrela fulgurante da nosa constelación literaria.

DO MAR POLA ORELA
MIREIÑA PASAR,
NA FRENTE UNHA ESTRELA,
NO BICO UN CANTAR.

CRONOBIOGRAFÍA

Blanca Ana Roig Rechou: cronobiografía

Marta Neira Rodríguez
Armando Requeixo
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

1949

Naceu o 28 de xuño, aínda que non foi rexistrada ata o 8 de xullo. Filla de Alejandro Roig Martínez, industrial de Portosín, procedente dunha familia de emprendedores cataláns que chegou a Galicia para traballar na salgadura, e mais de María Margarita Rechou, natural de Noia, filla de industriais nunha fábrica de curtidos da localidade. Veu ao mundo nunha casa grande e abastada, situada fronte ao peirao de Portosín.

Foi a pequena de catro irmáns: Margarita (Marga), Mercedes (Merchi) e Alejandro. Este último, a quen moito quixeron e ao que moi unidas se sentiron, perdérono infaustamente con tan só corenta e tres anos.

Blanca con seu pai e o seu irmán Alejandro

Bautizárona co nome de Blanca-Ana, o primeiro en homenaxe á súa madriña Blanca Roura e o segundo por vontade expresa de seu pai, quen quería homenaxear unha súa tía. Para os da casa é Blanca-Ana, mentres que para seus pais e seu irmán Alejandro era «Cuchula» ou «Sete palabras», alcume este derivado do seu carácter falador e decidido, xa amosado dende ben pequena, e, aínda para seu padriño, «Panchoza». Para a maioría da xente é Blanca, aínda que tamén hai quen inverte os nomes e lle chama Ana Blanca.

Os primeiros anos tivo por lugar de xogos os diferentes espazos da vila de Portosín, onde súa tía Adelina, irmá de seu pai e mestra de profesión, lle ensinou a ler e escribir e, ao igual que a seus irmáns, a preparou para estudos máis avanzados.

Blanca (diante) con súa nai e seus irmáns, Merchi e Alejandro, na casa de Portosín

1956

Por mediación de seu padriño, o prestixioso avogado e político Arturo García Rudiño (Noia, 1877-1966), Blanca substituíu os espazos da vila de Portosín polo claustro do convento das Trinitarias de Noia, onde ingresou con sete anos como alumna interna. A súa estancia entre as relixiosas foi traballosa, mais estas apreciárona sempre moito tanto polo seu bo quefacer coas tarefas de costura como, sobre todo, polos labores de bordado en ouro.



Roig Rechou D.ª Blanca-Ana

Instituto Nacional de Enseñanza Media "ROSALIA CASTRO"

DISTRITO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO

N.º del Expediente 6456 Libro n.º Folio n.º

FOTOGRAFIA AL 5.º AÑO

Natural de Portosin Provincia de Coruña nació el 8 de julio de 1948 Verificó el

EXAMEN DE INGRESO en "ROSALIA CASTRO" con la calificación de apto el día 10 de Septie

de 1960 El padre o encargado del escolar, D. vive en en la calle de

núm. El día 30 de de le fué expedido el Libro de Calificación escolar con el número 8450V

ASIGNATURAS PLAN 1957	CLASE DE ENSEÑANZA	CURSO	CENTRO DONDE		CALIFICACION		ASIGNATURAS DE OTROS PLANES
			DE MATRICULA	DE EXAMEN	EJERCICIO	CALIFICACION	
PRIMER AÑO							
Religión							
Lengua Española							
Geografía de España							
Matemáticas							
Dibujo							
Formación del E. Nacional							
Educación Física							
Enseñanzas del Hogar							
SEGUNDO AÑO							
Religión							
Lengua Española							
Geografía Universal							
Matemáticas							
Idioma Moderno							
Dibujo							
Formación E. Nacional							
Educación Física							
Enseñanzas del Hogar							

Folla do exame de ingreso no bacharelato

Este temperán ingreso de seus irmáns e mais dela como internos en diferentes centros viuse propiciado pola delicada situación familiar creada a raíz da malfadada operación que levou a seu pai a permanecer en cadeira de rodas dende 1954, sendo aínda novo. Naquela altura, Blanca contaba cinco anos e o accidente paterno fixo que ela e súas irmás pasasen a estar máis ao coidado das tías maternas (Lucila, Conchita e Rosa) e acabou por decidir o traslado primeiramente do matrimonio, e posteriormente de todos os irmáns, a Santiago de Compostela.

1960

Ingresou no Instituto Nacional de Ensinanza Media Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, onde cursou o bacharelato. De primeiras a familia residiu nun piso que alugara na rúa Alfredo Brañas, onde viviu tres anos. Mais logo a vivenda familiar pasou á rúa Gómez Ulla número 11, onde permaneceu ben tempo.

Blanca adolescente

1963

Comezou a estudar para Mestra de Primeiro Ensino na Escola Normal de Maxisterio de Santiago de Compostela, onde coñeceu o seu compañeiro de vida, Anxo Tarrío Varela. Por esta mesma época, e sendo aínda estudante, principiou a exercer como profesora de apoio no Colexio Junior's, onde impartiu a tempo parcial materias curriculares da entón denominada EXB, ademais de baile galego, actividades que abandonou en 1974.

Excursión na época de estudante de Maxisterio

1967

Diplomouse como Mestra de Primeiro Ensino na Escola Normal de Maxisterio de Santiago de Compostela e iniciou os estudos de Filosofía e Letras (Sección Románicas), ao tempo que remataba os de Escola Social. Xunto coa súa parella, Anxo Tarrío Varela, comezou a frecuentar os círculos galeguistas composteláns, nos que foron introducidos por Luís Mariño, Salvador García-Bodaño e Aurichu Pereira. Por medio súa coñeceron outros activos mozos galeguistas como Xosé Manuel Beiras, Carlos Casares, Xulio Maside, María Esther Rodríguez Losada, Francisco Xavier Carro Rosende, Ventura Cores, Alfredo Conde e Margariña Valderrama, amais de nacionalistas cataláns e doutros lugares, tal é o caso do estudante británico David Mackenzie, de quen Blanca e Anxo se fixeron grandes amigos. Grazas a algúns deles comezou a participar nas actividades da Asociación Cultural O Galo.

Blanca retratada por Xulio Maside en 1968

1973

En xuño licenciouse en Filosofía e Letras, Sección de Filoloxía Románica (Subsección de Español) na Universidade de Santiago.

Celebrando a licenciatura cos compañeiros no Bar Cosechero da Rúa Nova compostelá (Blanca é a segunda da fila inferior comezando pola esquerda)

Rematados os estudos, cumpriu co Servizo Social na Sección Feminina da Falanxe en Sada e casou con Anxo Tarrío, tras o regreso deste do servizo militar, o 15 de setembro no Santuario de Nosa Señora da Escravitude (Padrón).

A noiva e os noivos no xantar da voda

A parella co pai da noiva no xantar da voda

O matrimonio fixou o seu lugar de residencia en Compostela, na rúa Santiago de Guayaquil. Poucos días despois do casamento, a primeiros de outubro, comezou a impartir docencia de Lengua y Literatura españolas como profesora interina na Escola Universitaria de EXB de Santiago, mentres que a súa parella se incorporaba como docente ao Colexio Universitario de Lugo.



Blanca e Anxo pouco despois de casar (ano 1973)

Nas fins de semana reuníanse coa familia en Santiago ou Portosín e con amizades que os introducían máis en actividades relacionadas coa profesión, sobre todo naquelas que os vencellaban coa cultura galega (Día das Letras, xurados de premios, charlas, conferencias, invitacións a congresos, xornadas etc.).

1974

Malia o seu avanzado estado de xestación, a comezos de outubro deste ano deixou a docencia na Escola Universitaria de EXB de Santiago para continuar o seu labor como profesora adxunta interina na Escola Universitaria de EXB de Lugo, cidade na que xa traballaba a súa parella dende o ano anterior.

O 5 de novembro naceu en Santiago a súa filla Olalla.

Coa súa filla Olalla, ao pouco de nacer

1979

Comezou o ano cun cambio na categoría profesional que desempeñaba en Lugo (pasou a ser agregada interina) e cun troco na docencia, agora de Literatura e a súa Didáctica.

A primeiros de outubro, trasladouse a Vigo como profesora titular contratada na Escola Universitaria de EXB, pois nesta cidade exercía tamén como docente no Colexio Universitario a súa parella dende un mes antes. En Vigo o matrimonio viviu durante a maior parte do tempo nun piso da Gran Vía.

Nunha reunión do Círculo Ourensán-Vigués, ao fondo, de branco

1981

O traslado do seu compañeiro a Compostela no ano 1981, motivado pola cobertura da vacante deixada polo profesor Ricardo Carballo Calero na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, provocou que toda a familia acabase mudándose de novo á cidade do Apóstolo, máis concretamente a un piso de aluguer na rúa Frei Rosendo Salvado, no que permaneceron case tres lustros. Nas poucas horas libres que os labores profesionais e domésticos lle permitían, redactaba a súa tese de licenciatura.

1983

No mes de xuño leu na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago de Compostela a tese de licenciatura, dirixida polo profesor Ramón Lorenzo Vázquez, *Análise da narrativa da Colección Lar*, grazas á cal obtivo o grao en Filosofía e Letras (Sección Románicas).

Ata finais de setembro seguiu impartindo aulas de Lengua y Literatura españolas e Lingua e Literatura galegas na Escola Universitaria de EXB de Vigo, mais a comezos de outubro abandonou este destino para exercer durante un moi breve período de tempo (tres meses) como profesora agregada interina no CEI da Coruña, con docencia de Lingua e Literatura galegas para o alumnado de BUP, COU e Formación Profesional. Deseguida, no Nadal deste ano, foi contratada como profesora titular interina na Escola Universitaria de EXB de Ourense, onde se responsabilizou de materias de Lingua e Literatura galegas.

No pazo de Trasalba, nunha homenaxe a Ramón Otero Pedrayo

1984

As idas e vidas en coche dende Santiago, onde vivía, e Ourense, onde traballaba na Escola Universitaria, non imposibilitaron as viaxes nin as xuntanzas con familiares e amigos.

Nun xantar coas parellas amigas María Dolores Cabrera-Víctor F. Freixanes e Berta Villamil-Ramón Villares

Entre 1984 e ata 1994 celebrou coa súa parella na casa paterna de Portosín uns xantares que servían de pretexto para o debate sobre cuestións que atinxían á cultura, lingua, literatura e sociedade do país. Neles participaron os matrimonios Víctor F. Freixanes–María Dolores Cabrera e Ramón Villares–Berta Villamil, mais tamén foron convidados intelectuais e políticos, coas súas compañeiras e descendentes ou sós, como Camilo Nogueira, Pedro de Llano, Darío Villanueva, Ermitas Penas, Modesto Hermida, Luís Álvarez Pousa, César Cunqueiro, Lourdes Mondelo, Xusto Beramendi, Salvador García-Bodaño, Miguel Anxo Seixas Seoane, Chema Heras Varela e Xosé Freixanes. Mesa por diante, mulleres e homes participaron nas conversas nunhas xuntanzas nas que mesmo xurdían, espontaneamente, creacións orais e escritas e todos os asistentes recibían tamén unha inicial de natureza literaria e/ou plástica.



Ilustración alusiva debuxada por Xosé F. Freixanes a partir dunha das xuntanzas de Portosín

Comezou a colaborar en revistas como *Dorna*, onde deu conta do resultado das investigacións realizadas na súa tese de licenciatura**:** «As noveliñas *Lar*, unha lección para o kiosko galego», *Dorna* 7, pp. 17-23.

1985

Presentou o relatorio «A adquisición do galego estándar na escola» nas II[as] Xornadas da Lingua Galega no Ensino, que tiveron lugar en Santiago

de Compostela os días 18, 19 e 20 de febreiro, traballo logo publicado no correspondente volume de actas.

En colaboración con Xosé Antonio Palacio Sánchez foi a responsable da «Edición, introducción e notas» a *A Tecedeira de Bonaval*, de Antonio López Ferreiro, publicada en 1985 por Edicións Xerais de Galicia. Tamén traduciu ao galego a novela de Marina Mayoral *Contra muerte y amor* (Madrid: Cátedra) baixo o título *Contra morte e amor* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia) e publicou varios artigos nas revistas *Chorimas* e *Dorna* e no xornal *Faro de Vigo*, traballos nos que comezou a dar conta de premios, coleccións, autores de LIX etc.



«O club de Ursula Heinze», «*Artes e Letras*», *Faro de Vigo*, 11 de novembro.

«A lectura infantil hoxe: Orientacións e materiais», *Chorimas* 3, novembro, pp. 69-72.

«A lectura infantil hoxe: Premio e colección «O barco de Vapor», *Chorimas* 4, decembro, pp. 85-90.

«O premio nacional de Literatura infantil e Xuvenil», «*A Pizarra*», *Faro de Vigo*, 16 de decembro.

«*O anarquista*, de Leandro Pita Romero», Dorna 9, decembro 1985/xaneiro 1986, pp. 160-169.

1986

No verán deste ano produciuse o seu traslado profesional definitivo a Compostela como profesora titular numeraria na Escola Universitaria de EXB, onde comezara a súa traxectoria profesional, cunha dedicación exclusiva de Lingua e Literatura galegas, categoría que mantivo durante dez anos.

Dende este ano e ata 1989 formou parte do Seminario Permanente de Literatura Galega para o COU e de tribunais da Selectividade e de comisións de avaliación ata 1991.

O 7 e 8 de marzo presentou o relatorio titulado «A literatura infantil e xuvenil en galego» no Seminario de Galego, dirixido a Profesores de Centros Experimentadores da Reforma do Ciclo Superior, levado a cabo en Santiago de Compostela.

Comezou a formar parte de xeito habitual de diferentes xurados, como o Premio Merlín, ao que seguiron ao longo dos anos o Barco de Vapor, Alcoube, Premios da Crítica de Galicia, Premio Andersen, Lista de Honor do IBBY, Lazarillo, Nacional de Literatura, Na vangarda 2004 de Relato Curto, Federación de Libreiros, Novela por Entregas de La Voz de Galicia, Irmandade do Libro, Antigos Alumnos e Amigos da USC ou EGAP, entre outros.

Avanza agora no seu labor como tradutora vertendo «Mecanismos autorreguladores de las demografías antiguas: el ejemplo gallego», de José Manuel Pérez García, e «Círculo obrero de Orense», de Jesús de Juana, ambos aparecidos nas actas das III[as] Xornadas de Historia de Galicia (Publicacións da Deputación de Ourense), e mais a obra de Jean François Ménard *L'ille du Dieu maussade* publicada pola Asociación de Tradutores en Lingua Galega.

1987

Participou no equipo de traballo conformado, entre outros, por Luís Alonso Girgado, María Camiño Noia Campos, María do Carme Ríos Panisse e Anxo Tarrío, na elaboración do «Inventario de Voces para un Dicionario Galego», proxecto nacido ao abeiro da experiencia no Seminario Permanente de Literatura Galega para COU que apoiou a Xunta de Galicia.

Comezou a publicar na *Revista Galega de Educación* na que realizou traballos sobre a Didáctica da Lingua e a Literatura Galegas. Así, en colaboración con Mª Carme Ares Vázquez e Xesús Arias Méndez, deu a lume dúas achegas sobre os materias para a lecto-escritura en galego e, en solitario, unha recensión sobre didáctica.

«*Escribir galego. Plan de redacción*: unha nova aportación didáctica» e mais «De los Ríos, Blanca/ Alba, José. *Escribir galego. Plan de redacción 1, 2, 3 e 4*», *Revista Galega de Educación* 4, pp. 92-93.

«Materiais para o ensino da lecto-escritura en galego, I», *Revista Galega de Educación* 5, pp. 78-81.

«Materiais para o ensino da lecto-escritura en galego, II», *Revista Galega de Educación* 6, pp. 82-85.

1988

Traballou intensamente para apoiar proxectos que estaba a desenvolver o seu compañeiro Anxo Tarrío, como a preparación da súa *Literatura gallega*, que veu luz ese ano na prestixiosa colección Historia Crítica de la Literatura Hispánica da editorial madrileña Taurus, onde se inclúe un capítulo dedicado á Literatura Infantil e Xuvenil para o que ela forneceu moita información.

Preparou para Edicións do Castro xunto ao historiador Amancio Liñares Giraut *Xulián Magariños Negreira. Un home da época Nós*, monografía que apareceu na destacada colección Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia.



1989

Formou parte do equipo de investigadores que levaron a cabo o «Inventario de voces para un *Diccionario Galego de Literatura*. Con claves biobibliográficas para cada voz», dirixido por Anxo Tarrío Varela e integrado tamén por Mª Carme Ares Vázquez, Modesto Hermida García, Xesús Rábade Paredes, Mª do Carme Ríos Panisse e Xosé Luís Sánchez Ferraces.

Integrou o equipo fundacional do *Boletín Galego de Literatura* formando parte do seu «Consello de redacción». A revista, auspiciada pola Universidade de Santiago de Compostela e con máis de medio cento de números publicados, ademais de diversos monográficos, é unha das cabeceiras máis veteranas e prestixiosas no seu ámbito. No seu primeiro número, de maio dese ano, deu a coñecer «Bio-bibliografía de Celso Emilio Ferreiro», pp. 113-138.



Primeiro número do *Boletín Galego de Literatura*

No eido divulgativo, foi membro, dende a súa creación, de GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), asociación da que foi vogal dende 1996 a 1998, presidenta entre 1999 e 2004 e vicepresidenta dende este ano a fins do 2005. No seu seo, axudou a impulsar gran número de proxectos e iniciativas.

Por este tempo comezou a traducir para Alfaguara obras da literatura infantil e xuvenil, como *Cipi* de Mario Lodi, e, en colaboración con Margarita Neira, *Rosalía de Castro e a súa obra literaria* de C. H. Poullain, ambas para a editorial Galaxia.

1990

Foi a responsable da «Edición, introdución lingüística e criterios da edición» ao poemario *Follas Novas* de Rosalía de Castro publicado por Edicións Xerais de Galicia dentro da colección «Biblioteca das Letras Galegas».

Deu a lume a achega titulada «Necesidade e transcendencia do libro infantil» no volume *O mundo editorial galego. Revisión dunha década 1978/1988*, Concello de Santiago e Vigo, pp. 42-45.

Continuou coas traducións para Alfaguara. Concretamente neste ano trasladou ao galego a novela xuvenil *Aquela Xulia Redfern* de Eleanor Cameron.

1991

Responsabilizouse, xunto a Margarita Neira, da «Edición, introdución lingüística e criterios da edición» de *Maxina*, a novela de Marcial Valladares publicada por Edicións Xerais de Galicia na colección «Biblioteca das Letras Galegas».

Participou con «'O galego nas súas maxias', unha conferencia de Álvaro Cunqueiro. Actualización do texto» no volume coordinado por Anxo Tarrío *Día das Letras Galegas. Álvaro Cunqueiro. Escritos recuperados*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago/Departamento de Filoloxía Galega, pp. 25-39.

Publicou artigos, bibliografías, recensións e traducións no *Boletín Galego de Literatura*:

«Fermín Bouza-Brey, un soneto recuperado e unha noveliña a recuperar: *Cabalgadas en Salnés*», *Boletín Galego de Literatura* 6, novembro, pp. 103-113.

«Anxo Tarrío Varela, *Álvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía*, Vigo: Galaxia, col. Agra aberta, 1989, 141 pp.», «Bibliografía sobre Álvaro Cunqueiro» e «Francisco Fernández del Riego, *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. A fraga, 1991, 215 pp.», *Boletín Galego de Literatura* extra 1, decembro, pp. 184-187, 201-204 e 221-289.

Tradución do artigo de Ana Sofía Pérez-Bustamante Mourier, «Álvaro Cunqueiro: Poética para un poeta narrador», *Boletín Galego de Literatura* extra 1, decembro, pp. 17-33.

Traducións dos textos de Dan Munteanu, «Notas sobre a poesía popular rumana», *Boletín Galego de Literatura* 5, maio, pp. 21-29, e mais Patricia Anne Odber de Baubeta, «Disciplina Eclesiástica e Sátira Anticlerical na Literatura Galaico-Portuguesa Medieval» e Alberto Moreiras, «O dó do sentido», *Boletín Galego de Literatura* 6, novembro, pp. 39-50 e 61-75.

1992

Dende este ano ata 1996 compaxinou a docencia na Facultade de Ciencias da Educación e na Facultade de Xornalismo.

Viaxou a Bos Aires para participar no «Encontro entre dous mundos» xunto con Anxo Tarrío e outros colegas galegos.

Foto da esquerda: Xesús Alonso Montero, Xosé Manuel Salgado, Miguel Santos, Anxo Tarrío e Blanca Ana Roig. Foto da dereita: Xesús Alonso Montero, Anxo Tarrío, Blanca Ana Roig e Graciana Vázquez

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Fermín Bouza Brey realizou diferentes traballos ao redor desta figura. Así, escribiu o texto introdutorio «Fermín Bouza-Brey e *Cabalgadas en Salnés*» para o libro *Cabalgadas en Salnés e Poemas,* Santiago de Compostela: El Correo Gallego, Biblioteca 114.

Participou no volume organizado polo Departamento de Filoloxía Galega e coordinado por Xesús Alonso Montero *Fermín Bouza-Brey. Día das Letras Galegas 1992*, no que inseriu un traballo titulado «Artigos publicados por Bouza-Brey en *La Noche* (1947-1963)», pp. 29-54. E escribiu o artigo «Fermín Bouza-Brey e *La Noche*», *Adaxe. Revista de estudios e experiencias educativas* 8, pp. 29-54, e mais unha «Bibliografía sobre Fermín Bouza Brey», en colaboración con Miguel-Anxo Seixas Seoane, para o *Boletín Galego de Literatura* 8, novembro, pp. 167-186.

1993

Viaxou a Londres ao Encontro de Centros Galegos no Departamento de Linguas Hispánicas da universidade daquela cidade.



Con Xavier Carro, Henrique Monteagudo, Carlos Casares e Anxo Tarrío diante da residencia Penn Club en Londres.

Responsabilizouse da revisión lingüística da obra *A escadeira de Jacob* de Eduardo Blanco-Amor para a editorial Galaxia.

1994

O 22 de decembro defendeu na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela a tese de doutoramento *A Literatura Galega Infantil. Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade,* coa que obtivo o título de doutora en Filoloxías Galega e Portuguesa. A tese, coa que alcanzou a máxima cualificación, foi publicada en microficha (nº 578) polo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela en 1996 e converteuse na primeira tese de LIX galega, abrindo un vieiro que logo seguiron outras investigadoras, entre as que se contan diversas doutorandas por ela dirixidas.

1995

Neste ano a súa familia trasladou a residencia á Urbanización de Brandia, en Vidán.

Comezou a conformar no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades o proxecto «Informes de Literatura», que dirixiu a partir de 1997, responsabilidade na que se mantivo ata o momento da súa xubilación no 2018.

Con algúns dos primeiros bolseiros do Centro Ramón Piñeiro (De dereita a esquerda: Xoán Carlos Domínguez Alberte, Amelia Rodrigues Estévez, Fe González Fernández e Armando Requeixo)

Con Isabel Soto, axudante de coordinación do Informe de Literatura nos primeiros anos do Centro Ramón Piñeiro

Integrouse no Equipo Glifo, constituído por Anxo Abuín González, Fernando Cabo Aseguinolaza, Arturo Casas Vales, Anxo Tarrío Varela e Darío Villanueva Prieto, que no seo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades foi o encargado de elaborar o *Dicionario de termos literarios* desta institución.

Equipo Glifo. De esquerda a dereita: Anxo Abuín, Fernando Cabo, Arturo Casas, Blanca Ana Roig, Darío Villanueva e Anxo Tarrío

Dende este ano e ata 1998 converteuse en secretaria do *Boletín Galego de Literatura*, no que seguiu publicando, así como noutras revistas, tanto galegas coma doutros ámbitos lingüísticos, caso de *Adaxe* ou *Coloquio/ Letras*, con achegas nas que deu a coñecer a todo tipo de lectorado a Literatura Infantil e Xuvenil e, máis concretamente, ao galego, obras e autores que co paso dos anos se revelaron referenciais para o sistema literario.

«Helena Villar Janeiro: Unha mestra na Literatura Infantil e Xuvenil Galega», *Adaxe* 11, pp. 139-152.

«Bibliografía comentada sobre a vida e a obra de Luís Seoane», *Boletín Galego de Literatura* 13, maio, pp. 179-229.

«A literatura infantil e xuvenil: consideracións xerais» e «Domingo Blanco Pérez, *Historia da literatura popular galega*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago/Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, col.

Divulgación, 1994, 195 pp.», *Boletín Galego de Literatura* 14, 2º semestre, pp. 119-135 e 175-177.

«A literatura infantil», *Coloquio/ Letras* 137/138, "Literatura Galega", xullo-decembro, pp. 216-220.

1996

No mes de xuño gañou por concurso-oposición a Cátedra de Escola Universitaria na Facultade de Ciencias da Educación.

Participou en diferentes actos galeguistas, como, por exemplo, na entrega do Pedrón de Honra ao galego bonaerense Antón Pérez Prado na Casa Museo Rosalía de Castro en Padrón.

Na entrega do Pedrón de Honra en Padrón a Antón Pérez Prado. De esquerda a dereita: Blanca Ana Roig, Antón Pérez Prado, Anxo Tarrío e Xulián Maure

Outro momento do acto de entrega do Pedrón de Honra a Antón Pérez Prado. De esquerda a dereita: Blanca Ana Roig, Xosé Neira Vilas, Anisia Miranda, Anxo Tarrío e o galardoado

No que ás publicacións se refire viu materializado o primeiro froito do proxecto de investigación que puxera en marcha no Centro Ramón Piñeiro: o *Informe de Literatura 1995. A Literatura galega no 1995 e a súa recepción*, obra que coordinou e á que lle seguiron ata hoxe un total de vinte e cinco publicacións máis, ben en formato impreso ben en formato electrónico, que acolleron a produción anual de literatura galega e sobre literatura. Tras a súa xubilación en 2018, deulle o relevo na responsabilidade da dirección do proxecto e sumouse á coordinación destes volumes Marta Neira Rodríguez, investigadora que ela mesma formou.



Informe de Literatura 1995

Participou no volume colectivo *A nosa Literatura infantil e xuvenil 1994* por iniciativa da Xunta de Galicia, GÁLIX e mais a Biblioteca Pública de Narón e seguiu dando a coñecer bibliografía sobre a LIX galega e a historia desta en revistas como *Adaxe* ou o *Boletín Galego de Literatura*.

«Bibliografía comentada sobre a Literatura infantil e xuvenil en galego no 1994», *Adaxe* 12, pp. 151-171.

«A literatura infantil e xuvenil en galego dende 1900 a 1950», *Boletín Galego de Literatura* 15-16, 1º e 2º semestres, pp. 77-105.

1997

No que á docencia se refire, amais de nas correspondentes diplomaturas e licenciaturas da USC nas que levaba anos traballando, comezou a impartir aulas de «Literatura infantil» nos programas de Terceiro Ciclo da Facultade de Filoloxía, concretamente nos de Filoloxía Galega e Teoría da Literatura e Literatura Comparada, sendo pioneira na introdución desta literatura nos cursos de doutoramento da universidade galega.

Formou parte da delegación investigadora do Centro Ramón Piñeiro que viaxou ata San Petersburgo para asistir ás Xornadas da Cultura de Galicia da súa universidade o 26 e 27 de maio.

Entre Anxo Tarrío e Alfredo Conde asistindo a unha conferencia en San Petersburgo

Este ano celebrou as vodas de prata da súa licenciatura con algúns compañeiros e profesores.

Con compañeiros e profesores celebrando as vodas de prata da súa promoción, nas escaleiras ao Obradoiro

Publicou, amais de en *Adaxe*, na que xa colaborara con anterioridade, na revista feminista *Festa da palabra silenciada*, onde se achegou á escrita das irmás Pura e Dora Vázquez, e seguiu dando a coñecer a Literatura Infantil e Xuvenil Galega en revistas non galegas, tal é o caso de *Quimera. Revista de Literatura*, onde participou nun número especial sobre a nosa escrita.

«Pura e Dora Vázquez na literatura infantil e xuvenil galega», *Festa da palabra silenciada* 13, "Temas varios", pp. 81-85.

«Dúas mestras na literatura infantil e xuvenil galega: Pura e Dora Vázquez Iglesias», *Adaxe* 13, pp. 211-221.

«Literatura infantil gallega», *Quimera, «Galicia Tierra de letras»* 158-159, maio-xuño, pp. 118-121.

1998

Á docencia que viña impartindo engadiu a da materia «Literatura Infantil e Xuvenil: Aplicacións comparadas no marco ibérico» no programa de doutoramento, con recoñecemento ministerial de calidade, de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Facultade de Filoloxía, da que se ocupou ata o 2009.

En xuño deste ano foi nomeada Vicerreitora de Estudantes da Universidade de Santiago, posto de xestión que ocupou ata o ano 2002, nun momento ben complicado por mor das mobilizacións do estudantado a raíz da implantación da LOU, tensións que soubo resolver con intelixente diplomacia.

Con Anxo Tarrío e Darío Villanueva, na toma de posesión deste último como Reitor da USC, con quen ela exerceu como Vicerreitora de Estudantes

Xunto con outros membros dun dos equipos de goberno do Reitor Darío Villanueva Prieto

En outubro marchou a Cuba para participar en diversas actividades culturais promovidas polo Centro Ramón Piñeiro na Habana.

De esquerda a dereita: Eduardo López Pereira, Blanca Ana Roig, Anxo Tarrío, o daquela Conselleiro de Educación Celso Currás Fernández e un asesor cubano

Neste ano apareceu o primeiro volume impreso do *Dicionario de termos literarios* responsabilidade do Equipo GLIFO e publicado polo Centro Ramón Piñeiro baixo o título *Dicionario de termos literarios a-d*. Cinco anos máis tarde apareceu a segunda entrega, correspondente ás letras *e-h*, e a finais do 2020 a terceira, coas letras *i-m*. As dúas primeiras viron luz baixo a coordinación de Anxo Tarrío e a última ao coidado de Anxo Abuín. En todas elas Blanca contribuíu co seu saber.

1999

Ás tarefas docentes e de xestión na USC sumou a partir deste ano a presidencia de GÁLIX, cargo que ocupou ata 2004 contribuíndo a realizar numerosos eventos e dar á luz diferentes publicacións.

Foi convidada a participar como asesora e colaboradora na *Enciclopedia Galega Universal*, t. 1 (a-anei), 2 (anel-balb) e 3 (balc-braq), publicada por Ir Indo Edicións, e continuou dando a coñecer a LIX galega en revistas foráneas, coma *Ínsula*, e apoiando unha revista específica de Literatura Infantil e Xuvenil como foi a revista galega *Fadamorgana*, na que deu a lume dúas achegas: unha sobre as irmás Vázquez e outra sobre os primeiros pasos cara á formación do sistema literario infantil e xuvenil.

«La literatura infantil y juvenil gallega», *Ínsula* 629, maio, pp. 31-33.

«Pura e Dora Vázquez, dúas mestras na literatura infantil e xuvenil galega» e «Os primeiros pasos cara á formación do sistema literario infantil e xuvenil», *Fadamorgana* 2, outubro, pp. 12-16 e 28-37.

2000

Dirixiu a tese de licenciatura de Eulalia Agrelo Costas intitulada «Aurelio Ribalta y Copete e a súa obra literaria», que, con posterioridade, foi publicada na colección «Narrativa recuperada» dirixida no Centro Ramón Piñeiro por Modesto Hermida, compañeiro de despacho de Blanca durante anos en Maxisterio en Santiago.

Como experta na materia, formou parte da Mesa do Libro e da comisión encargada de facer a proposta de lei sobre «O libro e a lectura» entre o 2000 e o 2006, aprobada polo Parlamento Galego e publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 10 xaneiro de 2007.

Participou no Congreso Literatura galega e do norte de Portugal realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela dos días 25 ao 28 de decembro cunha «Achega para unha periodización da literatura infantil e xuvenil galega na actualidade», publicada ao ano seguinte en VVAA, *Congreso literatura galega e do norte de Portugal. Actas do congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela, dos días 25 ao 28 de decembro de 2000*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Dirección Xeral de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pp. 109-126.

Proseguiu co seu labor no marco de GÁLIX e deu a lume *A poesía infantil e xuvenil en Galicia* (Santiago de Compostela: Teófilo Piñeiro Edicións), unha guía promovida por esta institución**.**

Tamén viu publicadas algunhas achegas á LIX presentadas en congresos con anterioridade. Entre elas: «Historia crítica de la Literatura infantil y juvenil gallega», en Eloy Martos Núñez, José María Corrales, Arturo González, Sara Moreno (eds.), *Actas del II Congreso de Literatura infantil y juvenil "Historia crítica de la literatura infantil e ilustración ibéricas"*, Cáceres: Editoral Regional de Extremadura, pp. 59-71**.** E, en colaboración con Eulalia Agrelo, Alexandra Cabaleiro, Xabier Campos, Mª Xosé López, Amparo Raviña, Mario Romero e Mª Isabel Soto, «Descrición e avaliación da investigación sobre literatura infantil e xuvenil galega», en Veljka Ruzicka Kenfel, Celia Vázquez García e Lourdes Lorenzo García (eds.), *Literatura*

infantil y juvenil: tendencias actuales en investigación, Vigo: Publicacións da Universidade de Vigo, pp. 105-120.



2001

Participou no II Congreso Internacional de la Asociación Nacional de Investigación de Literatura Infantil y Juvenil, que tivo lugar en novembro de 2001 na Universidad de Alcalá. Alí impartiu a conferencia «La recepción, el imaginario y la realidad social en la literatura infantil y juvenil gallega», despois inserida en José Antonio Fernández Vázquez, Ana Isabel Labra Cenitagoya e Esther Laso y León (eds.), *Realismo social y mundos imaginarios: una convivencia para el siglo XXI*, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá de Henares, pp. 476-489.

Como experta en LIX comezou a formar parte dos comités de revistas especializadas na literatura para os máis novos que agora xurdiron e das que, en moitas ocasións, foi a alma máter. É o caso do *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, publicación da Asociación Nacional de Investigación de Literatura Infantil y Juvenil na que figurou no seu Consello de Redacción dende a súa creación en 2001 ata 2011, ano no que pasou a ser membro do Consello de Dirección.

Principiou a colaborar coa *Revista Galega do Ensino*, onde se responsabilizou da sección «O pracer de ler: Literatura infantil e xuvenil». O primeiro número no que consta a súa sinatura é o 33, correspondente a novembro de 2001, no que recensionou un total de oito obras, catro de autoría galega (concretamente de Ramón Caride Ogando, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz e Isabel Freire Bazarra) e outras catro traducidas (Lola Gándara, Ernst Theodor Amadeus, Eduard José e José María Latorre). Tras desta virían outras moitas colaboracións de temática e enfoque semellantes.

Deu ao prelo *A nosa literatura infantil e xuvenil 1999*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/GÁLIX e tamén *Children's books from Galicia. Rights 2001*, Santiago de Compostela/Vigo: Xunta de Galicia/Asociación Galega de Editores.

2002

O 17 de xuño de 2002 rematou co cargo de xestión na USC como Vicerreitora de Estudantes.

Apenas uns días antes, tiña participado como experta-invitada no Congreso Internacional «El inicio de la lecto-escritura en Educación Infantil», realizado en El Escorial os días 24, 25 e 26 de maio de 2002 e organizado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (Secretaría General de Educación y Formación Profesional e o Instituto Superior de Formación del Profesorado), unha mostra do recoñecemento fóra de Galicia da súa traxectoria. Nesa mesma liña enmárcase a pertenza como membro do Comité Científico, do Comité de Organización e da Secretaría executiva do Congreso Hispanoluso de Literatura Infantil e Xuvenil «Narrativa e promoción da lectura no mundo das novas tecnoloxías», organizado pola OEPLI e APPLIJ e levado a termo os días 17, 18, 19 e 20 de setembro de 2002 na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

Pioneira sempre nos estudos da LIX galega, foi a responsable dun capítulo centrado na LIX en Galicia no marco do proxecto editorial creado e dirixido por Francisco Rodríguez Iglesias *Galicia. Literatura*, publicado por Hércules de Ediciones, sendo a primeira ocasión na que a nosa LIX contou cun apartado propio nunha obra de conxunto que historiografaba a nosa escrita. O traballo alí incluído titulouse «La literatura infantil y juvenil en Galicia»/ «A literatura infantil e xuvenil en Galicia», bloque oitavo do volume coordinado por Darío Villanueva Prieto e Anxo Tarrío Varela *La Literatura dende 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/A*

literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción, A Coruña: Hércules Ediciones, pp. 382-501.

Tamén asinou a "Introducción" ao capítulo primeiro do volume coordinado por Eulalia Agrelo Costas, Adelina Guisande Couñago, Isabel Mociño González, Amparo Raviña Rosende e Isabel Soto López *Narrativa e promoción da lectura no mundo das novas tecnoloxías*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 23-26.

De esquerda a dereita: Isabel Mociño, Blanca Roig Rechou e Eulalia Agrelo Costas nas antigas dependencias do Centro Ramón Piñeiro no lugar da Barcia

No eido divulgativo coordinou *A aventura de oír, contar e ler*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural. E participou nunha nova guía cultural de GÁLIX: *A nosa Literatura infantil e xuvenil 2000*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/GÁLIX.

2003

Como parte das súas tarefas docentes comezou a dirixir Traballos de Investigación Titorados (TITs), como o titulado «Os paratextos na literatura infantil e xuvenil galegas», da autoría de Alicia Munín Munín. A este seguíronlle moitos outros en anos posteriores, tales como os realizados por Eulalia Agrelo Costas, «Os inicios da Literatura infantil e xuvenil galega á luz do comparatismo e da Teoría dos Polisistemas» (2005); Marta Neira Rodríguez, «A literatura nas publicacións periódicas compostelás do Rexurdimento. Aplicacións comparadas» (2005); Isabel Mociño González, «A incursión da

ficción científica nos sistemas literarios portugués e galego. Aplicacións comparadas» (2006); Vanessa Regina Ferreira da Silva, «Por dentro da arte: um estudo comparado de *Amigos secretos* (1996), de Ana Maria Machado, e *A casa da luz* (2002), de Xabier P. Docampo» (2010); Geovana Gentili Santos, «Quando dois clássicos se encontram: Charles Perrault (1628-1703) por Monteiro Lobato (1882-1948)» (2010), codirixido con João Luís Ceccantini; Mar Fernández Vázquez, «Carlos Casares no campo/sistema da LIX galega» (2010); Mª del Carmen Ferreira Boo, «O conto de transmisión oral na Literatura Infantil e Xuvenil galega (2000-2009): tipos de reescritura» (2010); Amaya Obata Mouriño de Almeida Prado, «Da adaptação à apropiação: Dom Quixote de Monteiro Lobato» (2010); ou Pilar Bendoiro Mariño, «A tradución de literatura infantil e xuvenil do inglés ao galego: Arthur Conan Doyle (1859-1930)» (2010). Cómpre sinalar que moitos destes traballos, andando o tempo, deron como resultado diferentes teses de doutoramento.

Por mor da conmemoración do centenario da Universidad de Puerto Rico «Recinto de Río Piedras» foi invitada polo seu Departamento de Estudios Hispánicos como conferenciante. Na súa estadía nesta universidade participou en diversos encontros con profesorado e estudantado, feito que foi recoñecido polo Senado de Puerto Rico cun diploma oficial de agradecemento.

Recoñecemento do Senado de Puerto Rico coa entrega dun diploma acreditativo e de agradecemento por Carlos Vizcarrondo Irizarry (Presidente da Cámara de Representantes) e Néstor R. Duprey Salgado (Secretario) aos profesores Blanca Roig Rechou e Anxo Tarrío

Como coordinadora de diferentes proxectos da Área de Literatura do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e xunto co seu Coordinador Científico Manuel González González e outros membros desta institución, foi anfitrioa de moi diversas delegacións que visitaron o centro durante estes anos.

Con Manuel González González (no centro), Coordinador Científico do Centro Ramón Piñeiro, Anxo Tarrío e Miren Azcárate (dereita), Viceconselleira de Política Lingüística do País Vasco

Co Equipo GLIFO deu a lume o segundo volume do *Diccionario de termos literarios (e-h),* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Con motivo do Día das Letras Galegas deste ano, dedicado ao noiés Antón Avilés de Taramancos, publicou diferentes obras, en solitario ou en coautoría, sobre facetas diversas deste intelectual, especialmente verbo da súa achega á LIX.

«Antón Avilés de Taramancos. Vida e obra», en Anxo Tarrío (coord.), *Avilés de Taramancos*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago, pp. 17-48.

«Avilés de Taramancos e a literatura infantil e xuvenil», en Charo Ferreiro e Inmaculada Pena (coords.), *Congreso de Avilés de Taramancos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 43-51.

En colaboración con Pilar Sampedro, *Avilés de Taramancos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Tamén achegou agora unha nova entrega das guías culturais de GÁLIX: *A nosa Literatura infantil e xuvenil 2001*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/GÁLIX.

Comezou a colaborar coa revista portuguesa *Malasartes (Cadernos de literatura para a infância e a juventude)*, dirixida por José António Gomes, escritor e profesor portugués ao que a une unha longa e afectuosa amizade, fraguada na estreita colaboración en múltiples proxectos a propósito das LIX galega e portuguesa e non só. No décimo primeiro número desta publicación apareceu: «*Belidadona*», xuño, p. 33.

2004

Creou a Rede Temática de Investigación «Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico», financiada para a súa formación polo Ministerio de Educación y Ciencia, grupo que logo se implementou coa addenda do espazo Iberoamericano. Este colectivo aglutina investigadores de ámbitos universitarios e académicos tanto de Galicia coma do resto do estado español e de varios países de Europa e América, sendo un dos grupos de estudo e análise da LIX máis prestixiosos e recoñecidos da súa especialidade.

Puxo en marcha o Curso de Formación Continua e Perfeccionamento «As Literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora», no que cada ano se aborda unha temática específica («Cinema e Literatura», 2004; «Revisitar os clásicos», 2005; «Multiculturalismo e identidades permeábeis», 2006; «Teatro infantil: Texto e representación», 2007; «A Guerra Civil

Española na narrativa infantil e xuvenil», 2008; «A poesía infantil e xuvenil. Século XXI», 2009; «Reescrituras do conto popular: Século XXI», 2010; «O álbum infantil», 2011; «Narrativas xuvenís no século XXI (2000-2010). Tendencias e correntes», 2012; «Premios literarios e de ilustración», 2013; «Movementos migratorios na Literatura Infantil e Xuvenil. Visións do femenino», 2014; «Obras imprescindibles para o ensino primario e secundario sobre conflitos bélicos», 2015; «Obras imprescindibles para o ensino primario e secundario sobre a representación do mundo árabe na LIX», 2016; «Literatura e Memoria. Carlos Casares no ensino», 2017; «Mulleres como axentes na LIX do século XXI», 2018; «Autoras, editoras, ilustradoras, tradutoras e investigadoras na LIX galega», 2018; «Vellez-nenez na LIX. Representación das mulleres», (2019) e «Camiño e peregrinacións na LIX. Compostela no horizonte», (2020).

Integrantes da Rede LIJMI

Asinou o contrato-convenio «O camiño de Santiago na literatura infantil e xuvenil en galego», promovido pola Xunta de Galicia, Xerencia do Xacobeo e a Universidade de Santiago de Compostela, do que foi coordinadora.

Asumiu a vicepresidencia de GÁLIX dende xaneiro de 2004 ata outubro de 2005 e propiciou a refundición do grupo de investigación CELT (que dirixía dende uns meses antes) co grupo LITAXXI (do que era membro), dando lugar á aparición de LITER21 «Investigacións literarias, artísticas, interculturais e educativas. Lecturas textuais e visuais» (GI-1839), grupo

interdisciplinario con especialistas de Filoloxía, Belas Artes, Didáctica da Lingua e Literatura e Didáctica da Expresión Plástica, inscrito, amais de na Universidade de Santiago de Compostela, na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e no Catálogo de Grupos de Investigación da Xunta de Galicia, e que coordinou durante un tempo ata pouco antes da súa xubilación.

Converteuse en membro da organización dos Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil, organizados anualmente no Porto, na Biblioteca Almeida Garrett, cada novembro ou decembro dende 2004 ata a actualidade.

Con motivo da estrea por parte do Centro Dramático Galego da obra *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* de Carlos Casares (estrea significativa porque por vez primeira unha compañía teatral poñía en escena unha obra dirixida ao público máis novo) foi convidada a realizar o estudo introdutorio do volume preparado para a ocasión, para o que escribiu o traballo «O Contexto. Carlos Casares e a configuración do teatro infantil e xuvenil galego», en *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Versión e dirección de José Caldas, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/IGAEM, pp. 38-105.

Tamén levou adiante *A memoria das guerras na Literatura infantil e xuvenil en lingua galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/GÁLIX, e *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Servicio Galego de Igualdade.



Seguiu participando na *Revista Galega do Ensino*, na que deu a lume máis dunha ducia de contribucións nese ano:

«*Noite de voraces sombras*, de Agustín Fernández Paz», «*Paseniño, paseniño*, de Antonio García Teijeiro», «*Tres capitáns de tempos idos*, de Antón Avilés de Taramancos», «*Nun lugar chamado guerra*, de Jordi Sierra i Fabra», «*Un I un I un... fan cent. Cen personatges de la literatura infantil i juvenil*, de Jordi Sierra i Fabra» e «*Análisis de narrativas infantiles y juveniles*, de Gemma Lluch», *Revista Galega do Ensino* 42, febreiro, pp. 161-169.

«*A Vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán*, de Marilar Aleixandre», «*O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz», «*O paraestrelas*, de Manuel Uhía», «*Orión e os animais magos*, de Joan Manuel Gisbert», «*El pequeño Borges imagina el Quijote*, de Carlos Cañete», «*A meniña gigante*, de Manuel Jorge Marmelo y María Miguel Marmelo», «*Revista Bululú, n.º 5*», *Revista Galega do Ensino* 43, maio, pp. 213-221.

2005

Foi membro do Comité Científico do III Congreso Ibérico de Literatura infantil: Lectura, identidades y globalización, realizado en Valencia, e interveu como poñente no Encontro Ramón Piñeiro, que tivo lugar o 19 de outubro no Museo do Pobo Galego de Santiago de Compostela.

Pasou formar parte do Consello Editorial da revista *Ocnos* (Revista de estudios sobre Lectura), dirixida por Pedro C. Cerrillo e Santiago Yubero no Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil da Facultad de Educación y Humanidades de Cuenca, e tamén da revista on-line *Tigre albino* (http://capparelli.com.br/tigrealbino/quem.php).

Coordinou, con Gemma Lluch, *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico*, monográfico do *Boletín Galego de Literatura*. Nel asinou o traballo «Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación", pp. 141-167 e a recensión «Gemma Lluch. *Análisis de narrativas infantiles y juveniles*», pp. 297-298.

De esquerda a dereita: Blanca Roig Rechou (directora do evento), Darío Villanueva e Manuel Bragado no X Curso de Formación Continua. Literaturas Infantís e Xuvenís Ibéricas e Iberoamericanas celebrado na Biblioteca NovaCaixaGalicia en Santiago de Compostela

Con Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto coordinou para Edicións Xerais de Galicia *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na literatura infantil e xuvenil do marco ibérico*, no que coasinou con Mónica Domínguez Pérez o «Glosario», pp. 11-17, e con Isabel Mociño González tres aproximacións sobre a vida e obra en galego de Jules Verne («Cronobibliografía», pp. 107-116; «Jules Verne en lingua galega», pp. 143-149; e «Bibliografía selectiva», pp. 179-180). En coautoría con ambas publicou tamén o volume en liña *Produción da literatura infantil e xuvenil en galego*.

Sumou o traballo «Literatura infantil y juvenil y canonización» ao volume coordinado por Mª Carmen Utanda, Pedro C. Cerrillo Torremocha e Jaime García Padrino, *Literatura infantil y educación literaria*, Cuenca: Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 185-194.

Con Eulalia Agrelo Costas, Juan Lago Leis, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez, Amparo Raviña Rosende e Mª Isabel Soto López asinou «Tratamento dos conflitos bélicos na literatura infantil e xuvenil en lingua galega» no volume colectivo coordinado por Veljka Ruzicka Kenfel, Celia Vázquez García e Lourdes Lorenzo García, *Mundos en conflicto: Representación de ideologías, enfrentamientos sociales y guerras en la literatura infantil y juvenil*, Vigo: Universidade de Vigo, pp. 71-91.

Comezou a colaborar con *Barbantia: Anuario de Estudos do Barbanza*, onde deu a coñecer os autores e autoras do Barbanza que publicaron algunha obra para os máis novos no artigo «Literatura, infancia e mocidade na Serra do Barbanza», pp. 155-173.

Colaborou na preparación da edición bilingüe portugués-galego de *Abrasivas* de João Pedro Mésseder, nome literario do seu bo amigo José António Gomes, publicada en Deriva Editores.

2006

Como coordinadora do grupo LITER21 participou, xunto cos grupos de investigación da Universidade de Vigo Literatura Infantil y Juvenil anglogermana y su traducción (coordinado por Veljka Ruzicka); Literatura Española (José Montero); Literacine FE3 (Carmen Becerra) e Literatura Española de la Edad Media (Antonio Chas), na constitución da Unidade de Investigación Literaturas infantís e xuvenís e a súa tradución, que tiña como investigadora responsable a Veljka Ruzicka Kenfel.

Creou e foi a primeira presidenta da Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil (ELOS) entre 2006 e 2012, ano en que pasou a ser vogal. Este colectivo, que reúne un amplo número de investigadores luso-galegos, é o grupo de referencia para os estudos do ámbito LIX aquén e alén do Miño.

Coordinou, xunto con Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez, o monográfico de LIJMI publicado por Xerais e a Fundación Caixa Galicia *Multiculturalismo e identidades permeábeis na literatura infantil e xuvenil*, no que en

colaboración de María Jesús Agra Pardiñas, Carmen Franco Vázquez, Isabel Mociño González e Marta Neira Rodríguez deu a coñecer «Unha selección para a educación literaria», pp. 51-59; con Isabel Mociño González, «*O centro do labirinto*, de Agustín Fernández Paz», pp. 131-146; e con Teresa Sixto Rey, «*Cara a un lugar sen nome*, de Antonio García Teijeiro», pp. 147-159.



Viu publicada a súa achega ao encontro sobre Ramón Piñeiro no que participara o ano anterior: «Ramón Piñeiro e a literatura infantil», en Charo Ferreiro e Inmaculada Pena (coords.), *Encontro Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, pp. 29-39. E tamén apareceu o seu traballo: «Os premios literarios infantís e xuvenís no marco Ibérico: Tradición e innovación», en Armindo Mesquita (coord.), *Mitologia, tradição e inovação. (Re) leituras para uma nova literatura infantil*, Gaia (Portugal): Edições Gailivro, pp. 203-212.

Con Mª Jesús Agra Pardiñas participou no Congresso Internacional Criança, Língua, Imaginário e Texto Literário. Centro e margens na literatura para crianças e jovens, levado a cabo no Instituto de Estudos da Criança (IEC)-Universidade do Minho os días 8, 9 e 10 de febreiro cunha achega denominada «Artextos. Los álbumes infantiles», que saíu publicada no cd-rom de actas coordinado por Fernando Fraga de Azevedo, *Actas do 2º Congresso Internacional Criança, Língua, Imaginário e Texto Literário. Centro e margens*

na literatura para crianças e jovens, Braga: Instituto de Estudos da Criança (IEC)-Universidade do Minho.

2007

Converteuse, por equivalencia, en Titular de Universidade e, no que á investigación se refire, ampliou ao ámbito iberoamericano a Rede LIJMI, que pasou a denominarse «Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano». A ela incorporáronse investigadores de Brasil, México e Uruguai.

Foi membro do Comité Científico do II Congreso de literatura Infantil y Juvenil Leer/Placer, organizado polo Grupo Editorial Luis Vives en Baeza (Jaén) os días 26 e 27 de outubro, e do V Congreso ANILIJ Identidad/es, que tivo lugar na Universidad de León os días 21, 22 e 23 de novembro.

Tamén pasou a ser subdirectora e membro do Consello Científico da segunda etapa da revista *Malasartes (Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude)* e membro do Comité Científico da revista *A cidade de Évora. Boletím de cultura da Cámara Municipal*, amais de revisora de *@tic.revista d'innovació educativa* e da revista da Facultat de Filologia, Traducció i Comunicació de la Universitat de València *Quaderns de Filologia*.

Con Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López coordinou *Teatro infantil do texto á representación* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia), no que asinou con María López Suárez «Panorama histórico do teatro infantil galego», pp. 99-120; con María Jesús Agra Pardiñas e Marta Neira Rodríguez «Unha selección para a educación literaria», pp. 207-215; e, en solitario, «Teatro do absurdo, humor e realismo crítico en *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares», pp. 241-250. Tamén traduciu dous traballos dende o éuscaro para este monográfico: «Panorama histórico do teatro infantil en vasco», pp. 189-205, e «Antzezten...Teketen Ten!, ou a nova literatura dramática escrita dende o mundo do teatro», pp. 273-279.

Con José António Gomes coordinou *Grandes Autores para Pequenos Leitores. Literatura para a infância e a juventude: Elementos para a construção de um cânone*, publicado por Deriva Editores, onde, con María Jesús Agra Pardiñas, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez e Teresa Sixto, tamén asinou «Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)», pp. 53-94. Doutra parte, en colaboración con María Jesús Agra Pardiñas, publicou «Artextos: los álbumes infantiles» no volume coordinado por Fernando Azevedo, Joaquim Machado de Araújo, Cláudia Sousa Pereira e Alberto Filipe Araújo, *Imaginário, Identidade e Margens. Estudos em torno da Literatura Infanto-Juvenil* (Vila Nova de Gaia: Gailivro, pp. 439-446).

Blanca Roig Rechou e José António Gomes na Escola Superior de Educação do Politécnico do Porto

No eido da lexislación educativa, pasou formar parte do equipo de redactores que preparou o documento *Adaptación de materias ao crédito europeo. Titulación infantil. Grupo de didácticas especiais e adxuntos. Proxecto ACSUG* (Santiago de Compostela: ACSUG).

Tamén seguiu publicando en revistas. Así, coordinou con Mónica Domínguez a iraní *The Research Quartely of Childrens & Youth's Literature. Pazhuhesh Nameh*, 13 th year, vol. 49, na que deu a lume: «Gaygou's Children and Young Adult's Literature», pp. 37-47, e «The Social and Ideological Issues in My Books. Agustín Fernández Paz», p. 76.

No décimo quinto número de *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)* publicou o estudo **«**Investigación e Literatura infantil e xuvenil na CII: situación actual e propostas de futuro», pp. 25-33 e, en colaboración con Marta Neira Rodríguez, deu a coñecer o «Escrito por mulleres» para a *Festa da palabra silenciada* 23, pp. 136-146.

2008

No ámbito da docencia comezou a impartir a materia «Literatura infantil e xuvenil na construción da identidade: aplicacións comparadas» no programa de doutoramento interuniversitario «Literatura e construción da identidade na Galiza» da Facultade de Filoloxía e tamén a materia de «Introdución á Literatura Infantil e Xuvenil Europea: Teoría e Práctica» no Programa Oficial Interuniversitario en Teoría da Literatura e Literatura Comparada Crossway in European Humanities. Erasmus Mundus Masters.

No eido investigador pasou a coordinar o grupo LITER21 e foi a directora, xunto co profesor Fernando Cabo Aseguinolaza, da tese de doutoramento «La traducción en el interior de las comunidades interliterarias específicas. El caso de la literatura infantil y juvenil en el ámbito español», da autoría de Mónica Domínguez Pérez, defendida na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela o 28 de febreiro.

Foi membro do Comité Científico do IV Congreso Ibérico da OEPLI «Leo diferente: el libro infantil y juvenil desde la diversidad cultural», organizado en San Sebastián os días 3, 4 e 5 de xullo.

Coordinou o volume *Docencia, Investigación y Crítica de LIJ en el Marco Ibérico. Informe 2004-2007* (Cuenca: LIJMI/CEPLI/Universidad de Castilla-La Mancha) e deu a lume *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves*

para entenderla mejor/A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor (Madrid/Santiago de Compostela: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia).

Con Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López publicou un novo monográfico da Rede LIJMI: *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia). Neste volume asinou o traballo «A Guerra Civil na narrativa infantil e xuvenil galega: unha temática incompleta», pp. 69-102.

Con motivo do Día da Letras Galegas participou no volume *Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez*, promovido dende a Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago baixo a coordinación de Anxo Tarrío Varela. Alí asinou o traballo titulado «Xosé María Álvarez Blázquez nos inicios da Literatura Infantil e Xuvenil Galega», pp. 107-123.

Tamén deu á luz varios traballos sobre a obra de Xosé Neira Vilas: «*Memorias dun neno labrego* y la obra de Xosé Neira Vilas» no volume editado por Ana Pelegrín, Mª Victoria Sotomayor e Alberto Urdiales, *Pequeña memoria recobrada. Libros infantiles del exilio del 39*, Madrid: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, pp. 155-167, e «Cara á visibilidade de Balbino e de *Memorias dun neno labrego*» no coordinado e editado por Ismael González Díaz, *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino o neno labrego*, pp. 243-246.



Outras achegas foron «Educación literaria e historias literarias», en *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*, editado por Esther Corral Díaz, Lydia Fontoira Suris e Eduardo Moscoso Mato e publicado polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago, pp. 333-342, e «Panorámica da Literatura dramática infantil e xuvenil galega», no volume coordinado por Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva, *Do Livro à Cena*, Porto: Deriva Editores/Xunta de Galicia/LIJMI, pp. 45-78.

Seguiu publicando na revista *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)*, na que se achegou a autores clásicos da LIX galega como Agustín Fernández Paz ou as irmás Pura e Dora Vázquez, á pertinencia da LIX ao servizo da sociedade ou unha revista significativa para a lectura como é *Ocnos*. Tamén entregou traballos para o *Boletín Galego de Literatura* 36-37 e 38, onde, en coautoría con Sara Reis, Isabel Soto e Ana Margarida Ramos, respectivamente, ofreceron entrevistas con Manuel António Pinal, Agustín Fernández Paz e João Pedro Mésseder.

2009

No Máster Interuniversitario de Edición comezou a impartir a materia «Edición de la Literatura gráfica y Literatura Infantil y Juvenil/Edición da Literatura gráfica e Literatura Infantil e Xuvenil» (tamén a impartiu no curso seguinte) e no Máster en Profesorado (especialidade Lingua e Literatura) encargouse da materia «A lingua e a Literatura como saberes educativos», da que se responsabilizou tamén nos dous seguintes cursos.

Foi a investigadora principal do proxecto «La Guerra civil española en la narrativa infantil y juvenil (1975-2008)», concedido pola Xunta de Galicia para un período de tres anos**.**

Codirixiu, xunto co profesor Fernando Fraga Azevedo da Universidade do Minho, a tese de doutoramento «Presença e Significado de Manuel António Pina na Literatura Portuguesa para a Infância e a Juventude», da autoría de Sara Raquel Duarte da Silva, defendida na universidade portuguesa o 21 de decembro.

No tribunal de tese de Sara Reis

Dende o Departamento de Filoloxía Galega e coa Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC puxo en marcha o «Curso de Formación Continua Básico Iniciación á Creación Literaria».

Foi membro do Comité Organizador do 19th Congress of International Research Society for Children's Literature «Children's Literature and Culture Diversity in the Past and the Present», que tivo lugar entre o 8 e o 12 de agosto, e tamén do VI Congreso Internacional de la Asociación ANILIJ «La oralidad y el mito. Rescate de la imaginación infantil y juvenil en el siglo XXI», levado a cabo en Guadalajara (México) entre os días 24 e 27 de novembro.

Neste ano foron varios os volumes que coordinou xunto a colegas de Galicia e Portugal. Coas galegas Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez responsabilizouse de *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia), onde incluíu o traballo «A poesía infantil no século XXI en Galicia», pp. 77-108. No ámbito luso coordinou con Ana Margarida Ramos e José António Gomes *Teatro para a Infância e Juventude. Aproximações à literatura dramática* (Porto: Deriva Editores), onde inseriu o estudo coasinado con Eulalia Agrelo Costas e Marta Neira Rodríguez «Apuntamentos para unha historia da literatura dramática infantil e xuvenil galega. Unha selección de obras e autores», pp. 74-153.

Tamén con Ana Margarida Ramos, José António Gomes, Sara Reis e Marta Neira Rodríguez coordinou *A Memória nos Livros: História e Histórias* (Porto: Deriva Editores), que contou co artigo por ela coasinado con Eulalia Agrelo, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez e Celia Vázquez «A memoria histórica a través da Literatura Infantil e Xuvenil en galego», pp. 55-72.

Viu publicado «A investigación da literatura infantil e xuvenil no marco ibérico. Unha rede temática: obxectivos, retos e actividades» no libro editado por Olivia Rodríguez González e Laura Mariño Sánchez, *Novas achegas ao estudo da cultura galega. Enfoques literarios e socio-históricos,* A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, pp. 219-228.

Tampouco desatendeu as colaboracións en revistas, onde publicou: «Antonio García Teijeiro: Un clásico contemporáneo da Literatura Infantil e Xuvenil», *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)* 17, abril, pp. 13-17 e mais «La aportación decisiva de Carlos Casares a la Literatura Infantil y Juvenil (LIJ)», *AILIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil,* 7 (2), pp. 117-140.

2010

Foi directora dos Traballos de Fin de Máster Investigador do Programa Oficial Interuniversitario en Teoría da Literatura e Literatura Comparada Crossway in European Humanities. Erasmus Mundus Masters titulados «O *Bosque animado*: Implicacións didácticas do cinema na adquisición da competencia lecto-literaria», de Mónica Álvarez Pérez; «Edición dun libro de relatos xuvenís», de Patricia Sóñora Rey; «O neno robot. The Robot Boy. Idea orixinal de Hugo Todea Cabaleiro. Original idea by Hugo Todea Cabaleiro», de Hugo Todea Cabaleiro; «Adaptación de *Vento ferido*, de Carlos Casares, para o lectorado xuvenil», de Raquel Amado Vila.

En maio deste ano puxo en marcha a páxina de Literatura Infantil e Xuvenil de *El Correo Gallego*. Esta sección, que hoxe leva o nome de «Elos», sufriu algunhas variacións de contido ao longo do tempo, mais dende os comezos tratou de espellar a Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega, destacar eventos relacionados con esta e analizar criticamente obras de creación e monografías publicadas nas linguas do Marco Ibérico e Iberoamericano ou traducións a esas linguas. Algunhas mostras desta colaboración semanal poden consultarse na páxina en liña da Rede LIXMI http://www.usc.es/gl/proxectos/lijmi/ e na páxina en liña deste xornal compostelán: http://www.elcorreogallego.es/.

Foi membro do Comité Científico do 32º Congreso Internacional do IBBY «A forza das minorías», desenvolvido en Santiago de Compostela entre os días 8 e 12 de setembro, onde foi elixida presidenta da Asociación Nacional de Investigación de Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ).

Editou, xunto con María Jesús Agra Pardiñas, *Itinerario de Lecturas. De Camiño a Compostela pola LIX* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ ELOS) e con Carmen Franco Vázquez *A Santiago. Relatos Infanto-Xuvenís para o Camiño* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ELOS), dúas publicacións vinculadas co Camiño de Santiago.

Coordinou con Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez *Reescrituras do conto popular (2000-2009)* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia), onde con Carmen Ferreira Boo asinou «O conto de transmisión oral na LIX galega», pp. 83-105.



Coordinou con José António Gomes, Isabel Mociño e Ana Margarida Ramos *Maré de Livros* (Porto: Deriva Editores) e na recoñecida editorial alemá Peter Lang deu a lume varias achegas: con María Jesús Agra e Isabel Freire Bazarra, «El audiovisual infantil y juvenil gallego: descripción y evaluación», que formaba parte do volume coordinado por Carmen Becerra Suárez e Ana Fernández Mosquera (eds.), *Diálogos intertextuais 1: De la palabra a la imagen. Estudios de literatura infantil y juvenil,* Frankfurt: Peter Lang, pp. 123-135.

Con María Jesús Agra e Carmen Franco Vázquez escribiu «Texto-imagen: *A lingua das bolboretas,* de Manuel Rivas», aparecido en Susana Pérez Pico e Manuel Á. Candelas Colodrón (eds.), *Diálogos intertextuais 4: Estudios de literatura infantil y juvenil: medios audiovisuales*, Frankfurt: Peter Lang, pp. 15-23. Da súa parte, con Marta Neira Rodríguez asinou «El papel de la mujer en la literatura infantil y juvenil gallega hasta el año 2006» no colectivo coordinado por Celia Vázquez (ed.), *Diálogos intertextuais 3: En busca de la voz femenina. Temas de género en la literatura infantil y juvenil de la Península Ibérica y Latinoamérica*, Frankfurt: Peter Lang, pp. 329-348.

Con motivo do Día das Letras Galegas colaborou no libro homenaxe organizado polo Departamento de Filoloxía Galega da USC co ensaio «Uxío Novoneyra: identidade e soños», en Anxo Tarrío (ed.), *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010*, Santiago de Compostela: USC, pp. 83-97.

Seguiu publicando en *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)* e noutras revistas do ámbito brasileiro. Na primeira apareceu: «Paco Martín e Ramón Lamote Miñato», *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)* 20, novembro, pp. 15-19; no número de novembro de *Estudos de literatura brasileira contemporànea* deu á luz **«**Da literatura para a infància à literatura de fronteira: Agustín Fernández Paz e Lygia Bojunga» (pp. 153-171); e no número de xullo-setembro de *Letras de Hoje. Estudos e debates de assuntos de linguística, literatura e língua portuguesa/ Programa de Pos-Graduação em Letras da Pontíficia Universidade Católica do Rio Grande do Sul* apareceu «Educação literária e cânone literario escolar» (pp. 75-79).

2011

Dende este ano impartiu a materia «A Literatura Infantil e Xuvenil» no Maior Plus do Grao de Lingua e Literatura galegas da Facultade de Filoloxía Galega da USC.

Ademais de diversos Traballos de Fin de Máster, dirixiu a tese de doutoramento «Estudo comparado da narrativa infantil de ficción científica nas literaturas galega e portuguesa» de Isabel Mociño González, defendida no mes de xullo na Facultade de Filoloxía da USC.

Entre o 8 de setembro e o 8 de outubro realizou unha estadía na Faculdade de Ciências e Letras da Universidade Estadual Paulista «Júlio de Mesquita Filho» da UNESP-Assis (Brasil).

Participou no I Colóquio Internacional «Literatura Infantil e Mundo Globalizado», que tivo lugar no Instituto de Educação da Universidade do Minho (Braga) os días 28 e 29 de xaneiro e estivo presente nas I Jornadas Internacionales «Investigar en Literatura Infantil y Juvenil», que se levaron a termo na Facultad de Ciencias da Educación y Humanidades de Cuenca os días 10 e 11 de marzo. Tamén foi membro do Comité Científico do II Simposio Internacional sobre perspectivas de investigación e innovación didáctica en formación receptora «Leer Hipertextos», realizado en Barcelona entre o 28 e o 31 de setembro, e membro da Comisión Organizadora dos 17os Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil O álbum na literatura para a infância, que se desenvolveron na Escola Superior de Educação do Porto o 2 e 3 decembro.

Puxo en marcha e comezou a dirixir *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, publicación dixital da USC, de periodicidade anual e en acceso aberto, unha das poucas vixentes na actualidade centrada nesta literatura. Así mesmo, pasou a ser revisora da revista dixital, de periodicidade semestral, *Impossibilia. Revista Internacional de Estudios Literarios*.

Coordinou, con Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez, *O álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010)* (Vigo: Xerais/LIJMI/NovaCaixaGalicia), monográfico da Rede LIJMI no que deu a lume «Un álbum literario para nenos sobre personaxes sen idade. *Avós*, de Chema Heras Varela e Rosa Osuna», pp. 189-205.

Xunto con Lourdes Lorenzo García e Veljka Ruzicka Kenfel coordinou o volume editado por Ana Margarida Ramos e Isabel Mociño González *Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil/Crítica e Investigação em Literatura Infantil e Juvenil* (Vigo/Braga: ANILIJ/Centro de Investigação em Estudos da Criança do Instituto de Educação da Universidade do Minho), primeira entrega da colección Estudos.01, onde incluíu o traballo «Grupo de

investigación LITER21. Investigacións literarias, artísticas, interculturais e educativas. Lecturas textuais e visuais» (pp. 175-190) e, coa colaboración de Veljka Ruzicka Kenfel, «La Guerra Civil española en las narraciones infantiles y juveniles. Un proyecto de investigación» (pp. 321-335).



A esta primeira entrega da colección Estudos seguíronlle, en anos sucesivos, o volume editado por Rui Ramos e Ana Fernández Mosquera, coordinado xunto con Lourdes Lorenzo García, *Literatura Infantil y Juvenil y Diversidad Cultural/Literatura para a Infância e Juventude e Diversidade Cultural* (Vigo/Braga: ANILIJ/ELOS/CIEC-Universidade do Minho), no que publicou «La guerra civil española aludida y recordada. Obras de fronteras, ambivalentes, crossover» (pp. 529-548), e o coordinado con Lourdes Lorenzo García e Veljka Ruzicka Kenfel *Literatura Infantil y Juvenil e Identidades/ Literatura para a Infância e Juventude e Identidades* (Vigo/Braga: ANILIJ/ ELOS/CIEC-Universidade do Minho).

Un ano máis participou no volume co que o Departamento de Filoloxía Galega homenaxeaba o autor ao que se dedicaba o Día das Letras Galegas. Nesta ocasión, coa colaboración de Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo e Esther de León Viloria, asinou «A recepción de Lois Pereiro (1996-2010)», en María Xesús Nogueira e Anxo Tarrío (eds.), *Día das Letras Galegas 2011. Lois Pereiro*, Santiago de Compostela: USC, pp. 117-165.

Tamén viu publicadas as achegas coas que participara en dous congresos: «Cómo mirar al otro en la narrativa infantil y juvenil gallega. Siglo XXI», escrito en coautoría con Marta Neira Rodríguez e publicado en Izaro Arroita, Mari Jose Olaziregi e Itziar Zubizarreta (eds.), *El Libro Infantil y Juvenill dende la diversidad cultural/Haur eta Gazte Liburua kultura aniztasunean*, Galtzagorri Elkartea & Erein Argitaletxea, pp. 216-226; e tamén «A Representação do Sistema Educativo e dos Profesores numa Seleccão de Obras Narrativas que tratam a Guerra Civil Espanhola», incluído en Fernando Azevedo, Armindo Mesquita, Ângela Balça e Sara Reis da Silva (coords.), *Globalização na Literatura Infantil. Vozes, Rostos e Imagens*, Estados Unidos da América: Lulu Entreprises, Raleigh, N.C., pp. 155-183.

Foi a responsable de coordinar o monográfico da revista *Escrita Contemporánea* da Asociación de Escritores en Lingua Galega titulado *II Xornada da Crítica Galega. A Crítica e a Literatura Infantil e Xuvenil, Escrita Contemporánea.* (A Coruña: AELG). Nesta obra incluíu «Dúas periferias: Literatura Infantil e Xuvenil e Crítica literaria. Unha reivindicación cara á saída delas», pp. 11-13.

Co entón presidente do Consello da Cultura, Ramón Villares, e co presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, durante as xornadas A crítica e a Literatura Infantil e Xuvenil, o 22 de outubro de 2010

Seguiu colaborando na páxina «Elos» de *El Correo Gallego* e publicou diversos artigos en revistas: «Two contemporary classics: Agustín Fernández Paz and Lygia Bojunga» e «Gomes, José António (2010), *Figurações do desejo e da infância*

em Eugénio de Andrade» en *AILIJ. Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil* 9, pp. 177-190 e pp. 255-258; «*Figurações do desejo e da infância em Eugénio de Andrade*, de José António Gomes», en *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude* 21-22, novembro, pp. 117-118.

O 16 de marzo naceu no Hospital do Barbanza a súa neta Carme.

Coa súa neta Carme poucos días despois de nacer

2012

No curso 2012-2013 impartiu a materia «Transferencias literarias e culturais. Imagoloxía e Tradución» no Programa Oficial Interuniversitario en Teoría da Literatura e Literatura Comparada Crossway in European Humanities. Erasmus Mundus Masters e no Maior Plus en Lingua e Literatura galegas a materia «Literatura galega contemporánea: narrativa».

Puxo en marcha no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades o proxecto "Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil", dende o que seguiu tecendo redes de colaboración con diferentes grupos e plataformas de investigación, como LIJMI, ANILIJ, ELOS ou LITER21.

Participou como membro do Comité Organizador de diferentes xornadas e seminarios. Entre estas, as II Jornadas Internacionales de Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil «La familia en la Literatura Infantil y Juvenil», que tiveron lugar na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo os días 10 e 11; no Seminario/Workshop Internacional

«A Literatura Xuvenil e os premios literarios a debate», levado a cabo na sede do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades entre os días 5 e 7 de setembro; e nos 18os Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil «Literatura para a Infância e a Juventude e Educação Literária», desenvolvidos na Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto os días 6 e 7 de decembro. Tamén foi membro do Comité Científico das I Jornadas Internacionales de Literatura Infantil y Juvenil, Promoción de la Lectura y Prácticas Educativas, realizadas na Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo entre os días 15 e 17 de novembro.

Editou, xunto con Veljka Ruzicka Kenfel e Ana Margarida Ramos, *La Guerra civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)*, Porto/Santiago de Compostela: Tropelias & Companhia/USC.

Coordinou con Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)* (Vigo: Xerais/LIJMI/NovaCaixaGalicia) e, con con Lourdes Lorenzo García e Veljka Ruzicka Kenfel, o volume editado por Beatriz Rodríguez Rodríguez e Sara Reis da Silva *Literatura Infantil y Juvenil e Identidades/Literatura para a Infância e Juventude e Identidades* (Vigo/Braga: ANILIJ/ELOS/CIEC-Universidade do Minho). Neste último publicou en colaboración con Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González «Manuel María y la construcción de la identidad a partir de su obra infantil y juvenil», pp. 13-28, e con José María Mesías Lema «Literatura y Arte: la animación con plastilina como estrategia de ilustración», pp. 423-432.



Seguiu publicando en revistas de ámbito internacional, como na brasileira *Educação*, que no seu número de setembro-decembro incluíu «Educación literaria. Literatura Infantil y Juvenil. Una propuesta multicultural», pp. 362-370.

2013

Mantivo a docencia no Programa Oficial Interuniversitario en Teoría da Literatura e Literatura Comparada Crossway in European Humanities. Erasmus Mundus Masters na materia «Estudos literarios comparados» e comezou a dirixir diferentes Traballos Fin de Grao (TFG) no Grao en Mestre de Educación Primaria da Facultade de Ciencias da Educación, como, entre outros, o de Berta Dávila Fernández "Educación literaria e poesía para a infancia: a produción poética de Antonio García Teijeiro na formación de lectores", alumna que despois se sumaría a outras investigacións colectivas baixo a súa coordinación.

Realizou unha estadía no mes de abril no Instituto de Educação da Universidade do Minho (Portugal) e converteuse na Investigadora Principal do proxecto «Tematología y Métodos. Las guerras en la narrativa infantil y juvenil en el Marco Ibérico» do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela.

Xunto á profesora Maria Conceição Meireles Pereira codirixiu a tese de doutoramento de Paula Raquel da Silva Patriarca de Oliveira Paiva Ribeiro «O livro para crianças e jovens em Portugal (1870-1940)», defendida na Facultade de Letras da Universidade do Porto o 16 de abril. Tamén foi membro do tribunal da tese de doutoramento de Carina Miguel Figueiredo da Cruz Rosa Rodrigues «Palavras e imagens de mãos dadas. A arquitetura do álbum narrativo em Manuela Bacelar», dirixida pola profesora Ana Margarida Ramos e defendida no Departamento de Ambiente e Ordenamento da Universidade de Aveiro (Portugal) o 12 de abril.

Seguiu formando parte de comités científicos, como o do III Simposio Internacional sobre perspectivas de investigación e innovación en formación receptora «Redes hipertextuales en el aula. la educación literaria y la e-literatura desde la minificción», organizado polo Grupo de Formación Receptora: Análisis de Competencias (FRAC) e o Departament de Didàctica de la Llengua i la Literatura da Facultat de Formació del Professorat de la Universitat de Barcelona en colaboración co ICE da UB, que tivo lugar en Barcelona entre os días 25 e 27 de setembro. Tamén de comités organizadores como o das III Jornadas Internacionales de Crítica e Investigación en

Literatura Infantil y Juvenil «¿Me traduces una historia?: la traducción en ámbito infantil y juvenil» da Scuola di Lingue e Letterature, Traduzione e Interpretazione, Università di Bologna, desenvolvido entre os días 25 e 27 de marzo, e dos 19os Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil «Formar leitores. Obras», da Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto, realizado entre o 28 e o 29 de novembro.

Coordinou**,** con Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez, *Premios literarios e de ilustración na LIX* (Vigo/Santiago de Compostela: Xerais/LIJMI/CRPIH), unha nova monografía da Rede LIJMI na que con Isabel Soto López asinou «Os premios literarios e de ilustración na Literatura Infantil e Xuvenil galega», pp. 153-178.

Xunto con Lourdes Lorenzo García e Veljka Ruzicka Kenfel coordinou o volume editado por Ana Margarida Ramos e Carmen Ferreira Boo *La familia en la Literatura Infantil y Juvenil/A família na Literatura Infantil e Juvenil* (Vigo/Braga: ANILIJ/ELOS/CIEC-Universidade do Minho), no que asinou con Isabel Mociño González «Los abuelos de Chema Heras», pp. 41-43.

Carlos Negro, Francisco Durán, Valentín García Gómez e Blanca Roig Rechou nun curso de formación

Publicou a monografía *Educação Literária e Literatura Infantojuvenil/Educación Literaria e Literatura Infantil e Xuvenil* (Porto: Tropelias & Companhia), con prefacio da investigadora portuguesa Ana Margarida Ramos.



Tamén viu publicadas achegas derivadas de reflexións xurdidas en diferentes encontros, congresos e xornadas, tanto en solitario como en coautoría: «A educación literaria no Estado español» en Maria da Graça Sardinha e Fernando Azevedo (orgs.), *Didática e Práticas. A Língua e a Educação Literária*, Guimarães: Opera Omnia, pp. 185-208; «Educación literaria, historia literaria e Literatura Infantil e Xuvenil» en Maria Madalena Marcos Teixeira da Silva e Isabel Mociño González (coords.), *Literatura para a Infância e a Juventude e Educação Literária*, Porto: Deriva Editores, pp. 12-31; «Educación literaria, saberes y enciclopedia del mediador» en Sandra Álvarez Ledo, Mª del Carmen Ferreira Boo e Marta Neira Rodríguez (eds.), *De la Literatura Infantil a la Promoción de la Lectura*, Madrid: CEU Ediciones, pp. 29-48; e, en coautoría con Veljka Ruzicka Kenfel, «Aus der Sicht der anderen. Der Spanische Bürgerkrieg in der Kinder-uns Jugendliteratur europäischer Länder» en *An Aalem Fronten. Krieg und polistische Konflikte in Kinder- und Jugendmedien*, pp. 335-350.

Escribiu un «Prefácio» para o libro de João Manuel Ribeiro *Palavra de criança não está poluída: a Obra Infantil e Juvenil de Sidónio Muralha* (Porto: Tropelias & Companhia), pp. 9-11.

No eido familiar este ano trouxo a felicidade do nacemento da súa segunda neta, Lucía, que veu ao mundo o 16 de marzo no Hospital do Barbanza.

Coa súa neta Lucía, ao pouco de vir ao mundo

Participou como membro do xurado de Ensaio dos Premios da Crítica de Galicia, experiencia que repetiu en varias ocasións.

Con outros membros do xurado dos Premios da Crítica de Galicia e algúns dos seus gañadores

2014

Puxo en marcha e dirixiu o Máster en Literatura Infantil y Juvenil como aporte a la Formación y Desarrollo de Hábitos Lectores, mestrado propio da Universidade de Santiago de Compostela, realizado en colaboración co Instituto de Ciencias da Educación e Familias Mundi, que se desenvolveu entre o 12 de xaneiro e o 27 de novembro de 2015. Un máster que tivo continuidade noutras edicións e no que tamén impartiu a materia «Lectura, educación literaria y formación lectora». Así mesmo, dirixiu Traballos de Fin de Máster neste e noutros mestrados como o Máster Estudos da Literatura e da Cultura, onde titorou a Ana Soares, *O xeo-espazo na obra de Ana Saldanha* (2014), ou Valeria Ribeiro Soarez, *Educación literaria e Literatura Infantil e Xuvenil portuguesa nos centros de secundaria en Galicia* (2014).

Presidiu, xunto con José António Gomes, a comisión organizadora dos 20os Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil «De como a Literatura para a Infância e a Juventude é chamada à guerra», organizados na Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto os días 12 e 13 decembro.

Editou con Veljka Ruzicka Kenfel, *The Representations of the Spanish Civil War in the European Children's Literature (1975-2008)* (Frankfurt am Main: Peter Lang), froito do proxecto de investigación iniciado con anterioridade. Neste volume asinou con Ruzicka Kenfel «The Spanish Civil War in European Children's Literature» (pp. 7-22), escribindo tamén «*Aqueles anos do Moncho* and the Early Years of the Story of the Civil War in Galician Children's Literature» (pp. 103-114).

Seguiu coordinando con Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez a monografía anual da Rede LIJMI, neste ano baixo o título *Inmigración/Emigración na LIX*, e tamén unha publicación en liña de enfoque máis divulgativo como é *Guía de poesía (De 3 a 8 anos)*, A Coruña: Xunta de Galicia/ELOS.

Escribiu o ensaio «Autores imprescindíbeis de Kalandraka Editora» para o volume de Ana Cristina Macedo, Eulalia Agrelo e Sara Reis da Silva (coords.), *Formação leitora. Obras imprescindíveis/Formación lectora. Obras imprescindíbeis*, Porto: Tropelias & Companhia, pp. 145-155.

En solitario ou coautoría continuou a participar en encontros e congresos. Así, con Eulalia Agrelo, Berta Dávila, Carmen Ferreira e Marta Neira Rodríguez publicou «La poesía en diferentes espacios formativos: una propuesta de animación lectora» nas *Actas do 10º Encontro Nacional (8º Internacional) de Investigação em Leitura, Literatura Infantil e Ilustração*, organizado polo Instituto de Educação e o CIEC da Universidade do Minho; e «Los inicios de la literatura juvenil gallega desde la emigración» en Laura Herrero (ed.), *La oralidad y el mito. Rescate de la imaginación infantil y juvenil en el siglo XXI* (ALIJME: México).

Blanca e Anxo coas súas netas Carme e Lucía na casa de Portosín

2015

Converteuse na directora da «Área de Literatura» do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, responsabilizándose de todos os proxectos literarios do mesmo, desempeño no que a antecederon Darío Villanueva e Anxo Tarrío e no que continuou ata a súa xubilación en agosto do 2018.

Dirixiu a tese de doutoramento de Mª Eulalia Agrelo Costas «Da institución escolar ao centro do canon: Agustín Fernández Paz», defendida o 14 de decembro na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén formou parte doutros tribunais de tese, como os de Ana Cristina Macedo na Universidade dos Açores (Portugal) ou Ana Fernández Mosquera na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

Na presentación da *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega* co equipo de redactoras (de esquerda a dereita: Isabel Mociño, Carmen Ferreira, Mar Fernández, Blanca, Eulalia Agrelo, Isabel Soto e Marta Neira)

Proseguiu co seu labor como membro de comités científicos, así no 1er Congreso Internacional «Calidad y excelencia educativa: los retos de la educación en el siglo XXI», organizado por Familias Mundi e levado a cabo no Auditorio Abanca de Santiago de Compostela os días 18 e 19 de febreiro; tamén na 11th The Child and the Book Conference, centrada na temática «Children's Literature: Fractures and Disruptions», organizada polo Departamento de Educación da Universidade de Aveiro (Portugal) entre o 26 e o 28 de marzo; nas «II Jornadas Internacionales de Literatura

Infantil y Juvenil en diversas áreas del conocimiento: valores educativos», organizadas pola Escola de Maxisterio CEU-Vigo durante os días 6 e 7 de abril; e no X Congreso Internacional da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil, centrado en «Nuevos temas en la LIJ: Muerte, Naufragios, Guerras, Desastres... en la Tierra y en el Mar», desenvolvido en Vigo os días 23 e 24 de abril.

A este seu labor como integrante de comités científicos sumouse o de supervisora externa do proxecto de investigación sobre Clásicos da Literatura Infantil e Xuvenil da Universidade do Minho (Portugal).

Un fito na súa traxectoria foi a coordinación da *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega* (Vigo: Xerais), volume que foi distinguido con diferentes premios literarios nese mesmo ano, tales como o Premio Fervenzas literarias ao mellor libro de ensaio e investigación ou o Premio da Crítica de Galicia de Investigación.

Na recepción do Premio da Crítica de Galicia

Coordinou con Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez o volume da Rede LIJMI *Retorno aos clásicos. Obras imprescindíbeis da narrativa infantil e xuvenil*, Vigo/Santiago de Compostela: Xerais/LIJMI/CRPIH.

Con Isabel Mociño González coordinou *Libros galegos de onte e de hoxe para a nenez e mocidade (2010-2015)* e *Libros en galego de onte e de hoxe para a nenez e mocidade (2010-2015)*, ambos os dous editados polo ICE no Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.

De esquerda a dereita: Arturo Casas, Fernando Cabo, Anxo Abuín, Blanca Ana Roig, Darío Villanueva e Anxo Tarrío no xantar da xubilación deste ultimo en 2015

2016

Comezou o ano como acabara o anterior, coa defensa de varias teses por ela dirixidas, como a de Mª del Carmen Ferreira Boo, titulada «Reescrituras do conto de transmisión oral na Literatura Infantil e Xuvenil Galega» e guiada xunto á profesora Sara Reis da Silva, defendida o 18 de xaneiro na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Tres días despois, o 21 de xaneiro, e na mesma facultade, a de Marta Neira Rodríguez sobre «Narrativa infantil e xuvenil en galego. Mulleres e Guerra Civil española (1936-1939)».

Coordinou con Riita Oittinen *A Grey Background in Children's Literature: Death, Shipwreck, War, and Disasters/Literatura infantil y juvenil con fondo gris: muerte, naufragios, guerras, y desastres* (Munchen: Iudicium) e seguiu responsabilizándose do monográfico anual de LIJMI con Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez, nesta ocasión baixo o título *Reflexos das dúas guerras mundiais na LIX*, Vigo/Santiago de Compostela: Xerais/LIJMI/CRPIH.

Na defensa da tese de Carmen Ferreira Boo

Así mesmo, deu a lume «Achegas de Alice Vieira á literatura infantojuvenil española» en Sara Reis da Silva e João Manuel Ribeiro (orgs.), *Estes livros que nós escolhemos. Contributos para a Leitura da obra Infantil e Juvenil de Alice Vieira*, Porto: Tropelias & Companhia, pp. 77-123.

Blanca con João Manuel Ribeiro e Laura Rodríguez Herrera

No volume *Un lustro de lecturas para la infancia y la juventud/Five Years of Books for Children and Young Adults (2010-2015)*, coordinado por Verónica Casais Vila e Alba Rozas Arceo e publicado polo ICE da USC, asinou «Inmigración/emigración e identidad», «Migration and Identity», «Para saber más sobre LIJ de la mano de Tropelias & Companhia», «In Order to Know More about CYA literature, with Tropelias & Companhia», pp. 41-42, 43-44, 905-906 e 907-908, respectivamente.

2017

Seguiu vendo os resultados das teses por ela dirixidas. Así, co profesor brasileiro João Luís Ceccantini dirixiu a tese de Vanessa Regina Ferreira da Silva «A literatura xuvenil no Brasil e en Galicia. Premios literarios. Estudo comparativo» e, en solitario, «Producións literarias contemporáneas para mozos lectores e as súas temáticas: as realidades brasileiras e galega» de Karina de Oliveira, defendidas ambas as dúas na Facultade de Filoloxía da USC.

Na defensa da tese de Vanessa Regina Ferreira da Silva

Coordinou con Carmen Franco Vázquez a monografía *Educación literaria y artística: conflictos sociales y bélicos* (Barcelona: Graó), na que integrou o traballo «Conflictos sociales y bélicos en la planificación de la educación literaria», pp. 151-167.

Un ano máis, coordinou o monográfico da Rede LIJMI con Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez, nesta ocasión baixo a denominación *Representacións do mundo árabe na LIX*, Vigo/Santiago de Compostela: Xerais/LIJMI/CRPIH. Nel asinou, con Verónica Pousada Pardo, o ensaio «Representacións do mundo árabe na Literatura Infantil e Xuvenil galega», pp. 77-79.

Para unha obra preparada no Brasil escribiu «Violencia de género en *La cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre e *Zapatos de tacón*, de Lygia Bojunga», en Maurício Silva, Diana Navas e Eliane Aparecida Galvão Ribeiro Ferreira (eds.), *Produção Literária Juvenil e Infantil Contemporânea: reflexões acerca da pós-modernidade,* São Paulo: BT Acadêmica, pp. 11-32.

De esquerda a dereita: Ana María Porto (directora do ICE), Cesáreo Sánchez Iglesias (presidente da AELG), Valentín García Gómez (secretario xeral da SXPL), Blanca Roig (codirectora do curso) e Armando Requeixo (secretario do CRPIH) no XIV Curso de Formación. A Literatura Infantil e Xuvenil: relacións texto-imaxe, realizado no Centro Ramón Piñeiro o 10 de novembro de 2017

Asinou diferentes traballos para obras das que se responsabilizaron investigadoras que ela, dun xeito ou doutro, formou. Así, «Reescritas de textos da transmissão oral e literatura dramática. António Torrado na literatura infantil e juvenil galega» en Sara Reis da Silva e João Manuel Ribeiro (orgs.), *Contas de novo. A escrita para a infância de António Torrado*, Porto: Tropelias & Companhia, pp. 137-150; «Guerras mundiais na Literatura Infantil e Xuvenil galega. Roles femininos» en Eulalia Agrelo Costas (coord.), *Guerras mundiais na LIX galega. Roles femininos*, Santiago de Compostela: ELOS/ICE/USC, pp. 11-20; e «Lectura literaria e memoria a partir das obras de Alice

Vieira protagonizadas por Mariana» en Alexander Meirelles da Silva, Luciana Borges e Silvana Augusta Barbosa Carrijo (orgs.), *Tessituras Literárias. Cultura, identidade e outras artes*, Campinas: Mercado de Letras, pp. 146-167.

Con Mar Fernández Vázquez responsabilizouse de «Carlos Casares, un clásico contemporáneo da LIX galega», artigo aparecido en Luís Cochón, Luís Alonso Girgado e Laura Piñeiro Pais (eds.), *Carlos Casares: homenaxe. De amicitia*, Santiago de Compostela: CRPIH, pp. 391-405.

Así mesmo, con Carmen Franco Vázquez coordinou a edición dixital *Antología sobre conflictos bélicos*, publicada na revista *Elos*, na que tamén participaron outros investigadores e investigadoras dos ámbitos lingüísticos da Rede LIJMI e do grupo de investigación LITER21.

2018

En nome da Facultade de Ciencias da Educación da USC pasou formar parte da Comissão Externa de Acompanhamento do Centro de Investigação em Estudos da Criança, órgano consultivo da Universidade do Minho para o período 2018 a 2022.

De esquerda a dereita: Armando Requeixo, Blanca Roig Rechou, Carmen Blanco, Luz Pozo Garza, Claudio Rodríguez Fer e Luís Alonso Girgado na presentación dos números XVI e XVII da revista *Clave Orión* no Centro Ramón Piñeiro o 28 de febreiro de 2018

No mes de agosto xubilouse, polo que deixou a dirección técnica da Área de Literatura do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades que ostentaba dende o 2015 e tamén o seu labor profesoral na Universidade de Santiago. Porén, continuou vinculada a ambas as dúas institucións; no primeiro caso como colaboradora externa e, no segundo, como docente universitaria *ad honorem*.

Iniciou a coordinación da colección Bibliodidáctica, coeditada por Hércules Ediciones, o Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC e o Instituto de Ciencias da Educación, onde xa levan aparecido varias entregas.

Coordinou outra volta con Marta Neira Rodríguez e Isabel Soto o monográfico anual da Rede LIJMI, nesta ocasión baixo o título de *As mulleres como axentes literarias na LIX do século XXI*, Vigo/ Santiago de Compostela: Xerais/CRPIH.

Con motivo do Día das Letras coordinou ou editou diferentes volumes en homenaxe a María Victoria Moreno, tal é o caso de *María Victoria Moreno. Homenaxe. Palabra fértil no Tempo, Cadernos Ramón Piñeiro (XXXVIII)*, Santiago de Compostela: CRPIH e o tamén colectivo *Día das Letras Galegas 2018. María Victoria Moreno. Nun lugar de Galicia*, Santiago de Compostela: USC, no que asinou con Belén Bouzas Gorgal a súa «Crono bio-bibliografía», pp. 17-35.



Continuou publicando en revistas, como o *Boletín da Real Academia Galega* 379, onde apareceu o artigo «Un lugar de honra na LIX. María Victoria Moreno», pp. 11-31.

2019

Estivo presente como parte do Comité Científico no congreso «Los márgenes de la periferia. Crear, editar, investigar y traducir poesía y teatro para niños», que tivo lugar os días 26, 27 e 29 de setembro na Universidad de Castilla-La Mancha, e nos 25os Encontros Luso-Galaicos «Literatura, pre-escolar e ensino básico: centro e periferias. Viagem ao centro da Literatura», realizados na Escola Superior de Educação do Porto os días 12 e 13 de decembro.

Coordinou con Marta Neira Rodríguez e Isabel Soto o monográfico da Rede LIJMI titulado *Imaxes Nenez-Vellez na LIX*, Vigo/Santiago de Compostela: Xerais/ CRPIH.

Asistentes aos Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil na Escola Superior de Educação do Porto

Asinou con varias das súas estreitas colaboradoras diferentes achegas. Así, con Sara Reis da Silva deu a coñecer «O Capuchinho Vermelho e os seus múltiplos papéis: para uma leitura de alguns livros-objecto», ensaio aparecido en Isabel Mociño (coord.), *Libro-obxecto e xénero: estudos ao redor do*

libro infantil como artefacto, Vigo: Universidade de Vigo, pp. 81-104; con Isabel Mociño preparou «Encontro con Concha Blanco e María Canosa: dúas xeracións de creadoras galegas con historias que fan lectores», integrado en Ana Cristina Macedo, Elisama Oliveira, Marta Neira Rodríguez e Sara Reis (coords.), *Literatura para crianças e Educaçao Literária. Diálogos Intergeneracionais*. Porto: Tropelias & Companhia, pp. 133-144; e con Rocío García Pedreira «¿Alicia Juzgada por la Reina de Corazones? Diferencias Insalvables entre *Alicia* de Carroll y la Adaptación de Disney», inserido en Elvira Cámara Aguilera (ed.), *Traducciones, adaptaciones y doble destinatario en literatura infantil y juvenil*, Berlin: Peter Lang, pp. 295-323.

De esquerda a dereita: José António Gomes, responsables da Escola Superior de Educação do Porto e a Universidade do Porto, Blanca Roig Rechou e Ana Cristina Macedo nos 25os Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil na Escola Superior de Educação do Porto

Con Ana Rita Gonçalves Soares deu a lume «"Em terra de nossos irmans": a representação da capital galega em *A caminho de Santiago*, de Ana Saldanha, integrado no colectivo coordinado por Sara Reis da Silva e João Manuel Ribeiro *Sobre uma escrita a tempo inteiro: a obra para a infância e a juventude de Ana Saldanha*, Porto: Tropelias & Companhia, pp. 59-73.

Nalgún caso en coautoría con César Ortiz e Cristina Cañamares e, noutros, en solitario, homenaxeou ao seu compañeiro de LIJMI e amigo o catedrático de LIJ da UCLM falecido prematuramente Pedro Cerrillo Torremocha. Fíxoo

en «Pedro Cerrillo, una vida dedicada a la LIJ», *Anuario de investigación en literatura infantil y juvenil* 17, pp. 9-14 e tamén en «Universidad y Literatura Infantil y Juvenil. El magisterio de Pedro Cerrillo», *Álabe* 20, xullo-decembro.

2020

Impartiu a conferencia plenaria «Literatura Infantil y Juvenil. Centro y periferias» no Congreso «Haur eta Gazte Literatura: berrirakurketak eta zeharkako elkarrizketak/Literatura Infantil y Juvenil: relecturas y conversaciones transversales», que tivo lugar en liña os días 23 e 24 de novembro. Nese mesmo mes tamén conferenciou baixo o titulo «*Memorias dun neno labrego* e Neira Vilas» nas Jornadas de Lengua y Literatura Gallegas do Departamento de Filologías do Campus La Cartuja da Universidad de Granada.

Seguiu participando en comités científicos, caso do XI Congreso De la Oralidad a la LIJ: géneros de la memoria, pioneros y transterrados españoles (1939-2019), do Departamento de Letras de la Universidad Iberoamericana (México); e na *LIJ Ibero. Revista de Literatura Infantil y Juvenil Contemporánea* do Departamento de Letras da Universidad Iberoamericana Ciudad de México.

Editou, xunto con Marina Mayoral, *Follas novas* de Rosalía de Castro, publicado por Edicións Xerais de Galicia.

Achegouse á figura do escritor João Manuel Ribeiro en «João Manuel Ribeiro pelos caminhos da LIJ», integrado no volume colectivo responsabilidade de Sara Reis da Silva *João Manuel Ribeiro***,** *10 novas vozes e rostos da Literatura portuguesa para a infância e a juventude,* Porto: Tropelias & Companhia.

Como homenaxe a Ricardo Carvalho Calero publicou «*Breviario Antológico de la Literatura Gallega Contemporánea*, R. Carballo Calero», en Anxo Tarrío e Armando Requeixo (eds.), *Cadernos Ramón Piñeiro (XL). Estudos arredor de Ricardo Carvalho Calero,* Santiago de Compostela: CRPIH, pp. 311-317.

Coordinou, novamente con Isabel Soto e Marta Neira Rodríguez, o monográfico anual da Rede LIJMI, desta volta titulado *Camiño e peregrinacións na LIX (Compostela no horizonte)*, Vigo/Santiago de Compostela: Xerais/CRPIH.

Asistentes ao Seminario Internacional Vellez-Nenez na LIX. Representación das mulleres no Centro Ramón Piñeiro

Con Olalla Cortizas asinou «Babar e os elefantes. Dos orixinais ás adaptacións», en *Clássicos da literatura infanto-juvenil em forma(to) de livro objeto,* pp. 89-101, obra organizada por Sara Reis e publicada pola Universidade do Minho.

Responsabilizouse do «Limiar» en *Educar en feminino. María Victoria Moreno e Nosoutras,* coordinado por Eulalia Agrelo e Carmen Ferreira e publicado por Hércules de Ediciones.

Traduciu ao galego, con Beatriz García Turnes, a obra *A noite que todo o cambiou. A Vida con DCA*, de Concha Otero, publicada por Hércules de Ediciones. E tamén, do portugués ao castelán, *Río sin puente*, de Ilse Losa, na mesma editorial.

Con Isabel Mociño González escribiu «Ler os Clásicos: Alicia en lingua galega», en *Elos. Revista de literatura infantil e xuvenil* 7, pp. 163-180.

Na actualidade, prosegue coa súa intensa actividade investigadora publicando libros, artigos, notas e recensións; dirixindo e participando en grupos de investigación; asistindo a xurados de premios; presentando obras propias e alleas; ditando conferencias autonómicas, estatais e internacionais; coordinando congresos, xornadas, workshops e encontros; colaborando en prensa, radio e televisión sobre temas literarios en xeral e, especialmente, arredor da LIX; participando en comités científicos de importantes revistas e levando a cabo outras mil angueiras que demostran, máis unha vez, que na súa persoa temos unha das profesoras, escritoras e investigadoras máis prestixiosas e prolíficas da literatura galega do noso tempo, que co seu esforzado laborar ten asegurado que no futuro esta cronobiografía ha precisar dun apéndice non pequeno, para felicidade de todos os que a admiramos e agradecemos tan xenerosa entrega ao longo de tantos anos e dos moitos que virán.

ESTUDOS

El silencio e *Persona*: díptico da crueldade

Anxo Abuín González
Universidade de Santiago de Compostela

Considerada como a terceira entrega dunha triloxía sobre a ausencia de Deus e a angustia do home ante o nada[1], ao lado de *Como en un espejo* (*Såsom i en spegel*, 1961) e *Los comulgantes* (*Nattvardsgästerna*, 1963) (cf. Gervais, 1999: 70; Kalin, 2003: XV e 19; Steene, 2005: 39, 59; Macnab, 2009: 155; Wood, 2013: 133)[2], *El silencio* (*Tystnaden*, 1962) supón en realidade unha ruptura radical das formas narrativas cinematográficas anteriores propostas por Ingmar Bergman nunha liña que se verá confirmada definitivamente en *Persona* (1966), seguramente o filme máis innovador e arriscado do cineasta sueco. Son moitos os datos que confirman esta hipótese de partida, a de que ambos os filmes configuran unha especie de díptico sobre a crueldade contemporánea, a devastación espiritual e a necesidade de calar ante a imposibilidade de comunicarse e o sen sentido da vida. En *El silencio*, o primeiro plano constitúese en recurso lingüístico omnipresente, non tanto como un recurso de exploración do rostro humano senón como mecanismo responsable da creación do ambiente inicialmente cerrado, por non dicir claustrofóbico, no que se moven uns personaxes á deriva, desubicados, enfrontados a unha realidade que non lles pertence e que non aceptan. Ao principio do filme, os cambios de plano son relativamente raros e a cámara prefire desprazarse en panorámica ou travelling seguindo o mesmo eixe.

O primeiro diálogo da película ponnos sobre a pista dun mundo alleo e estraño, imposible de interpretar, cando o neno solicita a unha das mulleres

1 Este traballo encádrase nas actividades do Proxecto de Investigación PERFORMA: el teatro fuera del teatro. Performatividades contemporáneas en la era digital (FFI2015-63746-P) (2016-2019). Este proxecto foi financiado cunha axuda do Ministerio de Economía y Competitividad e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) correspondente ao marco financeiro plurianual 2014-2020.

2 "Later, Bergman suggested that the idea that these three films constituted a trilogy was a 'Schnapps-Idee' –that is to say, something that sounded impressive when it was contemplated over a glass of alcohol but was revealed as bar-room intellectualism in 'the sober light of day'. By the time he had decided the three films weren't a trilogy, it was already far too late. That was how they were perceived by audiences and reviewers. For better or for worse, the three films were now inextricably linked. They were released in box sets, were revived together and were the subject of academic treatises" (Macnab, 2009: 161-162). Os tres guións editáronse conxuntamente en sueco e logo en inglés (Bergman, 1970).

(descoñecemos polo momento a relación que lles une) a tradución dun cartel: "–¿Qué significa esto? –No lo sé. –Nitsel stantnjon palik..." (Bergman, 1972: 13; tradución miña). Coma eles, os tres personaxes protagonistas, que se amosan como enclaves nun territorio descoñecido, nós, espectadores, non temos datos suficientes para identificar a estes seres enigmáticos cuxos rostros as imaxes se empeñan unha e outra vez en presentar: quen son?, de onde veñen?, a onde se dirixen (onde está a súa casa, esa casa á que, ao parecer, queren volver)?, cal é a súa relación?...

Non exerce o Narrador o seu dereito a comunicar información, como no cine narrativo ao uso, como en moito do cine de Bergman anterior, senón que prefire pregarse á arte do escamoteo: nada sabemos, nada se nos quere dicir con claridade. Non é alleo a isto o silencio case radical dos personaxes, pero seguramente tampouco a mirada curiosa pero incompleta dun neno de trece anos en continuo movemento, a través do cal se focaliza a acción, como no cine neorrealista ou *neovaguista*, que tanta pegada estaba deixando no director sueco. O neno quere velo todo, pero non é capaz de entender nada, como un espectador ao que se deixa tamén en cueiros, acollido ao descubrimento dunha atmosfera escura e cada vez máis sexualizada.

Nese ambiente oprimente dos elementos axudan a tensionar a actitude dos personaxes. En primeiro lugar, a guerra que se ofrece como trasfondo dunha aparente fuxida: o tren vai deixando atrás uns tanques que aparecen ante a mirada do neno como fotogramas de debuxos animados ou como efectos dunha lanterna máxica, introducindo unha dimensión desrealizadora que se asenta no metacinematográfico. Véxase neste sentido a utilización dun falso *raccord* que nos sorprende cun primeiro plano do militar que non se somete á dinámica angular esperable da cámara. Logo, xa no hotel desa cidade chamada Tiimoka, está a corporalidade explícita e moi marcada das dúas mulleres, finalmente irmás, nai e tía, Anna (Gunnel Lindblom) e Ester (Ingrid Thulin), que se ofrece nun contexto absolutamente hostilizado e que se opón ao universo exterior poboado polos homes da rúa (o home como obxecto de mirada e de burla). A masturbación de Ester non exclúe a posibilidade lésbica, logo confirmada, ou o exercicio voyeurístico que domina por completo o filme.

No tren, a mirada do neno, o cegamento da luz, a constancia do dispositivo, a película en movemento, os fotogramas da guerra…

El silencio chama a atención no seu propio título sobre o abandono da palabra, a súa negación, a súa insuficiencia nun mundo cruel e contraditorio, a súa inutilidade cando o contemporáneo se converteu en caos ou labirinto, como aquel polo que pasea sen rumbo o neno Johan, dun corredor a outro do hotel, en busca dunha diversión que se lle nega.

Neste "filme de cámara" tamén o tempo parece deterse: o son dun tic-tac que acompaña os créditos vese contrarrestado polo reloxo aparentemente parado do neno (máis tarde será o maître do hotel o que dará corda ao seu reloxo parado), que inmediatamente subliña a falta de consistencia do movemento da súa nai, cuxos pés, en plano detalle, a desprazan "como por su cuenta".

Logo irémolo descubrindo todo a través dunha cámara subordinada ao proceso de descubrimento dese neno, o único que parece manifestar curiosidade polo insólito escenario do hotel e que decide convertelo en espazo do seu recreo, entre luces e sombras proxectadas. A súa mirada cúbreo todo, ata introducirse nos cuartos dos sete ananos Eduardini, artistas que aceptan o xogo como parte da súa condición de artistas e disfrazan a Johan como unha feliz princesa Brancaneves. O xogo deixa paso, finalmente, á transgresión, cando o neno mexa contra a parede.

Súa nai, mentres tanto, aventúrase no exterior, penetra no universo masculino en busca de satisfacción sexual, adentrándose como Alicia na escuridade do Chin Varietés, onde lle esperan os mesmos sete ananos españois, subidos a un escenario. O pracer está na mirada, tamén na mirada á parella que fai aparatosamente o amor nun recuncho ou na consciencia da humillación por parte da súa irmá, pouco disposta a aceptar o rol (sexual?) que lle tocou xogar. En poucas ocasións Bergman buscou máis os espellos e os marcos como referencias que apuntan de novo a unha crise de identidade, pero tamén ao funcionamento dun dispositivo, subliñado se cabe aínda máis pola apelación repetida ao teatro/espectáculo dentro do cine.

Polo demais, a relación entre as dúas mulleres mantense en todo momento na polaridade entre a enfermidade (o pracer frustrado) e o desexo (a corporalidade), a delgadez e a exuberancia, a parálise e o movemento, o traballo e o ocio, a verdade e a mentira, o interior e o exterior, a aparencia e a realidade, o teatro (o xogo infantil) e a vida mesma na súa dimensión máis sórdida e cruel, nese abandono final dunha Ester enlouquecida de dor, co que se cerra o filme. O dualismo plásmase na indagación constante no rostro feminino, unha marca de estilo do director, no que só o neno fun-

ciona como elemento conciliador. É tamén moi significativo que Ester sexa tradutora pero que non entenda o mundo, ou só o entenda na súa brutal maldade ao final, cando lle comenta ao maître do hotel: "Que bonito es el que no podamos entendernos", porque a palabra só serve para crear dor.

Os diálogos puntean a película pero están subordinados case sempre á creación dun ambiente previo, que só os encadramentos, os xestos ou as miradas poden perfilar. A escena final, na que Johan intenta entender as palabras recollidas pola súa tía nunha carta, a modo de breve e improvisado dicionario, reflicte precisamente a inescrutabilidade do mundo a través da palabra, a indecibilidade da experiencia. A cámara ensina como se moven os beizos do neno, pero, a medida que a cámara se achega ao seu rostro, as palabras deixan de oírse e só chega ao espectador un balbucido... Só nos queda ver, só os ollos nos aproximarán á realidade, nun filme só se crea emoción a través da imaxe.

A imposibilidade de síntese, os rostros que se buscan sen encontrarse, as miradas que non se cruzan, a incomunicación como único horizonte do ser humano...

A continuidade de *El silencio* en *Persona* é moi evidente a partir da incorporación do mesmo actor (Jörgen Lindström) no misterioso prólogo prexenérico que nunca puido explicarse de todo, como se Bergman quixera deixar de manifesto desde o principio que aspira a romper por completo o horizonte de expectativas do espectador mostrando toda a "tramoyería distanciadora" (Company, 1999: 84). O neno, convertido en adolescente, agora nun depósito de cadáveres, continúa a lectura do mesmo libro de Lermontov (*Un héroe de nuestro tiempo*, 1839-1841), e a súa mirada recórreo todo, como se aínda buscase unha saída ao seu propio labirinto (a melancolía do heroe romántico?, a imposibilidade de autenticidade?), ata que o dispositivo se fai outra vez evidente e o personaxe quere tocar unha pantalla que se interpón entre el e outras dúas mulleres, como volverá a suceder ao final do filme: como di Bergman no seu guión novelizado, "las palabras dejan de tener sentido, discurren y saltan hasta que, al final, desaparecen por completo.La pantalla aletea blanca y muda. Luego, queda a oscuras..." (Bergman, 2010: 90-91).

Persona defínese así como un filme en busca das súas propias leis (cf. o primeiro título que Bergman tiña pensado para o filme: *Cinematografía*), e nese sentido acentúa ata o extremo o seu carácter performativo, procesual, exploratorio, metacinematográfico, ameazado sempre polo desvelamento do seu artificio.

Lendo a Lermontov...

A pantalla como dispositivo táctil e afectivo, o desexo de pasar do outro lado do espello…

Seguramente foi Susan Sontag, nun texto de 1967, a primeira en insistir nas relacións entre *El silencio* e *Persona*, as dúas películas máis "logradas" de Bergman, a partir da presenza común de temas e de "modelos esquemáticos" (1985: 176): en ambas as dúas o argumento xira en torno a "dos mujeres unidas por una relación apasionada y angustiosa, una de las cuales tiene un hijo pequeño al que descuida lastimosamente" (1985: 176); en ambas as dúas a acción é enigmática e indescifrable, sen que se remita en ningún momento a un principio de causalidade unificador; as dúas son dramas psicolóxicos de cámara asentados en dualismos evidentes (violencia/impotencia, razón/sen razón, linguaxe/silencio, intelixible/inintelixible…).

Pero Sontag subliña así mesmo como *Persona* é un filme de maior complexidade para o espectador, sobre todo pola falta de distinción entre fantasía e realidade, a ambigüidade dominante en todos os aspectos ou a "frustración deliberada y calculada del deseo de saber" (1985: 188). Encontramos aquí o mesmo "duelo de identidades" pero, entendo, resolto de forma distinta: Elisabet e Alma, nun proceso de simbiose que Sontag asemella a un "canibalismo premeditado" (ou a un vampirismo aberto, sen dúbida, polo peso da escena da mordedura; Vineberg, 2000: 113), acaban por fundirse nun só eu, lonxe do desdobramento en opostos que encontrabamos en *El silencio*. A película vólvese así aínda máis aterradora, ao poñer en escena a crueldade do individuo, pois esa relación feminina culmina na universalización da dor como condición do cara a cara humano.

Persona é desde logo unha aposta máis arriscada, e xa se sinalou a interacción máis estreita cun Strindberg sempre transgredido: do monodrama *La*

más fuerte (*Den starkare*, 1888) provén a idea dun diálogo descompensado a unha voz, convertido nunha especie de "batalla mental" (Steene, 2000: 32); de *El sueño* (*Ett drömspel*, 1901), o rexistro do onírico como indiferenciado da realidade e a construción de personaxes "sonámbulos": como o dramaturgo sueco sinalaba no seu prólogo a esa peza, a forma vólvese máis inconsecuente, mestúranse os recordos coas experiencias e as fantasías, e os personaxes divídense, evapóranse e reúnense outra vez. *Persona* decántase ademais pola descontinuidade espazo-temporal e polo uso desconcertante da elipse (Steene, 2000; Vineberg, 2000: 119). Con todo, as imaxes, polo menos inicialmente, non son tan opacas: o asunto queda ben exposto e téndese a alternar os primeiros planos con outros máis abertos, como aquel no que Elisabet contempla os horrores da guerra. A decisión de calar por parte da actriz parece referirse á inutilidade da palabra nunha sociedade dominada pola mentira: "Cada palabra, una mentira; cada gesto, una falsedad; cada sonrisa, una mueca", explica a doutora. Son as palabras sen sentido as que incomodan á actriz cando escoita pola radio un melodrama no que as voces apuntan a unha ridícula distribución de roles, e a unha perturbadora dominación masculina que o filme acabará tamén por deconstruir (Hubner, 2007: 73). O silencio é un refuxio que non tardará en ser destruido, porque o poder da realidade e da desesperanza é absoluto e a realidade chégalle a Elisabet a través das confesións irrefrenadas de Alma: léase neste sentido a impresionante escena na que a enfermeira conta a súa orxía na praia e o seu consecuente aborto, quizais a escena que implica un cambio de dirección no esquema actancial dos personaxes. Logo virá o proceso de asimilación, a unha como dobre da outra, o conflito e a dor. O silencio é na película de 1962 unha negación da palabra que ten que ver cunha forma de censura, tamén a manifestación da existencia dun segredo familiar ou dunha incomodidade que obriga ao mutismo.

En *Persona* ese silencio é moito máis complexo: primeiro está o diagnóstico da doutora sobre Elisabet Vogler segundo o cal o seu mutismo ten que ver co rexeitamento a un discurso social que impón roles (máscaras) e que sustenta convencións baleiras de contido; pero máis adiante, o silencio da actriz é un mecanismo de control e manipulación da súa compañeira, que cae nunha verborrea insoportable. Tras o incidente da carta, descuberto por fin o xogo das súas relacións, a palabra de Alma cárgase de enerxía, adquire de novo poder e a muda resulta atrapada no desvelamento do seu segredo (o odio ao seu fillo), e a película pasa a centrarse agora na figura dunha Alma "empoderada".

Quizais en vez de asimilación entre os dous personaxes pódese falar de *transferencia* (Company, 1999), moi consciente no caso de Alma. A secuencia repetida do monólogo sobre a maternidade inasumida de Elisabet entén-dese deste modo como un proceso finalizado, que culmina co plano dos seus rostros unidos compoñendo un único e monstruoso. O intercambio de identidades (ou, mellor aínda, o recoñecemento absoluto do dobre como un mesmo) finalizou e cada unha delas volve a súa "máscara": a actriz aparecerá reflectida na cámara que move o guindastre nunha posición evidentemente teatral, pero antes Alma xa se acomodou ao seu disfraz de enfermeira, non sen ter pronunciado ao seu paciente unha soa e impresionante palabra: "Nada".



Desdobramento e transferencia: "Alma guarda silencio, se ve a sí misma por un instante, es Elisabet y es ella al mismo tiempo" (Bergman, 2010: 86).

Bibliografía

Bergman, I. (1970): *Three Films by Ingmar Bergman (Through a Glass Darkly, Winter Light, The Silence)*, Nova York: Grove Press.

_____ (1972): *Le Silence. Découpage intégral*, París: Seuil.

_____ (2010): *Persona*, Madrid: Nórdica.

Company, J. M. (1999): *Ingmar Bergman*, Madrid: Cátedra.

Gervais, M. (1999): *Ingmar Bergman: Magician and Prophet*, Montreal: McGill-Queen's University Press.

Hubner, L. (2007): *The Films of Ingmar Bergman. Illusions of Light and Darkness*, Londres: Palgrave.

Kalin, J. (2003): *The Films of Ingmar Bergman*, Cambridge: Cambridge U.P.

Macnab, G. (2009): *Ingmar Bergman. The Life and Films of the Last Great European Director*, Londres: I.B. Tauris.

Michaels, L. (2000): "Bergman and the Necessary Illusion. An Introduction to *Persona*" en L. Michaels (ed.), *Ingmar Bergman's* Persona, Londres: Cambridge U.P., pp. 1-23.

Sontag, S. (1985): *Estilos radicales*, Madrid: Taurus.

Steene, B. (2000): "Bergman's *Persona* trough a Native Mindscape" en L. Michaels (ed.), *Ingmar Bergman's* Persona, Londres: Cambridge U.P., pp. 24-43.

_____ (2005): *Ingmar Bergman: A Reference Guide*, Amsterdam: Amsterdam U.P.

Vineberg, S. (2000): "*Persona* and the Seduction of Performance" en L. Michaels (ed.), *Ingmar Bergman's* Persona, Londres: Cambridge U.P., pp. 110-129.

Wood, R. (2013): *Ingmar Bergman*, Detroit: Wayne State U.P.

“O noso galego”: da renovación pedagóxica á escrita emerxente de Agustín Fernández Paz

Eulalia Agrelo Costas
Universidade de Vigo

1. A polivalencia dos libros escolares. Breve achega ao caso galego

A formación dos estados-nacións no século XIX implicou o desenvolvemento dos principais sistemas educativos. O modelo de ensino individualizado transformouse en simultáneo, polo que os recursos librescos deixaron de ser propiedade dos centros formativos ou do corpo docente e pasaron a difundirse dun modo xenérico entre o alumnado. Os libros escolares convertéronse nun instrumento básico da educación masiva e nun elemento de democratización, pois, en ocasións, son os únicos libros que penetran nun núcleo familiar e convidan a infancia a entrar no universo da lectura, do que nunca será excluída (Torres e Moreno, 2008).

Estas publicacións asumiron un papel preponderante, porque operan de instrumento posibilitador do proceso de ensino-aprendizaxe, debido a que son un artefacto que concreta e presenta o currículo no interior do sistema escolar (Negrin, 2009). Así mesmo, son un espello da sociedade e cultura do contexto e da pedagoxía que, a modo de sistema autorreferente, regula as prácticas de uso polos docentes e o estudantado (Escolano, 2009). A pesar de mostrárense como o artefacto que dispón o coñecemento “lexítimo” (Negrin, 2009), até as últimas décadas non foron obxecto de estudo. Quizais isto sexa polo seu carácter instrumental e a súa aparencia máis ben modesta (De Puelles, 2000), ou polo seu vínculo coa literatura de carga didáctica, repleta de erros e de plaxios, reducionista nos contidos, moralizadora nos propósitos e mediadora do ordenamento pedagóxico e o oficio docente (Escolano, 2009).

Trátase dunha materialidade realmente complexa, que ten recibido as denominacións de texto escolar, manual escolar, libro de texto, libro guía, libro escolar, libro elemental, libro de clases etc., aínda que todas elas perpetúan o mesmo significado: “un libro que expone las nociones esenciales de una disciplina determinada a un nivel determinado” (Choppin, 1998: 4). A heteroxeneidade da súa nomenclatura acompáñase dunha complicada conceptualización, xa que amais do exposto, é un obxecto cultural resultado de concepcións diverxentes, un produto comercial asociado á empresa

editorial e un medio de transmisión de valores dun xeito manifesto ou oculto (De Puelles, 2007).

Isto determinou que Van Dijk (2000: 28) se referise a eles como "libros de la sociedad", posto que estas publicacións non deixan de ser un fiel reflexo dos valores e crenzas xeradas no tempo histórico dunha sociedade determinada (Tiana, 2000). O libro de texto escolar concreta un xogo estratéxico nas relacións entre poder e saber, posto que son unha consecuencia estrutural dos intereses e as relacións entre economía e política e son "depositarios de una perversión de la realidad previamente construida al servicio de intereses de una clase o grupo social" (Martínez Bonafé, 2002: 16).

A polivalencia destes materiais escolares suscitou a aparición de propostas sistematizadoras das súas funcións, como a postulada por Choppin (2004, citado por Negrin, 2009), quen lles recoñece unha función referencial (achega coñecementos, técnicas e competencias que un grupo social considera preciso fornecer á infancia e mocidade), instrumental (mostra metodoloxías de aprendizaxe e ofrece actividades que, segundo o momento, procura favorecer a memorización de coñecementos e a adquisición de habilidades disciplinares ou transversais), ideolóxica e cultural (actúa como instrumento que modela a lingua, a cultura e os valores dos estamentos dirixentes), e documental (proporciona textos verbais ou icónicos que propician o espírito crítico).

Todo ese potencial dos materiais escolares xa impelera ao padre Sarmiento, en pleno século XVIII, a reclamar a existencia de libros impresos en lingua galega para a educación das primeiras idades, entre os que incluía unha gramática, un dicionario etimolóxico e outro onomástico, un silabario, un curso de historia natural e unha descrición xeográfica de Galicia (Costa Rico, 1997). Porén, habería que agardar ao ano 1859, para que Manuel Murguía publicase *La primera luz*, un pequeno manual que, a pesar de estar elaborado en castelán, foi pioneiro en pretender a parcial galeguización dos contidos escolares ou, se se prefire, a academización desde o nivel educativo elemental da cultura galega (Peña e Fernández, 2000).

Estes primeiros acenos de reivindicación galeguizadora no ámbito educativo inclúense nunha etapa etiquetada por Bragado (2009) como "Alborada", que remata co estoupido da guerra civil no ano 1936 e reuniu un total de vinte unidades enfocadas ao uso escolar, entre as que se sitúan recursos educativos e obras literarias infantís escritas en galego, ademais de oito

títulos referidos á historia e xeografía de Galicia editados en castelán. Sería na etapa seguinte, "Da longa Noite de Pedra ao galego na escola" (Bragado, 2009), cando eclosionou a verdadeira edición de materiais escolares en lingua galega, chegando a contabilizarse entre 1969 e 1980 un total de 124 referencias (Bragado, 2009).

Isto foi debido aos aires de cambio traídos pola Democracia e a Lei Xeral de Educación de 1970 que, xunto a outras transformacións do sistema educativo, favoreceron a dinamización das culturas e linguas autóctonas existentes no marco territorial de España, tamén impulsadas polos movementos de renovación pedagóxica en pleno bulir. Non obstante, a espora que verdadeiramente incrementou a edición de recursos formativos en galego foi o Decreto de Bilingüismo (1979), que revestiu de oficialidade a presenza da lingua galega como materia de estudo en todos os niveis educativos non universitarios. Tras a aprobación deste documento, foron múltiples as iniciativas académicas e literarias orientadas á nenez e xuventude, converténdose o sistema educativo nun motor prioritario da edición en lingua galega ata a actualidade, porque nos seus límites se configura o seu principal consumidor.

Así o seguen a revelar documentos como a panorámica da edición española de libros de 2018, na que se sinala que o 27,2% das publicacións en galego corresponde á literatura infantil e xuvenil, mentres que os libros de texto acaparan o 8,7% (Ministerio de Cultura y Deporte, 2019). Cómpre sinalar que á consecución destes resultados contribuíron de xeito notorio moitas mestras e mestres galegos que, sendo conscientes da marxinalidade do seu sistema cultural, se involucraron na creación de materiais académicos en lingua galega para o seu estudo ou doutras disciplinas, que se poden rastrexar en diferentes traballos (Ares *et al*., 1987a e 1987b; Costa Rico, 1997 e 2004; Costa Rico e Bragado, 1998; Agrelo, 2012; Roig, coord., 2015; Neira Rodríguez, 2018).

2. A experiencia da serie "O noso galego"

Entre os axentes destes recursos, está a agrupación sectorial Avantar, que foi creada no ano 1978 por docentes de EXB da área de ferrolterra como Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947-Vigo, 2016). Todos eles eran conscientes da problemática existente nunhas aulas distanciadas do seu tempo, polo que promoveron ideas de mellora pedagóxica, pularon polas metodoloxías activas, articularon unha rede de elaboración de material didáctico

e formularon iniciativas para o estudo e dinamización da lingua galega no contexto educativo (Agrelo, 2015). Para Fernández Paz foron

> uns anos intensísimos, nos que puiden levar á práctica case todas as ideas teóricas nas que cría, convencido de que se podía cambiar o mundo a través da escola. A aula converteuse nun lugar onde cada día traía unha ringleira de novas experiencias, unha descuberta continua para min e para o alumnado (Fernández Paz, 2012: 33).

A demanda de libros de texto en galego motivou o convite que Avantar recibiu dun dos fundadores de Edicións Xerais de Galicia, Xulián Maure, quen lle propuxo a creación de manuais para o ensino da lingua galega e literatura. En 1980, afrontaba a realización da serie "O noso galego", en concreto, dos libros de texto e doutras ferramentas periféricas (Negrin, 2009), como eran as súas correspondentes "Propostas didácticas", destinados ao ciclo superior de EXB e ao último curso do ciclo medio[1]. Durante as fins de semana a escola unitaria de César Martínez Yáñez, situada en Barallobre (Fene), convertíase nun fervedoiro de ideas, pois o equipo de Avantar abordaba as cuestións relativas á estrutura, lecturas, actividades... de "O noso galego" ata o extremo baixo unha dinámica asemblearia. A dificultade inherente a este *modus operandi*, xunto a outras razóns, determinaron que tres persoas asumisen unha maior responsabilidade: Agustín Fernández Paz, Xosé Lastra Muruais e César Martínez Yáñez.

Nunha primeira etapa ateigada de incertezas, revisaron e tomaron como referencia materiais xa publicados, aínda que a vontade por ofrecer unha proposta encadrada nos paradigmas teórico-metodolóxicos máis anovadores, conectada co contexto vivencial e coidadosa no seu deseño acabaron por converter "O noso galego" nunha serie emblemática dentro dos libros escolares en Galicia. O proxecto era arduo, porque eran sabedores de que o produto final debería de axustarse o máis posible ás características dos seus destinatarios (idade, intereses, necesidades e valores) e reunir trazos que o fixera atractivo desde o punto de vista paratextual e de manexo, ademais de fomentar a aprendizaxe e facilitar a súa administración polo docente no decorrer do curso académico (Mejía, 1998, citado por Moya, 2008).

---

1 Dos volumes de 1º e 2º curso do ciclo inicial e de 3º e 4º curso do ciclo medio encargaríanse outros autores.

Na serie "O noso galego" propiciouse o paidocentrismo, polo que o alumnado foi convidado á descuberta da contorna, á reflexión sobre á súa sociedade, á indagación sobre as problemáticas do seu tempo, á valorización da cultura e da lingua propias, ao coñecemento dos medios de comunicación etc., a partir dunha ampla variedade de textos, imaxes e actividades que fomentaban a comprensión, a pescuda, o pensamento e a creatividade. Con este enfoque estimulábase a socialización e a aculturación das novas xeracións, presentando a sociedade de hoxe e intentando modelar a sociedade do mañá (Choppin, 2001). É de salientar o papel concedido á literatura como o testemuña a exquisita selección feita de mostras propias e foráneas, cuxo tratamento se vehicula desde a educación literaria, que promove un lector literario competente e a instalación do hábito lector (Agrelo, 2018).

As unidades dos catro volumes xiran ao redor dun centro de interese, polo que entre todos os involucrados neste proxecto procuraban no corpus literario galego os textos máis acaídos. Este exercicio de prospección partía tanto da literatura institucionalizada de carácter ambivalente (Shavit, 1986) e de gran poder simbólico (Bourdieu, 1992) coma da literatura para as primeiras idades aínda moi feble:

> A literatura infantil e xuvenil en galego é escasa. Pero ademáis ten moitas lagoas: non hai apenas libros prós nenos que non saben ler nin prós que empezan a adeprender; non hai apenas libros pra adolescentes. Nos temas tampouco hai variedade: moitos contos populares, moitos de ambente labrego, pero moi poucos que falen de algo que lle afecte persoalmente a maioría dos nenos. Moitas veces as ilustracións son pouco axeitadas, pouco atractivas e escasas. O vocabulario é casi sempre moi difícil ou non axeitado á edade que, polo tema, vai destiñado o libro (*As Roladas-2*, s. d., n. 5-6: 36).

Sen complexos colonizadores, os integrantes de Avantar recorreron ás traducións de obras literarias de xeografías ben distantes, para converter os modelos semióticos dos seus textos en partes integrantes do repertorio doméstico (Even-Zohar, 2008), á vez que contribuían ao reforzo, lexitimación e autosuficiencia do sistema literario infantil e xuvenil. Nesta tarefa sobresaíu Fernández Paz quen, sumamente motivado por introducir o alumnado na práctica lectora desde textos de calidade estética e sedutores pola historia trazada, estaba vixilante do que se publicaba no Estado español de Gianni Rodari, Michael Ende, Astrid Lindgren, Roald Dahl, Maria Gripe, Christine Nöstlinger, Alice Vieira e Lygia Bojunga (Agrelo, 2015).

De aí que fose un dos principais seleccionadores das lecturas de "O noso galego" e que mesmo, ante a carencia de textos adecuados, se servise das súas habilidades fabuladoras para se converter en autor accidental[2]. Os textos de "O noso galego" sen referencia autorial son de Fernández Paz, quen rexeitou poñerlles a súa sinatura, porque consideraba que estaba a participar nun proxecto común. Só no último dos volumes da serie, *O noso galego 5*, identificou como seu un dos textos, porque vía que o traballo se limitaba a un grupo cada vez máis reducido e os seus integrantes encargábanse de funcións máis concretas. Son textos iniciáticos, pero de sumo valor para o trazado da súa poética, porque neles están as claves sobre as que codificou o ADN da súa produción literaria. De feito, case todos eles foron retomados e reescritos con posterioridade para incorporar nalgunhas das súas obras (Agrelo, 2015).

O primeiro volume publicado foi *O noso galego 6* (1981)[3] e tiña por subtítulo "Os camiños da comunicación", como o resto dos exemplares asinados polo colectivo Avantar. Para a súa elaboración tomáronse como referencia libros de textos casteláns e, en menor medida, cataláns, mentres que os contidos de lingua galega eran debedores dos apuntamentos dos cursos de galego impartidos por Antón Santamarina no ILG. O proceso de composición foi artesanal, xa que a montaxe se efectuou na cociña de Xulián Maure mediante a unión de recortes, fotografías... e a súa impresión fíxose con fotolitos. As súas vinte unidades estrutúranse en catro partes –"Lecturas", "Teoría gramatical", "Xéneros literarios" e "Medios de comunicación"–, ao redor das cales se articulan actividades deseñadas desde unha perspectiva competencial e interdisciplinar, que motivan a comprensión, o exercicio oral, o traballo escrito, a investigación, o espírito crítico... Nas súas páxinas tamén se recolle un texto instrumental de Fernández Paz, "A vendima" (pp. 16-17), que xira ao redor da recollida da uva e da elaboración do viño e da augardente para dar a coñecer os labores propios do agro galego no outono.

---

2 A inclinación de Fernández Paz pola escrita xa se manifestara no seu tempo de estudante e na súa participación nos premios do Concurso Nacional de Contos Infantís o Facho a finais dos anos setenta (Agrelo, 2015).

3 A súa autoría corresponde a David Corral Díaz, Cristina Criado Grandal, Andrés Fernández Martínez, Agustín Fernández Paz, Secundino García Mera, Inmaculada R. González, Emilia Irimia González, Xosé Lastra Muruais, Carme Malde Malde e César Martínez Yáñez.

O noso galego 7 (1981)[4] mantivo os apartados do volume precedente, aos que se engadiu un dedicado á "Poesía e prosa galega". Formar, promover habilidades e fomentar a imaxinación e a reflexión sen perder de vista as raíces e a conexión coa realidade máis próxima seguen a ser prioritarios nesta nova entrega, na que incluso é interpelado o alumnado en relación aos recursos académicos: "¿Que pensas dos libros de texto? Cóntao, pero antes dálles unha ollada xeral: debuxos, fotos, tipos de exercicios, pasatempos..." (p. 21). Parte das cuestións presentadas nas diferentes unidades mediante textos informativos, cómics, viñetas, fotografías etc. tamén foron tematizadas por Fernández Paz no relato "O mural" (pp. 5-6), no que se abordan os prexuízos latentes sobre a lingua galega e se implica o alumnado na súa eliminación. Por outro lado, en "O día que viñeron os da radio" (pp. 17-20), a visita dos redactores da Radio Galega actúa de pretexto para potenciar esa escola que palpita na propia xénese de "O noso galego". Unha escola promotora do traballo colaborativo, a transversalidade, a experimentación etc., mediante o uso de recursos como a imprenta de xelatina, a revista de textos libres ou a biblioteca de aula. A aproximación á natureza dáse en "Unha excursión ao campo" (pp. 177-179), que propicia o espertar do amor xuvenil de Daniel e Saleta, tamén unidos pola lectura de *A illa do tesouro*. Con esta alusión á obra clásica de R. L. Stevenson, Fernández Paz servíase da estratexia das intertextualidades tan recorrente na súa escrita e coa que sempre tentará abrir fiestras cara a outras lecturas.

A súa preocupación pola presenza do sexismo e a promoción da coeducación aboian nestes materiais por influencia de Inmaculada Reino e outras mulleres, que "supieron despertan en mi (y en otros compañeros) la conciencia necesaria hacia un tema tan esencial" (Mir, 1994: 23). En *O galego 6*, dera un paso neste sentido coa tradución de "A boneca de transistores" (pp. 155-156), de Gianni Rodari, para xa en *O galego 7* situarse nun enfoque "a favor das nenas", como se anunciaba desde a colección de contos infantís de Adela Turín, en dous relatos contrarios aos estereotipos sexistas, que amosan unha maior vontade de estilo e son os que mellor resisten o paso do tempo (Fernández Paz, 2010). En "Rosas para un tempo novo" (pp. 131-133), aínda inédito, o modelo da nai submisa á autoridade masculina e aos coidados domésticos é rebatido pola filla, quen desexa seguir o exemplo de

4 Os seus artífices foron David Corral Díaz, Andrés Fernández Martínez, Agustín Fernández Paz, Secundino García Mera, Inma R. González, Emilia Irimia Fernández, Xosé Lastra Muruais, Carme Malde Malde, César Martínez Yáñez e Xosé Pantín López.

Madanme Curie e recibe os ánimos da súa mestra para non acabar sendo unha muller-obxecto. A lectura aborrecida pola nai, márcalle o camiño a Rosa:

> Nas novelas nunca saímos rapazas. Eu xa lle preguntei un día á señorita, a ver por que as rapazas non facían mais que de princesiñas ou de persoas que acompañaban sempre ós homes que facían as aventuras. A min gustaríame ser coma Jim Hawkins, tremer de medo agardando a chegada de Jhon Silver, ou choutar selva adiante fuxindo dos piratas, ou senti-lo vento que incha as velas e corta a pel, descubrir tesouros e ver mundos e animais descoñecidos. Pro sempre son homes ou rapaces (pp. 131-132).

A esta declaración de principios dunha Rosa disposta a quebrar o androcentrismo social tamén se suma o texto "A carreira" (pp. 221-223). Durante unha complicada carreira que Mariña Louzao inicia cunha canseira, pero que remata coa vitoria, unha heterofonía de voces fainos partícipes do pracer que a rapaza sente por esa práctica deportiva considerada pouco atinada para as mulleres, así como das precarias condicións nas que a súa adestradora Xiana desenvolve o infravalorado traballo de mestra de educación física. Por medio destas mostras e das actividades deseñadas ao seu redor, a serie "O noso galego" situábase entre as propostas pioneiras en cuestionar o discurso dominante no tocante á concepción binaria do xénero, pois apartábase dos manuais de texto que condensaban a ideoloxía patriarcal e perpetuaban as prácticas sexistas (Vaillo, 2016).

> En 1982 distribuíase *O noso galego 8*[5], que sobresae polo elevado nivel de elaboración dos seus contidos e o esmero prestado ás cuestións formais. Nas súas vinte unidades, ao apartado máis contextualizador de "O que pasou nese tempo", séguenlle unha rica "Escolma" de mostras de toda a historia da literatura galega; "Traballámo-lo texto" con actividades para a comprensión e creación, a reflexión sobre a lingua e o tratamento de aspectos sociais; "Esculcamos na realidade", que se fixa no marco vivencial do alumnado (música, arquitectura, agroindustria, educación, publicidade, consumo...); e "O que escribiron noutras terras". Cómpre sinalar que neste último apartado, Fernández Paz estaba a ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de ler en lingua galega fragmentos de clásicos como *A illa do tesouro*, de R. L. Stevenson; *Viaxe ó centro da terra* (1864), de Jules Verne; *As*

5 Nel colaboraron David Corral Díaz, Agustín Fernández Paz, Inma R. González, Emilia Irimia González, Xosé Lastra Muruais, Carme Malde Malde, César Martínez Yánez, Xosé Pantín López e Margarida Pernas Pernas.

crónicas marcianas (1950), de Ray Bradbury; *Contos feitos á máquina* (1973), de Gianni Rodari; *O libro das terras virxes* (1894), de Rudyard Kipling; *Oliver Twist* (1837), de Charles Dickens; *A pantasma de Canterville* (1887), de Oscar Wilde; e *O señor dos aneis* (1954), de J. R. Tolkien. A través destas lecturas, estaba a contribuír á normalización dun sistema literario que, por aquela altura, comezaba a traducir algúns destes títulos, mentres que outros non se poderían ler en galego ata o século XXI.

Decontino, no ano 1983, publicábase *O noso galego 5* (1983)[6], que Fernández Paz cualificou de insólito, heterodoxo e apoteótico nunha conversa, ademais de destacar a exposición dos contidos curriculares mediante a modalidade do cómic, a relevancia dada á literatura popular, o convite a xogar coas palabras, o innovador enfoque didáctico das actividades e a inclusión duns "Apéndices", que orientan sobre a realización da imprenta con xelatina ou a posta en funcionamento dunha biblioteca de aula. En claro diálogo intertextual con *Merlín e familia* (1955), de Álvaro Cunqueiro, nas páxinas introdutorias aparece o meigo Merlín e o seu compañeiro, un animal da especie dos dromecáns chamado Papapapeis. A través destes simpáticos personaxes-guía, achéganse a estrutura, contidos e metodoloxía de traballo do presente volume de dez unidades, alén de lanzarse mensaxes a favor da lectura. Esta páxina dobre introdutoria ilustrouna con mestría Pepe Barro (Fernández Paz, 1989) e guionizouna o mestre vilalbés, que tamén idearon para a contracuberta o cómic "As aventuras dun libro". Os protagonistas son Fernández Paz e a súa muller Inmaculada Reino e nel reflíctense as dificultades que implica o proceso de edición dun libro.

Nas páxinas de *O noso galego 5* asinou o relato ecocrítico, "A máquina do tempo" (pp. 84-91), no que se serviu da ficción científica para advertir das agresións sobre o patrimonio natural e cultural, así como apelar ao compromiso da nenez para reverter eses ataques indiscriminados. Despois de atravesaren a fraga de Soutelo, Mariña e Uxío chegan á casa da doutora Antía. Alí introdúcense nunha máquina metálica e adormecen, ata que unha voz lles transmite unha mensaxe indescifrable. Neste punto, despréganse diferentes desenlaces para que o lector lle dea cabo á historia. Nun "1º remate" aterrador, os rapaces son testemuñas da degradación da que foi

6 Na súa elaboración participaron David Corral Díaz, Agustín Fernández Paz, Xosé Lastra Muruais, Carmen Malde Malde, César Martínez Yáñez, Xosé Pantín López, Margarida Pernas Pernas e Inmaculada Reino González, responsabilizándose do debuxo Pepe Carreiro.

obxecto o seu mundo nunha realidade distópica situada no ano 2033, o que lles motiva unha actitude proteccionista. Pola contra, no "2º remate" a harmonía impera nunha sociedade rexida polo desenvolvemento sustentable, que cativa a parella de rapaces aventureiros sabedora do seu papel na consecución dese próspero futuro. Nun "3º remate" e outros máis, que poida recibir esta historia de ficción científica de especulación de orden social (Mociño, 2018), convídase o alumnado a imaxinar, escribir ou ilustrar o que pode suceder en Galicia nos próximos cincuenta anos, a partir de esquemas rodarianos e a formulación de cuestións ao redor de problemáticas económicas e lingüísticas.

Con *O noso galego 5* pechábase a colaboración do colectivo Avantar coa serie "O noso galego", que chegou a ter unha gran difusión nas aulas galegas. Non obstante, as súas innovacións, aínda actuais, non foron o suficientemente valoradas, "xa que distan moito de estaren incorporadas á practica escolar (mais ben se nota, hoxe, un retroceso)" (Fernández Paz, 1986: 79). Entre esas innovacións, a modo de resumo, sinalamos como o facía o mestre de Vilalba:

> –O tratamento da lingua como instrumento de creación, expresión e comunicación (con tódalas implicacións metodolóxicas que este tratamento conleva).
> –A grande atención que se dispensa ós medios de comunicación de masas (xornais, radio, cómics, TV...), desde unha perspectiva teórico-práctica. Atención que hoxe se está presentando como novidade absoluta nos textos en castelán, cando a nosa primeira proposta completa é de hai sete anos (claro que nós cometímo-lo pecado de facela en galego).
> –A loita contra o sexismo imperante nos textos habituais, sempre discriminatorios para as nenas. Nunca perdemos de vista ese aspecto na elaboración dos nosos traballos, mesmo propoñendo textos e temas específicos para a discusión deste problema (Fernández Paz, 1986: 79).

3. O rastro de "O noso galego"

Para os membros de Avantar, "O noso galego" foi unha experiencia moi significativa, que promoveu a normalización idiomática e cultural desde as aulas, por medio dun modelo pedagóxico innovador e conectado co propio. De aí que poida dicirse que non foron meras testemuñas do seu tempo, senón que reivindicaron o estatuto de actor (Choppin, 2001). Así e todo, para Fernández Paz tamén representou unha plataforma para abordar esas cuestións que estimaba relevantes para a formación do alumnado (os

medios de comunicación, a educación literaria, a igualdade de xénero...), á vez que atopaba un terreo para poñer os alicerces da súa escrita, sen ter aínda plena consciencia de estar a pular con forza por un sistema literario infantil e xuvenil, que mantería coa institución educativa un vínculo de retroalimentación constante. De aí que esta serie se afaste deses libros escolares desprovistos de espontaneidade creadora, cuxas formas textuais se adecúan á retórica escolar, pero que son inservibles para calquera outro uso cultural ulterior (Escolano, 2009).

O rastro desta serie tamén se deixou sentir noutras publicacións, como foi o caso de *O libro de Merlín* (1987) de Edicións Xerais de Galicia, moi próximo á concepción e deseño de *O noso galego 5*. Fernández Paz, apoiado polo labor ilustrativo de Xan L. Domínguez, achegábase ao lectorado autónomo e preadolescente cunha miscelánea de textos para favorecer a conformación do seu imaxinario e promover a lectura desde a lingua galega. A amplitude da súa selección, que tamén acollía textos do propio alumnado, aínda non foi superada, debido a que non se editou ningunha antoloxía xeral para os primeiros lectores en galego e só se poden citar antoloxías sectoriais ou de autores clásicos da literatura galega (Agrelo, Mociño e Neira, 2008). Así mesmo, de "O noso galego" beberían outras series de manuais de texto nas que participou Fernández Paz, como ten comentado ao referirse á serie "Canles":

> [Os libros de texto de Lingua Galega da serie "O noso galego" correspondentes a 5º, 6º, 7º e 8º curso de EXB foron] Uns libros que tiveron unha influencia importante, entre outras cousas porque non había outros que respondesen ao currículo, e chegaron a todos os colexios de Galicia. Neses libros, o traballo cos medios de comunicación ocupaba un papel sobranceiro, e ese apartado, aínda que apareza asinado de xeito colectivo, era sempre redactado por min. E o mesmo fixen nos libros da serie *Canles*, unha revisión máis acabada do traballo da serie anterior. Unha proposta que aínda hoxe asinaría, con pequenos axustes derivados dos cambios producidos nos últimos anos (Fernández Paz, 2012: 200).

A través destes materiais moitos miles de nenos e nenas souberon que "a nosa lingua era válida para tratar calquera contido e para lles dar valor ás cousas que sempre intentaron menosprezar desde a 'cultura' oficial" (Lastra Muruais, 2014: 103), ao mesmo tempo que cumprían as funcións xa citadas no comezo por Choppin (2004). "O noso galego" propiciou abordar

os contidos curriculares, pero tamén recolleu a concepción da educación do grupo Avantar que procuraba reflectir desde a reflexión a sociedade, dignificar as esencias da entidade propia e transmitir con xestos valores harmónicos desde os seus diferentes volumes, que tamén contribuíron ao despegue do sistema literario infantil e xuvenil galego. Un claro exemplo plásmase na axencia de Fernández Paz quen, desde o seu exercicio docente e os libros escolares, chegaría ao centro do canon literario (Agrelo, 2015).

Nestes e noutros aspectos da serie "O noso galego", da que sempre gardei un grato recordo como estudante de EXB, levoume a reparar Blanca Ana Roig Rechou, para min sempre Blanca, cando a finais dos anos noventa me fixo apreciar o valor dos libros de texto no noso contexto cultural, á vez que me estendía a man para introducirme na literatura infantil e xuvenil. Sen sabelo naquela altura, este cruzamento de camiños acabou por converterse na miña profesión e vocación. Grazas, Blanca, polas aprendizaxes e as vivencias compartidas ao redor dun grupo de mulleres, ás que lles ensinaches a non aceptar a palabra "rendición".

Bibliografía

Agrelo Costas, E. (2012): "El compromiso de maestros y maestras en la constitución del sistema literario infantil y juvenil gallego" en R. Ramos e A. Fernández Mosquera (eds.), *Literatura Infantil y Juvenil y Diversidad Cultural/Literatura para a Infância e Juventude e Diversidade Cultural*, Vigo/Braga: Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ)/ELOS. Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil/Centro de Investigação em Estudos da Criança (Instituto de Educação-Universidade do Minho), pp. 15-38. CD-Rom/E-book.

_____ (2015): *Da institución escolar ao centro do canon: Agustín Fernández Paz* (tese de doutoramento), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

_____ (2018): "Literatura, lectura, competencias e formación docente: ao redor da educación literaria no ensino primario" en M. Fernández-Vázquez (coord.), *De letras e de imaxes nas aulas de primaria*, A Coruña-Santiago de Compostela: Hércules de Ediciones/Universidade de Santiago de Compostela, pp. 13-32.

Agrelo Costas, E., I. Mociño González e M. Neira Rodríguez (2008): "Las antologías en la Literatura Infantil y Juvenil gallega como instru-

mentos didácticos en la enseñanza", *Tabanque. Revista pedagógica* 21, pp. 139-160.

Ares Vázquez, Mª do Carmo, X. Arias Méndez e B. A. Roig Rechou (1987a): "Materiais para o ensino da lecto-escritura en galego, I", Revista Galega de Educación 5, pp. 78-81.

_____ (1987b): "Materiais para o ensino da lecto-escritura en galego, II", Revista Galega de Educación 6, pp. 82-85.

Bourdieu, P. (1992): *Las reglas del arte: génesis y estructura del campo literario* (*Les Règles de l´art. Genèse et structure du champ littéraire*), versión castelá de T. Kauf, Barcelona: Anagrama, 1995.

Bragado, M. (2009): "A edición de recursos educativos en galego. Achega a unha prehistoria", *Brétemas*, en liña en http://bretemas.blogaliza.org/2009/12/17/prehistoria-da-edicion-de-recursos-educativos-en-galego/.

Choppin, A. (1998): *Los manuales escolares. Historia y actualidad*, París: Hachette.

_____ (2001): "Pasado y presente de los manuales escolares", *Revista Educación y Pedagogía* 29-30, vol. XIII, pp. 209-229.

Costa Rico, A. (1997): "El libro escolar en gallego" en A. Escolano Benito (dir.), *Historia ilustrada del libro escolar en España. Del Antiguo Régimen a la Segunda República*, Salamanca: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, pp. 579-598.

_____ (2004): *Historia da educación e da cultura en Galicia (séculos IV-XX). Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Costa Rico, A. e M. Bragado Rodríguez (1998): "El libro escolar en gallego" en A. Escolano Benito (dir.), *Historia ilustrada del libro escolar en España. De la posguerra a la reforma educativa*, Salamanca: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, pp. 493-514.

Escolano Benito, A. (2009): "El manual escolar y la cultura profesional de los docentes", *Tendencias pedagógicas* 14, pp. 169-180.

Even-Zohar, I. (2008): "La fabricación del repertorio cultural y el papel de la transferencia" en A. Sanz Cabrerizo (ed.), *Intercultura. Transliteratura*, Madrid: Arco Libros, pp. 217-226.

Fernández Paz, A. (1986): "Grupo Avantar", *Revista Galega de Educación* 3, p. 79.

_____ (1989): *28 libros da literatura infantil e xuvenil galega*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

_____ (2010): "Desde outra mirada", en liña en https://agustinfernandezpaz.gal/wp-content/uploads/2012/09/desde-outra-mirada.pdf.

_____ (2012): *O rastro que deixamos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Lastra Muruais, X. (2014): "Camiño longo" en X. Manuel Soutullo (coord.), *Agustín Fernández Paz. Na casa da esperanza*, Santiago de Compostela/Trasalba (Amoeiro): Xunta de Galicia/Fundación Otero Pedrayo, pp. 103-104.

Martínez Bonafé, J. (2002): *Políticas del libro de texto escolar*, Madrid: Ediciones Morata.

Ministerio de Cultura y Deporte (2019): *Panorámica de la edición española de libros* 2018, en liña en https://sede.educacion.gob.es/publiventa/descarga.action?f_codigo_agc=16295C.

Mir, L. (1994): "La literatura gallega ha alcanzado un excelente nivel", *Primeras Noticias* 126, pp. 22-27.

Mociño González, I. (2018): *Narrativas de ficção científica para a infância e a juventude*, Porto: Tropelias&Companhia.

Moya Pardo, C. (2008): "Aproximación al concepto y tratamiento de texto escolar", *Cuadernos de Lingüística Hispánica* 11, pp. 133-152.

Negrin, M. (2009): "Los manuales escolares como objeto de investigación", *Educación, Lenguaje y Sociedad* 6, vol. VI, pp. 187-208.

Neira Rodríguez, M. (2018): "Algúns materiais para a aprendizaxe da lectura e da escritura en galego" en M. Fernández-Vázquez (coord.), *De letras e de imaxes nas aulas de primaria*, A Coruña: Hércules de Ediciones, pp. 127-145.

Peña Saavedra, V. e M. Fernández González (2000): *Estudio introductorio a* La primera luz *de Manuel Murguía*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Puelles Benítez, M. de (2000): "Los manuales escolares: un nuevo campo de conocimiento", *Historia de la educación* 19, pp. 5-11.

_____ (2007): "La política escolar del libro de texto en la España contemporánea", *Avances en Supervisión Educativa* 6 pp. 1-18.

Roladas-2, As (s. d.): "Literatura infantil en galego", *As Roladas-2* 5-6, p. 36.

Roig Rechou, B. A. (coord.) (2015): *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Shavit, Z. (1986): *Poetics of Children's Literature*, Atenas/Londres: University of Georgia Press.

Tiana Ferrer, A. (2000): *El libro escolar, reflejo de intenciones políticas e influencias pedagógicas*, España: UNED.

Torres, Y. e R. Moreno (2008): "El texto escolar, evoluciones e influencias", *Laurus* 27, vol. 14, pp. 53-75.

Vaillo, M. (2016): "La investigación sobre libros de texto desde la perspectiva de género: ¿Hacia la renovación de los materiales didácticos?", *Tendencias pedagógicas* 27, pp. 97-124.

Van Dijk, T. A. (comp.) (2000): *El discurso como interacción social. Estudios sobre el discurso II. Una introducción multidisciplinaria*, Barcelona: Gedisa.

Carta a Blanca Roig da Galiña azul, o señor Lamote, Nogard, Resalgario e outros seres hipersociais

Marilar Aleixandre
Real Academia Galega

Querida Blanca:

—Espera! Espera! Non debería ser Excelentísima Doutora Roig Rechou?

—Que dis ho! É amiga nosa ou non o é?

—É tal... mais iso de "Querida Blanca..." non é moi respectuoso.

—Xa está ben de tanto balbordo –di a Galiña azul–. Vou poñer orde. Eu creo que pode encargarse de escribila Moncho... quero dicir o señor Ramón Lamote, que fala un galego tan enxebre.

—Eu, sendo por Blanca, encantado de colaborar –responde Lamote–. Mais teño aquí comigo o Reparante que é moi antigo e moi sabio, podemos aconsellarnos con el. E aí está Emilia que, despois de volver da Expedición do Pacífico, é a que máis sabe de bichos...

—Que bichos nin bichos! –di Resalgario– A carta é para lle agradecer a Blanca todo o que fixo pola literatura infantil e xuvenil... o que fixo por nós! E non somos bichos.

—Ai non! –di Nogard–. Ti ves sendo un demo, que é peor que un bicho, e con todo querémoste. O meu curmán o Reparante e mais eu tampouco somos bichos, senón dragóns, e non nos ofendemos por unha lilaina.

—Orde! Orde! –exclama o Trasno de Alqueidón– Temos que empezar dun raio dunha vez. A unha, ás dúas...

—Calarás, Trasno? Se ti non sabes contar máis alá de tres.

—Iso era antes... Inés e Diego ensináronme, lembra, agora podo contar até un millón. Mira: un, dous, tres, catro, cinco, seis, sete...

—Quieto parado, Trasno –di Emilia–. Imos alá. Escribe, fai favor, Reparante, que tes unha caligrafía antiga moi bonita. Polo menos o encabezamento ten que ser benquerida:

Benquerida Blanca Ana:
Con esta epístola queremos agradecerche o teu traballo a prol da literatura infantil e xuvenil... Arre demo!

—Vas poñer iso nunha carta, Reparante? Unha cousa é o galego enxebre e outra os ternos...

—Non é para a carta, é Resalgario que non para de remexer e estivo a piques de envorcar o tinteiro. Pararás, Resalgario?

Porén, Resalgario comezou a recitar unha regueifa:

Na praza de Portosín
son un demo rebuldeiro
e no despacho de Blanca
vou envorcar o tinteiro

—Claro –intervén a Pombapitiña– é que non sei por que vos empeñades en escribir con tinta e plumiña habendo rotuladores...

—Queda moito máis elegante –argumenta o señor Lamote–. Dálle Reparante, ou non acabaremos máis.

Benquerida Blanca Ana:

Con esta epístola queremos agradecerche o teu traballo a prol da literatura infantil e xuvenil galega, o teu agarimo para con todos nós, sen distinción entre persoas, dragóns e reparantes, animais máis ou menos descarreirados, seres míticos, defuntiñas, denchos ou adolescentes rebeldes.

Que dicir das túas investigacións, dos Informes de Literatura, das numerosas publicacións... Así seque a túa lingua!

—Ai ai ai! –láiase a Ovella descarreirada– Iso é o que lle desexas á nosa benquerida Blanca Ana? Que lle seque a lingua?

—Non tal –exclama o Reparante– é este sandeu de Resalgario: Non está bebendo a tinta? Vaste arrepentir de me turrar polo xenio!

Mais Resalgario botouse a rir:

Na casa do viraventos
onde a Auga ten unha Quinta
Blanca é feliz estudando
eu feliz bebendo tinta

—Non vai haber ninguén capaz de levar ao rego este demo revoltoso? –pregunta Máquina.

—Se non o conseguiu o meu pai, o Demo Maior...

—Imos alá –propón a Galiña azul– ou no canto de cinco plumas roxas vou acabar cun cento. Ti segue, Reparante, non lle fagas caso.

> ... das numerosas publicacións. Que dicir, en particular, do teu traballo creando equipos, das teses que dirixiches, das discípulas que continúan o teu labor nas universidades galegas, da Rede Temática sobre As Literaturas Infantís e Xuvenís do marco Ibérico e Latinoamericano que coordinaches. A palabra clave é "cooperación", compartir coñecementos, o que en antropoloxía é chamado comunicación cooperativa. Porque malia algúns pretender que o que nos distingue doutros primates é seren "monos asasinos", hoxe sabemos que esa metáfora non é acaída. Somos seres hipersociais, produto dunha selección na que sobreviviron os máis amigábeis, capaces de colaborar nun proxecto común.

—Non está quedando un chisco pedante? –pregunta Balbino, un rapaz de aldea, que acaba de entrar. Tendes que meter todos esas palabras raras, comunicación cooperativa, hipersociais...?

—Se é moi bonito! –argumenta Emilia– É un libro de Brian Hare e Vanessa Woods (2020) que explica con moito detalle o éxito evolutivo dos seres humanos. Por sermos hipersociais, precisamente, máis que por ser agresivos, como se dicía antes.

—Nós tamén? –pregunta a Ovella descarreirada– Aínda que non sexamos humanos podemos ser seres hipersociais?

—Por descontado! –di Ramón Lamote– Todos os personaxes da literatura infantil e xuvenil somos seres hipersociais.

—Iso, iso, hipersociais! –anímase Skywalker.

—Menos esbardallar e imos acabar esa carta –di Escarlatina.

> ... Somos seres hipersociais, produto dunha selección na que sobreviviron os máis amigábeis, capaces de colaborar nun proxecto común.
>
> Moi especialmente queremos darche as grazas polos teus esforzos a prol da dignificación da literatura infantil e xuvenil galega, situándoa no lugar que merece, en palabras de Agustín Fernández Paz (2003) como unha literatura

que tamén poden ler os nenos (e as nenas). Grazas a ti e a persoas coma ti a LIX deixou de ser unha cinsenta, converténdose nunha afouta actriz no escenario da literatura universal. E non dicimos converténdose nunha princesa porque ultimamente as cinsentas non queren ser princesas nin vestir de rosa, mais esa é outra historia.

Nós, como personaxes da literatura infantil e xuvenil galega, sentímonos en débeda contigo por seres pioneira en estudar a nosa historia, os nosos camiños.

Levarémoste sempre nos nosos corazóns.

A Galiña azul, o señor Lamote, Nogard, o Reparante, Resalgario, Emilia, Escarlatina, Máquina, Balbino, Skywalker, o Trasno de Alqueidón, a Ovella descarreirada, e outros seres hipersociais.

Os seres hipersociais
xuntámonos nesta xeira
para escribirche unha carta
e demos fin a esta angueira

Agradecementos

Ao proxecto "The Animal Trope" código PGC2018-093545-B-I00, financiado pola Agencia Estatal de Investigación do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades (AEI/MCIU), e parcialmente polo Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) da Unión Europea.

Bibliografía

Fernández Paz, A. (2003): "Literatura que tamén poden ler os nenos", *Grial. Revista Galega de Cultura* 157, pp. 88–95.

Hare, B. e V. Woods (2020): *Survival of the friendliest. Understanding our origins and rediscovering our common humanity*, Nova York: Random House.



A infância contada aos adultos pela mestria de Jimmy Liao

Fernando Azevedo
Universidade do Minho
Ângela Balça
Universidade de Évora

Redigir um texto para um volume de homenagem a uma pessoa que é significativa nas nossas vidas não é tarefa fácil. Mas, apesar do muito que poderia e deveria ser dito, parece-nos fundamental explicitar que este singelo contributo buscará homenagear a Prof.ª Blanca Ana Roig-Rechou não só na sua faceta de insigne professora de Literatura Infantil, líder internacionalmente reconhecida de numerosos grupos de pesquisa, mas também como a pessoa em si, que conhecemos e a quem devotamos uma profunda amizade.

A literatura de potencial receção leitora infantil, como pertinentemente assinalaram Ana Maria Machado e Graciela Montes (2003), é constituída por um conjunto de textos que agradam simultaneamente às crianças e aos leitores adultos[1]. Trata-se, por conseguinte, de um *corpus* textual que inclui as crianças e não exclui os adultos. Esta singularidade advém do facto de os seus textos preverem sempre, como explicitou Zohar Shavit (2003), num ensaio clássico sobre a *Poética da Literatura para Crianças*, um duplo leitor-modelo: as crianças, seus destinatários preferenciais, e os adultos, que realizam a mediação entre a criança e o texto.

Como dissemos noutro lugar (Azevedo, 2011), é esta sua natureza ambivalente (a previsão de um duplo leitor-modelo), mas também o facto de os textos articularem intencionalmente códigos diferenciados, potencialmente promotores da pluri-isotopia (Nikolajeva e Scott, 2006), que faz com que eles se constituam, muito frequentemente, como autênticos laboratórios de exploração intersemiótica, estimulando leituras de uma realidade a vários e diversificados níveis.

1 Este trabalho foi financiado por Fundos Nacionais através da FCT–Fundação para a Ciência e a Tecnologia no âmbito do projeto do CIEC (Centro de Investigação em Estudos da Criança da Universidade do Minho) com a referência UIDB/00317/2020.

Se é verdade que a literatura infantil não possui formas de expressão e formas de conteúdo que lhe sejam exclusivas ou específicas –ressalve-se o aspeto apontado pelo investigador alemão da Universidade de Frankfurt, Hans-Heino Ewers (2009), referente à *adequação* do texto aos valores ideológicos predominantes nas comunidades interpretativas de que os leitores fazem parte–, há, todavia, um conjunto de traços que a tem singularizado: a proposta de mundos possíveis onde, clara e explicitamente, se evidencia uma vitória dos valores do bem sobre os valores do mal, dos valores da justiça sobre os da injustiça, dos valores do amor sobre os do ódio, num ambiente de elevada carga afetiva e emotiva.

Segredos na Floresta, do autor e ilustrador Jimmy Liao, constitui, para este efeito, uma obra admirável. Nesta breve narrativa gráfica, conta-se a história do sonho de uma criança na floresta, acompanhada do seu boneco de peluche. O Coelho Felpudo é o anfitrião que, convidando a criança a sair para fora de casa, a conduz pela floresta. A floresta representa o outro lado da vida quotidiana, um espaço e um tempo de liberdade, de fruição, de alegria, paz, amizade, companheirismo. A criança só acede à floresta depois de, adormecendo, entrar no domínio do onírico. A floresta revela-se um espaço misterioso, mas simultaneamente sossegado e apaziguador, onde se acede através de uma porta. A intromissão de elementos insólitos e inusitados no contexto daquilo que se descreve e se narra (ex: a porta de acesso à floresta, a dimensão hiperbólica do coelho face à criança, o trompete enorme donde saem as notas musicais, as tábuas flutuantes, a escada que conduz a uma porta que se abre no céu, os longos túneis misteriosos sob a terra...) se, por um lado, podem ser lidos como espaços de humor, contribuem, igualmente, para realçar a dimensão maravilhosa e onírica da experiência vivida pela criança, num curioso diálogo intertextual com *Alice no País das Maravilhas*, de Lewis Carroll. É na floresta que a criança se encanta, se maravilha, se surpreende com o que descobre, vive aventuras inusitadas, corre, salta, voa, brinca com o companheiro felpudo e com o boneco de peluche, apreende muitos segredos, vivencia os seus sonhos, com total liberdade e alegria. A floresta constitui, assim, a resposta a um outro lado das coisas. Se, no final da narrativa gráfica, nos apercebemos que o quotidiano desta criança parece ser a vida monótona e rotineira de um qualquer habitante da grande cidade, é graças ao sonho –porta de acesso à emancipação onírica e ao maravilhoso– que esta criança pode ser feliz. Os sonhos, como evidencia a *webpage* do catálogo online da editora, são "transformados em empolgantes viagens

pelos caminhos da imaginação. Caminhos com encruzilhadas inesperadas, entre muitos segredos e surpresas, sempre na peugada de coelho Felpudo".

Depois de acordar e de constatar a monotonia do seu mundo, o texto encerra com a afirmação da criança, num discurso em 1ª pessoa, "acho que vou sonhar outra vez" (Liao, 2015, s/p), expressão da necessidade íntima de um complemento colorido e vivificado para a realização pessoal.

Esta narrativa gráfica apresenta-se no formato B5, com dimensões 15 x 20 cm., toda desenhada a traço fino de tinta-da-china, com algumas sombras, ora ocupando a dupla página, ora uma única página, acompanhada de um breve enunciado a nível de texto verbal na outra página. Muito do que se infere é o resultado da conjugação desta dupla linguagem: a articulação intersemiótica entre o texto verbal e o texto icónico ou gráfico. De facto, a conjugação do título, grafado em maiúsculas, destacado, com fundo verde, sobre uma página de capa onde são visíveis troncos vários de árvores, uma criança que se esconde atrás de uma delas, um peluche e parte das enormes orelhas, focinho e corpo de um grande coelho contribui para que a narrativa gráfica seja, desde a capa, lida sob a chave dos entreditos e dos não ditos anunciados pelo silêncio daquilo que é mostrado. As duplas guardas do livro são verde floresta, enquanto que as badanas do mesmo são verdes, cores genericamente associadas à esperança e que determinadas comunidades interpretativas atribuem também à natureza. A seguir a estas, e num tom neve, o desenho do peluche, que olha atentamente para o leitor, nada dizendo e alimentando a chave hermenêutica do não-dito.

Voltando a página, deparamo-nos, num tom turquesa pálida, com a data de publicação original da obra (1998) e a indicação explícita da sua autoria ("uma obra de Jimmy Liao"). Todos estes elementos, em conjugação com a página da dedicatória (o desenho do interior de um quarto onde, deitada sobre umas almofadas, dorme uma criança e o seu peluche, adequadamente velada por um enorme boneco de pano em forma de coelho) e com a página inicial que contém o título da obra, a autoria, a silhueta da criança, agora já de pé, o rosto do boneco de peluche que olha diretamente para o leitor, as almofadas sobre as quais a criança se encontra de pé, e o nome da editora que publica a obra, constituem estratégias narratológicas para conduzir o leitor na construção de um determinado mundo possível onde o título da obra possibilita interpretações várias. É só após todo este conjunto de elementos que a narrativa gráfica se inicia.

Esta breve narrativa gráfica, que tanto agrada a crianças como a adultos, propõe, assim, aos seus leitores um espaço e um tempo de emancipação e de fruição, lugares de absoluto prazer, de alegria, de paz e de recuperação de um certo jardim do Éden primordial. Talvez seja esta uma das razões pelas quais a literatura de potencial recepção leitora infantil agrada tanto às crianças e aos seus mediadores adultos. Porque todos, como humanos que somos, temos necessidade de sonhar e de aceder a mundos possíveis onde o maravilhoso e o onírico possam materializar-se, ainda que apenas numa perspetiva utópica ou pelos breves tempos do sonho de uma criança.

Referências

Azevedo, F. (2011): *Poder, Desejo, Utopia. Estudos em Literatura Infantil e Juvenil*, Braga: CIFPEC-Universidade do Minho.

Ewers, H-H. (2009): *Fundamental Concepts of Children's Literature Research. Literary and Sociological Approaches*, Nova York/Londres: Routledge.

Liao, J. (2015): *Segredos na Floresta*, Matosinhos: Kalandraka.

Machado, A. M. e G. Montes (2003): *Literatura Infantil. Creación, Censura y Resistencia*, Buenos Aires: Editorial Sudamericana.

Nikolajeva, M. e C. Scott (2006): *How Picturebooks Work*, Nova York/Londres: Routledge.

Shavit, Z. (2003): *Poética da Literatura para Crianças*, Lisboa: Caminho.

Amor contra morte: a edición do *Códice Calixtino* de Luz Pozo Garza

Carmen Blanco
Universidade de Santiago de Compostela

Luz Pozo Garza (Ribadeo, Lugo, 1922-A Coruña, 2020) é unha escritora esencialmente lírica en verso e prosa, tanto en galego como en castelán, que cultiva outros xéneros, particularmente o épico e o dramático, ademais do didáctico do ensaio, e tamén a arte pictórica, en consonancia coa súa educación de muller ilustrada e progresista con estudos de música e filoloxía, exercicio da profesión de profesora de Lingua e Literatura Española e práctica da pintura.

O proceso de edición do *Códice Calixtino* de 1991 de Luz Pozo Garza

Algúns destes trazos da súa personalidade poética evidéncianse no proceso de preparación da segunda edición do libro *Códice Calixtino* (1991). Esta edición, con introdución e notas miñas, publicouse na Biblioteca das Letras Galegas de Edicións Xerais de Galicia. É unha edición ampliada con dous engadidos dentro do conxunto poético no seu apartado cuarto e último titulado "Homenaxe" e un engadido dentro dos paratextos no apartado derradeiro "A modo de epílogo". O primeiro engadido de "Homenaxe" aparece, despois do poema primeiro "A Luís Pimentel", co que se abre a homenaxe de amizade, admiración e recoñecemento, no poema segundo, "A Luís Seoane", dentro do cal se intercala o manuscrito en letras maiúsculas do texto acompañado do deseño dunha rapaza erguendo cos brazos un cántaro e a frase "HOMENAXE A SEOANE" en vertical ascendente desde os xeonllos ao van como deseñando unha saia. O segundo engadido consiste no poema en catro partes "Consagración de Trasalba", composición sexta que evoca a Ramón Otero Pedrayo e vai colocada despois da titulada "A Ánxel Fole" e antes da última, "Búsqueda", dedicada a Basilio Losada. O terceiro engadido co título "A linguaxe poética" caracteriza a poética da obra, desde a teoría literaria, de mensaxe ambigua e dinámica de intensa capacidade de provocación imaxinativa. Este engadido teórico complementa coa súa ciencia semiolóxica a poética creativa que abre o libro antes do primeiro apartado "Limiar" e que xa indicaba no seu mesmo comezo de texto poético sapiencial en prosa, despois da cita do poeta exiliado León Felipe, a confirmación teórica por parte da ciencia semiótica do discurso como transubstanciación

de discursos precedentes ou paralelos (Pozo Garza, 1991: 71). A poética en prosa de entrada no *Códice Calixtino* confirma ademais ao unísono a temática meta-literaria e meta-artística anunciada nas resonancias de letras, músicas e pinturas da repetición do nome do título da obra de ámbito medieval e compostelán coñecida como *Codex Calixtinus,* o códice iluminado do século XII gardado na Catedral de Santiago de Compostela. Tal manuscrito latino de temática mítica compostelá do chamado *Liber Sancti Iacobi* é na nova obra da poeta o tesouro artístico de museo e obxecto máxico máximo de inspiración elevado a símbolo da vida, na transubstanciación de texto medieval a texto contemporáneo no propio *Códice Calixtino* de Luz Pozo Garza: a "forma persoal de prender unha chama, de acender unha lámpada" (Pozo Garza, 1991: 71) entrando no "Limiar" da "Opera omnia" do amor que nunca acaba como avisa a cita de Paul Valéry "...unha obra non é nunca unha cousa acabada..." e o poema pole e "aleph" do *Códice* completo "Agora contemplamos a mar de Vigo", "Agora contemplamos a mar de Vigo xuntos. / (...) / Ben sei que ficarei neste sosego para sempre" (Pozo Garza, 1991: 75 e 78; Blanco, 2004: 11-35).

O xerme do *Boletín Galego de Literatura*: revisión lingüística da "Autopoética" e "Consagración de Trasalba"

Esta segunda edición partiu loxicamente da primeira de 1986 e tivo como xerme específico a publicación da citada poética creativa de *Códice Calixtino* e do poema antedito "Consagración de Trasalba" no *Boletín Galego de Literatura*, revista editada pola Universidade de Santiago de Compostela e dirixida por Anxo Tarrío Varela. A petición de colaboración no número 2 do *Boletín Galego de Literatura*, que deu lugar a unha separata coa "Autopoética" e a "Consagración de Trasalba" de Luz Pozo Garza ilustrada por Quintana Martelo, foi feita por min como integrante do Consello Redactor da revista durante os anos 1989 e 1990 (Pozo Garza, 1989: 129-132).

Cando preparei a edición do *Códice Calixtino* a escritora e máis eu mantivemos unha fluída relación de traballo da que quedaron no arquivo particular de Claudio Rodríguez Fer e meu numerosos documentos, maioritariamente manuscritos de Pozo Garza, que ilustran o proceso filolóxico de preparación dunha edición literaria, así como o amor á literatura, ás linguas, aos libros ou á poesía como útiles do coñecemento humano e do gozo e mellora da vida, ademais de mostrar o avance dunha amizade fraternal.

De entre toda a documentación ten especial interese para a ecdótica do *Códice Calixtino* unha folla manuscrita a lapis con dúas anotacións miñas,

unha a lapis negro como as dela e outra en lapis azul. Neste folio quedan rexistradas as máis significativas variantes existentes entre as edicións de 1986 e 1991, xunto co paso intermedio de 1989 no *Boletín*. Transcríboo a continuación sen os pormenores gráficos dos tachados e dos diversos deseños (frechas, aspas, estrela...) nin de unha nota ao pé miña de recordatorio da estancia literaria do poeta Gerardo Diego en Lugo e Viveiro coa autora.

Estas son as nove notas transcritas (minimamente unificadas) que precisan os cambios (e as dúbidas) da edición da obra de 1986 á de 1991, tal como aparecen numeradas, da unha á oito, e que foron escritas pola autora ante min, con grafía non sistemática de doada comprensión, nunha lectura da primeira edición que fixemos xuntas na Universidade de Santiago de Compostela durante a cal ela tomou todas as decisións sobre a súa lingua poética. As páxinas referidas nas notas son pois as do libro número 10 da colección de poesía Leliadoura (Pozo Garza, 1986):

1- A POÉTICA Exacta á do BOLETÍN DE LIT. (O. Pedrayo)
2- Páx. 19 (soas) non "soias"
3- Efémero? (páx. 27) efímero?
4- Páx. 34 (a) non "para"
5- *film* páx. 35
6- Páx. 56 Vén
   Páx. 56 claros (non "craros")
7- Páx. 65 (soio) un nome so
8- ÍNDICE páx. 67 Sacar latín

Esta lectura perfecciona no esencial sen máis a lingua adecuándoa á normativa mais tamén preserva palabras e expresións predilectas para potenciar sentidos da propia poética da autora como ocorre co verso definitivo "agardar un encontro a se tornar caricia" (Pozo Garza, 1991: 96), harmónico na forma coa platónica poética erótica mística última da permanencia do amor no encontro, e co anglicismo *film* que designa o cine absurdo de Buster Keaton revelador da liña poética intertextual de vangarda. Como resultado na segunda edición quedaron fixadas as palabras "soas", "efémero", "a" (en vez de "para" en "a se tornar caricia"), "*film*" (anglicismo en letra cursiva), "Vén", "so" (na frase "so un nome").

Tamén é importante sinalar que quedou suprimida a presenza da lingua latina no título do poema dedicado a Aquilino Iglesia Alvariño, filólogo latinista, que na primeira edición levaba por título "Hinc canere incipian"

("Parto de aquí para o canto") e que na segunda quedou fixado como "Agora que regresa a primavera" procurando así unha maior claridade poética na acentuación do motivo do florecer da primavera da vida no presente das palabras, da paisaxe e das persoas, nun renacer de lírica elexíaca, bucólica e xeórxica virxiliana. O poema evoca a beleza e o gozo do florecemento da terra e da lingua no canto de "consagración da primavera" que conecta precisamente co poema dedicado a Otero na comuñón da "Consagración" telúrico-místico-musical de égloga galaica: "Era a consagración da primavera / na materia das árbores na ledicia do vértigo / na memoria das églogas: Silvestrem tenui Musam meditaris avena" (Corrixo a errata "Sivestrem") (Pozo Garza, 1991: 135-136).

Mais é importante sinalar que o xerme activador dun dos sentidos do *Códice Calixtino* está na citada separata de Pozo Garza da sección "Creación" da nomeada revista da Universidade de Santiago, segundo sintetiza a primeira destas notas. Esta nota, ao destacar que a poética debe ser exacta á do *Boletín*, evidencia en primeiro lugar os contidos centrados na que será a auto-poética da etapa última da autora, presentada sen título na apertura da primeira edición do *Códice Calixtino*, inmediatamente despois da fotografía da poeta, e fixada definitivamente na revisión ortográfica e léxica da "Autopoética" de 1989 do *Boletín Galego de Literatura* nas variantes que quedaron en "toda a poesía do mundo" (e non "todala"), "Quizais sexa iso a poesía" (e non "Cecáis"), "No meu caso, a luz permite modificar a doutrina dos astros" (e non "doctrina") e "evocar a chuvia nunha praza baleira..." (e non "valeira"). É esta unha poética da dúbida que leva á revelación luminosa e radiante da totalidade cando a poesía se fai lúcida e sobrevive, "prende coma lume, arde sen consumir e (...) eterniza", no final do camiño de perfección de Dante chegando ao Paraíso guiado por Beatriz (Pozo Garza, 1991: 71 e 86). E, ao escribir entre paréntese a metonimia "O. Pedrayo" do escritor ourensán, a autora consagra a claridade e a ledicia da permanencia das primaveras anticipadas recreando mitos e ritos relixiosos. A total transparencia da luz que fai fuxir a sombra reina no poema "Consagración de Trasalba" como reina no *Códice Calixtino* nesta poética de luscofusco que dito poema engadido fai resplandecer.

A composición "Consagración de Trasalba" activa ao máximo os aludidos motivos de luz e sombra, centrais na obra e xeradores de múltiples pares a eles asociados máis ou menos lóxica ou libremente, comezando polo par temático central máis explícito de amor contra morte. A concepción platónica

do amor máis forte que a morte vai na vía da procura da luz no aire puro da permanencia do amor supremo que sobrevive á morte, na paz eterna dos amantes e na vida eterna, despois de vencer as mortes materiais e simbólicas: "penetra polos ollos / un amor único / una pausa armoniosa / unha lámpada acesa / sutil coñecemento da condición suprema", "non digas que vai vindo a noite / cando declina o diálogo das formas únicas", "non digas que se achega coma un sopro a morte / non digas que se achega coma un sopro a morte / nunca.", "Ben sei que ficarei neste sosego inda despois / da morte" (Pozo Garza, 1991: 72, 129, 83, 90, 129 e 78).

Con resonancias como as interartísticas da vangarda musical da *Consagración da primavera* de Ígor Stravinski a poeta envolve a consagración relixiosa de Otero Pedrayo co *aleph* da vida e obra, o lugar de Trasalba que contén o "legado do espírito" (Pozo Garza, 1991: 141-142), na transparencia profunda do lugar luminoso onde se len cartas iguais á propia vida escritas nunha cidade escura "no vacío dunha páxina escura" coa "idea dunha cidade escura onde encontrar as aves / últimas da existencia e descubrir o Aleph", en reconcentrado sentido de cosmos revelado e total (Pozo Garza, 1991: 101-102). O poema potencia os sentidos de unidade e totalidade da obra na escritura, na lectura, na vida e no mundo: a unidade do *Códice Calixtino* cos seus dous últimos apartados en verso, "Idea dunha cidade escura" e "Homenaxe", e a unidade das súas catro partes poemáticas, "Limiar", co poema clave envolvente unificador da entraña da obra "Agora contemplamos a mar de Vigo", do que nace o "Códice Calixtino", apartado xeratriz que dá nome tamén á obra completa, e os últimos círculos da vía amatoria socio-existencial "Idea dunha cidade escura" e "Homenaxe", que os cinguen nos movementos musicais das súas órbitas esféricas na letra, a pintura e a música integradoras da arte e a vida no *Códice*, como nos misterios ancestrais de consagracións e comuñóns rituais de pan e viño na celebración vital: "En Trasalba ofrecían as lavercas / a fraxilidade do canto / o sinal onde os ventos convocaron un día / as fronteiras do abrente / coas dádivas de Ceres e de Baco. // (...) Alí se anticiparon tódalas primaveras / e os outonos chegaron mesmo un rito / na ordenación dos días e as colleitas / á solaina do pazo onde principia un reino" (Pozo Garza, 1991: 141).

En sintonía as catro partes do texto "*Evocación*", "*Primavera*", "*Desconcerto*" e "*Solpor*" representan plasticamente os catro momentos do ciclo da vida, dos días e das estacións na súa "música escura e luminosa que nos traspasa o norte / nesa sorte de morte...". É este un son en conexión circular

co motivo do "norte-sorte-morte" visualizado nos poemas caligráficos de *Concerto de outono* (1981) "a nosa rosa" e "laberinto", que conteñen o sentido da concepción da existencia persoal e comunal, inspirada en Rosalía de Castro e recorrente nos versos que lle dedica á creadora da "negra sombra que me asombra" (Pozo Garza, 1981: 61 e 65-67; Blanco, 2002: 123-125). No *Códice Calixtino,* no apartado terceiro "Idea dunha cidade escura" o poema "Falando a Rosalía" recrea tamén o motivo final centrado no norte e na morte, ao igual que no poema dedicado a Otero Pedrayo, quen comparte con Pozo Garza unha matricial inspiración rosaliana na creación e na crítica realizadas sobre a clásica galega e a partir dela (Blanco, 2000: 19-39). Neste sentido o de Ourense é recreado no "Solpor" cando "falaba a Rosalía" nos propios versos oterianos "Camiñaba fuxidía..." / "Somentes a sombra esguía" na creación contra a morte e pronunciando "os nomes que non borrara a morte..." (Pozo Garza, 1991: 144), grazas á fidelidade da filiación do amor con fin e principios de abrente, no fío que enlaza no *Códice* a poética, "Falando a Rosalía" e "Consagración de Trasalba": "A luz decrece e fire nun destino sen claros: / cómpre ollar unha patria / na extensión certa aberta circundada / pola fala inicial –entraba o norte– / quizais mover os labios ou silenciar as sílabas na páxina / pechada dalgún libro en forma de pregunta / falando a Rosalía" (Pozo Garza, 1991: 121. Corrixo a errata "morte" por "norte").

Mais nesta hipertextualidade "Trasalba" "o claro testemuño un río fidelísimo / precipitaba nunha canle a nosa historia" (Pozo Garza, 1991: 142) e na historia o *Concerto de outono* "anticipado" (Pozo Garza, 1991: 143) devén "*Desconcerto*" na terceira parte da "Consagración da primavera", un cambio consecuencia dos odios asasinos que matan os amores, xeran as guerras fratricidas e as represións ditatoriais de todo tipo. As palabras aluden en primeira instancia á guerra de España orixinada polo levantamento militar de 1936 contra o réxime democrático da República inspirando un texto que leva unha mensaxe solidaria de unión de amor e paz máis inmediata coas persoas directamente afectadas, nelas e nos seus seres queridos, o propio Otero Pedrayo e a propia Pozo Garza, obxecto e suxeito identificados na creación da "Consagración da primavera":

> Primeiro foi a aurora emisaria da luz
> un instante sagrada
> cando o fulgor da patria soaba coma unha arpa gaélica
> na ofrenda das Fisterras.

Despois crebouse o canto.
Chegaron as consignas insidiosas
no signo dos tambores na índole das bandeiras
na mañá violada:
Tanto manto de loito
tanto pranto
tanta noite cegada
tanta porta pechada
mortes sen cadaleito
nun tempo de borralla
sen saba
sen responso
sen mortalla...

O vento desnortado
espallou desconcertos pola bocarribeira:
secaron os parrales
cegaron amieiros
e talaron carballos bidueiros... (Pozo Garza, 1991: 142-143)

Vemos como neste "*Desconcerto*" hai ademais perda do "norte" do destino humano referido máis arriba, "noite cegada" e "morte", moitas mortes sen liturxia catártica causadas polas "consignas insidiosas" que conducen aos horrores do crime da violación da vida nova dos comezos. Os versos recrean na "mañá violada" o roubo da liberdade e da alegría primeiras.

Mais na "Consagración da primavera" hai tamén esperanza no *"Solpor"* da cuarta parte na que se recrea a salvación da morte suicida provocada polo corazón negro de dor nas Torres do Oeste dos poemas de Rosalía e de Otero, unha salvación sabia e solidaria, calada e callada no silencio cargado de palabras tutelares, na man da dona que acende a lámpada, no libro aberto do clásico Virxilio vivo e na ollada á vía occidental da derradeira carta de Castelao enviada desde o exilio. A consagración da primavera na "última sinfonía do crepúsculo nas avenidas / interiores dun xardín" (Pozo Garza, 1991: 78). O agora do optimismo final da amorosa vía salvadora do amor de Dante e Beatriz coa guía da sabedoría, Virxilio. O *Códice Calixtino* recrea a *Divina comedia* de Dante Alighieri contestando con amor ao *Divino sainete* de Manuel Curros Enríquez:

Sábese que en Trasalba
moraron as palabras tutelares
no tempo do silencio.

A tarde declinaba na liña dos salgueiros
na curva inmorredoira das glicinas
na sombra das camelias
xunto á fonte Castalia...

A chuvia mainamente petaba na vidrieiras
daquel outono anticipado.

Velaí a man da dona no acender dunha lámpada.
Sobor da mesa aberto un libro de Virxilio
no silencio do pazo.

Na solaina
ollaba o patriarca o Coto de Novelle
a luz occidental
a derradeira carta de Daniel
a patria en vela
e pronunciaba os nomes que non borrara a morte... (Pozo Garza, 1991: 143-144)

É esta esperanza de permanencia da primavera da vida no eterno retorno a que florece con forza profunda nas fontes fecundas e no aire transparente de verdade dos poemas de "Homenaxe" do *Códice* dedicados ás figuras ben diversas da resistencia cultural de Pimentel, Seoane, Iglesia Alvariño, Paul Éluard, Fole, Otero Pedrayo e Losada, evocadas respectivamente na luzada da palabra clara na hora das paisaxes celestes, na memoria do cántaro levado con amor, no retorno das floracións antigas na consagración da primavera, na boca que canta con ollos de liberdade, na palabra remota de Lugo, na navegación de altura e na fábula inocente (Pozo Garza, 1991: 129-131, 135, 137, 140 e 143).

Antes e despois da edición de *Códice Calixtino* de 1991: do artigo "Luz Pozo Garza en luz e sombra" ao libro *Literatura galega da muller*

Antes desta segunda edición eu fixera unha recensión da primeira no número 7 da revista *Luzes de Galiza* dirixida por Manuel Rivas e editada por Edicións do Castro: o título sintetizaba o que vimos vendo, "Luz Pozo Garza en luz e

sombra". Nela adiantaba a poética de borgeana de luscofusco, meta-literaria e fragmentaria, coa cita da poética do *Códice* "Habería, verdadeiramente, que engadir unha certa luz nova ó poema total", que apuntaría cara á boa poesía nova, e coa apertura da cita de Valéry que prolonga o fragmento artístico libro na totalidade creativa e vital. Analizaba o *Códice* coa clave borgeana do libro como metáfora do mundo, confirmando a identificación nel de escrita e vida, e detíñame na humidade da súa música sensual, na cor azul violácea que ilumina con luz crepuscular as súas miniaturas e na letra que delata a total transparencia da lucidez vital do amor que se nutre no diálogo artístico compartido con conciencias afíns da literatura, a pintura, a música e o cine. E concluía dicindo o que agora repito con exactitude e maior coñecemento de causa: "a poética íntima, sensual e existencial de Luz Pozo Garza compón un *Códice Calixtino* no lusco-fusco do amor e da amizade" (Blanco, 1991: 120). Este escrito de *Luzes de Galiza* incluíno logo no libro *Literatura galega da muller* de 1991.

No citado arquivo persoal gárdase unha carta da escritora datada en Vigo o sete de maio de 1989 sobre o artigo "Luz Pozo Garza en luz e sombra" e a postal *Mercado* de Arturo Souto na que a poeta se refire a traballos sobre Antonio Machado e sobre Pimentel de Rodríguez Fer. Transcribo a misiva na que valora a miña lectura recoñecéndose nela e revelando a importancia que na súa creación poética e interpretación artística ten a obra do psicanalista Carl Jung:

> Benquerida Carmen Blanco:
> Gracias polo teu interese na miña obra. Está claro que estás dotada dunha capacidade extraordinaria para indagar na escrita poética.
> A túa certeira intuición e saber colócante dereitamente na liña precisa. Diríxente ós puntos relevantes, ós máis arduos tamén. Traspasas calquera dificultade doadamente, con respiración normal e silenciosa. Non deixas cabos soltos. Tomas os fíos, teces os nós e mostras a urdime esencial, que é a verdade existencial do ser.
> Descobres a miña color perfecta: *azul*. Tamén o violeta. Di Jung que a cor azul é a versión mística, paradóxica, do arquetipo, que se caracteriza exactamente polo violeta. Son as miñas cores amadas. Cando escribía o *Códice* non o tiña, posiblemente, concienciado.
> ☆ Bicos. Unha forte aperta para ti e para Claudio.
> Luz Pozo Garza

No mesmo arquivo consérvase outro envío postal do sete de setembro de 1991 con dúas cartas, xuntas nun sobre con dous debuxos da poeta, respectivamente alusivas, a primeira, á edición e introdución de *Códice Calixtino* e ao libro *Literatura galega da muller* meus, e, a segunda, ao poema "Fillas de luz" de Rodríguez Fer.

Transcribo a continuación a primeira carta, moi ilustrativa do tema que nos ocupa, pois evidencia o carácter dubitativo en procura da súa persoal perfección no proceso creativo (Ramos, 2004: 38) que se manterá ata a fin da súa vida, tal como indico na introdución "Pazo Garza Pozo" do último libro da poeta, *Pazo de Tor*, coa que colaborei na edición do texto dándolle toda a liberdade creativa de elección, como fixera no caso do *Códice* (Blanco, 2018: 13-16). Esta dúbida de partida foi demostrada xa coas notas de edición de texto do *Códice*. A edición final do *Códice Calixtino* é valorada pola escritora facendo unha caracterización da miña personalidade intelectual e da súa. Igualmente valora o meu ensaio sobre a creación das mulleres *Literatura galega da muller* centrándose na análise da miña obra e mostrando só con respecto á súa personalidade o agradecemento que a caracteriza patente en obras como *Vida secreta de Rosalía* (1996). Esta resposta agradecida pola atención, tan digna de destacar, esténdese a Claudio, ao igual que o agarimo co que tamén responde no cultivo da amizade e que abrangue non só á parella senón tamén á filla, en correspondencia co afecto noso no traballo e a creación. Finalmente cómpre recordar que o 28 de abril de 1991 morría en Vigo o poeta Eduardo Moreiras, o persoal Dante de Luz-Beatriz, inspiración do amor luminoso do *Códice Calixtino*. Segundo confesa esta morte recente é orixe do desacougo e a intemperanza aludida na carta e no seu coidado por preservar a amizade pide desculpas. Así evidencia outra das súas características: a humildade no recoñecemento de posibles erros e a súa presta disposición a pedir perdón por eles.

> Benquerida Carmen:
> Ante todo, gracias polo fermoso traballo que realizaches. Biografía e estudio de toda a miña obra. Actividade que require un grande esforzo. Non porque a obra sexa extensa, pero si polo que ten de diacronicamente descontinua e cambiante. Conseguiches moi atinadamente conferirlle unidade e coherencia. Gracias.
> Gracias tamén pola paciencia e comprensión diante dalgúns cambios, vacilacións, dúbidas...

> E tamén por me incluír no teu interesantísimo ensaio *Literatura galega da muller*. Moi ben documentado e admirablemente levado no proceso que parte da polimorfía xenial de Virginia Woolf ata as escritoras nosas de hoxendía. Coido que fixeches un traballo inxente, mesmo unha tese doutoral, elaborada moi concienzudamente, con intelixencia e rigor. Lendo o teu libro, póñense de relevo certas cualidades da autora: grandes e extensos coñecementos; capacidade de análise e de síntese moi especial; unha clarísima visión da idiosincrasia feminina; claridade de exposición e visión unitaria...
> Son dotes que ti posúes –entre moitas outras. Ademais dunha gran enerxía para manter enriba o pulo inicial.
> Noraboa!
> A ti e a Claudio: a parella ideal.
> Gracias de novo. Perdoade calquera impertinencia miña, por favor. Ando aínda desacougada e unha "miga" intemperante. Nótase...
> Un forte bico ós dous. Mellor: ós tres.
> Luz

Filoloxía: amor contra morte

Este resultado final satisfactorio foi posible grazas á axuda da autora, quen me facilitou datos histórico-literarios moi interesantes gardados no meu arquivo persoal como indica esta carta anterior sen data:

> Benquerida Carmen:
> Esta é a primeira remesa. Envío tamén as críticas. Xa sabes que a túa opinión é fundamental.
> Graciñas, Carmen. Bicos para ti e Claudio.
> Quérovos-Luz

Luz confiou en min e eu fixen o traballo de edición do *Códice Calixtino* o mellor que puiden. Por amor á obra ben feita. Amor contra morte.

Bibliografía

Blanco, C. (1991): *Literatura galega da muller*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

_____ (2000): "La escritura matrilineal galaica: Luz Pozo Garza habla a Rosalía de Castro" en I. M. Zavala (coord.), *Breve historia feminista de la literatura española (en lengua catalana, gallega y vasca)*, vol. VI, Barcelona: Anthropos Editorial, pp. 175-195.

_____ (2002): *Luz Pozo Garza: a ave do norte,* Ourense: Ediciones Linteo.

_____ (2004): "Obra total. *Opera omnia"* en L. Pozo Garza, *Memoria Solar. Obra poética*, Ourense: Ediciones Linteo, pp. 11-35.

_____ (2018): "Pazo Garza Pozo" en L. Pozo Garza, *Pazo de Tor*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, pp. 13-16.

Pozo Garza, L. (1981): *Concerto de outono*, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro.

_____ (1986): *Códice Calixtino*, Vigo: Xerais.

_____ (1989): "Autopoética. Consagración de Trasalba", *Boletín Galego de Literatura* 2, pp. 129-132.

_____ (1991): *Códice Calixtino,* edición introducida e anotada de C. Blanco, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Ramos, M. (2004): "Nota sobre esta edición" en L. Pozo Garza, *Memoria Solar. Obra poética*, Ourense: Ediciones Linteo, pp. 37-39.

Máis recursos electrónicos para o estudo da lírica galego-portuguesa?

Mercedes Brea
Universidade de Santiago de Compostela

1. MedDB[1]

No ano 1998, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRP) puxo a libre disposición[2] dos usuarios de internet unha base de datos denominada *MedDB. Base de datos da lírica profana galego-portuguesa*. Para a súa confección, o CIRP –que botara a andar coa firme decisión de converterse nun referente no emprego das TIC– puxera a disposición dos promotores (Vicenç Beltran e Mercedes Brea) non só a colaboración de dous informáticos (Fernando Magán Muñoz e José Carlos Sánchez Rivas) senón tamén algo fundamental que, lamentablemente, co tempo foi minguando ata chegar á actual situación de absoluta precariedade: catro entusiastas bolseiros que acadaron unha magnífica compenetración, converténdose nun auténtico *dream team* (Fernando Magán Abelleira, Ignacio Rodiño Caramés, Mª Carmen Rodríguez Castaño e Xosé Xabier Ron Fernández[3]). A maiores, puxéronse os medios necesarios para contar co asesoramento dun comité externo composto por expertos internacionais de recoñecida experiencia no ámbito de estudo da lírica trobadoresca (Carlos Alvar, Valeria Bertolucci, Anna

1 Este traballo forma parte das actividades realizadas no marco do Proxecto de Investigación FFI2015-68451-P, financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad con fondos do FEDER. Nel pásase revista tan só aos recursos dedicados especificamente á lírica trobadoresca, pero existen uns cantos máis que permiten estudar de forma global a lingua galega da Idade Media (ademais de https://ilg.usc.es/es/recursos, poden verse, entre outros, Pichel e Varela, 2009, 2014 e 2017), así como as Cantigas de Santa Maria, con opcións de varios tipos (http://csm.mml.ox.ac.uk/?p=home).

2 Nos seus inicios, requiríase un rexistro dos usuarios, aos que se facilitaba gratuitamente unha clave de acceso. O obxectivo non era outro que asegurar que non se producían "atascos" na rede nin usos indebidos da ferramenta. A partir da terceira versión de MedDB (2016), coa mellora dos mecanismos de seguridade, desapareceu esa restrición, e quedou liberado de contrasinais o uso completo da base de datos.

3 Nos últimos anos, e despois dun breve período de convivencia, foron substituídos por Antonio Fernández Guiadanes e Mª Carmen Vázquez Pacho, ademais doutros dous bolseiros que pasaron a traballar baixo a supervisión directa de V. Beltran. As vicisitudes experimentadas nestes primeiros momentos (a partir da efectiva posta en marcha do CIRP en 1994) desembocaron nun cambio significativo dos obxectivos iniciais (Beltran, Brea e Magán, 1998), en parte explicadas na presentación da *LPGP* (1996), e no definitivo abandono do proxecto por parte de V. Beltran.

Ferrari, Luciano Formisano, Elsa Gonçalves, Giulia Lanciani, Juan Paredes, Giuseppe Tavani); nas reunións celebradas con eles no CIRP foron estudadas diversas liñas de acción e quedaron establecidas, entre outras moitas cousas, as siglas que, desde aquel momento, serían empregadas para identificar cada un dos testemuños[4]. Como adoita acontecer, resultou preciso modificar e/ou reducir parcialmente os obxectivos iniciais e, sobre todo, deseñar unha serie de fases que permitisen ir obtendo resultados en prazos de tempo razoables; e, neste proceso, resultaron de axuda inestimable Guillermo Rojo e, moi en particular, Fernando Magán Muñoz, que sería quen, finalmente, invertese moito tempo en reunirse co "equipo de lírica" para que todos chegásemos a entender que pretendiamos facer e como, e, moi en particular, ata onde se podía chegar, dende o punto de vista técnico, naquel momento[5].

Unha das primeiras decisións relevantes que houbo que adoptar foi a de renunciar a facer unha edición crítica orixinal da totalidade do corpus, porque implicaría unha inversión en tempo e en recursos humanos que non se podía admitir. Esa –en principio, a máis desexable– opción foi substituída pola de seleccionar, de entre as edicións dispoñibles naquel momento, a que se considerase máis fiable (ou menos defectuosa) para convertela en "edición de referencia"[6], sen alterar nin sequera o seu as-

4 Por unha parte, buscábase reducilas todas a un único díxito; por outra, que ningunha sigla se prestase a confusión coas empregadas para os catro códices que transmitiron as *Cantigas de Santa Maria*, porque non se desbotaba a posibilidade de que, algún día, puidese chegarse a constituír un corpus de estudo unitario entre a produción trobadoresca e os cancioneiros marianos. Isto explica, por exemplo, que finalmente se chegase a establecer N para o Pergamiño Vindel (por estar custodiado en New York), D para o fragmento Sharrer (por conter fragmentos de cantigas de Don Denis), ou L para a copia dos *lais* que, igual que V, se atopa na Biblioteca Apostolica Vaticana (neste caso, formando parte do códice Vat. Lat. 7182).

5 Non nos detemos nas sucesivas melloras que experimentou MedDB –basta con examinala en www.cirp.gal– nas súas versións 2 (2008) e 3 (2016; nesta, xa se incorporara á dirección do proxecto Pilar Lorenzo), e pretendemos non repetir todo o que está explicado en numerosos traballos previos, entre eles *LPGP* (1996), Beltran, Brea e Magán (1998), Rodiño Caramés (1998), Sacchi (2005), Brea e Fernández Guiadanes (2014), Lorenzo Gradín e De Santiago (2019). Non obstante, insistiremos aínda nalgúns aspectos que semella que non sempre foron debidamente entendidos por algúns sectores da crítica.

6 Non ignoraba o equipo as dificultades que entrañaba tal decisión, pero entre as cousas que pesaron ao seu favor estivo o desexo de recoñecer o traballo realizado previamente por moitos estudosos que, en condicións non sempre favorables, levaran a cabo un esforzo por estudar e dar a coñecer o importante patrimonio cultural que representa este corpus. Por este motivo, desde a primeira versión ata hoxe, MedDB deixa sempre constancia explícita da edición seleccionada para cada cantiga, ademais de proporcionar información complementaria sobre outras edicións da mesma.

pecto gráfico[7]. Ao mesmo tempo, a escolla recomendaba deixar un pouco de lado as buscas de carácter lingüístico e filolóxico máis estrito para dar preferencia aos aspectos literarios. O resultado veu a luz primeiro en forma de libro (*LPGP*, 1996), e nel aparecían xa todos os elementos que en MedDB pasarían a funcionar como campos de busca (ou, nalgúns casos, como filtros[8]): íncipit da cantiga, nome do trobador[9] ao que se atribúe, referencia en díxitos de ambos os datos segundo Tavani (1967), localización nos manuscritos (número da composición e número do folio no que se atopa), xénero ao que se adscribe, tipoloxía compositiva (mestría/refrán), formas de relación interestrófica, esquemas métrico e rimático (na versión actual, tamén, rimas e palabras en posición de rima), número de estrofas, presencia ou ausencia de finda (e refrán intercalar, refrán inicial...), recursos formais, temas e motivos[10], rúbricas, notas coloccianas. E, para facilitar o seu manexo, cando se preme no nome do campo, desprégase unha caixa de axuda que explicita que e como se pode localizar algo; ademais, nalgúns campos ábrense –para escoller o que se desexa– unhas listaxes que evitan escribir elementos (por exemplo, o íncipit ou o nome do trobador) nos que se poderían introducir erros involuntarios que non permitisen á ferramenta identificar correctamente a busca.

Dado que MedDB foi concibida como unha ferramenta para facilitar a investigación –especialmente, desde o punto de vista literario– sobre a lírica galego-portuguesa (o que explica en parte que a súa presentación non resulte tan atractiva ou intuitiva como a de outros recursos similares), a terceira versión introduciu unha novidade manexable sen dificultades de ningún tipo por quen desexe unicamente localizar información sobre un trobador ou ver o texto dalgunha cantiga (basta con entrar a través da pestana de "buscas simples").

---

7 Aparentemente, esta decisión dificulta as buscas textuais, pero un uso axeitado dos comodíns dispoñibles resolve o problema cun grao de seguridade aceptable.

8 Só con carácter provisional, elementos como as rúbricas ou as notas coloccianas non figuran aínda entre as posibilidades de busca, pero son visibles nas pantallas que proporcionan os resultados, ao lado de toda a información pertinente sobre cada composición.

9 MedDB proporciona tamén información (en permanente actualización) sobre os trobadores, e na versión actualmente en liña contén así mesmo unhas táboas xenealóxicas (realizadas por José Antonio Souto Cabo) de enorme interese para a comprensión dos inicios do fenómeno trobadoresco.

10 Este é un dos campos actualmente sometido a unha fonda revisión.

O equipo responsable de MedDB no CIRP non considerou nunca que con esta base de datos estivese rematado un proxecto moito máis ambicioso xa desde os seus inicios e que ía incrementando as súas aspiracións a medida que ía sendo consciente das posibilidades que os avances técnicos ofrecían[11]. Por iso, non só continúa procurando mellorala[12] senón que, desde o ano 2005, traballa na posta en marcha dunha nova fase, un recurso completamente novo centrado nos aspectos paleográficos e materiais dos manuscritos, ao tempo que procura ir habilitando mecanismos que, a medio prazo, permitan realizar buscas fiables sobre as transcricións para a realización de estudos puramente lingüísticos, paleográficos e de crítica textual.

2. Cantigas Medievais Galego-Portuguesas (CMGP)

Mentres, un equipo da Universidade Nova de Lisboa, coordinado por Graça Videira Lopes, puxo en marcha o proxecto *Littera*, que deu como resultado un novo recurso electrónico en internet a partir de 2011. A presentación formal resulta máis "amigable" para un usuario non especialista que a de MedDB, pero o tipo de buscas (sobre todo, de buscas combinadas e complexas) que permite realizar é moito máis limitado que o anterior.

Os responsables dan conta dos seus obxectivos e pretensións, polo que non resulta difícil advertir que un dos primeiros obstáculos que poden atopar os investigadores é que "Os textos contidos na base estão escritos segundo as normas do novo Acordo Ortográfico", é dicir, que se procedeu a unha regularización gráfica do corpus, así como ao que se podería considerar unha edición ou adaptación propia, con cambios máis ou menos significativos nalgunhas hipóteses textuais. Tal decisión pode ser xustificada cunha

---

11 Por poñer só un exemplo sinxelo, sinalamos que a conversión dos documentos en SGML (o modelo máis avanzado en 1994) a XML non presentou dificultades, porque estaba claro desde o comezo que se trataba de garantir a perdurabilidade e adaptabilidade do produto. Por outra parte, deseñárase un sistema moi completo de etiquetas, que non foron aproveitadas máis que en parte ata o momento, pero que facilitaron, entre outras cousas, a rendibilización para un recurso lixeiramente novo, con opcións non habilitadas en MedDB, en formato CD-ROM (Brea e Distilo, 2009).

12 No desenvolvemento da versión 3 (e seguindo o método de traballo aplicado nas versións anteriores), xa se foi abrindo unha carpeta para recoller todos os elementos que se reservaban para a versión 4. Lamentablemente, a precariedade cada vez máis acusada de recursos humanos (tanto no relativo á parte informática –reducida á persoa de Carlos Sánchez, logo do prematuro falecemento de Fernando Magán– como á filolóxica, restrinxida a un único –e non sempre– bolseiro, renovable cada dous anos) retrasa en exceso todos os intentos de actualización e mellora.

perspectiva divulgadora e mesmo didáctica, polo que, en certo sentido, o recurso pode considerarse complementario de MedDB, que seguiu unha opción ben diferente.

De todos modos, son outros aspectos os que queremos poñer aquí de manifesto, porque cobren ámbitos que non estaban contemplados nos obxectivos do proxecto do CIRP, e que xa non serán incorporados, porque non tería moito sentido repetir o que ofrece CMGP. Referímonos, de forma especial, aos apartados destinados á música e aos modelos occitanos e franceses[13].

Polo que respecta á música, cómpre non esquecer que esta parte do proxecto está baixo a responsabilidade de Manuel Pedro Ferreira, un dos máis destacados estudosos da música medieval, e que ten traballado a fondo tanto sobre a melodía de N como sobre a de D. O abano de posibilidades que aquí se abre é moi completo: pódense escoitar diversas versións das cantigas de Martin Codax e das de Don Denis conservadas no fragmento localizado por Harvey Sharrer na Torre do Tombo de Lisboa, pero tamén se incorporan interpretacións de outras cantigas que non conservaron a partitura, diferenciando nelas –como proba evidente do rigor científico que preside este apartado– entre adaptacións melódicas (partindo da coincidencia de esquemas métricos e rimáticos con algúns presentes nas *Cantigas de Santa Maria* ou nos cancioneiros occitanos que transmiten a melodía) e recreacións modernas. Este bloque de CMGP resulta de especial interese tendo en conta que permite aos usuarios situarse nas mesmas condicións en que se atopaba o público que tiña acceso á produción trobadoresca[14], xa que a denominación de *cantiga* (ou *cantar*, como a de *canso* e *chanson*) fai referencia, precisamente, ao feito de que a posta en escena se realizaba mediante o canto e o acompañamento musical (véxanse, por exemplo, as miniaturas do *Cancioneiro da Ajuda*). Para que a información sexa completa, proporciónase tamén a relación de editores, compositores e intérpretes das pezas que se ofrecen para o deleite e o estudo de quen se aproxime a elas.

13 A ferramenta ofrece, como complemento a un glosario básico, unha relación completa (con datos que permiten situalos) de antropónimos e topónimos. Estes elementos están "marcados" (e 'informados') nos documentos en XML de MedDB, polo que non se renuncia a aproveitalos dalgunha maneira nun futuro próximo, pese a que xa figuren en CMGP.

14 Non esquezamos que a lírica circulou tamén a través da escritura (Brea, 2020), pero os destinatarios desta deberon de ser máis reducidos que os que tiveron a oportunidade de escoitar a interpretación que facían os xograres dos textos.

O segundo bloque mencionado está, en boa medida, relacionado co primeiro, posto que a elaboración de adaptacións melódicas parte da identificación de posibles *contrafacta* (Canettieri e Pulsoni, 1995 e 2003) de modelos occitanos e franceses como xustificación para o uso dunha partitura determinada. A táboa, que procura completar os resultados de investigacións alleas con propostas propias, presenta a lista de composicións, co nome do trobador galego-portugués, ao lado do suposto modelo (íncipit e nome do autor, así mesmo), e serve, ao mesmo tempo, como punto de partida para establecer relacións de diversos tipos que poñen de manifesto o carácter "europeo" do fenómeno trobadoresco, e como os representantes occidentais da Península Ibérica non estaban en modo algún illados nin descoñecían en absoluto o que acontecía nos reinos de Navarra e Aragón, pero tamén do outro lado dos Perineos, así como a capacidade de atracción que tiveron no século XII os reinos de Galicia-León, Portugal e Castela para compositores do ámbito galorrománico[15].

3. Universo Cantigas (UC)

En 2018, un equipo da Universidade da Coruña, dirixido por Manuel Ferreiro, publicou na rede o portal *Universo Cantigas*, do que, uns anos antes (a versión 2 é de 2017), se ofrecera xa un adianto[16] que se converteu nunha ferramenta de enorme utilidade (sobre todo) para os estudosos da lírica galego-portuguesa: *Glossa*, un glosario completo –en formas e ocorrencias– deste corpus.

UC é aínda un "work in progress" (Arbor e Ferreiro, 2018[17]), cun deseño gráfico moi actual, que vai engadindo materiais a medida que estes están dispoñibles. O seu obxectivo é proporcionar unha edición crítica homoxénea de todas as composicións transmitidas polos cancioneiros, acompañada da transcrición paleográfica de todos os testemuños. Aínda que se presenta como unha "edición dixital", en realidade só pode ser considerada tal porque ese foi o formato elixido para publicala, xa que a súa disposición respeta integramente o modelo das edicións impresas (texto, variantes, indicacións dos manuscritos, notas aos versos, comentarios); a 'innovación dixital' estriba en que, dende cada cantiga, se pode acceder axilmente á transcrición paleográfica da mesma (non, polo menos de momento, ás imaxes dos manuscritos), unha transcrición que pode ser considerada se-

15 Para a presenza dos occitanos, véxase Alvar (1977 e 1978).

16 Actualmente está integrado en UC.

17 Pode completarse a información en Arbor (2019) e Ferreiro (2019).

miconservadora (entre outras cousas, non conserva os alógrafos, e vese na obriga de adaptar algunhas abreviaturas). Non parece estar previsto que poidan ser realizadas buscas de ningún tipo nin sobre a edición nin sobre a transcrición, se ben se pode partir do glosario para, pinchando sobre o número que identifica cada ocorrencia, consultar a edición da peza na que se atopa a forma seleccionada[18].

A metodoloxía empregada é, pois, a xa consagrada pola tradición ecdótica (cambia unicamente o formato final da publicación), con unha explicación clara dos criterios adoptados para a edición e, en menor medida, para a transcrición. A maior novidade, no relativo á transcrición, é que, ademais de ser visible vinculada á edición de cada cantiga, ábrese a posibilidade de facer un seguimento de cada un dos testemuños por separado, se ben tamén neste caso se optou por incluír indicacións relativas, por exemplo, ás columnas, pero non se respetou a disposición dos folios no relativo a esa distribución, ou aos espazos entreliñares (o que, por exemplo, non permite saber onde estaban previstas as pautas para a melodía ou as miniaturas que sinalan cambio de autor)[19].

Os aspectos, pois, máis relevantes de UC (sobre todo, en confrontación cos recursos xa comentados) son, sobre todo, dous: o glosario, completo e cunha organización clara, que vai corrixindo os erros progresivamente e que non ten parangón nas outras ferramentas[20] (que non contemplan esta opción, agás dun xeito elemental no caso de CMGP), e a proposta de acometer unha edición crítica da totalidade do corpus trobadoresco galego-portugués con criterios homoxéneos[21], que facilitan a lectura, pero tamén a lematización precisa para a elaboración do glosario.

---

18 Sempre que aparece unha referencia que contén o número dunha cantiga se pode pinchar sobre el para vela. Do mesmo xeito, pinchando sobre unha palabra do texto, ábrese a opción de "buscar" para acceder directamente á información que sobre esa palabra contén o glosario.

19 Algúns destes aspectos son explicados como texto, pero non se aprecian visualmente. Por outra parte, as notas e comentarios aparecen todos ao final da transcrición do testemuño, aínda que se pode acceder a eles directamente pinchando sobre o número da nota.

20 Antes da súa aparición, o único modo de consultar en rede o significado das palabras empregadas polos trobadores era recorrer ao DDGM (http://sli.uvigo.gal/DDGM/index.php), que recolle o contido de todos os glosarios parciais publicados (non só da lírica, senón de calquera texto galego medieval).

21 Nas edicións publicadas ata agora, cada editor emprega os criterios que considera máis axeitados aos seus obxectivos, polo que a variedade é o trazo máis salientable.

A todo iso cabe engadir o carácter intuitivo do recurso, que pode ser empregado con fins didácticos e –coas limitacións derivadas da ausencia dun sistema de buscas específico– de investigación, amén de contribuír á divulgación desta tradición lírica entre un público interesado, dado que a edición vai acompañada dunha paráfrase do texto que o fai intelixible aos lectores actuais.

4. PalMed

No comentario de MedDB fíxose referencia a unha nova base de datos realizada no Centro Ramón Piñeiro (a máis recente, xa que se pon en rede neste ano 2020) e dirixida por Mercedes Brea, Antonio Fernández Guiadanes e Pilar Lorenzo Gradín. Se MedDB fora concibida para poñer a disposición dos interesados nos aspectos literarios do corpus unha serie complexa de elementos de busca, PalMed pretende atender as necesidades dos investigadores en paleografía, grafemática, historia da lingua e ecdótica[22].

Contén a transcrición paleográfica de todos os testemuños (a excepción dos *descripti*) da tradición trobadoresca, respetando a realidade do documento na súa complexidade. Isto implica que procura manter non só os grafemas senón tamén a riqueza de alógrafos que se pode atopar no testemuño[23]; que distribúe os folios en columnas e, dentro destas, as liñas reproducen as entreliñas do manuscrito; que deixa constancia de todos os raspados, correccións, insercións, anotacións marxinais etc. Aínda que as abreviaturas se respetan (con mínimas adaptacións inevitables), todas están codificadas para 'gardar' o valor que o equipo lles atribúe en cada ocorrencia; na visualización, ese valor pode comprobarse pinchando enriba da abreviatura. Non se modifica o modo en que están unidas ou separadas nos manuscritos as palabras, pero o sistema contén etiquetas que permiten reconvertelas, proceso que non está operativo nesta versión posto que se reserva para unha fase posterior, na que se efectuará a lematización e se traballará con marcas de carácter fonético e morfolóxico[24].

---

22 Pode verse unha información máis completa e detallada sobre os obxectivos e metodoloxía en Lorenzo Gradín (2019).

23 Coa finalidade de evitar aos usuarios un uso continuo dos códigos que están detrás dos caracteres 'pintados' con Junicode, habilitouse, para as buscas textuais, un teclado virtual que permite seleccionar directamente os caracteres que se desexa localizar nos manuscritos.

24 No CIRP desenvolveuse un etiquetador (*Xiada*) para o CORGA (todo en www.cirp.gal), que será sometido a probas para indagar se pode ser adaptado ao corpus de transcricións de PalMed.

Unha primeira pantalla ofrece unha especie de espello dos testemuños, posto que todos eles poden consultarse completos respetando a maneira en que os textos aparecen dispostos nos manuscritos, coa opción de confrontalos coas imaxes correspondentes destes. Na pantalla seguinte, as transcricións poden visualizarse por cantigas, de maneira que o resultado presenta en primeiro lugar a edición seguida en MedDB (empregada para adaptar as liñas dos folios a versos e estrofas), e, en columnas paralelas, a transcrición de cada verso en cada un dos testemuños que transmiten a composición. Gracias a unha pantalla intermedia de resultados, na que figura a referencia precisa do(s) folio(s) en que está copiada, é factible acceder directamente á transcrición do folio, con toda a información complementaria que conteña.

As seguintes pantallas están habilitadas para efectuar buscas complexas:

(a) buscas textuais, con múltiples opcións: restrinxir unha abreviatura a un dos valores que lle foron asignados; limitar a busca a unha cantiga, un folio, un manuscrito, un trobador, ou mesmo un copista determinado. Teñen en conta, por outra parte, as diferenzas entre o texto lírico e os paratextos (rúbricas atributivas, explicativas e codicolóxicas, anotacións adicionais, notas de corrección...).

(b) buscas selectivas de distintos tipos de abreviaturas, sempre asociadas ao valor que o equipo do proxecto lles atribúe en cada ocorrencia.

(c) marcas ou sinais materiais que se poden atopar nos manuscritos, sexan 'marcas organizativas' (foliación, paxinación, numeración caderno, sinaturas, reclamos) ou 'escrituras anexas' (letras de espera, emendas, inserción, correccións, ángulos, manículas, flores...).

A riqueza e variedade de elementos susceptibles de ser sometidos a pescuda fai recomendable consultar previamente os textos que, en caixas de axuda sinaladas con un signo de interrogación, especifican o contido e o modo de proceder en cada un dos campos.

Non se trata, polo tanto, dunha transcrición máis dos cancioneiros[25], nin sequera dunha transcrición dixital máis[26], senón dunha transcrición diferente, conservadora desde todas as perspectivas, pero ao mesmo tempo habilitada para que sobre ela se poidan realizar buscas aptas e fiables para traballos paleográficos, grafemáticos, ecdóticos, e –polo menos, parcialmente– lingüísticos.

5. Consideracións finais

Chegados a este punto, pensamos que xa cabe dar resposta á pregunta que dá título a esta contribución: si, aínda é posible que se creen novos recursos electrónicos para o estudo da lírica galego-portuguesa. Os catro que xa existen responden a obxectivos diferentes, polo que ningún deles resulta superfluo nin se pode aseverar que uns sexan mellores que outros. Son complementarios; teñen en común que traballan sobre o mesmo corpus (a lírica trobadoresca galego-portuguesa), pero non se superpoñen, porque abordan ese material desde distintos puntos de vista e, gracias a iso, cada un deles pode ser empregado polos usuarios segundo o fin que persiga: para levar a cabo investigacións de ámbito literario, recoméndase MedDB; para todo o relativo á música, e tamén ao coñecemento dos *contrafacta* identificados ata o momento sobre *trobadors* e *trouvères*, CMGP resulta a mellor opción; para coñecer os distintos significados (e as variantes morfolóxicas rexistradas) do léxico empregado, o glosario de UC é o instrumento máis completo; cando estea rematado, tamén UC servirá para dispoñer dunha edición global realizada con criterios uniformes e empregando os principios metodolóxicos tradicionais da crítica textual; para coñecer a fondo a realidade dos manuscritos, a través das súas transcricións conservadoras, e abordar estudos específicos sobre variantes e peculiaridades da escrita, existe PalMed.

Non parece, pois, que teña sentido ver todas estas ferramentas como unha competición entre elas por ser superiores (en que?)[27]. Cómpre, en cambio, perfeccionalas e optimizalas, e, así mesmo, dar a benvida a calquera outro

25 Xa estaban as de Carter (2007 [1941]) para A, a parcial de Molteni (1880) para B, e a de Monaci (1875) para V. Máis detalles ao respecto poden verse en Lorenzo e De Santiago (2019: 41, n. 27).

26 Arbor (2016) publicou en rede a transcrición propia de A, e UC está publicando as de todos os manuscritos.

27 De feito, sen ir máis lonxe, o traballo aínda pendente en UC podería axilizarse enormemente co emprego de PalMed, posto que, entre outros datos de interese, se lle ofrecen confrontadas as lecturas de todos os testemuños de cada cantiga.

recurso electrónico que poida aparecer para encher ocos que neste momento non están cubertos nin por MedDB nin por CMGP nin por UC nin por PalMed (a enumeración segue exclusivamente a orde cronolóxica de aparición en internet de cada un deles).

Bibliografía

Alvar, C. (1977): *La poesía trovadoresca en España y Portugal*, Madrid: Cupsa.

_____ (1978): *Textos trovadorescos sobre España y Portugal*, Madrid: Cupsa.

Arbor Aldea, M. (2016): *Cancioneiro da Ajuda. Transcrición e notas*, Washington: DC: Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric [https://blogs.commons.georgetown.edu/cantigas/files/2013/05/ArborAldea-Ajuda-Intro-Final2.pdf].

_____ (2019): "Universo Cantigas: el editor ante el espejo" en I. Tomassetti (ed.), *Avatares y perspectivas del medievalismo ibérico*, San Millán de la Cogolla: Cilengua, vol. II, pp. 1541-1553.

Arbor Aldea, M. e M. Ferreiro (2018): "Universo Cantigas: *work in progress*" en G. Lalomia e D. Santonocito (eds.), *Literatura Medieval (Hispánica): Nuevos enfoques metodológicos y críticos*, San Millán de la Cogolla: Cilengua, pp. 23-41.

Beltrán, V., M. Brea e F. Magán Muñoz (1998): "Il progetto 'Arquivo Galicia Medieval': un archivio elettronico del medioevo galego-portoghese" en L. Leonardi (ed.), *Testi, manoscritti, ipertesti. Compatibilitá informatica e letteratura medievale. Atti del Convegno Internazionale (Firenze, Certosa del Galluzzo, 31 maggio-1 giugno 1996)*, Firenze: Edizioni del Galluzzo, pp. 17-32.

Brea, M. (2020): "¿Viajó al Occidente peninsular algún cancionero occitano?" en M. Simó (ed.), *«Los motz e·l so afinan». Cantar, llegir, escriure la lírica dels trobadors*, Roma: Viella, pp. 35-50.

Brea, M. e R. Distilo (2009): *Trobadores. Database della lirica galego-portoghese*, Roma: Università La Sapienza.

Brea, M. e A. Fernández Guiadanes (2014): "Recursos en línea del 'Centro Ramón Piñeiro' para la lírica gallego-portuguesa. MedDB, BirMed y PalMed" en L. Soriano *et alii* (eds.), *Humanitats a la xarxa; món medieval*, Bern: Peter Lang, pp. 185-203.

Canettieri, P. e C. Pulsoni (1995): "Contrafacta galego-portoghesi" en J. Paredes (ed.), *Medioevo y literatura: actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval, (Granada, 27 septiembre-1 octubre 1993)*, Granada: Universidad de Granada, pp. 479-497.

_____ (2004): "Per uno studio storico-geografico e tipologico dell'imitazione metrica nella lirica galego-portoghese" en D. Billy *et alii* (eds.), *Lirica galego-portoghese: saggi di metrica e musica comparata*, Roma: Carocci, pp. 113-165.

Carter, H. (2007): *Cancioneiro da Ajuda*, reimpresión da edición diplomática de Henry H. Carter de 1941, Lisboa: Imprensa Nacional–Casa da Moeda.

CMGP=Lopes, G. Videira, M. P. Ferreira *et al.* (2011-), *Cantigas Medievais Galego Portuguesas* [base de datos online], Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA, disponível em: http://cantigas.fcsh.unl.pt [Consulta em 25/09/2020]

Ferreiro, M. (2019): "O portal *Universo Cantigas*: antecedentes, desenvolvemento" en I. Tomassetti (ed.), *Avatares y perspectivas del medievalismo ibérico*, San Millán de la Cogolla: Cilengua, vol. II, pp. 1633-1644.

Lorenzo Gradín, P. (2019): "Notas sobre una nueva base de datos de la lírica gallego-portuguesa: PalMedDB" en E. Muñoz e E. Nogueras (eds.), *"Et era muy acuçioso en allegar el saber". Studia Phololgica in honorem Juan Paredes*, Granada: Universidad de Granada, pp. 455-469.

Lorenzo Gradín, P. e C. de Santiago (2019): "De MedDB a PalMed: bases de datos para el estudio integral de la lírica gallego-portuguesa", *Revista de poética medieval* 33, pp. 25-50.

LPGP (1996): M. Brea (coord.), *Lírica profana galego-portuguesa*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

MedDB=*MedDB*: *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)* [base de datos en liña]. Versión 3.6.2. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, en liña en <http://www.cirp.gal/meddb> [Consultada o: 25/09/2020] (ISSN 1989-4546).

Monaci, E. (1875): *Il canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*, Halle: Max Niemeyer.

Molteni, E. (1880): *Il canzoniere portoghese Colocci-Brancuti, pubblicato nelle parti che completano il codice vaticano 4803*, Halle: Max Niemeyer.

PalMed=*Base de datos paleográfica da lírica galego-portuguesa (PalMed)* [base de datos en liña]. Versión 1.0. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. [Consultada o: 27/09/2020]

Pichel, R. e X. Varela Barreiro (2009): "O Corpus do galego medieval, 'Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega' (TMILG)" en A. Enrique-Arias (ed.), *Diacronía de las lenguas iberorrománicas: nuevas aportaciones*

desde la lingüística de corpus, Madrid: Iberoamericana/Frankfurt am Main: Vervuert, pp. 195-215.

_____ (2014): "Edición de textos da Galiza medieval e moderna: algúns proxectos en marcha" en L. Eirín e X. López Viñas (eds.), *Lingua, texto, diacronía: estudos de lingüística histórica*, A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 291-318.

_____ (2017): "La 'Biblioteca dixital galego-portuguesa antiga' (BGPA): un nuevo formato potenciado para corpus preexistentes gallegos y portugueses" en A. I. Carrasco Manchado (dir.), *Historiador frente a las palabras: lenguaje, poder y política en la sociedad medieval: nuevas herramientas y propuestas*, Lugo: Axac, pp. 129-153.

Léxico	La tranformación semántica más significativa es el siguiente cambio por sustitución que realiza la versión de *Chanchito*. En la segunda estrofa, segundo verso del texto de referencia dice: "La otra morena, rosa carnal..." y en la versión de *Chanchito* dice: "La otra morena, rosa oriental". Pensamos que la sustitución de una palabra por la otra tiene que ver con la carga semántica de la palabra carnal. La Rae lo describe como un adjetivo relativo a lo lascivo o lujurioso. Es por ello que pensamos que hubo una censura por parte del editor al observar que esta palabra y su sentido en el poema no debía ir dirigido al público infantil. Por otro lado, el editor fue cuidadoso con la sustitición y eligio la palabra oriental, que si bien cambia el sentido pasional, no se desvía del significado y acentúa un tono exótico propio de la poesía modernista.

Respecto del sentido del poema, *Las tres toronjas* es un soneto. Por tal razón, pensamos que presenta desafíos para un lector princiante ya que presenta un léxico elevado, visible en metáforas como: "áureos esmaltes" que exaltan la cromaticidad de los frutos y la magnificiencia de los elementos que significan. El título también refuerza esta idea y señala que el símbolo por descubrir está inscrito en el número y en la elección de los frutos.

Las palabras del campo semántico, aluden también al referente literario del imaginario infantil de los cuentos de hadas, y de un mundo arcaico: princesas, mago, encantamiento, muros y dragón. En ese sentido recoge la fuente de la tradición oral y de los cuentos folklóricos y las historias fijadas y reescritas por algunos autores durante el siglo XIX, como, por ejemplo, *Leyenda de las tres toronjas del vergel del amor* de Agustín Durán (1856) o *Las tres naranjitas de oro* de Romualdo Nogués y Milagro (1886) (*vid.* Amores, 1997: 88).

Dentro de este mundo de la tradición oral y su relación con la infancia, el hablante lírico se presenta como un observador de las cualidades físicas de las tres princesas. La lectura intertextual de una de las versiones del cuento folclórico detalla que estas princesas transformadas en frutas viven en medio del bosque y una de ellas es rescatada por el rey del reino. En este caso el hablante, no es de la realeza ni se ubica dentro de la ficción al que apela el poema, sino que mira a través de un muro: "Para robarlas treparé un día/ los encantados muros espesos,/ y ante mis plantas caerá el

dragón". Observamos aquí una oscilación: entre lo que simboliza la tradición oral y la fantasía para la infancia, representado en el héroe que supera obstáculos y vence el mal, frente al crecimiento de un joven poeta que quiere experimentar mediante una acción furtiva las relaciones amorosas.

6. Hacia algunas conclusiones

La edición de los poemas que viajaron desde este lado del Atlántico hasta *Chanchito*, la revista ilustrada colombiana, sufrieron en su peregrinar algunas transformaciones muy llamativas. La más sustancial está en relación con el aparato paratextual pues los poemas se acompañaron de una ilustración que interactuaba con el texto. Si bien no hay una propuesta intencional de condicionar la lectura (como en ocasiones sí observamos en las propuestas contemporáneas de poesía ilustrada) sí contribuye a crear diversas relaciones entre la imagen y el texto poético.

Podríamos aventurar que la incorporación de poemas españoles en la revista estaba asociada a la idea de prestigio y de universalidad presente en esta publicación antes que a un intento por escapar de una literatura más localista. Sospechamos que la inclusión de unos textos en detrimento de otros obedecía a un intento por incorporar obras que formaban parte del repertorio de textos escolares, bien porque se adscribían a géneros asociados a la lectura infantil como las fábulas o bien porque presentaban formas, elementos temáticos o características propias de la Literatura Infantil como el mundo de la aventura o la fantasía. Los poemas incluidos suelen ser textos utilizados en el contexto escolar para ejercitar a los niños en la recitación, la lectura silenciosa, instrucción y la memorización de algunos fragmentos.

Comprobamos también que los escritores seleccionados (con algunas honrosas excepciones) no son escritores altamente reconocidos ni en la literatura general ni en la Literatura Infantil. Muchos son poetas de bajo perfil y probablemente fueron seleccionados más por su relación con el ámbito escolar que por su valía literaria.

Se fue especialmente cuidadoso con el elemento "infantil" en estas versiones. No se dudó en variar aquellas palabras que pudieran causar problemas en la revista. Hemos analizado previamente el caso de "Las tres toronjas" de Villaespesa en el que para evitar connotaciones sexuales y lascivas se sustituyó la palabra "carnal" por "oriental", palabra que, no afectaba a la rima y que aún contenía resonancias exóticas de la poesía modernista. En aras

de infantilizar estos poemas también se usó profusamente el diminutivo para referirse a los niños, sus "lectorcitos" y se idealizó la infancia según un modelo de corte europeo, clasista, adoctrinador y sexista en el que se ofrecía roles sumisos y asistenciales a las mujeres.

Chanchito como otras revistas de la época en Colombia, exaltaba el sentido patriótico, nacionalista y religioso en secciones como "Retazos de Historia", en las conversaciones que sostenía el director de la revista con sus "lectorcitos" y en la sección de poesía infantil por medio de los poemas seleccionados y por su progresiva y decisiva apuesta por la poesía colombiana. *Chanchito* constituyó una publicación en la que se combinaron ideas progresistas en cuanto a renovación pedagógica y educativa, con valores conservadores y católicos asentados en pilares ideológicos como la iglesia, la patria o la diferenciación de sus lectores por motivos de género.

La integración de este repertorio de poesía española respondió más a la circulación de sus obras en contextos escolares que a la vinculación de estos autores con la Literatura Infantil, remarcando de nuevo, el barniz pedagógico e ilustrado de estas publicaciones. Tuvo más valor que esos poemas aparecieran en textos escolares clásicos (a los que probablemente Caro accedió en sus viajes) que sus valores literarios e infantiles. Aun así, no podemos reducir el valor de esta publicación al de un instrumento dogmático, pedagógico y conservador, pues junto a textos de marcado carácter proselitista, hallamos textos en los que la fantasía, la imaginación y la lectura recreativa están más que demostrados como, por ejemplo, la publicación por entregas de *Alicia en el País de las Maravillas*.

De uno u otro modo *Chanchito* se configuró como una revista que aunó la tradición de las publicaciones periódicas infantiles europeas y que contribuyó en la difusión y promoción de la poesía, especialmente de la colombiana y española. Gran parte de los poetas que aparecieron en esta publicación formaban parte del canon escolar y literario durante aquellos años e, incluso, algunos siguen incluyéndose en antologías literarias y libros de texto actuales.

Bibliografía

Alcubierre, B. (2010): *Ciudadanos del futuro. Una historia de las publicaciones para niños en el siglo XIX mexicano,* Ciudad de México: El Colegio de México/Centro de Estudios Históricos/Universidad Autónoma del Estado de Morelos.

Amores, M. (1997): *Catálogo de cuentos reelaborados por escritores del siglo XIX,* Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas y Ministerio de Educación y Cultura.

Aristizábal, D. M. (2018): "¡Periodiquillos para vosotros, chiquitines! Una mirada al desarrollo de la prensa infantil en Colombia (finales del siglo XIX y primeras décadas del siglo XX)", *Secuencia: revista de Historia y Ciencias Sociales* 102, pp. 188-218.

Ballesteros, L. (2016): "La guerra civil española contada por el fascismo italiano: el caso del periódico infantil de Mussolini, *Il Balilla*", *Ámbitos. Revista Internacional de Comunicación,* en línea en https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=168/16848204003] [Consultado 31 12/09/2019].

Bomtempo, M. P. (2015): "Enseñando a las niñas a consumir. *La revista infantil Marilú* (1933-1937)", *Avances del Cesor* 13, vol. XII, pp. 107-132, en línea en http://web2.rosarioconicet.gov.ar/ojs/index.php/AvancesCesor/index] [Consultado el 12/09/2019].

_____ (2016): "Los lectores y las lectoras de *Billinken* se asocian. El desarrollo de los Comités Billinken", *Trashumante. Revista Americana de Historia Social* 8, en línea en https://www.redalyc.org/jatsRepo/4556/455646948004/index.html] [Consultado el 12/09/2019].

Cerrillo, P. C. (2013): "La literatura infantil y juvenil en la Segunda República. El primer impulso en España" en P. C. Cerrillo y Mª T. Miaja (coords.), *La LIJ española en el exilio mexicano,* Ciudad de México: El Colegio de México, pp. 41-49.

Chivelet, M. (2009): *La prensa infantil en España, desde el siglo XVIII hasta nuestros días,* Madrid: Fundación SM.

Díaz, J. F. (2017): *La recepeción crítica de la obra de Francisco Villaespesa,* Almería: Editorial Universidad de Almería.

Escobar, J. D. (coord.) (2018): *El aura juguetona. Antología ilustrada de literatura infantil de la prensa colombiana de los siglos XIX y XX,* Bogotá: Filomena editores, pp. 22-37.

García, Mª. G. (2004): "Las niñas lectoras de la Escuela Evangélica de Guadalajara (1872-1914)" en C. Castañeda, L. E. Galván y L. Martínez (coords.), *Lectu-*

ras y lectores en la historia de México, Ciudad de México: CIESAS/Colegio Michoacán/Universidad Autónoma del Estado de Morelos, pp. 263-284.

Genette, G. (1989): *Palimpsestos. La literatura en segundo grado*, Madrid: Taurus.

Guzmán, D. P., V. Peters y A. Soriano (2016): "Prácticas de lectura en las publicaciones periódicas para niños y maestros en Colombia: de la lectura en voz alta a la lectura para el oficio (1864-1936)" en A. M. Agudelo y G. Adolfo Bedoya (coords.), *Prensa, literatura y cultura. Aproximaciones desde Argentina, Colombia, Chile y México*, Lima: Centro de Estudios Literarios Antonio Cornejo Polar, pp. 131-159.

Martínez, L. (2004): "Retrato de una élite: autores de libros escolares en México (1890-1920)" en C. Castañeda García, L. E. Galván y L. Martínez (coords.), *Lecturas y lectores en la historia de México*, Ciudad de México: CIESAS/Colegio Michoacán/Universidad Autónoma del Estado de Morelos, pp. 115-142.

Moreno, J. (2004): *La poesía infantil en sus textos. Hacia un canon convergente*, Almería: Universidad de Almería.

Olivera, M., J. M. Sánchez Vigil y P. Dorado Pérez (2013): "Análisis de los periódicos infantiles en la Biblioteca del Museo del Romanticismo. Documentación gráfica en la prensa ilustrada", *Documentación De Las Ciencias De La Información* 36, pp. 31-42, en línea en https://doi.org/10.5209/rev_DCIN.2013.v36.41898] [Consultado el 12/09/2019].

Parra-Triana, C. M. (2017): "Fuentes y herramientas para el estudio de la formación del niño lector en Chile (1860-1960)", *Ocnos* 16(1), pp. 144-155, en línea en https://doi.org/10.18239/ocnos_2017.16.1.1026] [Consultado el 12/09/2019].

Pérez Priego, M. Á. (2011): *La edición de textos. Segunda edición ampliada y actualizada*, Madrid: Editorial Síntesis.

Pérez Silva, V. (1996): "Víctor Eduardo Caro" en V. Pérez Silva (coord.), *La autobiografía en Colombia. Biblioteca familiar de la Presidencia de la República*, Bogotá: Banco de la República, pp. 51-53.

Peters, V. E. y M. Trujillo Acosta (2018): "*Rin Rin* y *Chanchito*. La dimensión de sus imágenes. Dos revistas infantiles de ideologías antagónicas publicadas durante la década de los treinta en Colombia", *Análisis* 50, pp. 119-143, en línea en https://doi.org/10.15332/s0120-8454.2018.0092.06] [Consultado el 12/09/2019].

Ramírez, M. T. y J. P. Tellez (2006): *La educación primaria y secundaria en Colombia en el siglo XX*, Bogotá: Banco de la República, Subgerencia de Estudios Económicos.

Robledo, B. H. (2012): *Todos los danzantes Panorama histórico de la Literatura infantil y juvenil colombiana,* Bogotá: Universidad del Rosario.

Silva, R. (2002): "Libros y lecturas durante la república liberal: Colombia, 1930-1946", *Revista Sociedad y Economía* 3, pp. 141-169, en línea en http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=99617938007] [Consultado el 12/09/2019].

Soberón, A. (2001): "Las armas de la Ilustración" en L. Beatriz Suárez de la Torre (coord.), *Empresa y cultura en tinta y papel (1800-1860)*, Ciudad de México: Instituto Mora, UNAM Instituto de Investigaciones Bibliográficas y Seminario de Bibliografía Mexicana del Siglo XIX, pp. 431-444.

Sosenki, S. e I. Rojkind (2015): "Lectores, autores y voceadores: niños y prensa en América Latina (1890-1945)", *Iberoamericana, América Latina, España, Portugal* 15, pp. 83-86, en línea en https://journals.iai.spk-berlin.de/index.php/iberoamericana/issue/view/97] [Consultado el 12/09/2019].

Szir, S. (2007): *Infancia y Cultura Visual. Los periódicos ilustrados para niños (1880- 1910)*, San Martín (Buenos Aires): Miño y Dávila editores.

Tanck de la Estrada, D. (2001): "El primer libro recreativo para niños en México, 1802" en L. Beatriz Suárez de la Torre (coord.), *Empresa y cultura en tinta y papel (1800-1860)*, Ciudad de México: Instituto Mora, UNAM Instituto de Investigaciones Bibliográficas y Seminario de Bibliografía Mexicana del Siglo XIX, pp. 315-326.

Villaespesa, F. (1908): *El patio de los Arrayanes*, Madrid: Imprenta de Balgañon y Moreno.

Zagal, R. R. y L. Galdamés (2018): "El género magazin en Chile. Imagen e Imaginario Nacional en las primeras décadas del siglo XX", *Interciencia. Revista de Ciencia y tecnología de las Américas*, pp. 385-392, en línea en https://www.researchgate.net/publication/325499149_EL_GENERO_MAGAZINE_EN_CHILE_IMAGEN_E_IMAGINARIO_NACIONAL_EN_LAS_PRIMERAS_DECADAS_DEL_SIGLO_XX/citation/download.

Fuentes documentales

Voluntad. Boletín bibliográfico de la librería Voluntad, nº. 1-5, junio de 1934.

Revista Semanal ilustrada para niños Chanchito. 1933. 1934. 63 números.



Palabra allea, conflito social e paratopías do autor na poesía. Aplicacións a un libro de Emilio Araúxo con Isolina Pumar

Arturo Casas
Universidade de Santiago de Compostela

A autoridade do autor é autoridade de coro.
Mikhaíl Bakhtín

Durante anos compartín coa profesora Blanca Ana Roig Rechou traballos e empeños asociados coa preparación do *Dicionario de termos literarios*, dirixido polo Equipo Glifo baixo a coordinación do profesor Anxo Tarrío Varela. É grato agora presentar en homenaxe esta primeira aproximación a un asunto que xulgo relevante para unha reorientación ético-política dos estudos literarios, incluída certamente a propia área de especialización da profesora Roig Rechou, a literatura infantil e xuvenil en perspectiva crítica e teórico-comparada[1].

O conflito social como obxecto de estudo

Segundo demostra a bibliografía existente, para a investigación sobre este sector da produción literaria, ou artística en xeral, resulta fundamental o estabelecemento dunha comprensión previa sobre a existencia e tratamento dos conflitos, entre eles os de índole social ou socio-política, adoito ligados con fenómenos e realidades históricas de amplitude variábel no referido a cuestións como a dominación, o abuso e a violencia[2]. De Platón a Maquiavelo, de Thomas Hobbes a Judith Butler, de Karl Marx a Hannah Arendt, de Simone Weil a Chantal Mouffe, a historia da filosofía e da teoría políticas, como a do conxunto das ciencias sociais —antropoloxía e socioloxía sobre todo—, vén remarcando a centralidade do conflito como obxecto de estudo, con frecuencia de par de nocións como orde social ou cooperación[3].

---

1 Traballo vinculado co proxecto de investigación *Poesía actual e política (II): Conflitos sociais e dialoxismos poéticos* (PID2019-105709RB-I00), que conta con financiamento público do Ministerio de Ciencia e Innovación para o período 2020-2023.

2 Neste sentido, é paradigmático un volume como *The Representations of the Spanish Civil War in European Children's Literature (1975-2008)* (Roig Rechou e Ruzicka Kenfel, 2014).

3 É amplísima a bibliografía sobre a noción de conflito social e as súas moi diversas asociacións conceptuais e aplicacións. Resultarán orientadoras publicacións como as seguintes: Mack e Snyder (1974), Freund (1983), Rex (1985), Webel e Galtung (2007), Wieviorka (2010), Marchart (2018) e Modonesi (2019).

Neste último sentido, debe indicarse que na literatura sociolóxica, o conflito non sempre é interpretado como un proceso negativo para a sociedade e os individuos, suxeitos ou axentes que o protagonizan[4]. Habería conflitos clasificábeis como de crecemento. Estes son a miúdo avaliados como fase de paso para o logro dunha situación mellor que a de partida, incluso para a totalidade de axentes e sectores participantes. Con frecuencia, mercé ao logro dun grao superior de cohesión social. Esta última sería a posición dunha tradición sociolóxica cuxo punto de partida pode sinalarse en Georg Simmel e, posteriormente, tamén en Lewis Coser, un dos maiores referentes da socioloxía do conflito. Pero non debe esquecerse que o propio Marx entendeu os conflitos como motores do cambio social.

Xustamente á luz da mudanza histórica, Alain Touraine sinalou aínda que en cada período histórico existe un conflito central, que para o tempo actual sitúa na loita entre un suxeito desligado dun sistema de valores sociais e un conglomerado de forzas sublimadas pola globalización e o mercado. O propio Touraine e outros sociólogos, como Alberto Melucci, prestaron atención así mesmo ás dialécticas culturais e identitarias entre conflitos e movementos sociais.

En paralelo ao sinalado sobre as ciencias sociais e a súa historiografía específica, a historia da literatura podería lerse —sen dúbida de forma incompleta— como a historia do tratamento e representación dos conflitos humanos en toda a súa ampla variedade. De Homero ou Shakespeare a Rosalía de Castro ou Franz Kafka, por seguirmos co trazado de planos descritivos dilatados que aspiran a seren elocuentes de seu, a historia da literatura abrangue narracións, poemas e dramas en que os conflitos rexistrados nas esferas privada e pública constitúen con asiduidade a cerna dos acontecementos referidos.

Calquera lector sabe, por experiencia, que esa cartografía dos conflitos, dispar e en permanente actualización, ocupa estratos igualmente plurais entre a privacidade ou a intimidade e a vida comunitaria, social e política, con incidencia así mesmo noutras clases de relacións. Entre estas, as existentes entre humanos e non humanos (non só animais), ou entre humanos e a natureza en xeral.

---

4 Segundo é ben sabido, cada unha destas denominacións procede de tradicións de pensamento diferentes e posúe connotacións igualmente diversas en planos como o da propia determinación social da conciencia, o concepto de liberdade e outros.

Resulta evidente, por outra parte, que non todo conflito ten de inicio unha dimensión social, que non todo conflito é radicalmente social desde o seu núcleo ou orixe. Porén, aínda nos casos en que a primeira vista poida semellar o contrario, cabe afirmar que as regras, valores, habitus e prácticas ligados cos conflitos entre axentes acaban tendo proxección no grupo e, en definitiva, acaban incidindo na esfera social. Unha obra literaria que permite reflexionar sobre isto que se sinala é *The Beauty of the Husband. A Fictional Essay in 29 Tangos*, de Anne Carson, que en principio indaga apenas no proceso dun fracaso matrimonial[5].

A fenomenoloxía dos conflitos sociais evidencia non só a súa multiplicidade senón tamén a súa frecuente multifactorialidade, algo ao que a ficción sobre conflitos presta adoito atención. Nisto radica xustamente unha das críticas habituais da socioloxía de inspiración weberiana aos presupostos marxistas máis ortodoxos e economicistas, os inscritos na loita de clases. E nesas coordenadas cabería entender así mesmo o desenvolvemento, por parte de Pierre Bourdieu, dunha socioloxía da dominación pendente de factores diversos. Asociados, por exemplo, ás posicións que os axentes ocupan no campo social e á clase de capital en xogo.

Resulta complicado reducir a multiplicidade de que se fala a un número limitado de variantes do conflito social. En particular, se considerarmos definicións de partida tan dilatadas como a proposta, por exemplo, por Michel Wieviorka (2010: 1-3), director durante máis de quince anos do CADIS (Centre d'Analyse et d'Intervention Sociologiques), fundado por Touraine. Para Wieviorka, o conflito social sería unha relación antagonística entre dous ou máis actores. Baixo outra perspectiva, consistiría na situación producida cando os intereses de axentes individuais e/ou grupais amosan rivalidade polo control do poder ou polo logro dalgunha forma de status/posición.

Algo que conviría non perder de vista a propósito de definicións como a anterior é que as diferentes formas de rivalidade poden ligarse a diversos graos de negociación e institucionalización do conflito. Isto último é útil por exemplo para comprender a evolución de determinadas formas de conflitos culturais e relixiosos, aínda que con certeza tamén para ler os conflitos entre asalariados e patronal na economía postindustrial occidental.

---

5 Este libro de poemas interesa así mesmo pola exploración de alternativas enunciativas á presentación literaria do conflito, algo que neste artigo importa moito. Léase como ilustración o capítulo/tango xix.

A multifactorialidade ten a ver ademais co feito de que os conflitos non pivotan habitualmente sobre un único aspecto opositivo entre partes, senón que son resultado de vectores converxentes ou interseccionais que dificultan as posíbeis alternativas ou resolucións, mais xa antes a súa cabal intelección e comprensión. A literatura e as artes —cando menos certas poéticas— non se sitúan á marxe deste prisma interseccional, segundo contribúen a demostrar producións como as desenvolvidas por poetas como Noémia de Sousa ou Maya Angelou, entre tantas outras.

Núcleos de conflitividade social e representación artístico-literaria

Coa finalidade de concretarmos o até aquí sinalado, cabería esbozar, de todos xeitos, un repertorio sumario de modalidades do conflito social que atopan certo grao de proxección na produción artística, literaria e fílmica contemporánea. Debe entenderse, e é importante telo en consideración á luz do sinalado sobre a multifactorialidade dos conflitos sociais, que a proposta se organiza por sectores non necesariamente disxuntos no relativo aos asuntos de fondo considerados. Entrarían nese repertorio, como mínimo, os conflitos ocasionados por condicións como o comercio de seres humanos, o racismo, o neocolonialismo, a inobservancia de dereitos fundamentais das persoas migrantes, a biopolítica e o control dos corpos, o heteropatriarcado nos planos institucional e cultural, a desatención dos dereitos das persoas discapacitadas ou con necesidades específicas, os abusos da razón de Estado e da orde xurídico-administrativa estatal, a globalización económica e cultural, a conculcación dos dereitos da infancia e das persoas de idade avanzada, o desdén perante asuntos relativos á diferenza cultural e ás identidades sociais, a imposición de regras e pautas socioculturais de procedencia relixiosa, a vulneración de aspectos relacionados coa ética animal, as múltiples implicacións sociais da orde financeira e económica neoliberal, as moi diversas formas de delincuencia económica e social, a sobreexplotación de recursos naturais á marxe dun desenvolvemento sostíbel ou, para non estender en exceso a listaxe, o control corporativo, estatal ou doutras índoles da información, das comunicacións e da propaganda.

Cada un destes sectores ou núcleos de conflitividade social xeran feixes e series de problemas que case sempre inciden na desigualdade, na discriminación, na explotación, na precarización e na mercantilización. Ademais, adoitan incorporar diversas formas de violencia —estrutural, simbólica, cultural, corporal e/ou emocional— que incrementan a vulnerabilidade social dos suxeitos damnificados. A partir do sinalado, reitérase a prioridade de

anotar o carácter multiplicador, incluso exponencial, que á conflitividade social engade a interseccionalidade de factores. Pénsese, por caso, en conflitos referidos á precarización laboral no marco das políticas económicas neoliberais en que comparezan marcas racistas, homófobas e/ou vinculadas con mulleres migrantes menores de idade.

Á luz do anterior, o debate sobre a representación artística ou literaria dos conflitos sociais entra nunha lóxica en que resulta inevitábel atender a dimensión pragmático-enunciativa anticipada. Porque se os axentes son plurais talvez sexa esperábel un incremento proporcional da pluralidade (heteroglósica, ideolóxica, axiolóxica, pero tamén enunciativa) do discurso habilitado pola ficción ou polo artefacto artístico. Ou, en todo caso, un esbozo do problema enunciativo da plurivocidade, atendendo factores como os seguintes: a quen corresponden as voces comparecentes, como se xerarquizan estas voces, que discursos son silenciados ou minorados, sobre que clases de lexitimidade e representatividade se procede a distribucións como as anteriores. Unha dimensión básica nese marco crítico sería, en efecto, a que examina a presenza real e efectiva da heteroglosia, da polifonía e do dialoxismo correlativos á propia multiplicidade e multifactorialidade dos conflitos e, ante todo, á pluralidade dos axentes participantes.

Nesa liña, a hipótese de partida sería expresábel desta forma: na actualidade, canto máis patente se fai o conflito social nun texto/obra máis se activan nel(a) os usos discursivos dialóxicos e polifónicos ou, en xeral, máis se mobiliza a procura de alternativas aos esquemas enunciativos monolóxicos[6], en particular se ese texto promover algunha forma de sensibilización ou de comprensión en termos éticos e políticos do conflito en cuestión.

Se callar, un dos sectores en que o anterior resulta máis perceptíbel e sorprendente, por contraste coas modalidades pragmáticas máis habituais nesa clase de prácticas culturais e textuais, é o da poesía. E en particular o da poesía *para o político*, segundo tratei de explorar en diversas publicacións anteriores.

Advírtase antes de máis, en todo caso, que, cando aquí se fala de poesía, habería que comezar por entender e aceptar a complexa extensión de uso do vocábulo, que transcende en máis dunha dimensión certas concepcións

6 Os termos e conceptos empregados correspóndense cos habilitados pola tradición de estudos sobre o dialoxismo iniciada por Mikhaíl Bakhtín e o seu círculo, en particular arredor da filosofía do acto ético (Bajtin, 1997).

limitadoras do que un poema é ou pode ser, comezando xa pola súa específica materialidade (non só textual) e pola súa concreción como acto comunicativo. Por outra parte, falar de *poesía/arte para o político* implica precisamente unha atención —desde o poema, desde a obra artística, desde o filme— ao que de conflito e antagonismo hai en toda sociedade. Isto á marxe das prácticas de ordenación e regulación de toda esa conflitividade, algo que correspondería xa á política na súa dimensión institucional[7], cunha acentuada dependencia da lóxica de partidos no sistema democrático liberal.

A fin de concretar os pasos que corresponderían a unha indagación da natureza até aquí descrita detallaranse a seguir unha serie de tarefas programáticas que con certeza contribuirían a clarificar o debate.

Conflito social e produción poética actual: catro tarefas

A primeira das tarefas consistiría no estabelecemento específico do repertorio de modalidades de conflito social presentes de forma significativa e recorrente na produción poética contemporánea internacional no tempo presente. En liña co xa suxerido, enténdese aquí esa produción non só nun sentido textual tradicional, senón ampliada a un conxunto aberto de prácticas poéticas situadas en espazos interartísticos, intermediais e interdiscursivos, en particular se estas prácticas afectaren ou se dirixiren dalgún modo á esfera pública e por tanto transcenderen usos delimitados por unha adscrición preferente á privacidade da lectura e o consumo culturais. Como é lóxico, o dito implica atención á percepción dos conflitos nas súas diversas ordes, incluídas as simbólicas e afectivas. E amais unha análise de aspectos vinculados coa recepción e autoría —individual ou colectiva— de produtos poéticos referidos a conflitos sociais, con particular observación dos movementos sociais como axentes e como produtores de textos/accións sobre conflitos, do triángulo conformado por recepción, performatividade e ideoloxía e, en definitiva, dos usos e efectividade da produción poética sobre conflitos sociais nos planos estético, cultural e socio-político.

A segunda tarefa centraríase no estudo da especificidade do tratamento desa clase de referentes temáticos na poesía actual por contraste cos desenvolvementos doutras series textuais ou artísticas, como as producións escénico-teatrais, cinematográficas e televisivas ou as diversas variantes

7 A oposición entre *o político* e *a política*, na cal se fundamenta a proposta dunha poesía *para o político* (non *para a política*), foi desenvolvida por Chantal Mouffe (2007).

da narrativa ficcional, así como tamén cos enfoques e desenvolvementos propios de xéneros periodísticos como crónicas e reportaxes. Na práctica, isto supón unha indagación sobre o lugar do conflito social na literatura e nas artes e unha aproximación ao estudo das diversas narrativas e retóricas do conflito social nas súas translacións artística e non artística. Sería así mesmo importante neste marco o estabelecemento de coordenadas sobre a relación entre poesía e documento, con espazo para a atención ao que se dá en chamar *docupoesía* ou poesía documental, á poesía-reportaxe e a outras modalidades non ficcionais da poesía. Outro aspecto prioritario inscrito nesta segunda tarefa programática sería a atención aos escenarios do poema sobre conflitos sociais: da páxina á rúa, do recital ao festival, da lectura ao acontecemento. E nesta liña, conectada co asunto xa referido da efectividade e da performatividade, sería asemade pertinente a análise dos vínculos entre acción poética e acción política.

A terceira tarefa radicaría na observación da dialéctica, e da gradualidade, entre discursos monolóxicos e dialóxicos na produción poética. Debería incorporar unha análise sobre os aspectos enunciativos e pragmáticos da polifonía poética e sobre os suxeitos e as subxectivacións poéticos/políticos en interacción como partes/axentes do conflito social. Con certeza, deixando espazo para atender o que a sociocrítica vén denominando *discurso social* (Angenot, 2010: 21-91) e *suxeito cultural* (Cros, 2009: 153-179). E, por conseguinte, ocupándose da intersubxectividade, da construción dialóxica do sentido común social e igualmente das representacións híbridas e heterolóxicas da visión do mundo, do sistema de valores e da ideoloxía.

Finalmente, a cuarta tarefa enfocaríase á análise crítica e á determinación de propostas subsecuentes sobre o modo en que a produción estudada se recibe polos diversos axentes sociais e culturais e intervén nunha mellor e máis profunda comprensión do contorno cultural, social e político, con atención ás dimensións antropolóxica, sociolóxica, histórica, ética e política. Faríase precisa, a esa luz, unha revisión crítica da noción de compromiso intelectual e/ou partidario e outra do propio artista/poeta como axente[8]. E, non menos, do seu éxito/fracaso no campo de intervención escollido.

8 Por exemplo, a través do que a análise do discurso desenvolvida por teóricos como Dominique Maingueneau, Ruth Amossy, Jérôme Meizoz e José-Luis Diaz vén estudando como imaxe de autor, escenas de enunciación, posturas literarias, topoloxías e paratopías.

Cara a unha aplicación analítica: *Avía que aí vén o sol*

Nunha publicación recente, con motivo da reedición do *Libro da Ribeira Sacra (Cinsa do vento)* de Emilio Araúxo, tiven oportunidade de perfilar os trazos dunha poética notoriamente singular nas coordenadas da poesía galega contemporánea. Nado en 1946, Araúxo foi profesor de filosofía. Ademais de poeta é tamén ensaísta, tradutor, fotógrafo, etnógrafo e editor fundador dos selos Noitarenga e Amastra-N-Gallar. Entre os aspectos que anotei no estudo introdutorio ao *Libro da Ribeira Sacra* (Casas, 2019) destacarei de seguido cinco que, como se comprobará, concretan puntos de contacto con boa parte do até aquí introducido, tanto a propósito da representación dos conflitos sociais en poesía como en relación coas dimensións dialóxica e heteroglósica da produción poética contemporánea *para o político*.

Velaquí os aspectos anunciados. En primeiro termo, a constitución dunha urda de voces e memorias, de historias e mitos, que en boa medida dá conta semiótica dunha cultura, ao se explicitar o significado dos ritos e dos traballos, das festas e da dominación, das soidades e dos medos —todo sometido a unha moi concreta localización xeocultural e simbólica, polo que os sucesivos libros de Araúxo admiten ser recibidos como cartografías de determinados espazos a diversa escala: Ribeira Sacra, illa de Ons, comarca de Maceda, Corga de Lubrigo...—, a miúdo baixo o protagonismo de mulleres maiores que interveñen o poema para pronunciaren a supervivencia desde unha especie de espectralidade transhistórica e asemade anunciaren a consumación dunha cultura, se cadra o final dunha nación. Todo o anterior sen deixar de pór en cuestión o grao efectivo de consciencia individual e colectiva do devir histórico, en particular no que concirne aos abusos, a dominación e os conflitos vividos. En segundo lugar, a transferencia dunha historia biopolítica case inaudíbel dos mundos e experiencias postulados, unha historia claramente dita desde abaixo, desde a pobreza e a subalternidade enunciadas, sen importar moito quen fala exactamente en cada caso nin as identidades dos individuos, anónimos antes do poema. Terceiro, a proxección do *ethos* e das técnicas da fotografía e do cinema documental sobre a posta en práctica duns textos nalgunha medida pensados como *docupoesía* (con citas máis ou menos amplas do discurso heterofónico, heteroglósico e heterolóxico de terceiros) na procura do *poema-acto*, isto é, dun discurso-rexistro oral que procede de actos de fala probabelmente empíricos en orixe, radicados en situacións/accións de traballo, de memoria ou de confidencia moi concretas; todo con inmediata repercusión na recepción

deses textos-acto por parte do futuro lector (Lema, 2018), quen percibirá aquela experiencia da copresencialidade dialóxica documental case como propia. En cuarto lugar, a exploración das vías enunciativas dunha *des*-autoría que cede o discurso que chamaríamos *propio* ou *do autor* a outras voces e a outros testemuños, en principio *des*autorizados e paratópicos, que poden corresponder a un ou a máis suxeitos (dependendo de cada libro) que non se limitan a desempeñar o papel de personaxes e que non estabelecen unha xerarquización interna deles nin dos seus discursos. E xa en quinto termo, unha disposición textual rizomática, na cal os poemas non avanzan, non se suceden exactamente nin se dirixen a un lugar conclusivo específico senón que se arman nunha montaxe que Deleuze consideraría de repeticións diferenciais e diferenciantes.

Centrémonos a partir de aquí, dun modo que só pode ser esquemático por razón de espazo, no libro de 2016 *Avía que aí vén o sol (con Isolina Pumar na Corga de Lubrigo)*. Este volume deu continuidade a outros previos do autor en que a voz principal e/ou a presenza fotográfica correspondera tamén a Isolina Pumar[9], segundo se plasma nos subtítulos, encabezados case todos polo sintagma "con Isolina Pumar" e seguidos por unha indicación locativa (do tipo "en Carreiro Branco") ou, nun caso, cronolóxica ("o 12 de setembro do 2011"). *Avía que aí vén o sol* é un libro de 88 páxinas que reúne, como noutras publicacións do autor, textos e fotografías, uns e outras vinculados a datas introducidas como marca cronolóxica do rexistro. En *Avía* aparecen dúas: 18 e 19 de xullo de 2015. A primeira, un sábado, integra a primeira serie textual (pp. 6-18) e 19 fotografías (19-37). A segunda asóciase á segunda serie textual (39-54) e a 32 fotografías (55-86). Malia se tratar deses días da semana, aqueles dous foran días de traballo para Isolina Pumar, muller nada o 10 de setembro de 1917 —por tanto, con 97 anos de idade no momento do rexistro—, segundo informa a contracapa do libro. Nela indícase tamén que o labor concreto fora o de mondar os soutos. Textos e fotografías dan fe disto último en termos referenciais, aínda que non en exclusividade.

Nas dúas series sinaladas, os textos participan en certa medida da práctica totalidade das pautas enunciativas, compositivas, semántico-temáticas e formal-arquitectónicas (isto, no sentido dado á expresión por Bakhtín) que se indicaron a propósito do *Libro da Ribeira Sacra*.

---

9 Os títulos foran *Andades á xunta?* (2010), *Corga toda cribada* (2011), *As ferramentas pesan máis nos brazos* (2011), *Séntate eí un pouco* (2011) e *Chaviou naquela idea* (2015).

Acentúase neles a característica da montaxe de poemas-acto, organizada como sucesión secuencial de momentos de discurso[10] separados por unha simple liña en branco e adoito asociados a algunha clase de acción. Un exemplo: "non me corta a herba o fouciño/ ou é da herba/ non a leva" (14). Tamén aparece potenciada a aproximación ao intercambio lingüístico natural, extremando o programa poético e a causa ético-estética de William Wordsworth, tal como se detallaban en 1800 no prefacio ás *Lyrical Ballads*. Tal intercambio conserva, nalgún caso, formas de apelación a un destinatario que non se oculta que sexa o autor que asina (e pensou) o libro: "ai o non poder Emilio/ que negra é a vida/ dáme pena que ti esteas segando/ i eu sentada" (44-45).

Trátase aquí dun destinatario cuxo *ethos* discursivo e prediscursivo —concepto asociado por Maingueneau (2004) a unha determinada escena de enunciación e a unha certa escenografía— consiste en non se amosar, en intervir apenas como elemento activador inaudíbel da toma da palabra por unha outra, Isolina Pumar, que así se constitúe de vez en suxeito discursivo literario, e se cadra tamén histórico. Un destinatario-autor, en fin, cuxa funcionalidade consiste na escoita (e, no fondo, en desconstruírse como escritor) e cuxa *presentación de si* no espazo literario público conforma unha estratexia e unha *postura literaria* —segundo o esquema conceptual que Meizoz (2007) adopta baixo inspiración weberiana— delimitadas ou cinguidas como simple testemuña autorizada dunha comunidade discursiva, dunha estirpe labradora. En fin, como "escriba dunha tribo", se queremos empregar a expresión aplicada polo propio Meizoz (2007: 65-74) á produción de Charles-Ferdinand Ramuz.

Todo o que se vén de anotar sustenta a propósito da obra poética de Araúxo, e del mesmo como autor, unha condición de grande especificidade, xustamente pola forma de exploración dos límites entre obra, vida propia e imaxe de autor[11].

---

10 Algúns brevísimos, cun ou dous versos. Outros máis longos, de até unha ducia de versos, ou algo máis. Un deles, moi significativo para tratar un dos conflitos introducidos no texto, con máis de cincuenta (8-10).

11 Lémbrese aquí o dito a propósito da cuarta tarefa en relación coa converxencia entre produción poética actual e conflito social, en particular a propósito da necesaria reinterpretación do concepto de compromiso intelectual/artístico.

Maingueneau (2001) estudou o que chama *paratopía* como unha posíbel saída aos mecanicismos tantas veces ambiguos e paradoxais da dialéctica texto-contexto (e obra-vida), que o son tamén de inclusión/exclusión. A literatura, como discurso constituínte, autorízase e autolexitímase por si mesma, e desde o punto de vista enunciativo posúe carácter autofundado. Pero nada diso implica perda de función e usos sociais. A condición paratópica do discurso literario procedería desa dobre situación discursiva, dese emprazamento fronteirizo, fundacionalmente deslocalizado e socialmente localizado. As paratopías autoriais (non son as únicas que se contemplan por parte do teórico citado) materializáronse historicamente, sempre segundo Maingueneau, de diversos modos: por exemplo, como república das letras, cenáculos, academias..., e sempre conxugaron, problematicamente, elementos de exclusión e de integración.

O peculiar do lugar/non-lugar discursivo da produción poética asinada por Araúxo é a amplitude, a largura dos límites paratópicos explorados polos textos e pola figura do autor como lexitimadora e fundadora dos mesmos e asemade como radicalmente allea a toda fonte de institucionalización, comezando polas propias ideas de escritura e autoría[12]. Con todo, o que aquí centra a nosa atención non é tanto esa dobre condición paratópica como o feito de que os mundos textuais e a súa autorización conformen unha especie de cartografía dos conflitos dunha realidade cultural captada e rexistrada nos seus estertores últimos. Realidade e mundo que son os da Galiza rural, despoboada, excluída, empobrecida e secularmente sometida a dominación. Mundo que é tamén o das mulleres, dobremente dominadas e sometidas a diversas formas de violencia, non só por razóns socioeconómicas senón, ademais, por razón de xénero.

Nunha epígrafe anterior presentouse unha especie de repertorio posíbel da conflitividade social. De o repasarmos agora sería doado identificar algúns núcleos que tiveron cabida nos textos deste breve libro de Araúxo e que en certo sentido o articulan, sempre desde a palabra allea (feita propia) de Isolina Pumar. Entre eles destacaría, sen deixar de ter presente o sinalado sobre interseccionalidade, os seguintes: a biopolítica e o control dos corpos, as violencias do heteropatriarcado, o neocolonialismo económico e cultural, o menosprezo das vidas das persoas de idade avanzada e a desatención sistémica do mundo rural. Todos este factores nuclean e multiplican con-

12 Esa conexión das paratopías do mundo representado pola obra e a do autor estúdaa Maingueneau (2001: 173-188) baixo o rótulo de *embrague paratópico*.

flitos sociais de severas consecuencias. E todos aparecen enunciados, con maior ou menor grao de consciencia crítica e histórica, pola voz allea da protagonista. Aparentemente, non *dualizada* polo autor (no sentido dado por Bakhtín á expresión). Simplemente, rexistrada, documentada.

En *Avía* fálase aínda, de forma específica, de feminicidios (8-9):

> eu non sei que fin foi delas
> a elas matáronas e enterráronas
> unha que foi servir
> e chalouse por un
> se cadra díxolle que a quería e montouna
> e desapareceu e non apareceu máis
> a esa matárona
> e tivérona que levar a un bosque e enterrárona
> e nin apareceu máis
> o caso é que aínda hoxe non volveu
> non houbo quen tirase
> cantaba moi ben
> fomos un ano á seitura xuntas
> segaba ben
> chamábase Mari Carme
> [...]
> e aiquí en tempos
> tamén faltaron dúas mulleres
> unha chamábase Dominga
> e a outra era a Toura
> tamén dicían que a enterraran nas Tapadas Vellas
> a mai dicía que faltaran
> que as mataran

De porparte, na obra poética de Araúxo somos conducidos como lectores a un lugar de fronteira, de novo paratópico. Percibimos estados de cousas como o do poema que se vén de citar sempre desde voces alleas á do autor (no caso de *Avía*, a de Isolina Pumar), aínda que inevitabelmente mediadas pola súa presenza e rexistro. E este último recibímolo en simultaneidade como documento e como poema. Asistimos así aos conflitos referidos non só baixo a luz da representación literaria senón tamén como auténticas testemuñas vicarias do autor e como receptores case inmediatos do discurso alleo habilitado.

Bibliografía

Angenot, M. (2010): *El discurso social. Los límites históricos de lo pensable y lo decible*, antoloxía de textos e presentación de Mª. T. Dalmasso e N. Fatala, trad. de H. H. García, Bos Aires: Siglo XXI.

Araúxo, E. (2016): *Avía que aí vén o sol (Con Isolina Pumar na Corga de Lubrigo)*, Noia: Toxosoutos.

Bajtin, M. M. (1997 [1992]): *Hacia una filosofía del acto ético. De los borradores y otros escritos*, comentarios de I. M. Zavala e A. Ponzio, trad. de T. Bubnova, Barcelona: Anthropos e Editorial de la Universidad de Puerto Rico.

Casas, A. (2019): "Ética das verdades, urda de voces" en E. Araúxo, *Libro da Ribeira Sacra (Cinsa do vento)*, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora, pp. 7-36.

Cros, E. (2009 [2003]): *La Sociocrítica*, trad. de F. Linares Alés e C. Ávila Martín, Madrid: Arco/Libros.

Freund, J. (1983): *Sociologie du conflit*, París: Presses Universitaires de France.

Lema, C. (2018): *A voz e o Outro*, Rianxo: Axóuxere.

Mack, R. e R. C. Snyder (1974 [1957]): *El análisis del conflicto social. Hacia una revisión y síntesis*, trad. de J. Schnitman, Bos Aires: Nueva Visión.

Maingueneau, D. (2001 [1993]): *O contexto da obra literária. Enunciação, escritor, sociedade*, trad. de M. Appenzeller, São Paulo: Martins Fontes, 2ª ed.

_____ (2004): *Le Discourse littéraire: paratopie et scène d'énonciation*, París: Armand Colin.

Marchart, O. (2018): *Thinking Antagonism. Political Ontology after Laclau*, Edimburgo: Edinburgh University Press.

Meizoz, J. (2007): *Postures littéraires. Mises en scène modernes de l'auteur*, Xenebra: Slaktine.

Modonesi, M. (2019): *The Antagonistic Principle: Marxism and Political Action*, Leiden e Boston: Brill.

Mouffe, C. (2007): *En torno a lo político*, trad. de S. Laclau, Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.

Rex, J. (1985 [1981]): *El conflicto social. Un análisis conceptual y teórico*, Madrid: Siglo XXI.

Roig Rechou, B. A. e V. Ruzicka Kenfel (eds.) (2014): *The Representations of the Spanish Civil War in European Children's Literature (1975-2008)*, Fráncfort: Peter Lang.

Webel, C. e J. Galtung (2007): *Handbook of Peace and Conflict Studies*, Oxford: Routledge.

Wieviorka, M. (2010): "Le Conflit Social", *Sociopedia.isa*, en liña en <https://sociopedia.isaportal.org/resources/resource/le-conflit-social> [04/09/2020].

Duas faces de um mesmo Atlântico: sistema, subsistemas, polissistemas e a literatura infantil e juvenil brasileira e galega

João Luís Ceccantini
Universidade Estadual Paulista "Júlio de Mesquita Filho"
Thiago Alves Valente
Universidade Estadual do Norte do Paraná

Tal como 1992, com a criação do jornal *Proleitura*[1], ou 2004, com a publicação de um primeiro livro coletivo[2], o ano de 2008 tornou-se um dos marcos mais importantes da história do Grupo Acadêmico "Leitura e Literatura na Escola"[3] (GALLE), vinculado à Faculdade de Ciências e Letras de Assis–UNESP–Universidade Estadual Paulista "Júlio de Mesquita Filho" (Brasil). Trata-se de um ano decisivo para a "internacionalização" das ações do Grupo Acadêmico, demanda cada vez mais frequente nas Universidades brasileiras ao longo das últimas décadas.

O Grupo originou-se de um projeto de pesquisa –"Narrativas Juvenis na 7.ª e 8.ª séries[4] do 1.º Grau: Abordagens de Leitura e Bibliografia Comentada"– desenvolvido de 1988 a 1990 por três professores de Literatura Brasileira[5] da FCL Assis preocupados com os baixos índices de leitura observados nas escolas públicas da cidade de Assis e região, bem como com outras questões ligadas à metodologia de ensino de literatura e à formação de professores de Letras. Em 1991, face ao sucesso alcançado com o projeto de pesquisa aplicada então realizado, ainda relativamente pouco comum à época no Brasil, no que diz respeito aos estudos literários, foi dado um passo maior, sendo criado o Grupo Acadêmico, sob a coordenação do professor Carlos

1 Jornal voltado particularmente aos professores de língua e literatura das séries finais do 1.o Grau (hoje denominado Ensino Fundamental) e do 2.º Grau (hoje Ensino Médio), que circulou de 1992 a 2000, com números temáticos.

2 Pereira, Rony Farto; Benites, Sonia Aparecida Lopes (orgs.): *À roda da leitura*: língua e literatura no jornal *Proleitura*, São Paulo: Cultura Acadêmica; Assis: ANEP, 2004.

3 Denominado oficialmente Grupo de Pesquisa CNPq (Conselho Nacional de Desenvolvimento Científico e Tecnológico, entidade ligada ao Ministério da Ciência, Tecnologia, Inovações e Comunicações para incentivo à pesquisa no Brasil).

4 Séries que então recebiam principalmente estudantes de 13 e 14 anos.

5 Carlos Erivany Fantinati (1941), Maria Alice de Oliveira Faria (1930-2005) e João Luís Ceccantini (1962).

Erivany Fantinati[6]. O Grupo ampliou seu âmbito para além do estado de São Paulo, vindo a integrar pesquisadores de diversos outros estados, como Paraná, Rio Grande do Sul, Mato Grosso do Sul, Mato Grosso e Goiás. Os integrantes do Grupo passaram a se reunir periodicamente e a desenvolver de forma conjunta diversas pesquisas, publicações, eventos científicos, cursos, bancas, entre outras ações que ganharam visibilidade ao longo do tempo e alcançaram crescente repercussão nacional na área da *leitura, formação do leitor literário, literatura infantil* e *literatura juvenil*, entre outros temas.

Víctor incorporouse á partida cando estabamos en Vigo. Aínda que se cadra xa nos coñeciamos de antes, dos corredores da facultade, pois Blanca e Anxo son un pouco maiores ca nós. Vigo foi un territorio especial: espazo de encontros e descubertas. Anxo daba clases no chamado Colexio Universitario. Aínda non había universidade. E Blanca era profesora titular contratada na Escola Universitaria de EXB. Daquela estabamos integrados na organización dos Premios da Crítica Galicia e nas actividades do Círculo Ourensán Vigués, na rúa Venezuela. Bieito Ledo, que contra o ano 1975 abrira unha librería na cidade, Ir Indo, fixérase coa presidencia da devandita asociación e empezou a chamar por unha serie de amigos e coñecidos para poñer en marcha un proxecto de animación cultural e galeguista. Naqueles anos a única asociación que había en Vigo destas característica era a Asociación Cultural. Nós queríamos ampliar a oferta. En realidade o que procurabamos era un espazo de relación máis aberto, non tan marcado politicamente. Arredor de Bieito fomos xuntándonos un grupo de persoas, tamén moi variadas, dispostas a poñer en marcha iniciativas novas: cursos de lingua galega, cursos de baile e de música, encontros de lecer, biblioteca, cursos de iniciación á informática, presentación de libros, conferencias, palestras de debate... O Día das Letras Galegas organizabamos no auditorio de Castrelos a Romaría das Letras e enchiamos a cidade de carteis. Dende os micrófonos de Radio Popular de Vigo promoviamos programas de difusión cultural. En chegando o outono alguén inventou a Romaría da Caída da Folla no monte Aloia. Nos locais do Círculo reuníase o movemento asociativo veciñal... Eran días de ilusión e entusiasmo, tal que dixera no seu día Rafael Dieste falando da arribada da Segunda República. No estudo do pintor Lodeiro

reunímonos para redactar un manifesto a prol dunha nova cultura para a cidade que empezaba así: "Vigo é un ermo intelectualmente triste...". Nós queríamos axudar a transformalo.

Non quixeramos deixar fóra algúns nomes das persoas que naquel movemento participamos: os libreiros e clientes de Arcova, os seareiros de Ir Indo, entre eles, Xurxo Torres, Bibiano, Ánxel Huete, Antón Patiño, Monroy, Enrique Macías, Fernando Randulfe, Elvira Landín, Alberto Fresco, Francisco Carballo, pero sobre todo o núcleo do Círculo Ourensán Vigués, gran parte dos cales nin eramos ourensáns nin naceramos en Vigo: Francisco Mantecón, Manuel Janeiro, Roi Alonso, Pili Carrera, Miguel Anxo Murado (o biólogo) e Blanca Lourenzo, músicos os dous, Uxío Labarta, Vítor Vaqueiro, Manolo Vilanova, Emilio de Gregorio, Luis Suárez, Servando Rodríguez, María Xosé Porteiro, Xose Antonio Perozo, Adolfo Gálvez, Modesto Hermida, Manolo de Xuventudes Musicais, Xosé González Martínez, Santiago Santos Castroviejo... Non quixeramos esquecer a ninguén, pero alí estaban tamén Anxo Tarrío e Blanca Ana Roig, comprometidos naquel activismo cultural que reunía miles de persoas nas romarías e unha asistencia continuada ás actividades que programaba a asociación.

En 1981 Anxo asume as aulas de Literatura Galega na Universidade de Santiago e a familia trasládase a Compostela. Nós ficamos en Vigo. Inevitablemente, a relación deixou de ser tan intensa. Daquela son os cocidos de Portosín, e algunhas colaboracións no eido editorial, logo que Víctor accede a dirección de Edicións Xerais de Galicia e, máis tarde, de Editorial Galaxia, á morte de Carlos Casares.

Cando dende o Centro de Investigacións Ramón Piñeiro, do que Anxo e Blanca foron promotores e onde realizaron durante anos unha actividade constante e relevante, complementaria coa realizada na universidade compostelá, nos suxeriron a posibilidade de colaborar nun libro-homenaxe destas características, decidimos, primeiro: asinar este traballo conxuntamente, porque xuntos compartimos moitos días, moitas horas de colaboración e conversa, moita memoria de vello, moita amizade...; segundo: centrar a nosa participación no que chamamos a "crónica sentimental", esa memoria das cousas que nos acompaña sempre, que forma parte de nós e que configura co tempo a nosa personalidade. Como xa dixemos, outros se ocupan nestas páxinas dos méritos da investigadora, profesora, especialista sobre todo na chamada LIX, a literatura para a xente máis nova, cuestión que sempre a

preocupou e arredor da cal desenvolveu e segue a desenvolver un labor moi necesario, nalgúns aspectos mesmo pioneiro.

Somos o que somos, pero en gran medida somos tamén a pegada que deixan en nós as amizades. Cando en 1982 lle concederon a Víctor o Premio de Novela Eduardo Blanco Amor por *O triángulo inscrito na Circunferencia*, que publicou a Editorial Galaxia, da que entón era xerente Bieito Ledo, Anxo Tarrío estaba no xurado, que presidía Gonzalo Torrente Ballester, xunto con Alfredo Conde, Benito Varela Jácome e Basilio Losada. Damos fe que ninguén sabía da autoría do texto, ata o punto de que aquela tarde Blanca Ana chamou por teléfono á casa sorprendida, entusiasmada, aceleradísima, para darnos a noticia, e o primeiro que dixo foi: "Pero, Vitiño, ti que fixeches?". E alá fomos en romaría a Mugardos, unha boa parte dos amigos do Círculo Ourensán Vigués, a celebrar o premio, que se entregaba formalmente naquel concello. Estas cousas non se esquecen. Benzóns para Blanca. E mais para Anxo tamén.

Brión, setembro 2020

Carvalho Calero en "a ledicia de ler" de Casares

Mar Fernández Vázquez
Universidade de Vigo

Introito

Ricardo Carvalho Calero, figura clave na cultura galega[1] e homenaxeada no Día das Letras 2020, foi docente da materia Lingua e literatura galega, a cal encomezara a ofertarse na universidade compostelá no curso académico 1965-1966 coma optativa para estudantado de Filosofía e Letras, licenciatura que desde o curso 1963-1964 creara a sección de Filoloxía Románica, na que se licenciou Carlos Casares en 1969[2].

Aínda que as preferencias de Casares[3] se decantaban polas materias Literatura Española, Crítica Literaria, Literatura Hispanoamericana, Lingua e Literatura Francesa e Lingua e Literatura Galega[4], a súa relación co profesorado da universidade compostelá foi bastante disconforme: daquela non conxeniaba cos profesores de Latín e Grego –sobre todo con Abelardo Moralejo–, nin co catedrático de Literatura española Enrique Moreno Báez[5] nin con Constantino García[6], mais si o fixera nun primeiro momento con

1 Por estudos de referencia coma os amentados na Bibliografía, entre outra produción literaria, e pola súa "pegada do compromiso" (Cajaraville, 2020).

2 Tras cursar por libre materias nas Universidade de Santiago de Compostela (onde estivo matriculado nos cursos 1962-1963, 1965-1966, 1966-1967 e 1967-1968) e Universidade de Oviedo (con matrícula nos cursos 1963-1964 e 1964-1965) se ben en realidade "foron tres os cursos" (Monteagudo, 2017: 18) que dedicou á carreira: 1963/1964, na Universidade de Oviedo, e 1966/1967 e 1967/1968 na Universidade de Santiago de Compostela.

3 Homenaxeado o Día das Letras 2017.

4 Nas que obtivo a cualificación de "Sobresaliente" e que son temáticas recorrentes nas súas colaboracións xornalísticas, xa desde os retratos paródicos con Siro López en *La Región* e anos despois en *La Voz de Galicia*, tanto nas seccións "a ledicia de ler" coma nas variantes da recoñecida e exitosa "Á marxe".

5 Segundo plasma no "Primeiro retrato": "expón con solemnidade estudada o sistema que vai seguir e as condicións que que terán que rexer nas súas clases. Debaixo da monotonía do seu ton aburrido escóndese unha premonición de ameazas inconcretas que fan máis denso o ata entón pesado silencio da aula" (Monteagudo, Salgado e Vilavedra, eds., 2017: 190-191).

6 Docente seu en cuarto e quinto de carreira, como denota que a materia "Filoloxía Románica 2" –xunto con Educación política 2 e 3– retrasase a súa licenciatura ata 1969. A súa visión como alumno variou cos anos, ata o punto de recoñecer o seu labor a prol da lingua

Carvalho Calero, quen gañara a cátedra de Lingüística e Literatura Galega en 1972 e dirixiu a memoria de licenciatura de Casares sobre Manuel Curros Enríquez[7] e *Aires da miña terra* defendida en 1973 e publicada en 1975[8]. A mala relación de Casares con Constantino García e a suposta "escasa sintonía persoal e intelectual" (Monteagudo, 2017: 45)[9] entre Carvalho Calero e Casares explicarían que o autor de *A galiña azul*[10] abandonase en 1979 a súa tese de doutoramento sobre a Xeración Nós, pese ao ánimo de Ramón Piñeiro e ao establecemento da subsección de Filoloxía Galego-Portuguesa na universidade compostelá en 1977.

Poliédrico Carvalho Calero en "a ledicia de ler"

A mencionada relación cambiante no tempo con Carvalho Calero non empece que Casares atendera a súa figura nas notas de lectura (Casares, 1982b) ou recensións e comentarios de libros (Casares, 1992) da sección "a ledicia de ler", a cal principiou o autor limiao tres meses despois de finalizar a súa

en abondosas achegas de "a ledicia de ler" referidas ao labor desenvolvido no Instituto da Lingua Galega que el impulsou e dirixiu.

7 Autor no que proseguiu a investigar, dando ao prelo *Obras completas* (Aguilar, 1979), *Manuel Curros Enríquez* (1980) e *Poesía galega* (1992) e resaltando a súa figura ao promover o Congreso Internacional sobre Curros Enríquez e pronunciar a conferencia "Subsidios para unha revisión de aspectos controvertidos da vida, obra e ideoloxía de Curros Enríquez" (Monteagudo, Salgado e Vilavedra, eds., 2017: 71-83).

8 Ao remate do seu primeiro curso académico como docente no instituto de Cangas, tras aprobar as oposicións de marzo de 1974 para profesor de Lingua e Literatura Española no ensino medio.

9 Baseada en que "o vello profesor, a piques de xubilarse, comezou a distanciarse do grupo Galaxia" (Monteagudo, 2017: 45) e no feito de que Carvalho Calero era un "home de indubidable fondo galeguista e liberal, pero decididamente anticuado nos gustos, no porte e no trato, completamente anacrónico na súa visión erudita da literatura e celoso en extremo no tocante á consideración do seu estatus social e profesional".

10 Volume narrativo fundacional da Literatura Infantil e Xuvenil galega que Blanca Ana Roig Rechou puxo en valor desde a súa tese de doutoramento *A Literatura Galega Infantil. Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade* (1996) e sobre todo nos artigos "Literatura infantil e xuvenil. Carlos Casares *in memoriam* (1942-2002)" (2002) e "La aportación decisiva de Carlos Casares a la LIJ" (2009). O meu agradecemento a esta estudosa que leva anos informando e formando sobre o sistema da Literatura Infantil e Xuvenil galega desde a docencia universitaria, proxectos e grupos de investigación e publicacións de referencia, coma se pode seguir pola súa páxina en liña http://webspersoais.usc.es/persoais/blanca.roig/.

colaboración xornalística na sección "Con esta lupa"[11] e mantivo entre 1975 e 1992[12] de forma flutuante e simultánea coas seccións "Ao marxe", "Á marxe", "Día a día" e "A tertulia". Escribía estas notas desde "a experiencia dun lector teimudo e recalcitrante, familiarizado por profesión e vocación coa literatura" (Casares, 1978a) e movido pola premisa de que "os pobos sen memoria convértense en cotidianidade desnortada" (Casares, 1978b) e sobre todo coa finalidade principal de "botar unha man para mellorar a aceptación do libro galego entre os lectores" de *La Voz de Galicia*, pese ao "paradoxo" de "falar de libros nun país onde se le tan pouco".

Unha comparanza cronolóxica entre a produción de Carvalho Calero e as datas entre 1975 e 1992 cando Casares publica a sección "a ledicia de ler" explica que os comentarios literarios do autor limiao sobre novidades editoriais referidas ao catedrático ferrolán se limitasen a dez notas literarias ás que cabe engadir dez recensións de obras doutros autores, debido á alusión e referencia indirecta a novas facetas da figura poliédrica de Carvalho Calero.

Casares demostra un profundo coñecemento do contido e sobre todo un sentido recoñecemento do labor desenvolvido polo estudoso ferrolán desde a primeira edición da *Historia da literatura galega* en 1963 polo "valor indubidable" (Casares, 1975c) que supón esta obra grazas ao "rigor científico" do catedrático ao visibilizar a produción dos autores en galego e o lugar senlleiro da figura fundacional, Rosalía de Castro, a quen dedica o capítulo IV. O autor de *Xoguetes para un tempo prohibido* así o manifesta na recensión "A literatura de Carballo Calero" (Casares, 1975c) do 22 de xuño de 1975 sobre a saída do prelo da segunda edición aumentada da *Historia da literatura galega* (Editorial Galaxia, 1975), cando salienta os oito capítulos engadidos, a corrección da primeira edición e o complemento das setenta e dúas páxinas "de índices diversos: onomástico, de obras, de revistas e xornais, de láminas e xeral". Como exemplos desta "obra monumental" e con "rigor" apunta os "estudos exemplares da obra de Noriega Varela, de Cabanillas, de Otero Pedrayo ou de Cunqueiro" e a metodoloxía do "positivismo tradicional" da maioría do volume combinada cun método "estrutural" para aclarar aspectos de *Os vellos* de Castelao. O entusiasmo de Casares con esta Historia explica

11 Da autoría dupla de Casares como autor textual e de Siro López como autor visual, e publicada en *La Región* entre 1972 e 1974.

12 En concreto, entre o 5 xaneiro de 1975 e o 28 maio de 1987 na primeira etapa; e desde o 17 de xuño de 1990 ata o 4 de xuño de 1992 na segunda etapa.

que, no final da recensión, loe tanto o feito de que Carvalho Calero "puxo a proba o tempero do seu saber" coma que renunciara temporalmente á faceta de creador literario; e que afirme con rotundidade "para iso cumpría tamén ser xeneroso. El foino en abundancia. Que Deus llo pague".

O recoñecemento á "calidade e pulcritude do traballo realizado" por Carvalho Calero á fronte da citada cátedra da universidade compostelá manifféstao o autor de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* nos comentarios literarios "Unha escolma de prosa galega" (Casares, 1977a) do 27 de febreiro de 1977; "Poetas novos" (Casares, 1977d) o 10 de xullo de 1977; e "Prosa galega (segundo volume)" (Casares, 1978c) do 17 de decembro de 1978. O primeiro deles céntrase na selección *Prosa galega I. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós* (Editorial Galaxia/Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela, 1976) dedicada aos antecedentes ao grupo Nós e da que salienta, entre outros aspectos, preocupacións constantes no Casares lector, autor en galego, crítico e investigador da literatura galega: "cubrir un baleiro importante" por mor da escaseza de escolmas de prosa fronte ás de poesía, presentar un "carácter escolar", e manter os textos dos primeiros oitocentistas na "virxindade normativa absoluta" xa que isto ofrece datos para "o estudo da evolución do galego escrito" e para "a socioloxía da lingua", caso dos coñecidos textos de Pintos "sobre o menosprezo da lingua". O segundo comentario pon en valor o "xuízo crítico-literario responsable" manifestado por Carvalho Calero no seu prólogo para o poemario colectivo *Alén* (Follas Novas, 1977) da autoría de Miguel A. Mato, Xosé Ramón Pena e Francisco Salinas Portugal, quen non buscan un "respaldo ou un aval político". E no terceiro comentario literario, dedicado ao segundo volume recompilatorio de prosa galega, *Prosa galega 2* (Editorial Galaxia, 1978), o autor de *Lolo anda en bicicleta* reflicte a súa preocupación pola normativización morfolóxica e ortográfica en galego[13]. Recoñece que o volume só pretende "ofrecer un material de traballo escolar" e "presentar ao lector[14] e incluso ao investigador a evolución da lingua literaria moderna" unha escolma narrativa, mais critica que debido ao "rango científico e universitario" da obra non se respectaran "determi-

13 Que prosegue na achega xornalística "A polémica sobre o galego" (Casares, 1979a) do 4 de marzo de 1979, escrita ao fío do artigo de Carvalho Calero sobre a grafía de "Rianjo, Viojo e Gesteira" e doutros traballos.

14 En referencia ao "lector común" ou lector pertencente ao gran público sen formación específica sobre un tema concreto.

nadas opcións ortográficas (por exemplo, o emprego do xe etimolóxico), polo seu carácter polémico" e como testemuño de solucións existentes na historia da prosa galega moderna. Así mesmo, o Casares crítico literario manifesta a súa satisfacción ante o elevado número de autores elixidos e a importancia cuantitativa e cualificativa das obras, se ben tacha de "miudezas" nos criterios de ordenación da escolma, aspectos coma o uso do termo "*novo*" por estar "circunscrito a un presente efémero" e a inclusión de Moure Mariño, Marcial Suárez, Lueiro Rey e Fariña Jamardo entre a "xente nova", a causa da súa idade.

O catedrático reaparece como estudoso da literatura galega con motivo da publicación do texto da conferencia que pronunciara no ciclo organizado polo Museo de Pontevedra sobre Castelao para conmemorar o seu vinte e cinco cabodano en 1975 e que viu a luz nunha separata do tomo XXX de 1976, editada polo citado Museo e recensionada en "Lembranza de Castelao" (Casares, 1977e) do 13 de novembro de 1977. O autor de *Vento ferido* alédase que quedase atrás a visión "marxista" ("que nunca foi") de Castelao e que se vaia "configurando pouco a pouco a imaxe verdadeira de Castelao" con argumentos como o proposto por Carvalho Calero, para quen "*Cousas* son a base conxenial a Castelao coa que este construíu a súa obra".

Un novo volume de autoría colectiva, *Homenaxe a Ramón Cabanillas no centenario do seu nacemento* (Universidade de Santiago de Compostela, 1977), xurdido a raíz da homenaxe do cambadés Ramón Cabanillas no Día das Letras Galegas 1976, centra a recensión "Homenaxe a Cabanillas" (Casares, 1977f) do 11 de decembro de 1977. Nesta volta o autor de *Os escuros soños de Clío* salienta o rol de Carballo Calero como coordinador do volume e autor do estudo "Cartas de Cabanillas", un dos trece traballos realizados por docentes da facultade de Filoloxía compostelá cun "criterio formalista", acaído no terreo académico mais cuxa "linguaxe técnica" que resultará "difícil e entrambilicada"[15] para o lector común a quen Casares dirixe en primeira instancia a sección "a ledicia de ler".

O Casares preocupado polo uso da lingua galega maniféstase de novo na nota literaria "A revista *Verba*" (Casares, 1979b) do 8 de xullo de 1979, por máis que recoñece que este anuario, grazas a Constantino García e a Antón Santamarina, redime "a nosa lingua da indixencia científica en que

15 Unha afirmación que Casares considera "un feito" constatable, non "un xuízo de valor".

vexetaba" ao que tamén contribúe o labor realizado desde a cátedra de Carvalho Calero. A crítica do escritor de *Un polbo xigante* detense na ausencia do galego "como lingua instrumental" nos trece traballos que compoñen o quinto volume de *Verba* ao considerar contraditoria esta decisión xa que Carvalho Calero usa o portugués "para falar de lingüística galega nunha revista galega", e só empregan o galego Antón Santamarina e Ramón Lorenzo en dúas recensións de libros rumano e de tema galego respectivamente, e tamén Ramón Baltar Veloso nun estudo sobre filoloxía latina.

Carvalho Calero aparece salientado como director da memoria de licenciatura da autoría de Xosé Ramón Pena, publicada co título *Manuel Antonio nas literaturas galegas de vangarda* (*La Voz de Galicia*, 1979, col. Biblioteca Gallega, prólogo Domingo García-Sabell) e recensionada na achega "Un libro sobre Manuel Antonio" (Casares, 1979e) do 16 de decembro de 1979. O autor de *Este é Toribio* agradece que nesta obra se saiba "ordenar e clarificar unha parcela da nosa historia literaria particularmente confusa" mais "un dos períodos máis ricos da historia da nosa poesía moderna" pero verte críticas tan ásperas coma a do "mimetismo científico" da metodoloxía empregada por Pena; unha crítica encuberta ao profesorado da universidade compostelá, "universidade incapaz de crear" e a cal reitera "como artigo de primeira calidade nas aulas o que non é máis que un mandarinismo de moda, escolástico e anquilosado, incapaz de abordar a obra literaria no que ten de esencial".

O escritor de *Deus sentado nun sillón azul*, por causa do incremento no número de edicións en galego na segunda etapa da sección "a ledicia de ler", debe seleccionar os libros para recensionar mais aproveita as súas notas literarias para dar conta doutros traballos que non lle dá tempo nin espazo en *La Voz de Galicia* para comentar caso doutras publicacións recentes[16] da Fundación Barrié de la Maza amentadas en "Dous cancioneiros" (Casares, 1983a) do 24 de febreiro de 1983, centrada na reimpresión en edición fotostática do *Cancioneiro musical de Galicia* recompilado por Cato Sampe-

16 Entre os cales Casares enumera o segundo tomo de Ricardo Carballo Calero dedicado a autores galegos do século XX; "traballos históricos como os *Estudios sobre Galicia en la temprana Edad Media*, de Claudio Sánchez-Albornoz, e *Galicia romana* de Casimiro Torres; dous volumes da tradución galega da Biblia feita por Manuel Casado Nieto; un voluminoso estudo de José Carlos Valle Pérez sobre *La arquitectura cisterciense en Galicia*; unha monografía de María L. Caturla dedicada ao pintor ourensán Antonio Puga", ademais dos dous cancioneiros musicais recensionados.

dro que preparara Filgueira Valverde e vira a luz en 1942, e o *Cancioneiro galego de tradición oral* preparado polos autores Dorothé Schubarth e Antón Santamarina para a Fundación.

A importancia concedida polo escritor de *O sol do verán* á recensionada Historia de Carvalho Calero plásmase de novo na colaboración xornalística "Os estudos literarios" (Casares, 1983b) do 25 de agosto de 1983 na cal critica a escaseza de estudos realizados en Galicia sobre a poesía medieval a diferenza dos italianos, por causa de que "hai anos a Universidade de Santiago orientou os estudos relacionados coa nosa lingua case exclusivamente polo camiño filolóxico". Lamenta que nos estudos literarios só se conta coa "obra monumental, verdadeiro prodixio de ordenación de materiais dispersos e de provisión minuciosa de datos, de Ricardo Carballo Calero" por máis que recoñece que o labor realizado por Constantino García González, Ramón Lorenzo Vázquez e Antón Santamarina "cos seus respectivos alumnos e discípulos, situaron a nosa lingua nun lugar de respecto ante os máis preclaros romanistas do mundo".

Respecto a novas facetas da poliédrica figura de Carvalho Calero, estas aparecen reflectidas en dez achegas xornalísticas dedicadas a recensionar novidades editoriais da autoría doutros escritores galegos. Así acontece cando o autor limiao rememora na achega "¿Libro terceiro de *Cousas*?" (Casares, 1975a) do 2 de marzo de 1975 que o catedrático ferrolán apuntara que a "fonda vibración humana" de Castelao aparece na súa escrita freada polo humor. Tamén cando lembra, na recensión "Pondal e os estudos ossiánicos" (Casares, 1975b) do 6 de abril de 1975 sobre o ensaio *Ossián en España* de Isidoro Montiel (Ensayos Planeta, 1974), estudos sobre as referencias ao ossianismo na poesía de Pondal realizados por Ricardo Carvalho Calero, Fermín Bouza-Brey, José Luís Varela e Amado Ricón, os cales resultan descoñecidos polo "anormal descoñecemento das culturas non oficiais da Península" mais que si usa Isidoro Montiel neste ensaio "nada de orixinal". Así mesmo cando nomea, na achega "Rosalía e a súa sombra" (Casares, 1975[22]) do 8 de xuño de 1975 sobre o artigo "Acerca de la sombra de Rosalía" de Agustín García Calvo, que o significado da "sombra" na obra de Rosalía de Castro xa o abordaran con anterioridade Ricardo Carvalho Calero, Alberto Machado da Rosa e José Luis Varela.

O autor de *Cambio en tres* discrepa abertamente, por vez primeira nesta sección xornalística, respecto á lectura política sobre *Xente ao lonxe* que

apuntara Carvalho Calero na súa *Historia da literatura galega contemporánea* (1975: 715-719), na recensión "Xente ao lonxe" (Casares, 1976a) do 14 de novembro de 1976 sobre a reedición en galego (Editorial Galaxia, 1976) e a tradución ao castelán *Aquella gente...* (Seix Barral, col. Biblioteca Breve) da citada novela de Eduardo Blanco Amor.

Pola contra, o autor de *Vento ferido* fala con tenrura e recoñecemento a Carvalho Calero, na achega "Textos para o ensino do galego" (Casares, 1976b) do 12 de decembro de 1976 sobre o volume colectivo *Teatro para o ensino do galego* (Edicións do Rueiro, 1976), cando reproduce a expresión "as cousas queridas" do catedrático ferrolán para amosar a súa preocupación polo estendido uso dunha variedade dialectal urbana nos medios de comunicación[17] ante a cal promove a creación dun "clima de responsabilidade", coidado e agarimo coa finalidade de erguer "unha barreira protectora ao idioma, que o defenda de caprichos e arbitrariedades" pois "está seriamente afectado, sobre todo por dentro".

Así mesmo, Casares alude aos relevantes traballos de Carvalho Calero, Menéndez Pidal, Dámaso Alonso e Corominas sobre a orixe das linguas da Península Ibérica na recensión "¿O galego, lingua visigótica?" (Casares, 1977b) do 24 de abril de 1977, na cal advirte sobre o "disparate puro e simple" do libro *La lengua gallega (primitiva lengua visigótica). Su origen y evolución* (Ediciones Aleleo, 1976). O autor, Francisco Rodríguez Enríquez, un galego profesor universitario na Arxentina e especialista en linguas e literaturas antigas pese á escasa "formación e autoridade como filólogo" como denota, entre outras causas, que deriva os substantivos e adxectivos romances do ablativo, afirma a orixe grega do artigo romance, e cualifica (Casares, 1977c)[18] de "monstruosidad histórica" que nunha conferencia en Bos Aires Carvalho Calero afirmase que "el gallego se formó entre los siglos IX y X".

Carvalho Calero reaparece na achega "A novela galega de protagonista infantil e xuvenil" (Casares, 1979c) do 29 de xullo de 1979 aludido de forma

---

17 Na cal abondan "os hipergaleguismos, as falsas analoxías, os arcaísmos, os vulgarismos e outros vicios" que comezan "xa a ser norma no galego periodístico" e na radio (Casares, 1976b).

18 Na recensión "A lingua galega hoxe" do 1 de maio de 1977, onde insire unha nota final para corrixir as datas históricas reproducidas na achega "¿O galego, lingua visigótica?" (Casares, 1977b) do 24 de abril de 1977.

directa na súa faceta de director da tese de doutoramento de Mª del Pilar Lorenzo Rivas, *Contribución ao estudo da novela de protagonista infantil e xuvenil na narrativa galega contemporánea*, presentada en xuño de 1978 e na cal estuda aspectos significativos de media ducia de novelas[19]. Tamén se alude a Carvalho Calero de forma indirecta cando Casares aborda a creación da "cátedra de galego" –título do primeiro epígrafe desta achega–, e critica que naquela altura se entendese como "un parche que pouco ía solucionar nun contexto que requiría solucións globais" cando en realidade serviu "para dar entrada na universidade á única lingua da Romania que permanecía afastada dos estudos lingüísticos" e á realización de traballos científicos sobre o galego[20].

Así mesmo Carvalho Calero aparece aludido como o único autor de ensaio amentado no libro *The Oxford Companion to Spanish Literature* (Oxford University Press, 1978) de Philip Ward que o autor de *O galo de Antioquía* recensiona na achega "The Oxford Companion to Spanish Literature" (Casares, 1979d) do 12 de agosto de 1979 onde reflicte a súa preocupación por dar a coñecer a literatura galega fóra de Galicia. Casares congratúlase que este "coñecido hispanista" atenda as literaturas galega, vasca e catalá con "sensibilidade" e "xustiza" cara a unhas "literaturas que non están precisamente sobradas de xestos como este" mais non desbota a oportunidade de sinalar carencias[21] e erros, pese ao labor "serio e honesto" de Philip Ward.

Levemente aludido aparece así mesmo Carvalho Calero, na achega "A reedición de *Néveda*" (Casares, 1982a) do 2 de setembro de 1982 sobre a reedición de *Néveda* (ed. María do Camiño Noia, Edicións Xerais de Galicia), como un dos estudosos que recoñeceu como "documento filolóxico" a escrita desta novela de Francisca Herrera Garrido, entre outros motivos por tratarse dunha "muller pertencente á burguesía urbana do seu tempo" e "a única muller que conseguiu un posto, como membro electo, da Real Academia Galega".

---

19 *Xoguetes para un tempo prohibido*, de Carlos Casares; *As aventuras de Alberte Quiñoi*, de Manuel García Barros; *Os dous de sempre*, de Castelao; *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor; *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas; e *Adiós, María*, de Xohana Torres.

20 Que viron a luz a través do Instituto da Lingua Galega e da revista *Verba*, nas monografías publicadas desde a propia cátedra compostelá sobre os homenaxeados no Día das Letras Galegas, en xornais e revistas coma *Grial*, se ben "moitos permanecen inéditos por razóns moi diversas", caso da tese de Pilar Lorenzo obxecto da reflexión.

21 Coma a amentada de que Carvalho Calero sexa o único autor de ensaio inserido.

E finalmente tamén se alude a Carvalho Calero, na achega "Os Eoas" (Casares, 1984) do 15 de xullo de 1984, como o estudoso que apuntara a semellanza entre o poema épico *Os Eoas* de Eduardo Pondal e *Os Lusíadas* de Camões, e quen ademais tentara publicalo[22] pese a non estar rematado, se ben aínda permanece inédito e resgardado na Real Academia Galega.

A xeito de conclusión

A sección "a ledicia de ler" de Carlos Casares en *La Voz de Galicia* constitúe, pese ás limitacións cronolóxicas derivadas da publicación entre 1975 e 1992 e á finalidade da sección de dirixirse en primeira instancia ao lector común diario do citado xornal coruñés, unha fonte de documentación de referencia á hora de descubrir a valoración de autores e estudosos da lingua galega e doutras literaturas foráneas naquela altura en que eran novidades editoriais xa que en 2020 esas obras poden terse convertido en obras clásicas, pasar desapercibidas pola crítica actual ou ben seguir inéditas, estar descatalogadas ou pertenecer ao canon oculto.

Neste traballo obsérvase que as comentadas vinte notas literarias de "a ledicia de ler" dan conta de distintas facetas (historiador literario, investigador desde a cátedra da universidade compostelá, autor ensaístico entre outras) da figura poliédrica de Ricardo Carvalho Calero e sobre todo reflicten que Carlos Casares coñecía polo miúdo e recoñecía a relevancia da súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea I*, os seus estudos literarios e lingüísticos, e o seu rol ao fronte da cátedra de Lingüística e Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela.

Bibliografía

Cajaraville, H. (2020): *Ricardo Carvalho Calero. A pegada do compromiso*, Vigo: Xerais.

Carvalho Calero, R. (1955a): *Aportaciones fundamentales a la literatura gallega contemporánea*, Madrid: Gredos.

_____ (1955b): *Sete poetas galegos: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Luis Amado Carballo, Manuel Antonio*, Vigo: Galaxia.

_____ (1963): *Historia da Literatura Galega Contemporánea I*, Vigo: Galaxia.

_____ (1966): *Gramática elemental del gallego común*, Vigo: Galaxia.

[22] Ademais das tentativas da propia Academia, de Fermín Bouza Brey, Amado Ricón e Xosé Luís Méndez Ferrín.

Casares, C. (1975a): "¿Libro terceiro de *Cousas*?", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 2 de marzo de 1975.
_____ (1975b): "Pondal e os estudos ossiánicos", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 6 de abril de 1975.
_____ (1975c): "A literatura de Carballo Calero", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 22 de xuño de 1975.
_____ (1976a): "Xente ao lonxe", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 14 de novembro de 1976.
_____ (1976b): "Textos para o ensino do galego", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 12 de decembro de 1976.
_____ (1977a): "Unha escolma de prosa galega", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 27 de febreiro de 1977.
_____ (1977b): "¿O galego, lingua visigótica?", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 24 de abril de 1977.
_____ (1977c): "A lingua galega hoxe", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 1 de maio de 1977.
_____ (1977d): "Poetas novos", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 10 de xullo de 1977.
_____ (1977e): "Lembranza de Castelao", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 13 de novembro de 1977.
_____ (1977f): "Homenaxe a Cabanillas", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 11 de decembro de 1977.
_____ (1978a): "*Mar e naufraxio* de Alfonso Pexegueiro", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 12 de marzo de 1978.
_____ (1978b): "Terra de Melide", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 22 de outubro de 1978.
_____ (1978c): "Prosa galega (segundo volume)", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 17 de decembro de 1978.
_____ (1979a): "A polémica sobre o galego", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 4 de marzo de 1979.
_____ (1979b): "A revista *Verba*", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 8 de xullo de 1979.
_____ (1979c): "A novela galega de protagonista infantil e xuvenil", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 29 de xullo de 1979.
_____ (1979d): "The Oxford Companion to Spanish Literature", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 12 de agosto de 1979.
_____ (1979e): "Un libro sobre Manuel Antonio", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 16 de decembro de 1979.

_____ (1982a): "A reedición de *Néveda*", *La Voz de Galicia*, "*CULTURA. Cuaderno de Letras, Artes y Pensamiento*", "a ledicia de ler", 2 de setembro de 1982, p. 31.

_____ (1982b): "O noso illamento", *La Voz de Galicia*, "*CULTURA. Cuaderno de Letras, Artes y Pensamiento*", "a ledicia de ler", 9 de setembro de 1982, p. 31.

_____ (1983a): "Dous cancioneiros", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 24 de febreiro de 1983.

_____ (1983b): "Os estudos literarios", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 25 de agosto de 1983.

_____ (1984): "Os Eoas", *La Voz de Galicia*, "a ledicia de ler", 15 de xullo de 1984.

_____ (1992): "Un profesor mentiroso", *La Voz de Galicia*, "Colaboraciones", "Á marxe", 25 de febreiro de 1992, p. 9.

Gurriarán, R. (2008): *Inmunda escoria*, Vigo: Xerais.

Monteagudo, H. (2017): "Carlos Casares, universitario e investigador: tres momentos" en H. Monteagudo, X. M. Salgado e D. Vilavedra (eds.), *Casares en Compostela: Universidade e literatura. Día das Letras Galegas 2017*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 15-49.

Roig Rechou, B. A. (1996): *A Literatura Galega Infantil. Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico [teses en microficha, nº 578].

_____ (2002): "Literatura infantil e xuvenil. Carlos Casares *in memoriam* (1942-2002)", *Revista Galega do Ensino* 35, maio 2002, "O pracer de ler", pp. 235-243.

_____ (2009): "La aportación decisiva de Carlos Casares a la LIJ", *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)* 7(2), pp. 117-137.


A
"E ti, por que non traballas, Frederick?", preguntábanlle os demais.
"Eu traballo", respondíalles Frederick.
"Apaño raios de sol para os fríos días do inverno".

A representación do mago na Literatura Infantil e Xuvenil galega

Carmen Ferreira Boo
Universidade da Coruña

1. Introdución

Coñecín á profesora Blanca Ana Roig Rechou no ano 2007 e, a partir de aí, comezou unha relación que pasaría do estritamente profesional, coa participación en numerosos proxectos, congresos, reunións... ao persoal. A raíz deste primeiro encontro, comecei a colaborar no proxecto dos "Informes de Literatura" do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e entrei en contacto coa investigación e, máis concretamente, coa investigación da Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia. Na sala dos Informes de Literatura reuniamonos o equipo, conformado daquela por Marta Neira, Isabel Mociño, Eulalia Agrelo, Isabel Soto, Pilar Bendoiro, Mar Fernández, Esther de León e moitas outras colaboradoras que se foron unindo á causa e organizabamos o traballo dos distintos proxectos, comunicacións a congresos, publicacións en revistas, artigos en monografías e, como non, o noso proxecto máis ambicioso *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* (Xerais, 2015), sempre co obxectivo de conseguir visualizar este sistema literario e darlle rigor científico.

Animada por esta incansable estudosa, entrei a formar parte, como colaboradora, da Rede Temática de Investigación LIJMI "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano" e, ao tempo, tamén empecei os estudos de doutoramento na USC, para logo embarcarme nun dos proxectos máis importantes da miña vida profesional que me absorbeu varios anos e que supuxo moitos sacrificios persoais ata a súa defensa en xaneiro de 2016: a miña tese *As reescrituras dos contos marabillosos na Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Moito lle debo á profesora Roig e podería ocupar páxinas e páxinas falando de todos os proxectos e vivencias compartidas, mais nesta ocasión, en homenaxe á ela e en agradecemento a todo o que ten feito por min no eido profesional e tamén no persoal, quero dedicarlle esta pequena achega debedora da súa sabedoría e coñecemento, xa que sen o seu ánimo e apoio non tería chegado a onde teño chegado.

Cando escollín o tema da miña tese, quixen ver como evolucionaran os personaxes dos contos marabillosos na Literatura Infantil e Xuvenil galega. Da

nómina de personaxes, adscritos a diferentes funcións actanciais ou esferas de acción, son de salientar os doantes, auxiliares ou agresores, cuxa presenza ou actuación vai ser determinante na configuración e caracterización do conto marabilloso fronte a outro tipo de contos da transmisión oral. Entre os personaxes da esfera do masculino, conformada por magos, ogros, xigantes, trasnos, demos, ananos... este artigo, que bebe da miña tese, pretende facer un repaso polas obras narrativas da Literatura Infantil e Xuvenil galega[1] que empregan o personaxe do mago ben como protagonista principal da historia ou ben como personaxe secundario, mais con importancia para o desenvolvemento da trama.

2. O mago na literatura

O mago, tamén nomeado como meigo, bruxo e feiticeiro, caracterízase por ser un personaxe con coñecementos de medicina natural e con poderes sobrenaturais, como adiviñar o porvir ou realizar curacións, sendo a súa representación no conto marabilloso "la suma de una serie de oficios y actividades diversas, en la cual participan hechiceros, taumaturgos, nigromantes, adivinos, brujos, astrólogos, encantadores, curanderos y fundamentalmente alquimistas" (Cerdá, 1984: 166). Ao contrario que as bruxas, non teñen unha connotación negativa nin representan unha categoría moral determinada, pois son "los instrumentos de que se valen las fuerzas del mal y del bien para castigar o premiar a los protagonistas y antagonistas de estas historias" (Cerdá, 1984: 172).

Nos relatos de transmisión oral apenas hai descricións sobre o seu aspecto físico, costumes ou vestimentas, non obstante abundan as referencias á súa maxia, consistente nunha amálgama de conxuros, crenzas relixiosas, experimentos alquimistas, encantamentos e receitas que se relacionan coa mántica, ciencia encargada da adiviñación, e que abrangue a nigromancia, a astroloxía e a alquimia. Moitos dos magos literarios son herdeiros do mítico mago Merlín[2], de orixe histórica, protector do rei Arturo e figura

1 Toda a produción como a súa recepción pódense consultar nos correspondentes *Informes de Literatura* (Roig Rechou, 1995-2018) do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

2 Na literatura galega existe unha tradición da literatura artúrica moi produtiva, sobre todo a partir do século XIX cando reaparece como marca identitaria, ligada ao discurso nacionalista e á procura de afinidades con ámbitos europeos cunha orixe celta. Para Tarrío Varela (2014) este personaxe presente na obra de *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro, é intemporal, non ten idade e non sente o peso da súa propia historia mítica na Materia de Bretaña, pois

polifacética que personifica as figuras celtas do druída, o bardo, o home salvaxe, o chamán e o profeta. Xeralmente aparecen representados como homes anciáns, altos e delgados, con longa barba, cabelo branco, nariz impoñente, voz profunda e mirada penetrante, vestidos con longas túnicas e unha carapucha, estereotipo que procede da Idade Media.

O mago Merlín, criado por un druída, convértese no arquetipo do mago con aspecto de ancián benevolente, amable e xusto que loita contra as forzas do mal e que posúe poderes máxicos, vinculados á astroloxía e a maxia, coa capacidade de transformar os seres humanos en calquera criatura ou obxecto inanimado. Ten coñecementos sobre herbas medicinais e dedícase á busca do coñecemento, sendo un precursor da alquimia e, polo tanto, da química moderna. Este personaxe literario baseado en lendas celtas é fundamental na tradición artúrica na que se configura como mago-adiviño da Materia de Bretaña[3], a partir da *Historia Regum Britanniae* (ca. 1135) e *Vita Merlini* (ca. 1150), de Geoffrey de Monmouth (Alvar, 2020).

Non obstante, na Literatura Infantil e Xuvenil pódense diferenciar dous tipos de mago: o tradicional e o moderno desmitificado pola vía do humor ou do realismo, máis parecido a un científico (Valriu, 2007: 87). Estes magos contan con atributos variables, que dependen da situación social e da especialidade que practican, e sempre se relacionan co mundo dos libros, coa sabedoría. Viven en lugares illados como no bosque, unha cova ou a montaña, aínda que se están desmitificados viven con normalidade na cidade, asisten á escola de bruxería... Xeralmente acompáñanse de animais ou dun mozo ao que inician nos procedementos das ciencias da meigaría, que actúan como os seus axudantes. En canto aos seus poderes, pódense clasificar en tres grupos (Valriu, 2007: 89): transformación súa ou doutros; dominio das forzas e elementos da natureza e capacidade de elaborar apó-

chega dunha "instancia mítica indeleble y *antigua* (adjetivo este muy utilizado por nuestro escritor y merecedor de un estudio monográfico al respecto), que comienza no sabemos dónde y se alarga hasta no se sabe cuándo" (Tarrío Varela, 2014: 78).

3 As súas orixes están nas lendas e tradicións celtas das Illas Británicas, así como na Bretaña Menor ou Armórica, entre as que destacan as que teñen por protagonista a Artur, un heroe da resistencia celta contra os invasores saxóns. As narracións bretoas, poboadas de fadas, feiticeiros e xigantes, divulgáronse a partir do século XII, por todo o Occidente favorecidas polo gusto do público receptor polo marabilloso. Na literatura galega existe unha tradición desta temática moi produtiva sobre todo a partir do século XIX cando reaparece como marca identitaria, ligada ao discurso nacionalista e á procura de afinidades con ámbitos europeos cunha orixe celta.

cemas e ungüentos con calidades máxicas. A desmitificación actual pola vía do humor atende ao seu carácter, presentándose como tenros, ridículos e graciosos, á elección do nome, á súa ineptitude para exercer o seu oficio, sendo "personajes de una sola dimensión que no evolucionan ni cambian sus valores o principios éticos a lo largo del relato" (Valriu, 2007: 91).

2.1. O mago tradicional

Ao modelo tradicional, nas chamadas reescrituras referenciais (Valriu, 2010) ou instrumentais (Roig e Ferreira, 2010), atenden os escasos magos que aparecen como personaxes secundarios nos contos recompilados na colección "Cabalo buligán" de Edicións Xerais de Galicia, como "A gaita que facía a todos bailar", versionado por Xoán Ramiro Cuba para o volume *Contos marabillosos I* (1998), no que un neno pastor recibe unha gaita máxica dun pobre, que resulta ser un mago; "Aladina", de Xosé Miranda para *Contos de maxia, IV* (2000), no que a criada do rei libera o príncipe dun encantamento coa axuda dun paxaro máxico e da caixa dos encantos que rouba a un mago; "Apio"[4], tamén de Miranda para *Contos fantásticos, II* (2001), a historia dunha bonita moza encerrada nunha torre por un mago; "O criado do mago", de Miranda para *Contos de encantamentos I* (2002) no que o fillo dun pobre matrimonio vence a un mago coa súa habelencia.

Na colección "O" de OQO Editora Paco Liván adapta un conto canadense en ¡*Manda narices!* (2005), no que tres irmáns fillas dun mago reciben en herdanza unha ola e unha culler máxicas.

2.2. O mago deconstruído/subvertido

Este modelo de mago desmitificado aparece en distintas reescrituras humanizadoras, lúdicas e ideolóxicas (Valriu, 2010) da LIX galega. Como personaxe protagonista non ten moito éxito até a actualidade, pois só dez obras o escollen como figura principal para dotalo xeralmente de características humanas. A súa andaina iníciase a finais da década dos oitenta do século XX grazas a Fina Rouco quen no volume *Lendas que poderían ser* (Casals, 1988) elabora unha reescritura humanizadora do arquetipo do mago Merlín no relato "O fabricante de ilusións", onde aparece caracterizado como vello e raro, cunha barba branca e longa, vestido cunha túnica azul chea de estrelas, un cucurucho alto, unha pucha e paraugas máxicos cos que ver

4 Este conto foi tamén escollido para o volume colectivo *Contos de vermes, libros, princesas e parrulos* (Xunta de Galicia, 2006).

as estrelas. A seguinte reescritura lúdica e humanizadora non aparece até 1993 cando Darío Xohán Cabana publica a pequena novela xuvenil *O milagre das estrelas (Aventuras do mago Antón no Camiño de Santiago)* (Xerais, 1993) protagonizada polo Mago Antón quen, debido a un accidente provocado por un demo, morre, é resucitado polo Apóstolo Santiago e ten que ir de peregrinación a Compostela.

Na reescritura humanizadora dirixida ao lectorado infantil *Gago por Merenda* (Edebé-Rodeira, 1995), escollida pola revista *CLIJ* entre os mellores libros da década 1988-1999, Xan López Domínguez conta a historia do mago Gago quen, malia facer feitizos, non é quen de namorar a bruxa Merenda, que acaba convertendo nun gato. E a contacontos Cristina Mirinda (nome literario de Cristina López) publica para o lectorado infantil *Mago A e Mago B* (Kalandraka, 1998), unha reescritura lúdica que relata as habilidades antitéticas de dous Magos que traballan no circo Trompa.

Pola súa parte, Toño Núñez no conto *O señor Mago e a folla* (Everest, 2000) presenta aos primeiros lectores unha reescritura humanizadora na que reflicte a soidade do Mago Antón, que habita no bosque, e como transforma un obxecto máxico, unha folla que ten a propiedade da fala, na súa filla Antía para que coide del cando sexa vello.

Anxo Fariña emprega, cun uso lúdico, o arquetipo do mago en *Os magos das formas* (A Nosa Terra, 2004), un álbum infantil sobre as formas xeométricas no que tres magos, que vivían nunha vella torre e pasaban as noites discutindo de maxia e de conxuros, ante a dúbida de cal é a mellor forma xeométrica, empregan os seus poderes para eliminar unha forma cada día (círculo, rectángulo e triángulo), creando situacións caóticas aos habitantes da cidade.

As reescrituras do mago amplíanse coa colección "Amancio Amigo", dirixida ao lectorado adolescente, con *Amancio Amigo e o meigo de Salamanca* (Xerais, 2006), de Xosé Miranda. Trátase dunha reescritura humanizadora sobre a maxia, protagonizada polo rapaz Amancio, que decide facerse aprendiz de meigo e estudar as artes máxicas (artes ocultas, maxia, nigromancia, cibernética e hermenéutica) nas Covas de Salamanca. Amancio ten que atender as clases do seu mestre, asistir a numeroloxía, metafísica, adiviñación e mecánica cuántica, ademais de consultar libros proféticos e enciclopedias multimedia, facer notas e listaxes, construír arquivos e enviar e-mails con virus a centos de miles de enderezos. Ten que saber recitar ben as doce

palabras retornadas e aprender de varios meigos de fama, como un macho cabrún chamado Mestre Lionardo. Ao regresar ao Courel, emprega as súas artes máxicas para conseguir cartos, transformándose varias veces nunha moto Harley-Davidson que venden até que aparece o Meigo e teñen unha loita de transformacións de medios de transporte con moito humor: Mercedes Benz, tráiler, camión, moto acuática, motora, avioneta e avión reactor. Finalmente vénceo transformándose en pulgas, que fan brincar o demo. Amancio contará coa axuda de Víctor Siderol, un personaxe tirado do libro de San Cipriano[5].

Antes ainda e sobretudo na sequência de uma viagem ao Brasil em 2011, a fim de participar primeiro num congresso sobre literatura infanto-juvenil no campus de Assis da Universidade Estadual Paulista, e depois numa sessão aberta a estudantes e investigadores na Universidade Estadual de Maringá, Blanca Ana Roig acolhe também propostas de co-orientação de teses de doutoramento de bolseiros brasileiros na Universidade de Santiago de Compostela, consolidando assim, através desses jovens investigadores e dos seus co-orientadores brasileiros, o núcleo ibero-americano da Rede Temática "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano" (LIJMI), e promovendo ao mesmo tempo estudos de literatura comparada centrados na escrita de galegos e brasileiros (o exemplo mais relevante desses autores, no tocante ao Brasil, é Lygia Bojunga Nunes, Prémio Hans Christian Andersen em 1982, e as suas novelas juvenis, estudadas por uma das estudantes de doutoramento de Blanca Roig, mas outros casos poderiam ser apontados).

Importa sublinhar, a propósito, que tal acção no campo académico foi norteada pelas linhas de intervenção definidas em colectivo e previstas aquando da criação da mencionada Rede Temática LIJMI, que Blanca Ana Roig em boa hora fundara em 2004, juntamente com investigadores de diferentes universidades e instituições do ensino superior do estado espanhol e de Portugal, aos quais, mais tarde, se viriam a juntar pesquisadores de países da América Latina.

Focando o caso português e apontando apenas um pequeno punhado de exemplos, permitimo-nos destacar a co-orientação, por Blanca Ana Roig, da tese de Sara Reis da Silva, apresentada à Universidade do Minho, *Presença e Significado de Manuel António Pina na Literatura Portuguesa para a Infância e a Juventude*, em 2009, ainda hoje o mais aprofundado –e cremos que único– estudo de doutoramento no seu âmbito, centrado neste nome maior da escrita portuguesa para crianças e jovens, da poesia contemporânea e

da crónica. Recorde-se também a co-orientação da tese de doutoramento *O Livro para Crianças e Jovens em Portugal (1870-1940)*, apresentada por Raquel Patriarca à Faculdade de Letras da Universidade do Porto, um estudo situável no âmbito da história do livro.

Blanca Ana Roig Rechou que, já em 2011, num quadro metodológico comparatista, orientara a tese *Estudo Comparado de Narrativa Infantil e Xuvenil de Ficción Científica nas Literaturas Galega e Portuguesa*, apresentada à Universidade de Santiago de Compostela por Maria Isabel Mociño González –na qual, a par da dos autores galegos, é analisada a relevância, na escrita do século XX, de autores portugueses de ficção científica, como Luísa Ducla Soares e Carlos Correia, entre outros–, participará ainda, enquanto arguente, nos júris de outras provas de doutoramento realizadas em Portugal em diferentes universidades. Dessas provas importa destacar as relativas à tese de Ana Cristina Vasconcelos de Macedo, *A Escrita de Ilse Losa para a Infância e a Juventude*, defendida na Universidade dos Açores, em 2015, por se tratar do primeiro estudo aprofundado da obra para crianças e jovens desta escritora de língua portuguesa, mas de origem alemã-judia, que, pela originalidade da sua produção narrativa e dramática e das suas reflexões sobre a leitura infantil, é uma das figuras centrais da história da literatura para os mais novos em Portugal e um nome maior do neo-realismo literário português.

Saliente-se, por conseguinte, o estímulo de Blanca Roig quer ao estudo aprofundado de autores canónicos de língua portuguesa quer às abordagens comparatistas envolvendo produção literária galega e do Brasil ou de Portugal, a par da afirmação da importância e significado, para o mediador da leitura, da historiografia literária, que a autora de *Educação Literária e Literatura Infantojuvenil/Educación Literaria e Literatura Infantil e Xuvenil* em diversos momentos sublinhará. Observando as suas intervenções no terreno académico bem como os seus artigos, é de acrescentar que os interesses de Blanca Roig, neste vasto campo, abrangerão uma multiplicidade de tipologias literárias e paraliterárias: da reescrita do conto popular à narrativa para adolescentes, passando pelo conto ilustrado, pelo texto dramático, pela escrita de recepção transgeracional ou *crossover fiction* (na expressão cunhada por Sandra L. Becket, 2008), pelo álbum narrativo e pela lírica[5].

[5] Leia-se Roig Rechou (2000) obra em que, além de estudar as várias gerações de poetas para a infância e a juventude na Galiza, propõe um útil quadro de tipologias de obras poéticas para os mais novos, merecedor de atenção crítica.

E isto sem esquecer outros objectos de leitura relevantes como os livros para pré-leitores e leitores iniciais, de materialidade e paratextualidade não convencionais, que é comum designar, porventura de modo equívoco, como livros-objecto.

Um breve olhar pela impressionante bibliografia de Blanca Ana Roig Rechou revela que, ao longo da sua carreira, dedicou atenção muito particular à produção teórica, historiográfica e crítica lusa sobre literatura para a infância e a juventude, tendo publicado na Galiza recensões críticas de obras saídas em Portugal, do mesmo modo que produziu importantes estudos sobre escritores portugueses, como Alice Vieira, Ana Saldanha, João Manuel Ribeiro ou João Pedro Mésseder, tendo publicado, em co-autoria com Sara Reis da Silva e Ana Margarida Ramos, entrevistas a Manuel António Pina e a José António Gomes. Para apenas destacarmos um exemplo desta área de intervenção, refira-se que o seu espírito de construtora de pontes está bem expresso no título do artigo (e no conteúdo do mesmo) "Contributos de Alice Vieira à literatura infanto-juvenil espanhola" (Roig Rechou, 2016).

Quase a terminar, registem-se os seus recorrentes convites a escritores, ilustradores e estudiosos portugueses[6] para a participação nos muitos seminários e cursos que, ao longo dos anos, dinamizou em Santiago de Compostela, bem como os espaços de encontro que sempre se preocupou em generosa e afectuosamente criar, com o intuito de promover o diálogo entre criadores e entre investigadores de diferentes matrizes linguísticas e culturais. Nesta mesma linha de acção, e assim como revelou, em Portugal, numerosos criadores galegos, de diferentes gerações, através das suas comunicações e escritos, deu também um contributo decisivo para a publicação, em Galego e Espanhol, de escritores de língua portuguesa, como Ilse Losa, João Manuel Ribeiro e João Pedro Mésseder[7].

6 Pelos seminários, encontros e cursos promovidos por Blanca Ana Roig Rechou e pela Rede Temática LIJMI, em cooperação com entidades como a Biblioteca Nova (actualmente Biblioteca Afundación Santiago de Compostela) e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, têm passado, entre outros, escritores portugueses como Manuel António Pina, Alice Vieira, Álvaro Magalhães, António Mota, Vergílio Alberto Vieira, Rita Taborda Duarte, João Pedro Mésseder e ilustradores como Gémeo Luís ou André Letria.

7 Registe-se, de passagem, a circunstância de ser co-autora, juntamente com seu marido Anxo Tarrío Varela –outro amigo e profundo conhecedor da literatura portuguesa–, da tradução para Galego do livro de aforismos e greguerías *Abrasivas* (Porto, Deriva, 2005), de João Pedro Mésseder.

Por último, reserve-se uma palavra mínima para um trabalho imenso: o de direcção de publicações científicas, o de coordenação de organizações e associações e o de dinamização de encontros científicos, espaços onde a presença de Blanca Ana Roig Rechou evidenciou, mais uma vez, vocação agregadora, dialogal e intercultural absolutamente invulgar.

Considerando o primeiro aspecto, assinale-se a circunstância de ter sido activa e entusiástica subdirectora da segunda série da revista científica *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude* (números 16 a 22), que se publicou em Portugal, com textos em português e em galego, entre outubro de 2008 e Novembro de 2011. Configurou-se desse modo um espaço onde Blanca Roig deu a conhecer artigos de sua autoria que mais tarde recolheria em livro, além de ter agregado a si todo um núcleo de jovens e qualificados colaboradores que concorreram, de forma inegável, para o prestígio alcançado pela revista e para a revelação de criadores, obras e estudos galegos de qualidade.

Quer enquanto presidenta de Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil–Sección Galega de OEPLI) quer como presidenta de ANILIJ (Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil) e co-fundadora e primeira presidenta da sua secção Elos (Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil), durante os períodos em que exerceu tais funções, quer ainda como investigadora principal e dinamizadora de diferentes e importantes projectos de investigação, no domínio da literatura para a infância e a juventude (por exemplo sobre as temáticas das guerras e das mulheres), sempre Blanca Roig se revelou incansável promotora da cooperação e do diálogo frutuoso entre investigadores galegos e portugueses, numa perspectiva invariavelmente inclusiva, realizadora e pedagógica –pois encontramo-nos, sem qualquer dúvida, perante uma inesquecível mestre. Assim o demonstra, por exemplo, nas intervenções de fundo com que tem marcado os Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil (em 2020, realizar-se-á a 26.ª edição), que todos os anos têm lugar na Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto com a cooperação da Rede LIJMI e que, juntamente com as muitas publicações deles resultantes, constituem um marco incontornável na investigação. Para esses encontros (que nos seus primórdios foram luso-galaico-francófonos, tendo contado com os contributos inestimáveis de Patrick Zimmermann, de Carmen Sangiao, do escritor Miguel Vázquez Freire, de Isabel Soto e de Amparo Raviña) Blanca Roig, as suas equipas de investigadores e as

instituições galegas que as apoiaram têm convidado numerosos escritores, ilustradores e editores da área do livro para a infância e a juventude, como Agustín Fernández Paz, Xabier Docampo, Fina Casalderrey, Paco Martín, Marilar Aleixandre, Antonio García Teijeiro, Marcos Calveiro, Ramón Caride, Fran Alonso, Paula Carballeira, Rafael Lema, Elvira Ribeiro Tobío, Carlos Negro, Concha Blanco, María Canosa, Olalla González, Chema Heras, Xabier Cobas, Xosé Manuel González (Oli), Ramón Trigo, Marc Taeger, Pepe Carreiro, Raquel Senra, Laura Rodríguez Herrera, Manuel Bragado, Francisco Castro, Xosé Ballesteros e muitos outros.

Por tudo o que deixamos dito, concluímos este apontamento de homenagem a uma voz ímpar num registo que só pode ser assertivo: o espaço da lusofonia e as culturas que têm o português como língua literária têm em Blanca Ana Roig Rechou uma amiga fiel, uma galega que, com os anos, um pouco portuguesa se foi tornando também. Pelo menos assim a vemos nós, portugueses.

Bibliografia

Beckett, S. L. (2008): *Crossover Fiction. Global and Historical Perspectives*, Londres: Routledge.

Roig Rechou, B. A. (1996): *A Literatura Galega Infantil. Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico [Tese en microficha da Universidade de Santiago de Compostela, n.º 578].

_____ (2000): *A Poesía Infantil e Xuvenil en Galicia*, Santiago de Compostela: Gálix.

_____ (2013): *Educação Literária e Literatura Infantojuvenil/Educación Literaria e Literatura Infantil e Xuvenil*, Porto: Tropelias&Companhia.

_____ (2016): "Contributos de Alice Vieira à literatura infanto-juvenil espanhola" en S. Reis da Silva e J. Manuel Ribeiro (coords.), *Estes Livros que Nós Escolhemos–Contributos para a Leitura da Obra Infantil e Juvenil de Alice Vieira*, Porto: Tropelias & Companhia, pp. 77-123.



os camiños
que se abren

Dicionario bilingüe de linguas afíns: algunhas observacións

Isabel González
J. L. Couceiro
Universidade de Santiago de Compostela

Non hai moitos anos non se podería ofrecer a unha colega e amiga, como é a que hoxe homenaxeamos, un dicionario que puxera en contacto as linguas galega e italiana, por iso, hoxe, é un motivo de satisfacción podelo facer. Eses estudos lexicográficos son produto dun continuo, constante e ininterrompido traballo en prol da nosa lingua.

Nesta contribución ímonos referir ao dicionario bilingüe (italiano-galego, galego-italiano), que pon en relación dúas linguas románicas que se distinguen por unha marcada afinidade pero que, precisamente por iso, teñen unha dificultade maior.

Os redactores de dicionarios bilingües coñecen de primeira man os atrancos que afrontan os galegos para aprender a lingua de Dante e, ao revés, os obstáculos que han sortear os italianos para falar ou escribir na lingua de Rosalía.

Neste traballo queremos facer só algunhas reflexións para abordar algúns dos problemas máis importantes aos que, coñecendo os obstáculos que atoparán os usuarios do dicionario, cómpre coñecer desde o primeiro momento para así tentar de poñerlles remedio. As obrigadas restricións de espazo fan que non poidamos afondar nas diferentes cuestións senón dar unha visión de conxunto o máis precisa posible, iso si. Deixamos aparte a lexicografía *on line* que hoxe en día soluciona moitos problemas e non está sometida á tiranía do espazo.

Cando nos propoñemos a elaboración dun dicionario, a primeira tarefa é facer a selección de voces, porque o número de verbas que vai ter o dicionario, como é doado deducir, é importante por moitas razóns, entre outras, seleccionar as palabras que correspondan á lingua de uso, procurando sempre que a escolla sexa axeitada e ao mesmo tempo equilibrada para acadar unha homoxeneidade, evitando descompensacións. Unha preciosa orientación para nós e o *Nuovo Vocabolario di base della lingua italiana,* reelaborado por T. De Mauro, sen esquecer que o formato do dicionario pode xa vir delimitado pola súa inserción nunha colección previa da editorial.

Ao pensar nos campos semánticos, no mesmo que na selección de entradas, hai que tentar manter o equilibrio: non convén que aparezan, por exemplo, o dobre de palabras nun campo que noutro. Tamén aquí hai que ter en conta os campos máis usuais: bioloxía, botánica, gastronomía, medicina etc. Pódese prescindir, segundo a nosa opinión, das palabras técnicas ou específicas dun determinado campo, que serán obxecto de vocabularios de linguaxes específicas.

Na redacción dun dicionario bilingüe como é o italiano-galego, galego-italiano é moi importante e sobre todo moi útil, a inclusión dos exemplos en ambas as dúas linguas. Evidentemente, iso aumenta moito a dimensión do corpo da palabra pero xulgamos que é fundamental para facilitar a situación das dúas linguas postas en contacto. Por outra banda, a súa tradución pretende mostrar un modelo de adecuación entre as dúas linguas e pon de manifesto, ademais, a articulación sintáctica do italiano. Ao noso parecer, deben ser creados *ad hoc* e tamén apoiados na lingua viva, facilitando que o usuario poida aprender novo vocabulario e incluso asimilar sen darse conta nocións gramaticais dun modo implícito.

Se para a palabra "equipo" (de fútbol) poñemos o exemplo: *La squadra di calcio è formata da undici giocatori*, O equipo (de fútbol) está formado por once xogadores, apréndese que ademais de que *squadra di calcio* é o equipo (de fútbol), o uso das preposicións é diferente nas dúas linguas: mentres que en galego se usa "por" en italiano emprégase *da*. Loxicamente non é preciso que os exemplos sexan máis longos do necesario: Se para a palabra lumbago, it. *lombaggine* poñemos como exemplo: "O lumbago é unha dor forte e persistente no lombo, debido a un movemento brusco e as estatísticas demostran que é unha das enfermidades máis comúns na sociedade", sería excesivo. É un luxo que poden exhibir, e de feito o fan, os dicionarios en liña. Para nós, abondaría con dicir *La lombaggine è un dolore alla regione bassa della schiena*. Neste caso, aprenderíamos ao mesmo tempo que *lombaggine* é feminino en italiano e que o "lombo" é en italiano a *schiena* (por certo, tamén con xénero diferente).

Pola contra, tampouco deben ser excesivamente curtos. Se para a palabra "cabelo" se dá como exemplo: "Ten o cabelo branco" *Ha il capello bianco*, quedaría incompleto porque non aclara dabondo a aserción; é mellor ofrecer un contexto en contraste: "Aínda que é moi novo xa ten algún cabelo branco" *Anche se è molto giovane ha già qualche capello bianco.* A medida xusta é,

xa que logo, a que cumpra a misión encomendada, en definitiva, facilitar a aprendizaxe da lingua que descoñecemos.

Como é natural, non se deben usar exemplos que sexan incorrectos: Se para ilustrar a palabra galega "nácara' (en italiano *madreperla*) poñemos este exemplo: "Ten un xersei con botóns de nácara" *Ha un golfino con bottoni di madreperla,* non sería axeitado porque, polo xeral, os xerseis non teñen botóns. É preferible, neste caso, falar de "chaqueta" *giacca.* O mesmo ocorrería se para "lonxitude" poñemos como exemplo: A lonxitude dunha cancha de tenis é de cincuenta metros *La lunghezza di un campo da tennis è di cinquanta metri,* porque non é certo.

Sabemos que o italiano e o galego non soamente son linguas afíns en canto á súa orixe, senón que ademais posúen un contexto cultural moi semellante. Iso quere dicir que un caso particular é o tema das palabras culturais**,** dado que, na maioría dos casos, non existe referente na lingua de chegada.

Segundo sexa o grao de afinidade entre as linguas postas en contacto, atoparemos unha porcentaxe maior ou menor de termos e significados coincidentes á hora de proporcionar un equivalente na lingua de chegada. Pero cal é a estratexia axeitada cando non podemos presentar unha equivalencia? Ben é verdade que, grazas aos formatos electrónicos, as restricións de espazo e formato van desaparecendo (de xeito que podemos recorrer a imaxes, vídeos etc., que axuden a comprender o termo na lingua estranxeira). Este problema preséntase regularmente cando se aborda o tratamento das palabras culturais.

Cal é o equivalente italiano de "miñaxoia"? E como se traducen ao galego voces como *pandoro,* ou *tiramisù*? Certamente temos a opción de introducir o equivalente cunha fórmula xenérica ('especie de'..., *sorta di*...), porque desa maneira xa indicamos que é 'semellante a...', que 'ten aparencia de...' e que non posúe exactamente o mesmo valor. Pódese tamén, cando sexa posible, engadir o adverbio aproximadamente': De maneira que, se queremos, por exemplo, dar o equivalente italiano da nosa "bica", cómpre proporcionar unha explicación: *torta di farina, uova, zucchero, panna e burro, tipica di alcune zone della Galizia.* E o mesmo se queremos traducir ao galego o termo italiano *sanguinaccio*: "doce feito con sangue, chocolate e pasas, típico dalgunhas rexións italianas". E quizais non estaría demais apurar a situación xeográfica.

De todos modos, por moi clarificador que fose, non sería operativo, nin axeitado proporcionar unha descrición pormenorizada; por exemplo, para *pastenula* "peixe mariño da familia dos gádidos, do que existen varias especies, parecido á pescada, coas aletas do ventre en forma de filamento, que habita en fondos areosos e é apreciado pola súa carne delicada" ou para *pesce cappone:* "peixe dunha cabeza grande, cun fociño sobresaínte, a espiña sobre o opérculo non é moi grande. O perfil da fronte é recto, as aletas pectorais son amplas e de cor negro azulado, con debuxos de viva cor azul eléctrico e unha mancha negra na base [...] acada os 70 cm de longo". Trátase, en todo caso, de proporcionar a información necesaria para comprender o significado da palabra que descoñeciamos e non acudir a unha descrición enciclopédica, pormenorizada, para especialistas que acostuman a resumir no nome científico.

E así sucesivamente, se nos preguntamos : cal é o equivalente italiano para unha palabra tan usual no galego como "orballo"? Nin *pioggerella, pioviggine, acquerugiola* o definen con precisión (esas tres verbas corresponderían máis ben á "chuvisca", que non é o mesmo que "orballo"). Pensemos que no galego –quizais porque na nosa terra chove moi a miúdo– temos para a choiva abundancia de termos diferenciados, entre outros: babuxa, babuña, barbaña, barbuña, barbuza, barrallo, barrufa, barruñeira, barruzo, breca, froallo, lapiñeira, mexadeira, mocalleira, morriña, morriñada, parrumada, patiñeira, poalla, poalleira, zarzallo. Como se conxuga toda esta terminoloxía en ambas as dúas linguas? Como diciamos hai un pouco, será o grao de proximidade entre as dúas culturas, o que pode facilitar o labor do lexicógrafo, dándolle, en certo senso, as solucións máis aproximadas en cada caso, pero é verdade que, na maioría das veces, este tipo de palabras atopa difícil solución: se o orballo é moi espeso: poalla, poalleira; se a choiva está mesturada con néboa: barruzo, breca, mera; se é intermitente: chuvisca, chuviscada, chuviñada; con neve e vento: corisco, coriscada, calistro.

Das moitas posibilidades que existen cando non hai unha equivalencia total: 'alento' é sinónimo de 'bafo', o italiano *fiato* é sinónimo de *alito,* ou se a verba galega ten máis de dúas ducias de sinónimos: galego brote (*germoglio*), abrocho, botón, broulla, gamota, gomo, grelo, gromo, rebento, xema, xermolo..., e xa que logo, imposible de encaixar no italiano, podemos decidirnos polos máis espallados en Galicia: gromo, abrocho e botón, non sen antes explicar que *germoglio* equivale tamén ao significado de grelo (*cima di rapa*), verdura tan abundante na nosa terra.

Pódese adoptar un préstamo lingüístico como equivalencia (botafumeiro traduciríase por *botafumeiro*); presentar un equivalente explicativo; crear un neoloxismo ou se podería realizar una tradución xenérica da voz a través dun hiperónimo, seguida dunha definición, dunha descrición, aínda que o máis habitual nos dicionarios é omitir esta explicación imprescindible. Se se emprega un hiperónimo, e non se concreta, é correcto, pero inexacto.

Cremos que a opción máis axeitada é facilitarlle ao usuario unha explicación o máis concreta e sinxela posible. No campo da gastronomía, palabras tan comúns na nosa lingua como o "botelo", a "zorza", os "cimos", ou o "biscoito", teñen que estar recollidas necesariamente, definíndoas, como xa dixemos, dunha maneira clara e, a poder ser, moi concisa. Se ao consultar un dicionario atopamos que o biscoito é o *pan di Spagna* ou que *babá* é un "doce típico de Nápoles" non acadariamos o obxectivo principal: satisfacer as necesidades dos usuarios, proporcionándolles o equivalente axeitado. En Italia, un galego cando vai xantar quererá saber que é unha *caponata* "guiso clásico da cociña siciliana elaborado con berenxenas, alcaparras, tomates, olivas etc., cociñados en aceite de oliva" ou os *fettuccini* "tiras de pasta cocidas como os *spaghetti"* e a *panna cotta* "doce elaborado con crema de leite e azucre" e, dese xeito, terá completada a comida do mediodía, o mesmo que se invitamos a un italiano a nosa casa e dicímoslle previamente o menú: "botelo" coa alternativa de "androlla", e de sobremesa "filloas". Quedará satisfeito se, previamente, consulta o noso dicionario sabendo que vai comer como prato único, dada a súa consistencia, un "*insaccato affumicato fatto con la carne e ossa del maiale*" e para rematar unha "*specie di crêpe a base di farina e uova*" típica da nosa terra, especialmente no Entroido.

É evidente que son moitos os aspectos importantes á hora de elaborar un dicionario bilingüe de linguas afíns que agora teñen que quedar no tinteiro e que xa temos estudado noutros artigos. Tratándose do italiano e do galego postos en contacto, quizais un dos máis importantes e incluso divertidos puidera ser o dos falsos amigos léxicos, que na maioría dos dicionarios non se teñen en conta.

Non quixeramos rematar sen ofrecer unha mostra de como temos resolto no dicionario italiano-galego os problemas apenas apuntados (ITAGAL, http://www.cirp.es/pub/docs/varios/dicItaGal.pdf, pp. 222-223):

fare I v. tr. [aux. avere] 1 Facer. *Ho fatto un maglione di lana.* Fixen un xersei de la. *Quanto fa sette per cinque?* ¿Canto é sete por cinco? *Che cosa hai fatto ieri?* ¿Que fixeches onte? *Vi facevo a Milano.* Facíavos en Milán. *La cena mi ha fatto male.* A cea fíxome mal. *Aveva fatto tanti soldi.* Fixera moitos cartos. *Mi fanno la vita impossibile.* Fanme a vida imposible. *La nostra casa fa angolo.* A nosa casa fai esquina. 2 Facer, construír. *La cicogna aveva fatto il nido sul campanile.* A cegoña fixera o niño sobre o campanario. 3 Facer, compoñer. *Ti ha fatto un sonetto.* Fíxoche un soneto. 4 Facer, preparar (cociñar). *Domani faremo arrosto di vitello.* Mañá faremos asado de tenreira. 5 Ter (reunir, agrupar). *Questa città fa centomila abitanti.* Esta cidade ten cen mil habitantes. 6 Facer de (actuar). *Farò il Re Magio a Natale.* Farei de Rei Mago polo Nadal. 7 Ser (profesión). *Mio padre fa il marinaio.* O meu pai é mariñeiro. 8 (col.) Dicir. *Si avvicinò e mi fece: hai ragione.* Achegouse e díxome: tes razón. 9 Nomear, designar. *Il Papa fece cardinale un vescovo gallego.* O Papa nomeou cardeal un bispo galego. II v. intr. [aux. avere] 1 Ir (ser axeitado). *Il ritmo della città non fa per me.* O ritmo da cidade non me vai. 2 Sentar (ben ou mal). *Un po' di vacanza ti farà proprio bene.* Unhas poucas vacacións sentaranche realmente ben. III v. intr. impers. [aux. avere] 1 Facer (haber). *Fanno cinque mesi che è partito.* Fai cinco meses que marchou. 2 Facer, ir. *Fa caldo.* Fai calor. IV v. intr. pron. e refl. [aux. essere] 1 Facerse. *In poco tempo si è fatto un uomo.* En pouco tempo fíxose un home. *Si è fatta cattolica.* Fíxose católica. 2 (xerg.) Drogarse. *Quel tipo si fa.* Ese tipo drógase. # *avere da fare*: ter que facer; *cosa fatta capo ha*: o feito, feito está; *chi la fa l'aspetti:* o que a fai págaa; *darsi da fare:* preocuparse, molestarse; *far fuori* / *fare la pelle a qualcuno:* matar a alguén ; *farcela:* ser capaz, resolver; *fare a meno di:* prescindir de; *fare a metà:* compartir; *fare a pugni* / *a calci* / *a coltellate* (tamén fig.): emprendela a puñadas / a patadas / a coiteladas, ter unha boa agarrada; *fare bella* / *brutta figura:* quedar ben / mal visto; *fare benzina:* botarlle gasolina ó coche; *fare colpo:* impresionar; *fare coraggio:* dar ánimos; *fare e disfare* (fig.): gobernar; *fare fuoco:* disparar; *fare i capelli:* corta-lo pelo; *fare il bravo:* portarse ben; *fare il furbo:* facerse o listo; *fare il muso:* estar enfurruñado; *fare il verso* (tamén fig.): imitar, toma-lo pelo; *fare la barba:* afeitarse;

fare la bella vita: darse boa vida; *fare la fame:* pasar fame; *fare la parte di:* interpreta-lo papel de; *fare le ore piccole:* durmir pouco; *fare le smorfie:* estar encabuxado; *fare lezione:* dar clase; *fare notizia:* dar que falar; *fare paura:* dar medo; *fare piano:* falar baixo; *fare presto:* apurar; *fare schifo:* dar noxo; *fare silenzio:* calar; *fare tardi:* atrasarse; *fare tesoro di:* levar no corazón; *fare un colpo:* roubar; *fare un prezzo:* axustar un prezo; *fare un sogno:* soñar; *fare una figuraccia:* quedar mal ante os demais; *farla finita* (tamén fig.): acabar, suicidarse; *farla franca:* saír ben parado; *farla in barba a tutti:* facer mofa de todos; *farne di tutti i colori:* facer mil tolerías; *farsela con qualcuno* (pop.): deitarse con alguén; *farsi in quattro:* molestarse moito por alguén; *farsi strada:* abrirse camiño; *farsi vivo:* poñerse en contacto; *non fa niente:* non importa; *non fare motto / parola:* non dar un chío; *tra il dire e il fare c'è di mezzo il mare:* do dito ó feito hai un bo treito. OBS.: seguido de inf. asume valor causativo: *fammi pensare*: déixame pensar; *far credere, vedere* ecc.: facer, crer, ver, etc.; *far piangere, ridere,* ecc.: facer chorar, rir, etc.; a forma inv. *fa* úsase nos compl. de tempo pasado: *sette anni fa*: fai sete anos; v. irreg. V. táboa 24.

E a verba correspondente no dicionario galego-italiano (GALITA):

facer I v. tr. 1 [*aux.* avere] *Fare.* Non lle fagas preguntas. *Non fargli domande.* Fixémolo volver. *L'abbiamo fatto tornare.* Cinco e cinco fan dez. *Cinque e cinque fanno dieci.* Mañá fago corenta anos. *Domani faccio quarant'anni.* Estades aquí! Facíavos na biblioteca. *Siete qua! Vi facevo in biblioteca.* A volta da muller fíxoo moi feliz. *Il ritorno della moglie l'ha fatto molto felice.* Nesta viaxe fixen algún negocio. *In questo viaggio ho fatto qualche affare.* O abrigo facíao máis alto. *Il cappotto lo faceva più alto.* Fai bo tempo. *Fa bel tempo.* Hoxe fai dez anos que casamos. *Oggi fa dieci anni che ci siamo sposati.* obs.:v. irreg. V. táboa 24. 2 [*aux.* avere] *Fare.* Fixen un bocadillo. *Ho fatto un panino.* obs.:v. irreg. V. táboa 24. sin.: *preparare.* 3 [*aux.* avere] *Fare.* Queren facer unha casa. *Vogliono fare una casa.* obs.:v. irreg. V. táboa 24. sin.: *costruire.* 4 [*aux.* avere] *Fare.* Fixen algúns quilómetros a pé. *Ho fatto alcuni chilometri a piedi.* obs.:v. irreg. V. táboa 24. sin.: *percorrere.* II v. pron. 1 [*aux.* essere] *Farsi.* Esta película fáiseme pesada. *Questo film mi si fa pesante.* obs.:v. irreg. V. táboa 24. 2 [*aux.* essere] *Diventare.* v. intr.

Fíxose tacaño. *È diventato tirchio.* #chocolate de facer: *cioccolato fondente*; dar que facer: *dare da fare*; deixar de facer algo: *smetterla*; estar a piques de facer algo: *stare per fare qualcosa*; facela boa (irón.): *farla bella / farla grossa*; facer (algo) polo camiño máis longo: *menare (qualcosa) in lungo / per le lunghe*; facer a compra: *fare la spesa*; facer a limpeza da casa: *fare le pulizie*; facer a raia do pelo: *farsi la riga*; facer algo de boa gana: (*fig.*) *andare a nozze*; facer algo de broma: *fare qualcosa per ridere*; facer algo para nada: *fare un buco nell'acqua*; facer as contas da vella / facer castelos no aire: *fare castelli in aria / costruire sulla sabbia*; facer as contas sen o taberneiro: *fare i conti senza l'oste*; facer as cousas a conciencia: *fare le cose a dovere*; facer as cousas ao grande: *fare le cose in grande*; facer as cousas sen perder tempo: *andare per le corte*; facer as paces: *fare (la) pace*; facer as soltas antes de ter as cabras: *vendere la pelle dell'orso prima che sia morto*; facer barrabasadas: *farne di cotte e di crude / farne di tutti i colori*; facer barullo: *fare un mercato*; facer bo de alguén: *portare qualcuno sulla buona strada*; facer caer a alguén: *mandare qualcuno a gambe all'aria*; facer calar a alguén: *far stare zitto / cucire la bocca*; facer camiño: *fare strada*; facer carreira*:* (fig.) *far molto cammino*; facer caso: *dare retta*; facer cola: *fare la fila*; facer coma quen non oe/ facerse o xordo: *fare l'inglese / fare il sordo/ fare orecchie da mercante*; facer coma quen non ve: *chiudere un occhio*; facer das súas: *farne una delle proprie*; facer de...: *fare il / la...* facer de carabina: *reggere il moccolo a qualcuno*; facer de corpo: *andare di corpo / fare i propri bisogni*; facer de intermediario: *fare / agire da tramite*; facer de todo para conseguir algo: (fig.) *fare i salti mortali*; facer e desfacer: (fig.) *fare e disfare / fare il bello e il brutto tempo*; facer ganas: *far gola*; facer mofa de todos: *farla in barba a tutti*; facer moito ruído: *far fracasso / fare il diavolo a quattro*; facer o favor: *fare la gentilezza*; facer obras de caridade: *fare della beneficenza*; facer o conto: *adulare*; facer os honores: *fare gli onori di casa*; facer o ridículo: *far ridere i polli*; facer ostentación: *mettere in mostra*; facer partícipe: *mettere a parte*; facer pé (na auga): *toccare fondo*; facer pedazos: *fare a brani*; facer perder a paciencia: (fam.) *far girare le scatole*; facer por + inf.: *cercare di + inf.*; facer que (finxir): *far finta di;* facer que non se fale (de algo): *mettere a tacere*; facer saltar/ voar a tampa dos miolos: *farsi saltare / bruciarsi le cervella*; facer sentir

incómodo: *mettere qualcuno a disagio / mettere in imbarazzo*; facer sitio: *fare posto*; facer todo o posible: *muovere cielo e terra / fare del proprio meglio*; facer tolemias: *fare pazzie*; facer unha desfeita: (fig.) *fare una frittata*; facer unha excepción: *fare uno strappo alla regola*; facer unha tolada: *fare uno sproposito*; facerlle as beiras a alguén: *fare il filo a qualcuno*; facerlle unha xogada a alguén: *fare le scarpe a qualcuno*; facerse á mar: *prendere il mare*; facerse auga na boca: *far venire l'acquolina in bocca*; facerse cargo: *1. incaricarsi* (encargarse)*, 2. rendersi conto* (darse de conta)*;* facerse de noite: *farsi buio*; facerse de rogar: *farsi pregare*; facerse famoso: *venire / salire alla ribalta*; facerse mal sangue: *farsi sangue cattivo*; facerse notar: *farsi vedere / mettersi in evidenza*; facerse o gracioso: *fare lo spiritoso*; facerse o listo: *fare il furbo*; non dar pancada: *non fare un tubo / stare con le braccia in croce / stare con le mani in mano*; non facer máis ca: *non fare altro che*; non facer mal a ninguén: (fig.) *non torcere un capello*; obrigar a alguén a facer algo: *mettere qualcuno con le spalle al muro / tirare qualcuno a fare qualcosa per i capelli*; ter máis que facer: *avere altro da fare.*

Esperamos que cando os dous volumes do dicionario se poñan en rede, tanto a forma como o contido sexan máis manexables e poidan achegar una maior cantidade de información e, consecuentemente, de precisión.

Bibliografía

Calvi, M. V. (1995): *Didattica di lingue affini: spagnolo e italiano*, Milano: Guerini.

_____ (2012): "Palabras y cultura en la lengua del turismo", *Pasos. Revista de turismo y patrimonio cultural* 4, vol. 10, pp. 1-3.

González, I. (1982): "Italianismos en *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca*", *Homenaje a Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Universidad de Santiago, pp. 93-104.

_____ (1997a): "Diccionario italiano-galego", *Cadernos de Lingua* 3, Santiago de Compostela: Obradoiro Gráfico, S.L., pp. 121-129.

_____ (1997b): "O Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega", *Cadernos de Lingua* 3, Santiago de Compostela: Obradoiro Gráfico, S.L., pp. 131-139.

_____ (2001): "Información semántica complementaria en los diccionarios bilingües" en S. Porras Castro (ed.), *Actas del IX Congreso Nacional de Italianistas Españoles, Lengua y Lenguaje Poético*, Valladolid: Universidad de Valladolid, pp. 45-60.

_____ (2008a): "Algúns aspectos dos diccionarios bilingües con especial referencia ao galego-italiano" en M. Brea López, F. Fernández Rei e X. L. Regueira (coords.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía". Homenaxe a Antón Santamarina*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, pp. 105-112.

_____ (2008b): "Terminología gastronómica italiana en Álvaro Cunqueiro". *Homenaje al Profesor Joaquín Hernández Serna, Estudios Románicos* 16-17, pp. 493-502.

_____ (2015): "Léxico especializado en la lexicografía gallega-italiana (algunas reflexiones)" en D. Sánchez Palomino y M. J. Domínguez (eds.), *Aproximaciones a la lexicografía moderna y contrastiva,* vol. II, Berlín: De Gruyter, pp. 210-221.

_____ (2016): "A complexidade das equivalencias nos dicionarios bilingües ITAGAL e GALITA" en M. González (ed.), *Lingua, pobo e terra. Estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal,* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 233-244.

San Vicente, F. (ed.) (2006): *Lessicografia bilingue e traduzione: metodi, strumenti, approcci attuali*, Monza: Polimetrica.

Sanmarco Bande, Mª T. (2008): "A denominación de animais e plantas nos dicionarios bilingües. O ámbito ítaloespañol" en M. Brea, F. Fernández Rei e X. L. Regueira (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía: homenaxe a Antón Santamarina*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 170-179.

_____ (2015): "Tratamiento de los culturemas en la lexicografía italoespañola actual" en Mª. J. Domínguez *et alii* (eds.), *Lexicografía de las lenguas románicas. Aproximaciones a la lexicografía moderna y contrastiva*, vol. 5, Berlín: De Gruyter, pp. 423-440.

_____ (2017): "Le parole culturali della gastronomia nella lessicografia italospagnola odierna" en I. Bajini, M. V. Calvi, G. Garzone e S. Giuseppe (eds.), *Parole per mangiare. Discorsi e culture del cibo*, Milano: LED, pp. 289-306.

_____ (2018): "Cómo afrontar la codificación de las palabras culturales en la lexicografía bilingüe. Lengua de especialidad del turismo cultural y diccionario" en M. V. Calvi, B. Hernán-Gómez Prieto e G. Mapelli (eds.), *La comunicazione specialistica. Aspetti linguistici, culturali e sociali*, Milano: Franco Angeli, pp. 209-318.

A liberdade de imaxinar ou os límites da cidade de provincias na novela *As cousas de Ramón Lamote* de Paco Martín

Ánxela Gracián
Investigadora literaria

Contexto histórico

Coa novela *Das cousas de Ramón Lamote* é a primeira vez que o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil cruza o Pedrafita do Cebreiro e entra en Galicia, da man do seu autor, o lugués, Paco Martín, que no ano 1986 o gañou con esta obra tan interesante, tanto polo tratamento do espazo urbano provinciano (argumentado sempre como feito social e, por tanto, político, isto é, os valores, as estratexias e os comportamentos da clase política gobernante e da burguesía dominante que os perpetúan) como polo especial tratamento da fabulación e da fantasía, aspectos ambos aos que nos achegaremos neste artigo.

Como vimos de dicir corría o ano 1986 e a obra premiada foi unha vaga de esperanza para o autor e fito renovador na nosa literatura. O propio autor dio nunha das entrevistas:

> Resultoume moi gratificante gañar o premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil porque foi a primeira vez que se lle concedía un premio nacional a un libro escrito en galego (Martín, 2014).

A súa obra nútrese de temas como o ataque contra a burguesía, botando man da fantasía e do humor sagaz, sutil e non tan sutil, que campa en todos os seus textos. Así o entendeu tamén a crítica para quen o escritor Paco Martín ocupou unha merecida importancia:

> A ficcionalización de elementos que acenan cara á identidade galega, unida á crítica da nova sociedade xurdida da democracia, foi a cerna de propostas de creadores da literatura institucionalizada como Paco Martín (Recatelo, 1940), un dos autores vinculados aos colectivos de renovación pedagóxica que agora se achegou á narrativa xuvenil con gran talento para captar e transmitir a esencia do que significa ser galego, dunha forma de entender a vida desde a perspectiva individual, fronte á que se sitúa a colectividade, convertida na maior parte das súas obras en personaxe (Roig, 2015: 158).

Esta crítica que tamén se ocupará de situar a novela como o paradigma da escrita persoal do autor cuxo protagonista, "un personaxe xa inesquecible no imaxinario galego" (Roig, 1992: 185-194) que se completamente co ton estrafalario, curioso, simpático e nada convencional deste personaxe adulto, (...) a través do que se dan explicacións do mundo desde unha perspectiva netamente galega (Gomes e Roig, 2007: 78).

O autor pertence á chamada Xeración do 68, isto é, escritores nados trala Guerra Civil que viven toda a súa aprendizaxe infantil e xuvenil e a súa maduración persoal baixo a tutela do nacional catolicismo franquista de tanta estreiteza ideolóxica e foron á universidade na década dos 60 recompoñendo un sistema de valores propio do que se nutriu como escritor e como ensinante, a outra das súas profesións, participando sempre en colectivos de marcado carácter de renovación pedagóxica.

Análise do espazo provinciano de *intramuros*

A noción de espazo estivo asociada tradicionalmente ao establecemento de relacións harmónicas e congruentes entre os distintos compoñentes do texto literario, en concreto, foron os estudos de narrativa os que máis se achegaron a este concepto.

Así, o espazo foi estudado desde distintos puntos de vista, desde a perspectiva dos estudos formalistas que identifican este só como un topos, lugar ou escenario simplemente físico e decorativo ata outras nas que consideran a primeira entidade como un reflexo das estruturas socio-históricas do contexto no que xorde a obra. Pero foron as reflexións da semiótica rusa, de decidida orientación culturalista, as que superaron esas concepcións tradicionalistas ao postular a noción de cronotopo do eslavo Mijail M. Bajtin (1989: 235-398), o tempo-espazo amalgamados, isto é, as conexións esenciais das relacións temporais e espaciais asimiladas artisticamente na literatura. Con iso adecuase e refuncionalízase ao campo de estudo específico a unidade indisoluble que establecera a principios do século XX a teoría da relatividade einsteniana[1].

[1] Para unha crítica do concepto bajtiniano de "cronotopo" *vid.* I. M. Zavala (1986), obra que revisa e recontextualiza as teorías literarias do estudoso eslavo, que entendeu o cronotopo como unha categoría da forma e o contido na literatura, a unión dos elementos espaciais e temporais nun todo intelixible e concreto. O tempo condénsase aquí, comprímese, convértese en visible desde o punto de vista artístico; e o espazo, pola súa vez, intensifícase, penetra no movemento do tempo, do argumento, da historia. Os elementos do tempo revélanse

Desde unha posición interdisciplinaria que conxugue perspectivas como as da antropoloxía cultural, a psicoloxía, a teoría da literatura e a semiótica, pode revelarse interesante o estudo sistemático dos elementos espaciais tematizados nas diferentes culturas e/ou literaturas co fin de chegar a unha máis cumprida definición destas no marco dunha semiótica da cultura. Foi entón Foucault (1984,1986), vinculado co estruturalismo e redefinido como un dos principais pensadores da posmodernidades, o que lle outorga unha dimensión ao espazo sobre o tempo e que sinala que a obsesión do século XX foi a historia, a época actual é a época do espazo. Para este filósofo e outros teóricos, o espazo convértese nunha ferramenta de análise social, pois vivimos no interior dun conxunto de relacións espaciais, (espazo privado e público, o da familia e o do social, espazos escuros ou transparentes, de abaixo ou de arriba etc. Heterotopías "que delinean lugares que son irreductibles uns a outros e absolutamente imposibles de sobrepoñer" (Foucault, 1986: 22-27).

Este concepto será de vital importancia para os xeógrafos e economistas das décadas seguintes, non só para definir a rede global que caracteriza o territorio tardocapitalista, senón tamén a propia cidade contemporánea, que forma parte do debate e que conduciu a sociólogos, filósofos, economistas urbanos e demais a interesarse polo espazo urbano. A partir de aquí, e concretamente logo do Maio do 68, todas as reflexións que se fan respecto do espazo salientan a importancia deste en calquera proceso social, político e económico. Será Edward Soja (Benach e Albet, 2010) quen reivindique o seu protagonismo fronte ao tempo na comprensión da cidade. Se todo ocorre no espazo, se este posúe un papel instrumental como coñecemento dun modo de vida, se o espazo pode ser entendido como produto, proxección e símbolo, pode entón entenderse como un concepto fundacional.

Daquela, se a novela é discurso e símbolo, discurso e imaxe, non abordaremos o espazo en si mesmo como dimensión material senón como o relato desa materialidade e a súa experiencia, analizando os datos que se nos achegan sobre o espazo en cuestión, a súa forma e a súa historia. Desde esta dimensión, a noción de espazo físico está determinada polo que o rodea e envolve –medio, atmosfera, ambiente, contorno, zona, sitio, extensión, distancia– nocións que compoñen un verdadeiro sistema de lugares do ima-

---

no espazo, e o espazo é entendido e medido a través do tempo. A intersección das series e unións destes elementos constitúe a característica do cronotopo artístico.

xinario contemporáneo e un campo semántico de suxestivas significacións. Así o reflexiona o antropólogo Edward E. Hal (Warner-Søderholm, 2013) que di que "todo o que o home fai está vinculado á experiencia do espazo", idea un tanto complexa da que, en todo caso, subxace a reflexión de que o espazo nunca é neutro. Hai inscricións sociais que asignan, identifican e clasifican todo asentamento. Relacións de poder e presións sociais que se exercen sobre todo espazo creado. O territorio mídese, divídese e delimítase para controlalo mellor a partir de nocións como horizonte, límite, fronteira, e o espazo vital ábrese a novas relacións de dominio, zonas fronteirizas, recintos sagrados, territorios míticos, fronteiras políticas, fronteiras vivas e redutos prohibidos que xorden dos procesos de fragmentación do espazo. Desa concepción será da que partiremos para a análise da novela *Das cousas de Ramón Lamote*, o espazo que comprende os mundos de dentro e de fóra nun intercambio que lle dá sentido a esa percepción, achegándonos a ese lugar de *intramuros*, que busca, por medio dun humor aguzado que roza a sátira con vistas ao desenmascaramento, a desmitificación de certas actitudes da sociedade burguesa e da clase política que goberna na cidade de provincias. Este humor, crítico, lúdico ou paródico, vai encamiñado sempre a definir e ridiculizar esa moral pequeno burguesa dos seus habitantes, superficial e baleira, que queda caricaturizada en cada un dos capítulos da obra –o do Reparante, o do Entomodelfo, os do tubo e os dos marmolubios– nos que se amosa o que esa sociedade ten de finximento, de burla social, de pose artificial, así como a desvalorización do traballo cultural, véxanse os libros, as conferencias, a arte e o coñecemento en xeral.

Efectivamente, o espazo da obra é a cidade de provincias, vista non só como marco referencial do cal apenas coñecemos uns poucos elementos senón cun carácter simbólico e definitorio capaz de enmarcar e caracterizar o acontecido nela. É este un microcosmos alienante, baluarte de costumes inalterables, firme defensor das tradicións e costumes máis enraizados e representativo dunha mentalidade burguesía hexemónica que se nega a evolucionar e se resiste a calquera cambio. Espazo que está sempre en íntima relación cos personaxes que o habitan e que determina uns hábitos de vida, unha ideoloxía, unha política e unha atmosfera moral na que campan a hipocrisía e o sentido utilitario e pragmático da moral. Elementos todos que actúan como unha lousa sobre calquera acto espontáneo e inxenuo do individuo, ao que se lle esixen, de modo maniqueo, unhas pautas de comportamento ás cales todos os seus habitantes se amoldan, así como uns costumes que

todos coñecen e aceptan e que veñen determinados polo terrible sometemento ás aparencias e ao que dirán. Por riba de todo sitúase a autoridade política –de comportamento clientelar– baixo cuxa á todos se senten seguros e protexidos. Así o recoñeceu a crítica: "(elementos) netamente realistas que propician a reflexión crítica e mordaz sobre a sociedade, en ocasións de forma simbólica e subliminar, ridiculizando os pretendidamente cultos e os poderes caciquís a través duns personaxes con características identitarias do ser galego" (Roig, 2015: 159).

O conflito xorde cando un personaxe inadaptado –neste caso, o seu protagonista, o profesor e debuxante Ramón Lamote Miñato– cuestiona, ao lles negar o valor e o mérito que se lles presupoñen, eses valores ás clases dominantes e esa protección e seguranza á clase política poñéndoas ás dúas en tea de xuízo.

Para ese cuestionamento, o autor irá dando conta dunha serie de feitos que se suceden nas estreitas marxes que ofrece o espazo provinciano de *intramuros* do cal se nos van desvelando os distintos microespazos sociais a el asociados.

Aínda que nunca se nomea na obra nin tampouco esta se sitúa nunha cronoloxía concreta, a xeografía e as características do espazo permítennos imaxinar que se trata probablemente do Lugo natal do autor, na década dos oitenta en que escribiu a novela, ben que o autor a situou nunha entrevista en calquera lugar do mundo: "O lugar (falando da novela e do seu protagonista) onde se move e as circunstancias nas que o fai poden darse en calquera parte –e ese algo descoñecido– que fai que sexa recoñecida por igual en calquera vila de Galicia ou Andalucía, ou Costa Rica, México, Buenos Aires ou Nova York" (Martín, 2014).

Nela desfilan as diferentes clases sociais existentes na cidade, simbolizadas nunha ampla gama de individuos, os rendistas, algún comerciante, os profesores de instituto, as señoras ociosas, os equipos de fútbol Penarrubia C.F. e Penaverde F.C., eternos rivais, a xente das tabernas e a das rúas populares etc. Aínda que son só uns poucos, sempre reiterados e repetidos, os individuos e os lugares que lle imprimen ese carácter peculiar de escasa actividade laboral, creando un ambiente xeral de rexouba e superficialidade, imos compoñendo os distintos ambientes e escenarios da cidade, as súas rúas imaxinarias, unha soa con nome concreto, a dos Montes, que imaxinamos anticuada, obsoleta, vella, pois algúns dos edificios aínda non

contan con ascensor e, por tanto, tamén pouco importante, pois nun dos seus edificios vive un alumno de Chairego do profesor Lamote, lingua pola que só se interesan as clases populares, as súas prazas, as súas edificacións e os seus conflitos. Un dos máis importantes é o que xorde cando a esta rúa dos Montes vai cobrar as rendas de alugamento esa burguesía inútil, rexoubeira e enriquecida pola posesión de inmobles. Tamén están as outras rúas, as anónimas e populares nas que xogan os nenos, se despraza a xente para o traballo e hai mesmo pequenos negocios locais como unha barbería. Nunha delas aparecerá un misterioso tubo entorpecendo o paso.

Menciónanse tamén as tabernas, a Rexedoría, a casa señorial, de "estirpe anterga", onde vive a familia do Rexedor, a estación de ferrocarril e algunhas fontes, máis só unha, a dos Labregos, ten un nome propio que non é gratuíto, pois será nela, lugar recollido fóra do rebumbio xeral, onde terán lugar os encontros máxicos (é aquí onde o Reparante se aparece ao protagonista). Tamén se mencionan as Gándaras da Ferrería, escenario da gran corrida de nubes, espazo *extramuros*, lindeiro co campo dende o cal este xa se pode albiscar. O lugar está narrado, non como un marco de referencia senón cunha entidade que ten vida propia, pois será un espazo moral e humano no que hai un lugar para a liberdade e os soños, funcionando dalgún modo como o antagonista desoutro espazo provinciano *intramuros* tan opresor que é a cidade. Deseguida coñecemos o protagonista da novela, o inadaptado profesor de Chairego e debuxante de soños por encarga, Ramón Lamote Miñato (nome sonoro e rimbombante que evoca un verso octosilábico de ritmos acentuais gregos), do cal sabemos que non é moi alto, que ten sesenta e un anos feitos e que é amigo das tabernas populares, das partidas de dominó e dos paseos sen présa.

Sabemos tamén a que se dedica: é profesor de Chairego e debuxante de soños por encarga. Da súa primeira profesión deducimos, polo pouco valor que as clases altas lle dan a esta lingua cando el os informa da súa actividade, que o Chairego, ao que nomea cunha trusgadela toponímica, é por suposto un trasunto do galego, lingua minoritaria e minorizada, propia da clase popular e, por tanto, sen valor para a clase dominante. Da segunda profesión de Lamote sabemos que a realiza case sempre á noite nas horas roubadas ao sono e que esta o converte nun creador, nun artista e, por tanto, nun personaxe distinto, alleo ao fluír igualitario e mediocre desa cidade de pequenas aspiracións burguesas. Tamén son diferentes os seus costumes de paseo e tabernas populares, o seu verbo franco e directo, o seu facer de

ilusión co que desenmascara a falsidade dunha sociedade banal e clasista, ateigada de miseria moral e remisa a todo cambio, a toda apertura, para quen o ascenso social e a posesión económica de bens son a súa máxima aspiración. Desa falta de amplitude de miras, Lamote culpa os políticos que gobernan practicando o caciquismo, a farándula, a falta de motivación, tanto laboral como intelectual e o desprezo da cultura.

Para loitar contra todos estes elementos e manter viva a esperanza e co fin de tirar do tedio e do aburrimento deses días iguais nos que nada muda os habitantes desta cidade provinciana, Lamote vai ofrecéndolles capítulo a capítulo as súas fabulacións –o Reparante, o entomodelfo, a corrida de nubes cuxo premio son vinte preciosos marbolubios, que se transforman en vinte e seis bicicletas para os nenos que non aprobaron todo–, así como a súa mirada persoal ao que acontece ante el, o insólito, coma ese tubo que aparece e desaparece misteriosamente, e o extravagante, como ese tolo que sobe e baixa do tren cada día soñándose emigrante.

Cosmopolitismo e provincianismo preséntanse, nunha España dos anos oitenta posfranquista que herdou as vellas estruturas e cuxo modo de vivir aínda lembra os moi recentes corenta anos de Ditadura, como dous conceptos antitéticos. Ben que a cidade provinciana segue sen ser a capital, os seus habitantes viaxan e por tanto poderíamos pensar que será a viaxe a que lles ofreza un modo de deixar atrás as vellas mentalidades e tirar fóra os prexuízos, pero na práctica isto non sucede así, pois cambiar de horizontes é só a ocasión para campar do poder adquisitivo necesario que se precisa para desprazarse e pernoitar nos sitios visitados, sen que o mundo logre impregnar de modernidade eses cidadáns carentes de curiosidade que non ven máis aló dos seus narices. Así pois, a viaxe como aprendizaxe dun modo de vida novo non é tal e os provincianos regresan como marcharon, incapaces de asimilar outra cultura e outros modos de vivir. Nada tirará, pois, do inmobilismo a esta comunidade pechada, ancorada no pasado á que só lle importa vivir dentro do *status*, a cal vista a través dos ollos catalizadores do seu único personaxe disidente –xunto cos nenos–, resulta ridícula.

Argumento da novela

A historia transcorre en oito capítulos nos que asistimos a distintos percorridos pola cidade a través dos cales se lle van revelando ao lector os fíos que moven esa pequena sociedade provincial, sobre todo, os intereses

dominantes e o pouco espazo que hai para os soños, agás os do seu protagonista, que regala a fabulación e con ela a esperanza.

O libro comeza coa presentación por parte dunha voz narrativa, que ben podería coincidir coa mirada e a voz do autor, que anticipa os feitos que se van contar dicíndonos que son "retallos da vida de don Ramón Lamote Miñato e máis da súa cidade". Esa mesma voz presentadora advírtenos tamén de que "todas as poboacións cativas –e quizais tamén as outras– teñen sempre alguén que vén ser a representación viva das rúas, xardíns e edificios, alguén que encarna a alma de pedra e cemento que as conforma".

Así pois, temos feita xa a presentación do seu protagonista como ese ser, con sesenta e un anos feitos, vividos día a día na mesma urbe, que encarna a alma da cidade, responsabilidade que asume con ledicia. A partir de aquí asistimos aos distintos encontros do señor Lamote cos poderes dominantes da vila.

O primeiro capítulo titúlase "De cando Ramón Lamote –ó que de pequeno chamaban Moncho– soubo da chegada do Reparante á cidade" (repárese no modo antigo dos títulos da obra cuxo significado debemos buscalo no sentido de toda fabulación) e iníciase coa visita do señor Lamote a unha casa señorial da cidade, histórica, "anterga":

> grande e anterga, de pedra ben labrada e fermosas solainas por fóra e altos teitos nas folgadas pezas do interior". Hai nas paredes de dentro vellas pinturas penduradas que representan homes barbados e señoras de vestidos grosos e requintados (p. 2).

Sabemos que é unha casa de xente principal e que fora alí para lle dar clases de Chairego a un dos rapaces da casa. Aparece entón a primeira crítica a esa sociedade indocumentada, inútil, ociosa e preocupada só por aparentar, pois comunícanlle que:

> Terá que agardar na biblioteca. A señora ten unha xuntanza de damas importantes. Están a estudia-lo xeito de prestar axuda a tódolos vellos que coxean algo do pé esquerdo...
> -¿E como saben elas que precisan axuda?
> -Xa se amañarán para convencelos... (p. 12).

Acontece despois a única descrición dunha biblioteca da cidade, a do señor Rexedor. Os libros, un dos piares básicos para acceder á cultura, deben ser

abertos, esfollados, cofados e, por suposto, compartidos. En contraste con isto, a biblioteca do Rexedor é pura orde e represión, e non hai ningún exemplar fóra do sitio, xa que logo, non é un lugar para ler senón para campar. Así o constata Lamote no tempo inmenso en que o fan agardar nela. Entón este toma a licenza de abrir o moble, coller un libro e poñerse a ler. Sorprendido pola dona da casa, que o trata con esa superioridade e falta de respecto que se tratan ás xentes de pouca importancia social, esta esíxelle que devolva o libro ao seu andel, pois "eiquí querémolo todo ben ordenado" e confésalle a súa opinión sobre os libros: "Xa saberá vostede que os libros son algo moi importante..." e tamén que o seu home –o señor Rexedor, a máxima autoridade– "cando era novo, leu un deles enteiro".

A insípida e ríspeta muller do Rexedor –á que, coma o mesmo Rexedor, os comisionados, o xornal local e o resto dos burgueses, non se lles concede o narrador nome na obra– considera o profesor de Chairego incapacitado para a súa tarefa por mor da altura. Así pois, cualifícao de baixo de máis e acúsao de non dar a talla da casa; logo, bótao sen máis miramentos, coa correspondente crítica brutal e degradante que revela respecto dos valores dunha persoa que actúa movida, primeiro, por falta criterio, ao xulgar só polas aparencias e, segundo, pola falsidade e a frivolidade que a súa cosmovisión comporta. Tamén cómpre mencionar, como noutros momentos da novela, a repartición dos roles de xénero, outorgándose o papel de "señora de" e nai de familia que se ocupa exclusivamente de manter a súa presenza en sociedade e da toma de decisións respecto da educación dos fillos.

> -¿Vostede vén polo das clases de Chairego do meu rapaz?
> -Si, señora.
> -Pois non nos interesa. É algo baixote de máis. ¿Canto mide? (p. 14).

Unha vez na rúa, o profesor bota contas do que leu naquel libro antigo e chega á conclusión de que un acontecemento importante vai suceder na cidade. É entón cando decide poñelo en coñecemento do señor Rexedor. A partir de aquí as diatribas contra este personaxe, a clase social dirixente e a burocracia administrativa son demoledoras. Cárganse as tintas críticas nas demoras para ser atendido e no tratamento que se recibe segundo se sexa unha persoa importante ou non. Tamén se pon de relevo o afán de lucro, o atraso e a ineficacia desta clase social.

> Lamote correu cara a aló, petou cos cotenos e entrou. Víase nun pequeno cuarto no que había dúas portas. Nunha líase: "DE CONTADO" e na outra:

> "DE VAGAR". Entrou pola primeira e foi bater contra unha mesa metálica de color cincenta atrás da que estaba sentada unha rapaza loira.
> ¿Quere ver de contado ó señor Rexedor? -preguntou a moza.
> -Si... É moi importante, algo vai suceder nesta cidade. Non sei se será grave.
> -Moi ben. Teña estes impresos, son noventa e seis pesetas (p. 15).

Como a cita se demora, Lamote ten que inventar unha estratexia. Daquela, imbuído de falsa autoridade e un certo despotismo, entra no despacho do secretario particular e faise pasar por un home importante. É recibido entón polo señor Rexedor con todo o respecto, educación, pompa, decoro e boas formas que a importancia do seu rango esixe. Entón Lamote cóntalle ao político gobernante que a partir da lectura dun libro da súa biblioteca atopou un vello manuscrito no que se fala de que un animal chamado Reparante, de fasquía semellante a dun dragón, acordará, logo de seiscentos noventa e seis anos durmindo, o próximo mes e que o fará nunha das rúas da cidade. O Rexedor, ao darse conta de que ten ante si un home do común, volve tratalo co mesmo ton autoritario e irrespectuoso da súa dona, pois a clase política só lle amosa preitesía a aqueles que consideran superiores. Logo, apunta toda a información nun papel timbrado e con bolígrafo de ouro (repárese na crítica ao malgasto e á fachenda) e ameázao con prendelo facéndolle prometer que non lle contará a ninguén a noticia. Ao día seguinte, cando o profesor abre o xornal local –este sempre ao total servizo e para maior gloria da clase política que goberna–, atopa a noticia do importante descubrimento do señor Rexedor, don Alberte Airas Abelaira, quen afirma que o coñeceu estando el na súa biblioteca, en realidade espazo absolutamente decorativo para el, mais que na boca do xornalista, sempre loamiñeiro, amosa como "a demostración clara do interese cultural e da coñecida intelixencia do noso Rexedor", para, máis adiante, facernos sabedores da verdadeira concepción dos libros para Alberte Arias. Comentario que ten unha clara función paródica, pois, segundo di, "aínda que mos pagaban ben, non os vendín xa que "os libros son os mellores amigos do home, segundo din, e os cans tamén...". No xornal cóntase así mesmo o encontro do gobernante con ese dragón chamado Reparante e os preparativos bélicos para tamaña xesta.

Finalmente, Lamote decátase de que se equivocou nos cálculos, aínda que lle é imposible poñerse en contacto coa Rexedoría, pois andan moi ocupados en organizar festas medievais e outras frivolidades baleiras dirixidas á exaltación política de don Alberte.

Todos fan apostas en que lugar da cidade se aparecerá o dragón, aínda que finalmente o fai na Fonte dos Labregos, nome que, como dixemos, non é banal na novela. A cidade vístese para a ocasión: "As persoas importantes amañaban traxes, uniformes e incluso armaduras" e o Reparante aparece á hora prevista, pero só Lamote está alí para recibilo. Cando o convida á celebración municipal, o animal prefire a compaña do profesor, xa que, segundo di, " sempre que me corresponde acordar hai alguén que pretende quedar de valente diante dos demais á miña conta". Estamos aquí ante o mito do monstro, que ten medo dos homes, e viceversa, os homes que teñen medo do monstro, que tanto xogo literario deu, como, por exemplo, no relato titulado "A casa de Asterion" (Borges, 1949; D'Argenio, 2015). Pódese ver tamén na figura do Reparante unha metáfora do Graal, pois só aos seres de corazón limpo e alma nobre este se lles aparece.

Na novela de Paco Martín, o todopoderoso pero pacífico Reparante non quere facer valer a súa forza e xa na intimidade da casa de Lamote confésalle "cousas incribles, fermosísimas e abraiantes, segredos tan fondos e estarrecedores que non poderiamos falar deles eiquí aínda que os soubésemos", mentres o Rexedor, aliado co xornal local, se amosa ante a súa vila disfrazado de cabaleiro medieval ao modo feudal, disposto a defendela de dragóns e outras bestas demoníacas, custe o que custe.

O capítulo tamén nos permite mergullarnos na atmosfera da cidade, ao tempo que se recrean escenas típicas desta, como o paseo pola avenida central con traxe de domingo, sempre desde unha perspectiva costumista, non exenta de matices económicos e políticos, como o control propagandístico do xornal local, o imposible cosmopolitismo ou esa necesaria modernidade convertida en quimera, por mor da persistencia dun provincianismo que exacerba a mediocridade da sociedade en xeral e cuxa responsabilidade é da política local clientelar.

O segundo capítulo, titulado "De cando o señor Lamote deu cunha señora sentada na escaleira", achéganos ao comportamento social das aparencias dunha sociedade provinciana, totalmente paifoca, que campa frivolamente, sen se preocupar de gañar o sustento, pois vive de rendas. Nel o autor converte en obxecto de burla o estereotipo do burgués e da burguesa rendistas, especialmente esta última, á que presenta como frívola, superficial, trivial, rexoubeira e preocupada tan só polas aparencias e o *status*, mesmo mal educada, así como preguiceira e servil, que ten como consignas a falsidade e a

hipocrisía disfrazadas de clase social. Tamén nos dá conta da súa inacción e da súa ineptitude, comportamentos ambos que contribúen a perpetuar certos estereotipos. Outro dos defectos con que a caracteriza é a súa falta de consideración e de empatía, o que acentúan aínda máis, achegándoa case ao estatuto de caricatura, a crítica severa a ese código burgués patriarcal. A súa falta de interese pola cultura é tamén moi patente, pois este prototipo social non se interesa por nada, agás polo que supoña rexouba. Por suposto, tampouco sente respecto pola lingua identitaria que representa o Chairego nin pola cultura nomeada por esta, nin tampouco pola imaxinación entendida como o cúmulo de experiencias lectoras que un ten. É pois esta burguesía acomodada e ociosa a quen Lamote atopa na rúa dos Montes cando vai dar clases de Chairego a un rapaz que vive no terceiro andar. O trato que esta clase social lle ofrece a aquel que non ten poder político nin fama nin cartos é a exclusión. Así pois dinos o narrador, "unha señora grosa e chea de enfeites estaba alí sentada e ollaba para el con expresión asombrada", esta ocupaba a escaleira toda. Entón o educado Lamote, que pretende subir, non pode facelo. Trata por todos os medios correctos de facerllo comprender. Establécese entre eles unha conversa absurda, chea dun humor sarcástico, nun diálogo sen sentido entre quen quere facerse entender e quen non ten ningún interese en darse por entendido. A ociosidade, a rexouba, a falta de coñecementos ou a escaseza de amor por eles ponse deseguida de manifesto: "Mentres tanto a muller pescudara no seu enorme bolso, sacara del unha revista desas do corazón e puxérase a ler nela" (p. 44).

Na espera de que comprenda a situación, Lamote suxírelle que se aparte, mais a muller fálalle da importancia de ser importante e darse importancia, mentres continúa a ler a revista da prensa rosa, tan banal, acto que só delata a súa ociosidade e alto compoñente clasista de quen só recoñece o *status* do diñeiro.

A novela continúa e o lector asiste aos costumes dunha vida de provincias en cidades pequenas sempre abordables a pé:

> El saía do café ás cinco menos vinte, despois de bota-la partida de dominó". O señor Lamote tiña clases de Chairego no 3º andar da rúa dos Montes de cinco a seis da tarde, e camiñaba engorde pola beirarrúa porque sabía que con dez ou quince minutos lle abondaba para chegar ó seu destino (p. 39).

que acostuman afogar lentamente as persas rebeldes que as habitan, que teñen que acabar resignándose a sufrilas ou fuxindo delas. Mais non é o

caso de Lamote, que cunha superioridade sempre por riba do mediocre e coa complicidade dos nenos, trae sorrisos de felicidade á vila mediante actividades que apelan á imaxinación e á creatividade.

Así acontece no seguinte capítulo, titulado "De cando o señor Lamote precisou de inventa-lo Entomodelfo", ateigado de humor sarcástico e fabulación. Está Lamote debuxando soños cando soa o teléfono:

> -O señor Lamote?
> Era unha voz forte e segura.
> -Si, señor.
> -Moi ben, escoite: eu son don Andrés Fernández, supoño que xa saberá de min.
> -Si, señor (p. 40).

E non era certo. O noso amigo nada sabía de don Andrés Fernández, e se temos que contar verdade, tampouco non tiña moito interese en saber algo. O que si sabía era o mal que lle pode sentar a algunhas persoas que haxa outro que nunca oído deles e por esta razón contestou como o fixo.

> -Lóxico –seguiu o outro–. Pois, como xa saberá tamén a miña señora, dona Leonor, é a presidenta da Asociación de Mulleres da súa Casa que fan un Gasto considerable en Pescada Fresca, coñecida tamén como a A.M.C.F.G.C.P.F. (p. 50).

Continúa aquí de novo a crítica social a esa sociedade ociosa, ocupada en nadarías, que non valora o traballo intelectual e que aproveita todas as ocasións que xorden para aparentar, chufarse dos bens materiais e presumir de clase. O tal home importante que "pasadomañá teñen prevista unha conferencia no seu local social, que por certo é meu de propiedade". Tamén aproveita para lembrarlle o pouco recoñecemento que ten dos artistas da cidade, cando, ao convidalo, lle di:

> e xa non queda na cidade ninguén que non falara aló porque teñen conferencia tódalas semanas, e ás veces, dúas polo que terá que ir vostede (p. 50).

Esixíndolle falar de algo culto. Canto Lamote pregunta que remuneración valoran pagar, respóndenlle que non se paga por falar, o que implica unha explícita e necesaria crítica ao valor da cultura gratuíta e á falta de recoñecemento do traballo intelectual. O profesor non está de acordo con falar de balde e poñen fin á conversa, mais, ao pouco tempo, recibe a chamada da súa

muller que se presenta como "a muller de" (vemos de novo os mesmos roles de xénero que se albiscaban respecto da muller do Rexedor e da muller rendista, papel pasivo e representatividade pública exclusivamente masculina, pois a feminina é sempre presentada como apéndice do home). Logo, malia deixar clara a pouca importancia que ten a actividade intelectual para esta sociedade, agás como decorado no que deixarse ver e ocupar o seu lecer baleiro, chegan a un acordo. Todo na conferencia, a falta de respecto na invitación, a negativa a remunerala, a propia petición, está contado en clave crítica, deixando ben claro que o valor que vén representar a cultura para esta sociedade é só pouso, pátina, solemnidade, aparencia e rixidez mecánica dun grupo social enviciado pola preguiza persistente que se nega a aprender algo.

Aparece entón outro dos temas de Lamote na obra, a crítica velada que esta sociedade ben fai á aldea e o desprezo que estes personaxes provincianos senten por ela e por todo o que esta representa:

> -E de que hei falar?
> Dalgún animal caseño, iso é o que máis nos gusta a todos. Non pode ser nin o can, nin o gato nin peixes nin paxaros nin cabalos de montar... eses xa se viron noutras conferencias e non veña con cousas de animais bastos e de aldea, coma vacas, cochos, bestas, ovellas e demais, teña en conta a clase de xente que formará o seu auditorio de máis categoría da Asociación (p. 53).

Entón Lamote, dinos o narrador, como xa non quedaba ningún animal doméstico do que falar, fala da "Xeneralización, cría, costumes e posibilidades de utilización no fogar do Entomodelfo". A señora do Comisionado de Enchentes e Festas –repárese non nome deste e de todos os outros comisionados da novela, todos con nomes paródicos– sente curiosidade por comprendelo, pero ninguén lle aclara nada, pois, incapaces de entrar no xogo da ficción, só están preocupados por se o animal presentado polo conferenciante é de boa sociedade ou non. Mentres este dá un lixeiro repaso á vida do mamífero ovíparo chamado Entomodelfo, o lector revisa todas as posibilidades de identificalo con algún animal real e coñecido por el, pero a disertación continúa pola vía da fabulación, ao máis puro xeito cunqueirián[2], o que non mingua a súa carga de crítica social, catalizada no comportamento do peloteo:

---

2 Para afondar máis, ver Tarrío (1989).

> a boca do Entomodelfo provista duns perfectos dentes brancos serve soamente para comer e para rir e carece de lingua,... e esta incapacidade para lamber explica nitidamente a nula posibilidade de medro social que encontramos neste animal (p. 60).

Tampouco falta o humor, ateigado de fantasía, pois o Entomodelfo na época de celo asubía retallos dos *Carmina Burana*[3] de Carl Orff e canta *In taberna quando sumus*, ao máis puro estilo goliardesco, continuando con esa defensa libertaria que se fai do mundo das tabernas, espazos de xogo, alegría, viño e encontro das clases sociais baixas, en contraste con ese mundo estreito dominante.

Logo da disertación, a xente, asumindo a verdade do xogo da fabulación, fai algunhas preguntas que translocen os valores sociais de quen as formula.

> -¿Ese é un animal propio da xente de boa sociedade?
> Ao que o conferenciante responde:
> -Para el e para min si. O que non podo saber é se vostede e mailo Entomodelfo teñen igual concepto da boa sociedade... (p. 61).

Ao final, serán os nenos, como acontecerá máis adiante coa aventura dos marmolubios, os únicos capaces de imaxinar. Así, ao modo da escena da boa e do sombreiro do libro de *O Principiño* de Saint-Éxupéry, unha nena entra claramente no xogo de ficción establecido polo conferenciante e ao final do relatorio ensínalle o seu Entomodelfo. "Chámanlle Moxanelo", dille. O paratexto[4] da ilustración amosa unha nena cun paxaro nos brazos a medio camiño entre unha avefría, unha pita do monte e unha galiña, e, curiosamente, o narrador acláranos que o Entomodelfo que a nena lle ensina era:

> o máis fermoso que Lamote vira nunca. Un magnífico exemplar que contestou ó saúdo do home trusgando con picardía o ollo esquerdo... (p. 62).

---

3 Cantata escénica do século XX composta por Carl Orff entre 1935 e 1936 utilizando como texto de partida unha selección de poemas goliardos encontrados nos *Carmina Burana*, tamén coñecido como *Codex Buranos*, colección de cantos goliardos dos séculos XII e XIII caracterizados polo seu estilo disoluto, crítico e irreverente propio deses clérigos e estudantes que eran os goliardos e que fan neles gala do gozo por vivir, gozar e amar a natureza ao tempo que critican todos os estamentos sociais que tiñan poder.

4 Para unha análise do concepto de "paratexto", revisamos Tarrío Varela (2002).

O capítulo destaca tamén polo contraste, a nivel mental, estético e simbólico, do universo adulto fronte ao universo infantil coa correspondente contraposición entre os valores de poder e corrupción do segundo fronte á inocencia do primeiro, ao tempo que busca xogar co lector a través desa imaxinación que derriba toda arbitrariedade dos significantes, a cal desafían os nenos que representan unha mirada nova e unha continua capacidade para a sorpresa e xogo, así como o paraíso do non regrado, fronte aos adultos, co seu aburrimento, co seu tedio e coas súas leis implacables coas que se encargan de adulterar o seu mundo despoxándoo da súa espontaneidade e liberdade e facéndoos a estes partícipes da sociedade que eles regularon e perpetúan. Esta mesma actitude tamén se verá no neno que pregunta que son os marmolubios unhas cantas páxinas despois.

Nos dous capítulos seguintes refírese, nese lento transcorrer da vida sen dramas nin estridencias con experiencias anónimas e silenciosas, propio das cidades de provincias, a aparición dun tubo enorme que invade unha beirarrúa provocando serias dificultades de paso e obstaculizando mesmo o seu funcionamento habitual. As xentes quéixanse e só os nenos lle atopan utilidade, xogando nel, aínda que despois tamén lle van atopando uso algún adultos.

O tubo vén significar unha realidade que é posible comprender dentro da estrutura da lóxica irracional e testemuña tamén a presenza do insólito e do imprevisible dando paso ao absurdo, sempre de natureza azarosa.

O primeiro destes dous capítulos titúlase: "De cando Ramón Lamote deu cun enorme tubo diante da súa casa". Nel abórdase o feito de que o insólito e o descoñecido invada o cotián na cidade da rutina, ao tempo que xorde tamén de novo a crítica social, disfrazada de rivalidade entre as clases burguesas e as populares, cando chega a pórse de moda pasar polo interior do tubo. É entón cando a Rexedoría actúa prometendo unha solución. "Algo que sempre prometen as autoridades para se sacar derriba os problemas". Pouco a pouco, a comunidade vai integrando o tal obxecto e facéndoo seu, modificándoo ata convertelo nun punto máis da cidade ao que cómpre tirarlle beneficio. Entón, como sempre, a Rexedoría ten a súa propia opinión e manifesta a posibilidade –apunta un dos comisionados, afeccionado ás belas artes– de "inauguralo como unha escultura con pompa e solemnidades":

> -Non pode ser –contestou o Rexedor–. A práctica de que a xente da cidade pase polo tubo é beneficiosa para nós, iso é sabido... e podería parecer unha

> falta de respecto andar camiñando polo interior dunha escultura. Ademais, unha escultura sen cabalos e sen rapazas con flores non diría moito do noso gusto artístico (p. 83).

Deixa así patente o Rexedor o seu pouco coñecemento sobre arte e o mal gusto dunha sociedade burguesa que nada se interesa pola cultura, ao tempo que continúa esa crítica feroz a unha política baleira que só repara nas formas.

Mais un día, logo de que os políticos decidiran tomar cartas no asunto e todos o integraran na cidade como un elemento máis, o tubo desaparece tan misteriosamente como aparecera, quedando del só a memoria, unha memoria que, como moitas veces, prexudica os cativos (de novo esa trusgadela á infancia e esa complicade cos rapaces), pois no remate do capítulo podemos ver o paratexto do oco en branco no que se nos deixa espazo para a solución matemática dun problema de porcentaxes, volumes e ganancias dese tubo cheo de Ribeiro, como se dunha barrica de viño se tratar.

O seguinte capítulo, titulado "De cando o señor Lamote baixaba á estación de ferrocarril para ve-lo tren", supón, entre outros moitos significados, unha homenaxe metaliteraria a un dos contos máis fermosos da literatura galega, "O vello que quería ve-lo tren" do rianxeiro Rafael Dieste. O fragmento di así:

> Comezou o familiar rebumbio. Baixaron algunhas persoas, subiron outros poucas, os homes encargados dese labor cargaron sacas e maletas nuns carriños pequenos e fóronos guiando polo andén, tesos e orgullosos da súa diferencia motorizada (...) Alí estaba o comboi, longo e incitador, alasando por veces e amosando caras indiferentes por tras dos emporcados vidros das xanelas (p. 91).

Do tren baixa un emigrante coa saudade posta nos ollos, que asume a fabulación e a fantasía como verdade, así como ese gusto por vivir unha vida que non é a nosa, fenómenos ambos tan propios deses seres privados de xuízo que habitan nas cidade das rutinas, que necesitan caer na excentricidade e na extravagancia para fuxir do tedio. Así, o protagonista dese capítulo xoga a ser outro levando outra vida lonxe da verdade da súa propia e faino a través da imaxinación.

O capítulo seguinte, titulado "De cando Ramón Lamote deu en argallar unha corrida de nubes", fálanos do misterioso anuncio que aparece na pá-

xina do xornal da cidade do que nunca se nos di o nome respecto dunha gran corrida de nubes que queda convocada para o día vinte e oito de xullo nas Gándaras da Ferrería. Nas propias bases do concurso que coñecemos polo xornal hai tamén unha apelación ao pacifismo do mundo, pois non se valorará ningunha nube que simule un artefacto de guerra. En canto ao xurado, dísenos que estará composto polas primeiras e segundas autoridades, aínda que tamén se admitirán dous representantes das terceiras, en caso de presión política cualificada da bisbarra (repárase no sentido crítico e no peso político sempre tan estratificado). Os premios son seis magníficos marmolubios de diferentes tallas.

Mais, quen fixo esa pexegada propia de nenos? Quen convocou o concurso? Como o lector pode supoñer, o autor do anuncio tan singular foi o propio Lamote, ese disidente da rutina e da convención que estimula e reta os habitantes nun xogo que apela á imaxinación e que tamén pon de novo nun aperto a Rexedoría, a cal, como membro do xurado, debe preocuparse de facerse cos mencionados premios, é dicir, os marmolubios, cuxo asubío queda no ar cando alguén invoca o seu nome. O problema está entón servido. O autoritarismo despótico de don Alberte Arias faise notar, así tamén as rexoubas, a pelota e o sebo, actitudes todas elas correntes e habituais nos homes da súa comisión, que, por suposto, fiel reflexo da realidade do momento, non contan con ningunha muller entre eles. Mais ese home sen criterio propio que é o Rexedor déixase aconsellar pola sogra, que, unha vez máis, ataca o seu xenro descualificándoo profesionalmente e felicitando o autor da idea do concurso de nubes. É esta personaxe, que representa talvez unha vella aristocracia sensible e culta en vías de desaparición, cuxo criterio a burguesía desinformada da cidade valora e respecta, pois considéraa unha persoa culta, intelixente e con opinión propia, a única representante positiva da clase alta:

> Fuches ti o que mandou convoca-la corrida de nubes que trae anunciada a prensa de hoxe?
> Eu non, dona Elvira, como pode pensar...?
> -Xa o sabía eu. Era fixo. ¿Como habías ser ti se non tiveches unha boa idea na vida? (p. 96).

Entón todo é falsidade e inseguridade en Alberte Arias, así que o home que nun momento anterior botaba fume contra o anuncio pon agora o ton de voz das grandes solemnidades e berra:

> -Señores, atendan o eu lles digo!
> Todos foran virando cara a el con humildade.
> Ninguén tivo a idea do anuncio que hoxe vén no xornal, ¿non si? (...)
> -É lóxico. Non sei cal é a razón –aínda que a supoño, pero sempre resulta que as grandes ideas teñen que nacer de min (p. 100).

Queda pois de manifesto de novo o carácter do Rexedor, mentireiro, falsario, vaidoso e, sobre todo, usurpador e tamén a invectiva feroz contra os comisionados, personaxes-monicreque que, enredados nos propios cordeis, irán tropezando e cambaleándose de continuo ata caer na caricatura burlesca que desenmascara as estratexias do caciquismo, que esixe para estar no poder un carácter submiso, loamiñeiro e sen criterio propio, así como o peloteo e o dicir amén a todo.

Agora o Rexedor está convencido de que é o primeiro ser do mundo en convocar cunha corrida de nubes, –véxase o humor paródico desta concepción de si mesmo, pois non ten reparos en se apropiar das ideas do outro e mesmo séntese orgulloso de tela convocado.

Daquela, como se fai unha corrida de algo tan efémero e volátil coma os soños? Segundo Cirlot (1982), "as nubes simbolizan a fantasía, pero tamén algo misterioso e espiritual, así como abundancia e felicidade". Esta conexión co espiritual funde as súas raíces no animismo primitivo, pois delas e da chuvia que traen depende a supervivencia dos homes. Tamén xorde un novo problema que deseguida a oposición política pon de manifesto: "que veñen sendo os marmolubios, canto custan e se hai que importalos ou se son de produción caseira?"

Efectivamente velaí a cuestión! Que veñen sendo os marmolubios?

Nin o político máis veterano, nin o Rexedor, nin ninguén dos alí presentes coñece a resposta, mais, como no conto de Hans Christian Andersen, ninguén se atreve a dicir que o emperador vai nu. Ponse entón de manifesto de novo a escaseza de luces dos comisionados, escollidos, non polos seus méritos nin pola formación senón polas súas capacidades de submisión e peloteo. Nalgúns casos mesmo se albisca máis que unha falta de formación unha ausencia total de luces:

> O secretario erguíase a modo dicindo:
> -Quedan as preguntas riba da mesa.

> E falou con tal seguridade legal que o comisionado de Autos e Rebumbios foi botar unha ollada ó taboleiro por ve se as podía ver antes de que apagasen a luz e marchasen todos (p. 105).

Xa na súa casa, o Rexedor busca o significado da palabra nos dicionarios máis ilustrados, completos e especializados que posúe, tamén consulta as autoridades intelectuais da cidade, isto é, os profesores de instituto, por categorías, o primeiro, Ruperto, profesor de matemáticas, pois

> pouca xente pode haber máis sabida cós profesores de Matemáticas", amigo de ceas, copas, afeccións futbolísticas e cinexéticas e pouco aprecio polas xentes que aínda non chegaran a chalé na mariña (p. 106).

Crítica de novo a esta sociedade que campa coa súa actitude cínica, pois funciona só de cara á galería e sempre se presenta tan afectada e preocupada pola aparencias, presumindo dos seus recursos económicos. Sucédense as conversas, as rexoubas do microcosmos cidadán no que todos se coñecen e que falan das sortes e desgrazas dos demais, de quen é quen, da fama e, sobre todo, do prestixio social, mais ninguén recoñece non saber o significado da palabra marmolubio, agás un neno, como xa dixemos, e tamén un rico empresario do rural que, para gañar influencia política, se relaciona con estes homes e mulleres respectables, síntese da sociedade burguesa.

Convén ter en conta aquí a evidente intencionalidade ideolóxica e política do libro. Só hai sinceridade nos nenos e nese personaxe emblemático e defenestrado do palurdo simbolizada no empresario gandeiro adiñeirado do rural que provoca as risas e responde coa submisión, o apouvigamento e, por suposto, co pagamento das facturas devindicadas, pois só ese feito lle permite estar entre o máis graúdo da sociedade ben. Así pois, hai unha dignificación no comportamento do campesiñado, mesmo do adiñeirado como neste caso, fronte á falsidade dos habitantes da cidade que rin de todo menos de si mesmos.

Mais todo transcorre e vén vindo ao seu ata que o día sinalado se achega tanto que o Rexedor se ve na obriga de apalabrar con Lamote os marmolubios. O concurso de nubes ten lugar nese lindeiro da cidade que son as Gándaras da Ferrería, como xa dixemos, espazo caracterizado pola frescura, vitalidade, alegría e natureza que revela xa a súa proximidade do rural que se anuncia e curiosamente quen participa no concurso de nubes non son os individuos da cidade do *status* dominante senón suxeitos foráneos, alleos a ela, aos que esta castiga coa súa indiferenza.

Como así o ideou o protagonista, os premios irán para os nenos que non aprobaron todo e a novela remata co triunfo dos soños.

Xa que logo, non hai melancolía nin resignación e moito menos desesperanza ou fracaso en Lamote, quen, a pesar da hostilidade do lugar da cidade de provincias, non se resigna a uns horizontes vitais tan estreitos como os que esta lle impón, fabulando, pescudando e facendo imaxinar aos seus habitantes e logrando tamén saír vencedor e vitorioso ao facerse con vinte e seis fermosos exemplares de marmolubios que alegran e melloran a vida dos nenos.

Efectivamente, Lamote non é un antiheroe débil e indeciso que sucumbe á abrumadora presión desa sociedade hostil nin tampouco asume unha actitude conformista na que a súa individualidade queda esvaecida, e moito menos sofre e derrota do individuo fronte á colectividade, senón que se pretende favorecer a toma de conciencia da realidade e a vitoria a través do soño e da imaxinación que invoca unha esperanza vinculada con ese futuro que se está xestando da man das xeracións que veñen.

Humor e parodia ao servizo da crítica

A dificultade para definir o humor ponse de manifesto ao intentar distinguilo de conceptos afíns como a ironía, a comicidade, a parodia, ou mesmo a sátira, posto que comparten certos trazos semánticos e teñen en común un efecto comunicativo e crítico.

En *Das cousas de Ramón Lamote* atopamos un humor que vén unha mirada de superioridade cara ao obxecto ou persoa parodiada polo contraste entre a grandeza de alma e a ética humana de quen mira e de quen é mirado. O primeiro é capaz de orientar a vida cara ao optimismo e encarar o futuro facendo dos segundos o seu obxecto de mofa. Ás veces, este humor está tinguido dunha suave melancolía alimentada de lembranzas que conduce á fantasía ou á fabulación. O resultado é unha organización afectiva do universo creado moi persoal no que se defende a liberdade do ser humano, cun obxectivo que é a integración do coñecemento intuitivo e fantástico do mundo.

Respecto de se hai sátira ou tan só ironía, resulta difícil teorizar arredor do estatuto exacto de ambas[5]. A primeira, segundo o estudoso francés, sitúase

5 Para afortalar a nosa teoría seguimos dun modo resumido as teses de P. Schoentjes (2001).

na crítica explícita, tanto lúdica como paródica, e leva o lector a pensar doutra maneira. Na novela, como xa dixemos, o autor carga as tintas na figura do Rexedor e no seu modo de exercer esa política caciquil e pon de relevo tamén unha serie de características propias da súa persoa como son a inercia intelectual, a monotonía verbal en favor do faranduleo, a falta de formación, a corrupción e a perpetuación no goberno. Tamén son obxecto da súa diatriba implacable a sociedade hexemónica cun humor crítico que serve para sacudir e golpear as consciencias rompendo os esquemas tradicionais de como ver a realidade e como aceptar o que existe e mostrando as fallas no poder e na sociedade. Xa que o novelista, desconforme coas ideas xeneralizadas, se nutre de xuízo crítico, o que lle permite crear un efecto na conciencia do lector sobre aqueles erros do cotián que doutro modo non é quen de ver. No entanto, parécenos que o autor non o fai botando man da sátira senón tan só do humor, da ironía e da parodia. Talvez porque a presenza da mirada do *eu* resulta un factor determinante que fai que o texto humorístico remita constantemente ás súas orixes. Así, a imaxinación confirma esa individualidade e fai que se desdobre no diálogo e desemboque na parodia, mais non na sátira, aínda que por veces asistamos ao retrato satírico, a través da ironía e do humor, de certas personaxes –a do Rexedor e a da rentista, principalmente, como xa vimos– como alianzas estratéxicas que permiten facer máis eficaz e pertinente a crítica explícita, pero cunha intención moralizante menos pronunciada.

A fabulación como sentido da existencia

Das cousas de Ramón Lamote preséntanos unha serie de situacións que oscilan entre o real e o fantástico nas cales a ficción é a única consigna. Vexamos o caso da descrición do Entomodelfo:

> mamífero ovíparo propio de Groelandia e que, despois de se botar fóra do ovo, pasa en estado de ninfa as súas primeiras tres semanas ben gardadiño no casulo onde se lle desenrolan lixeiramente as asas que, ó primeiro, serán de pelica transparente ata chegar os sete meses e nove días, que é cando se lle comezan a medrar as plumas (p. 60).

Así o recoñeceu a crítica:

> Outro aspecto destacable de Das cousas de Ramón Lamote é a combinación e mestura dos elementos fantásticos, metáfora da incapacidade do ser humano para topar resolución ao misterioso (Roig, 2015: 159).

Este individuo soñador que ten unha relación conflitiva coa súa comunidade política e social, tan pouco dúctil que sempre rexeita e expulsa o distinto pechándose en si mesma, ve a necesidade de botar man do soño cando este conflito se agrava. É a súa unha fabulación ao xeito cunqueirián no que dá renda solta á liberdade de imaxinar.

> O Entomodelfo rouba nos seus primeiros días de vida, o leite da donicela branca (p. 57). "A cousa é que a castaña pode ser considerada como a base alimentaria do animal, polo que resulta doado velo apañando nelas polo outono nalgúns soutos do Courel (...) sorpréndelo no agachado das brañas muxindo algunha ovella para tamén facerse co leite que valerá para cocelas castañas (p. 57).

Tamén soñará o marmolubio, ser no que necesitamos crer para alimentarnos da súa capacidade de cambiar o mundo, pois este, coma o biosbardo e outros seres míticos de natureza fantástica, anda polo aire e asubía cando se pronuncia o seu nome, facendo *chiu*, *chiu* nunha aposta pola maxia. Estamos ante outro modo de mirar a desintegración da lóxica lineal do relato ou o que é o mesmo, o realismo máxico?" (Ianni, 1986).

Que son os marbolubios en realidade? Só significantes carentes de significado na dupla condición saussiriana do signo lingüístico á que os seus continuadores engadiron o outro elemento que compón entón unha tríade, o da cousa representada. Así pois, hai palabras que son concibidas só como realidades con resonancia e identidade sonora propias, pois remiten ao xogo mesmo de inventar as cousas, é dicir, exercer a tarefa adánica que equivale a recrear o mundo e inventar a contorna. Son as palabras da literatura no seu sentido máis puro, con elas o escritor, sempre mago, invoca a fabulación ao apelar ao pacto sagrado de toda palabra e á súa capacidade para nomear, alén dos significados, como se as palabras tivesen só diversas densidades, a cor, a música, o son, ao xuntarse unhas sílabas con outras, cobrando novas formas arbitrarias que remiten tan só ao gozo de nomear. Así o recoñece o autor nunha entrevista:

> Eu pertenzo a unha xeración na que a importancia da palabra, falada e escrita, era enorme, na que se contaban historias, os cativos contabamos aos demais a película que o domingo puideramos ver no cine. Escoitar, falar e ler eran fiestras ao mundo, as canles polas que era posible deixar que decorresen os nosos soños (Martín, 2014).

Nesa liña deben entenderse os marmolubios, creación do autor que só se compón de significante, ou talvez non, talvez sexa a demostración palpable de que os soños existen e veñen sentados en rodas de bicicleta para aqueles nenos que non as poden ter.

Conclusión

O escritor converteu a cidade provinciana no eixe da súa fabulación –ese pracer e esa fascinación de contar–, epicentro crítico no cal tanto a anécdota realista como a fantástica, aliadas co humor, a parodia e a ironía, establecen unha dialéctica que se converte en símbolo cuxo significado vai máis aló da realidade do mero sucederse de acontecementos, xa que é capaz de xerar, dende o mundo limitado da provincia, experiencias, emocións e canles de reflexión que teñen un alcance moito máis amplo, pois son metáforas sobre a condición humana.

Así pois, a novela presenta un narrador con implicación ética, ao ter incorporada unha visión crítica da relación cos estratos do poder, que se presenta ao lector como o des-velador das estruturas dunha sociedade alienante, de alicerces mentais ríxidos que só denotan interese polo superficial, un mundo de aparencias cuxo valor dominante é o diñeiro. Unha desmitificación da ideoloxía burguesa (machista) que presenta un comportamento social interpretado como ridículo, riseiro, isto é, unha farsa rexida polo finximento, que conduce á exploración dunha realidade máis ampla e complexa na que se necesita a participación da imaxinación e dos soños, e mesmo tamén da loucura e do insólito, todos eles de alcance universal, coa que demostra que un bo creador o é porque lexitima dende dentro a súa escrita, asumindo a tradición, enriquecéndoa e modificándoa como fan os libros que xa merecen un lugar no Olimpo dos clásicos, libros polos que non pasa o tempo, pois son lidos e relidos non só polos seus detalles fragmentarios, máis ou menos anecdóticos, senón polo resultado aínda válido e vixente dunha vontade creativa e crítica que merece sempre ser revisitada.

Definitivamente Paco Martín atopou nese *intramuros* da cidade provinciana posfranquista un camiño para dar sentido metafórico e simbólico a un espazo de alcance universal no que hai lugar para a rebeldía, para a imaxinación e para a felicidade, –as do Reparante, as do Entomodelfo, as que se crean arredor do tubo, as dos Marmolubios que chían neses espazos lindeiros da cidade onde vive as clases populares e se albisca o campo– nunha necesidade de denunciar a mediocre realidade moral na que habitan certos estamentos

provincianos e sublimar os soños, é dicir, os libros, elementos redentores ateigados de fantasía.

Bibliografía

Bajtin, M. (1989): "Formes du temps e du chronotope dans le roman (Essais de poétique historique)", *Esthétique et theorie du roman,* París, Gallimard, 1989, pp. 235-398.

Benach, N. e A. Albet (2010): *Edward W. Soja: la perspectiva postmoderna de un geógrafo radical*, Barcelona: Icaria, col. Espacios Críticos.

Borges, J. L. (1949): "La casa de Asterión", *El Aleph*, Bos Aires.

Cirlot, J. E. (1982): *Dicionario de símbolos*, Barcelona: Ediciones Labor.

D'Argenio, E. (2015): "Para Borges no hay una cortina de hierro entre la teología y la literatura fantástica", *La Nación*, venres 6 de novembro de 2015.

Foucault, M. (1984): *Des Espace Autres*, "Arquitecture/Mouvement".

_____ (1986): "Of other spaces", *Diacrictis* 15, pp. 22-27.

Ianni, O. (1986): "El Realismo mágico", *Boletín de Estudios Latinoamericanos y del Caribe* 40, p. 5.

Gomes J. A. e B. A. Roig (eds.) (2007): *Grandes autores para pequenos leitores. Literatura para a infancia e a juventude: Elementos para a construçao dun cânone*, Porto: Deriva Editores.

Roig Rechou, B. A. (coord.) (1992): "Literatura infantil y juvenil y canonización" en Mª del C. Utanda, P. C. Cerrillo e J. García Padrino (eds.), *Literatura Infantil y Educación Literaria*, Cuenca: Ediciones de la Univesidad de Castilla-La Mancha.

_____ (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Schoentjes, P. (2001): *Poétique de l´ironie*, París: Seuil.

Tarrío Varela, A. (1989): *Álvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía*, Vigo: Editorial Galaxia.

_____ (2002): "Para un análisis comparativo de paratextos", *Ínsula* 664, pp. 27-28.

Zavala, I. M. (1986): *Escuchar a Bajtin*, Barcelona: Montesinos.

Webgrafía

Martín, P. (2014): "As nosas letras. Entrevista de Literatura Galega do Século XX do alumnado do IES Manuel García Barros, publicada o 7 de marzo de 2014", recuperado en https://www.slideshare.net/Asnosasletras/paco-

martn?qid=b4b3013f-99ea-4f24-a4f0 173323062e92&v=&b=&from_search=4.

Warner-Søderholm, G. (2013): "Beyond a Literature Review of Hall's Context Dimension: Scale Development, Validation & Empirical Findings within a Norwegian Study", *International Journal of Business and Management*, recuperado en https://brage.bibsys.no/xmlui/bitstream/id/198217/25102-90330-1-PB.pdf.

Blancanieves y los siete enanos de Walt Disney, desmitologización y remitización de imágenes arquetípicas

Laura Guerrero Guadarrama
Universidad Iberoamericana

Iniciaré por hablar de la écfrasis, a la que se define como la representación verbal de una obra visual, iconográfica u objeto plástico[1] y de la crítica ecfrástica (Wagner, 1996; Artigas, 2013) como un esfuerzo por dar cuenta de la lectura del arte visual o iconotextual a través de la expresión oral o escrita. La écfrasis es un proceso que implica una relación intertextual o transtextual (Genette, 1989) pretendida o real, en una correspondencia intersemiótica (Pimentel, 2003); dos lenguajes distintos que establecen una relación interartística, en un contagio que actualiza el prototexto o texto previo para ofrecer en el texto derivado algunos aspectos que surgieron a partir de la lectura o refiguración de la obra.

Esta apropiación implica ciertamente analizar, comprender e interpretar el prototexto o pre-texto para configurar un nuevo texto, con el que se le podrá relacionar, para crear un marco comparativo a través de indicadores intertextuales, que permitan apreciar su interacción y descubrir lo característico de la nueva interpretación.

A trama xira ao redor das implicacións e perigos que representan para a humanidade os avances científicos cando tentan ser empregados con fins particulares ou deshonestos. Para iso a autora recorre á intriga, suspense e misterio, enmarcados nas trepidantes aventuras e descubertas dun mozo que chega a Galicia dende Londres, nunha viaxe física, pero tamén emocional, de aprendizaxe e maduración. Na obra abórdanse cuestións tan dispares como o conflito interxeracional, a emigración, a vida nunha vila mariñeira, a loita entre o ben e o mal... configurando un rico retrato da sociedade do momento, que corre paralelo á evolución psicolóxica do protagonista e a converte nunha interesante novela de iniciación, na que están presentes xa trazos que serán recorrentes na produción de Casalderrey, en particular a relación avós-netos (Míguez, 2013) e tamén o amor aos animais.

---

6 Malia o éxito en lingua galega, polo momento foi traducida ao valenciano co título de *Mutacions genétiques* (Edicions Bromera, 1993) e ao braille.

7 É por iso sorprendente que, malia as continuas reimpresións, nin a editorial nin a autora decidiran revisar e actualizar o texto para evitar referencias obsoletas e adaptalo ás normas ortográficas aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003.

A autora continuou experimentando con temáticas da ficción científica noutra novela publicada en 1993 na mesma colección e editora, *A noite dos coroides* (Vía Láctea, "Textos"), mais a sorte desta obra foi ben diferente. Non tivo reedicións e presenta unha trama moi contaminada polo marabilloso e o máxico no que, a través da viaxe iniciática dos nenos protagonistas, Isolina e Paco, se aborda o contacto cunha especie extraterrestre, encontro que serve para confrontar o mundo real con outro utópico. A trama contextualízase no solsticio de verán, o que favorece a introdución de elementos máxicos, o diálogo con crenzas populares e unha gran carga lúdica, que se desprega ante un mundo novo aos ollos dos protagonistas, convidados a unha viaxe sideral, evocada moito tempo despois de ter ocorrido.

Se o inicio da traxectoria como narradora de Fina Casalderrey ten lugar nos primeiros anos da década dos noventa, Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947-Vigo, 2016) xa iniciara a súa produción infantil e xuvenil nos anos finais da década dos oitenta, pero foi en 1993 cando publicou o volume de relatos *Rapazas*[8] na colección "Merlín" de Edicións Xerais, no que se insire o texto "Visitante das estrelas". A obra coñeceu oito edicións até que en 2003 pasou á colección "Fóra de xogo", ampliando así a idade do lectorado preferencial. A diferenza da novela de Casalderrey que tamén foi resituada nunha colección xuvenil, esta obra de Fernández Paz sufriu diferentes revisións, inscribíndose na corrente de "reescrita" que aplicou o escritor vilalbés a toda a súa produción anterior a 1996 e que Soto (2009: 26-28) define como versións retocadas, reelaboradas ou mesmo "remocicadas". Un proceso que, tal e como constatan Fernández Vázquez e Ferreira Boo (2010: 437-450), responde ao seu afán perfeccionista, de amor pola palabra e polas posibilidades expresivas e comunicativas desta, xunto cunha forte preocupación polo lectorado agardado, ao que se lle quere ofrecer un léxico coidado, respectuoso coas expresións máis netamente galegas, coas que reivindicar formas en retroceso e imprimir unha maior carga identitaria, actitude de hiperidentificación que estuda con detemento Eulalia Agrelo Costas (2015 e 2019b) na obra do autor, moi consciente do empobrecemento do discurso dos máis novos.

Neste texto inicial están apuntados moitos dos temas e preocupacións que se converteron en recorrentes na obra de Fernández Paz, como as proble-

8 Esta obra foi traducida ao castelán (*Rapazas*, Lóguez Ediciones, 1996; *Muchachas*, Anaya, 2006), ao éuscaro (*Neskatxak*, Erein, 1996), ao catalán (*Xiques*, Tándem Edicións, 1997) e ao portugués (*Raparigas*, Edições Dom Quíxote, 1999).

máticas propias da etapa da adolescencia, o protagonismo das personaxes femininas, a elección da primeira persoa narrativa, as cuestións identitarias, en especial a situación da lingua galega; o microcosmos escolar, os finais abertos etc. (Roig e Soto, 2008: 167 e Agrelo, 2015: 223-227). A eles súmase a alteridade como recurso de distanciamento eficaz para unha crítica mordaz, a ridiculización e a parodia de comportamentos e prexuízos presentes na sociedade galega, vistos desde unha civilización utópica, e coa elección de espazos do ámbito familiar e escolar. Critícanse actitudes como o racismo e o autoodio, pero tamén se desenvolve a confusión e complexidade do ser humano, especialmente a que sofre na etapa da adolescencia, na que as inseguridades e desconcerto por abrirse ao mundo e ser un mesmo non sempre resultan doadas de manexar.

Un ano despois, en 1994, publicou outro relato de especulación futurista, "A máquina do tempo", incluído no volume *Unha lúa na fiestra*. Ademais de moitos dos elementos analizados no texto anterior, agora salienta a reflexión sobre as novas tecnoloxías e a capacidade técnica da especie humana, intimamente ligada ao futuro do planeta. De feito, na obra xógase con diferentes hipóteses que propician a reflexión sobre: a necesidade de respectar a natureza e o medio natural, de manter o equilibrio entre a expansión urbana e os espazos verdes, de mellorar os medios técnicos e materiais ao servizo das persoas e de que a lingua siga sendo a marca de identidade por excelencia, pois é a través dela que se transmite a visión do mundo dos homes e mulleres que o habitan. Un texto que require da participación do lectorado, ao que interpela e anima a ser axente activo do seu propio futuro, inscrito nunha perspectiva sustentábel, moi presente noutras obras do autor (Agrelo, 2017 e 2019a).

A estes textos breves sumouse pouco despois a novela xuvenil de especulación de orde social, *O centro do labirinto*, publicada na colección "Fóra de xogo" de Edicións Xerais. A obra foi traducida a algunhas das linguas do marco ibérico[9] e contou desde o inicio co favor do público, como demostran as dezasete edicións que coñeceu até 2014, ademais dunha boa acollida por parte da crítica[10], que viu na novela a clara vontade de chegar ao lectorado

9 Como foi o caso do catalán (*El centre del laberint*, Barcanova, 1999), o castelán (*El centro del laberinto*, Algar Editorial, 2003) e o portugués (*O centro do labirinto*, Ambar, 2002).

10 Como se pode seguir polo proxecto *Informes de Literatura* (1995-2018) do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades en http://www.cirp.gal/rec2/informes/ (consultado o 23/8/20).

xuvenil pero tamén ao adulto, a exquisita sensibilidade e o gran sentido crítico do autor, exento de admonicións e moralexas, tal como apunta Carmen Hermida (1997); a tenrura, o humor cómplice e agudo e a defensa do sentimento telúrico que liga as persoas ao espazo nutricio, apuntados por Armando Requeixo (1997: 435-436) e, sobre todo, a configuración como canto á diversidade e convivencia das culturas (Roig e Mociño, 2006).

A lectura desta novela favorece a reflexión sobre a uniformidade cultural, o pensamento único, a desaparición da identidade das minorías e algúns dos posíbeis efectos negativos da globalización (Borda Crespo, 2008), ademais de evidenciar a necesidade de comprender as ganancias e perdas dun modelo social excesivamente tecnificado, temática que xa se apuntaba no relato "Visitante das estrelas", no que primaba a preocupación medioambiental.

As doses de intriga e misterio, con trazos propios da novela policial e detectivesca, combínanse con outros elementos como a descuberta das raíces e o proceso de iniciación do protagonista, á vez que se ofrece un rico mosaico de personaxes e espazos postos ao servizo dunha clara reivindicación da identidade galega, materializada fundamentalmente a través da lingua, da cultura e do capital simbólico.

Con estas obras Fina Casalderrey e Agustín Fernández Paz contribuíron á diversificación do repertorio e á emerxencia de novos modelos literarios nun momento no que se camiñaba cara á consolidación da literatura xuvenil galega (Roig, 2015).

4. Algunhas conclusións comparativas

A produción destes dous clásicos contemporáneos presenta algunhas semellanzas, mais tamén diferenzas que son de interese para comprender as súas perspectivas e achegas á ficción científica, en particular, e á literatura xuvenil, en xeral. Entre as primeiras pódense citar o seu carácter de:

Pioneiros. Fina Casalderrey e Agustín Fernández Paz foron dos primeiros creadores da Xeración do 68[11] (Roig, 2015) que apostaron por modalidades xenéricas practicamente ausentes na literatura infantil e xuvenil galega, aínda que ningún deles volveu publicar despois dos anos noventa ningunha obra con elementos propios da ficción científica, abeirándose máis a propos-

[11] Xunto con Miguel Vázquez Freire, quen catro anos antes publicara a súa novela *Proxecto pomba dourada*, tal como xa sinalamos.

tas realistas ou de misterio, pero non á especulación futurista. Tamén se mantiveron fieis ao lectorado xuvenil, para o que continuaron publicando novelas e relatos que integraron plans de lectura dos diferentes niveis de ensino e figuraron entre as recomendacións de mediadores, como os responsábeis de bibliotecas.

Clásicos. As súas consolidadas traxectorias, os recoñecementos dos premios literarios e a súa visibilidade social e mediática[12] converteunos en referentes para as xeracións máis novas de creadores e creadoras (Roig *et al.*, 2007: 54); a calidade das súas obras xustificou as reedicións, traducións e inclusión, nalgúns casos resituándoas, en coleccións xuvenís específicas que xurdiron como resultado do fortalecemento do sistema editorial e como medios para chegar de modo máis eficaz a un público concreto. Unhas coleccións que renovaron os contedores, enchendo os paratextos de elementos subliminares e incluso facéndoos desaparecer, nunha busca consciente de se situar na literatura de fronteiras, pero sen renunciar a chiscadelas á cultura xuvenil e ás imaxes que a representan.

Críticos, analíticos e reflexivos. Ambos os dous adoptan nas obras citadas un marcado carácter prospectivo sobre o futuro dunha Galicia perfectamente recoñecíbel. E fano a través, fundamentalmente, de dúas estratexias: ben cunha transposición da sociedade actual cara a un futuro no que se adiantan as posíbeis consecuencias das tendencias dominantes, ben a través da contraposición da realidade actual coa de culturas alieníxenas. No primeiro caso pártese do mundo referencial galego e non se presenta un mundo apocalíptico, nin se adopta un posicionamento contra o progreso, senón unha posición activa e positiva ante os avances, a defensa ante a vida e a evolución natural do universo. No segundo caso, recórrese á alteridade, na que se representa ao Outro (extraterrestres) como o que observa, analiza, compara, valora e xulga, trasladándolle aos máis novos a visión crítica da realidade para convertelos en axentes activos na construción do seu futuro, no que se proxecta a utopía como obxectivo a conseguir. A súa ollada atenta tamén foi máis alá da propia creación literaria, ao ser observadores e atentos activistas a prol da cultura galega e especialmente da LIX.

---

12 Como se pode seguir polos *Informes de Literatura* (1995-2018) e tamén polas páxinas persoais de cada un dos autores, a de Fina Casalderrey (https://fina.casalderrey.com/) e a de Agustín Fernández Paz (https://agustinfernandezpaz.gal/), así como no portal Cervantes Virtual, onde se recolle boa parte da recepción crítica da obra do autor (http://www.cervantesvirtual.com/portales/fernandez_paz/).

Reivindicativos e identitarios. Nas obras analizadas salienta a reivindicación identitaria a través de marcas culturais como a lingua, os costumes e o imaxinario galego. Empregan protagonistas adolescentes foráneos que chegan a Galicia (nun caso dende Londres, noutro dende Berlín), na busca das raíces. A través deles incídese no emprego de símbolos representativos, elementos socio-semióticos presentes nestes textos coa finalidade de xustificar, sancionar ou fundamentar a existencia, o interese e a pertinencia da cultura (Even-Zohar, 1994: 369), ante a que os máis novos teñen que tomar consciencia e ser partícipes do diálogo e coñecemento do pasado para a construción do futuro. Entre estes símbolos salientan os petróglifos, o labirinto ou a manta de trapos na obra de Fernández Paz, que representan a cosmovisión dos devanceiros, mentres que na obra de Casalderrey se incide máis no patrimonio inmaterial, atesourado polos maiores. Esta reivindicación identitaria está presente na maior parte da obra dos integrantes da Xeración do 68, profesionais da educación que se implicaron en accións reparadoras da literatura dentro do campo literario e se comprometeron coa recuperación cultural e a normalización lingüística. Unha posición que abrangue outros planos do seu activismo, como o ecoloxismo, a defensa dos animais, a sustentabilidade... porque todas estas dimensións forman parte dunha visión holística do que significa ser e estar no mundo como galegos/as.

Entre as diferenzas que se observan nesta produción inicial salienta unha temperá preocupación pola visibilización das mulleres e a construción de modelos sociais con roles de xénero máis equitativos na obra Fernández Paz, que demostra a toma de consciencia dos cambios operados na sociedade para a que escribe. Porén, na obra de Casalderrey salienta a defensa dos animais e a especial relevancia que adquiren as relacións interxeracionais, liñas que vertebrarán a súa produción infantil e xuvenil.

Por todo o sinalado, a calidade estética das obras de ficción científica de Fina Casalderrey e Agustín Fernández Paz (e da súa produción infantil e xuvenil en xeral) seguen a ser un referente e merecen formar parte da planificación de lecturas entre a adolescencia e xuventude. Coñecer as propostas destes *pioneiros* que chegaron a *clásicos* contemporáneos con obras de marcado carácter *crítico*, *analítico* e *reflexivo* dende unha radical postura de *reivindicación da identidade* e da cultura de noso é fundamental, dado que o futuro se constrúe dende o coñecemento do pasado. E nese coñecemento da produción da infancia e xuventude ten moito que ver outra *pioneira*, *clásica* nos estudos sobre a LIX, sempre *crítica*, *analítica* e *reflexiva* como é

Blanca Ana Roig Rechou, convencida da ineludíbel responsabilidade que os mediadores teñen na formación de lectores/as competentes e na *reivindicación* dunha cultura de noso.

Bibliografía

Agrelo Costas, E. (2015): *Da institución escolar ao centro do canon: Agustín Fernández Paz*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Tese de doutoramento), en liña en https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/13822.

_____ (2017): "Valores na obra infantil de Agustín Fernández Paz", *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil* 4, pp. 109-127, en liña en https://doi.org/10.15304/elos.4.4094.

_____ (2019a): "Achegamento á literatura infantil galega dende unha perspectiva ecocrítica", *Boletín Galego de Literatura* 54, pp. 17-33, en liña en https://doi.org/10.15304/bgl.54.5941.

_____ (2019b): "Claves genéricas y temáticas de las narraciones infantiles de Agustín Fernández Paz", *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil* 17, pp. 15-33, en liña en https://doi.org/10.35869/ailij.v0i17.1422

Agulla Pizcueta, X. (1986): *A viaxe alucinante de Peter o Cosmonauta*, Santiago de Compostela: Edición do autor.

Asimov, I. (1986): *Sobre la ciencia ficción*, Barcelona: Edhasa.

Barceló, M.(2004): "Los temas de la ciencia ficción", *Primeras noticias* 205, pp. 57-66.

Beckett, S. L. (2008): *Crossover Fiction. Global and Historical Perspectives*, Londres: Routledge.

Borda Crespo, Mª I. (2008): "El 'otro' en la narrativa actual infantil y juvenil" en J. Portell, G. Lluch e M. M. J. Romero (coords.), *III Congreso Ibérico de Literatura Infantil y Juvenil "Lectura, identidades y globalización"*, Valencia: Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI). CD-Rom.

Casalderrey, F. (1991): *Mutacións xenéticas. Os ladróns da ciencia*, Oleiros: Vía Láctea/Vigo: Xerais.

_____ (1993): *A noite dos coroides*, A Coruña: Vía Láctea.

Cassany, D., M. Luna e G. Sanz (1994): *Enseñar lengua*, Barcelona: Graó.

Cerrillo, P. C. (2001): "Concepto y caracterización de la Literatura Infantil" en P. C. Cerrillo e J. García Padrino (coords.), *La literatura infantil en el siglo XXI*, Cuenca: Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 79-94.

D'Angelo, B. (2008): "Deuses Invisíbeis: a Ficção Científica e os Mitos Cosmogónicos (Lem, Lessing e Le Guin)", *E-topia. Revista Electrónica de Estudos sobre a Utopía* 9, en liña en http://ler.letras.up.pt/site/default.aspx?qry=id05id164&sum=sim (consultado o 23/08/2020).

Even-Zohar, I. (1994): "La función de la literatura en la creación de las naciones de Europa" en D. Villanueva (ed.), *Avances en Teoría de la Literatura: Estética de la Recepción, Pragmática, Teoría Empírica y Teoría de los Polisistemas*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 357-377.

_____ (1999): "Factores y dependencias en la cultura. Una revisión de la Teoría de los Polisistemas" en M. Iglesias Santos (ed.), *Teoría de los Polisistemas: estudio introductorio, compilación de textos y bibliografía*, Madrid: Arco/Libros, pp. 23-52, en liña en http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/papers/trabajos/index.html (consultado o 02/08/2020).

Fernández Paz, A. (1989): *Os libros infantís galegos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

_____ (1993): "Visitante das estrelas", *Rapazas*, Vigo: Xerais, pp. 7-35 / Vigo: Xerais, 2003, pp. 11-46.

_____ (1994): "A máquina do tempo", *Unha lúa na fiestra*, Vigo: Galaxia, pp. 29-44.

_____ (1997): *O centro do labirinto*, Vigo: Xerais.

Fernández Vázquez, M. e C. Ferreira Boo (2010): "Apuntamentos de Crítica xenética sobre *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz", *Moenia. Revista Lucense de Lingüística&Literatura* 16, pp. 437-450.

Ferreras, J. I. (1972): *La novela de ciencia ficción. Interpretación de una novela marginal*, Madrid: Siglo XXI de España Editores.

FGEE (2019): *Hábitos de lectura y compra de libros en España 2018*, Madrid: Federación de Gremios de Editores de España, en liña en https://www.federacioneditores.org/lectura-y-compra-de-libros-2018.pdf (consultado o 23/8/2020).

Galán, E. M. (2015): "La literatura juvenil: características", *Alquibla*, recuperado de http://www.alquiblaweb.com/2015/08/10/la-literatura-juvenil-caracteristicas/ (consultado o 23/08/2020).

García Padrino, J. (1998): "Vuelve la polémica: ¿existe la literatura... juvenil?", *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado* 31, pp. 101-110.

García Yáñez, M. (1988): *Moncho e Dríar*, Vigo: Xerais.

Grenier, C. (1972): *Jeunesse et science fiction*, París: Editions Magnard.

Hermida, C. (1997): "O centro do labirinto", Centro de Documentación da AELG: https://www.aelg.gal/Centrodoc/GetParatextById.do?id=paratext262 (consultado o 23/08/2020).

Lluch, G. (2009): "Que criterios utilizamos para valorar la calidad de los libros para niños y jóvenes" en G. Lluch (coord.), *Como reconocer los buenos libros para niños y jóvenes*, Bogotá: Fundalectura, pp. 39-102.

Marín, X. (2006): *Ratas*, Ferrol: Embora Edicións.

Marín, X. e R. Patiño (1975): *2 viaxes*, Madrid: Brais Pinto/Santiago de Compostela: El Patito Editorial, 2010.

Míguez, I. (2013): "La figura de los abuelos en la narrativa de Fina Casalderrey" en C. Ferreira Boo e A. Margarida Ramos (eds.), *La familia en la literatura infantil y juvenil/A família na literatura infantil e juvenil*, Vigo/Braga: ANILIJ/ELOS/CIEC Universidade do Minho, pp. 239-246.

Mociño-González, I. (2011a): "Estudio comparado de la narrativa infantil de ciencia ficción en las literaturas gallega y portuguesa", *OCNOS. Revista de Estudios sobre Lectura* 7, pp. 43-55, en liña en https://www.revista.uclm.es/index.php/ocnos/article/view/ocnos_2011.07.04 (consultado o 23/08/2020).

_____ (2011b): "Xaquín Marín e a Reivindicação da Identidade Galega a partir da Banda Deseñada" en F. Azevedo, A. Mesquita, A. Balça e S. Reis da Silva (2011) (coords.), *Globalização na Literatura Infantil. Vozes, Rostos e Imagens*, Raleigh N.C., Estados Unidos: Lulu Entreprises, pp. 185-213.

_____ (2014): "La ciencia ficción en dos clásicos contemporáneos: Luísa Ducla Soares y Agustín Fernández Paz (1980-2000)", *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)* 12, pp. 51-63, en liña en http://anilij.es/docs/revista/2014.pdf (consultado o 23/08/2020).

Montesinos, J. (2003): "Necesidad y definición de la literatura juvenil", *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil (CLIJ)* 161, pp. 28-36.

Moreno Verdulla, A. (2006): "Identidad y límites de la Literatura Juvenil" en M. Moreno Castillo (coord.), *Personajes y temáticas en la Literatura Juvenil*, Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, pp. 9-28.

Requeixo, A. (1997): "Literatura xuvenil con denominación de orixe", *Grial* 135, pp. 435-436.

Roig Rechou, B. A. (1999): "La literatura infantil y juvenil gallega", *Ínsula* 629, pp. 31-33.

_____ (2008a): *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*, Madrid: Asociación Española de

Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

_____ (2008b): "Agustín Fernández Paz. Un clásico contemporáneo da Literatura Infantil e Xuvenil galega", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude* 16, pp. 8-12.

_____ (2013): *Educação literária e Literatura Infantojuvenil*, Porto: Tropelias&Companhia.

_____ (coord.) (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, Vigo: Xerais.

Roig Rechou, B. A. e I. Mociño González (2006): "*O centro do labirinto*, de Agustín Fernández Paz" en B. A. Roig Rechou, P. L. Domínguez e I. Soto López (coords.), *Multiculturalismo e identidades permeábeis na literatura infantil e xuvenil*, Vigo: Xerais/LIJMI/Biblioteca Fundación Caixa Galicia, pp. 131-146.

Roig Rechou, B. A., Mª J. Agra Pardiñas, I. Mociño González, M. Neira Rodríguez e T. Sixto Rei (2007): "Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)" en J. A. Gomes e B. A. Roig Rechou (coords.), *Grandes autores para pequenos leitores*, Porto: Deriva Editores, pp. 53-94.

Roig Rechou, B. A. e I. Soto López (2008): "En Santiago de Compostela con Agustín Fernández Paz", *Boletín Galego de Literatura* 38, pp. 161-178.

Rouco, F. (1988): *Lendas que poderían ser*, A Coruña: Casals.

Scacco, A. (1988): *Fantascienza e letteratura giovanile*, Bari: La Vallisa.

Scholes, R. e E. S. Rabkin (1982): *La ciencia ficción: historia, ciencia, perspectiva*, Madrid: Taurus.

Soto López, I. (2009): "Agustín Fernández Paz: procesos de reescrita", *Malasartes. Cadernos de literatura para a infância e a juventude* 18, pp. 26-28.

Suvin, D. (1984): *Metamorfosis de la ciencia ficción. Sobre la poética y la historia de un género literario*, México: Fondo de Cultura Económica.

Tucherman, I. (2004): "A ficção científica como narrativa do mundo contemporáneo", *Com Ciência*, en liña en http://www.comciencia.br/reportagens/2004/10/09.shtml (consultado o 20/08/2020).

Vázquez Freire, M. (1987): *Proxecto pomba dourada*, A Coruña: Vía Láctea/ Vigo: Xerais, 2001.



a colleita

Reescribir a maternidade. Notas sobre *Darío a diario*, de Xela Arias

María Xesús Nogueira Pereira
Universidade de Santiago de Compostela

> No one mentions the strangeness of attraction —which can be as single-minded and overwhelming as the early days of a love affair—to a being so tiny, so dependent, so folded-in to itself—who is, and yet is not, part of oneself.
> Adrienne Rich
>
> Non había texto posible, rei, que eu escribise,
> incapaz de anota-lo sentimento no instante, ¿sabes?
> X. A.

Introdución[1]

Darío a diario, publicado por Xela Arias en 1996 a raíz do nacemento do seu fillo, supuxo unha viraxe temática con respecto aos dous libros anteriores. A autora afastábase nesta obra de moitas das preocupacións que viñan ocupando a súa poesía e prescindía da radicalidade que singularizou desde o seu inicio o seu discurso.

O volume, de formato reducido, tapa dura e papel de gramaxe alta, vía a luz fóra de colección no que até aquel momento fora o seu único selo editorial, Xerais. A portada reproducía unha fotografía do fillo Darío, da autoría de Xulio Gil. Conformaban o poemario un conxunto de vinte e catro composicións enunciadas en segunda persoa e dirixidas ao seu destinatario.

As características de *Darío a diario* fixeron que a súa repercusión fose considerabelmente menor que a doutras obras da autora, como o demostran a escasa recepción crítica e a ausencia como obxecto de estudo nun dos contados traballos sobre a poesía da escritora (Expósito, 2005). A súa confusión coa literatura infantil, e o feito de se tratar dunha das escasas obras da nosa tradición que abordaron o tema da maternidade desde a propia experiencia, puideron desconcertar unha crítica en boa medida ocupada, á

[1] Traballo desenvolvido no marco do proxecto de investigación PGC2018-093545-B-I00 (MCIU/AEI/FEDER/UE).

altura da segunda metade da década dos noventa, na cartografía do erotismo nas escrituras poéticas femininas. Cómpre complementar esta hipótese coa posibilidade de que a propia aparencia do volume eclipsase a súa principal achega: unha visión desidealizadora da maternidade.

Darío a diario na traxectoria poética de Xela Arias

A escritura poética de Xela Arias remóntase ao comezo da década dos oitenta. De 1982 datan os primeiros poemas dunha serie que iría vendo a luz en diferentes publicacións periódicas e que foron posteriormente recollidas en *Poesía reunida* (2018). Estas composicións mostran unha vontade de renovación temperá, tanto no referido ao repertorio temático como ao estilo (Nogueira, 2018).

A primeira obra aparecida en forma de libro, *Denuncia do equilibrio* (1986), viu a luz dentro da colección Ventobranco, de Xerais, con deseño e capa do pintor Xosé Guillermo. O poemario desafiaba a tendencia dominante nos anos oitenta, baseada no culturalismo e no clasicismo formal, para ensaiar a experimentación mediante a tensión da sintaxe e a incorporación de neoloxismos e xogos verbais. Conforme se desprende do título, *Denuncia do equilibrio* leva á práctica a vontade de cuestionamento da orde estabelecida que a autora manifestou en varias reflexións autopoéticas (Romaní, 2003: 83).

A este primeiro libro seguiu *Tigres coma cabalos* (1990), un experimento fotográfico-poético levado a cabo en colaboración con Xulio Gil. O artista plástico e a autora formulan un diálogo entre dúas linguaxes mediante as que transmiten unha relación de tensión —tamén lingüística— entre os dous suxeitos. O feito de que a escritora expuxese o seu corpo espido diante da cámara valeulle a incomprensión dunha parte do público lector, levado unhas veces por interpretacións morbosas e outras por descodificacións nunha clave erótica que estaba lonxe dos obxectivos cos que a obra fora concibida. O libro, editado tamén en tapa dura, apareceu tamén fóra das coleccións de Edicións Xerais.

Darío a diario saíu do prelo nun momento no que a autora contaba xa cun certo recoñecemento como poeta. A obra, que se afastaba, como se dixo, das liñas desenvolvidas até o momento, compartía coa obra anterior dous elementos paratextuais como eran a publicación á marxe das coleccións vixentes, e a reprodución na portada dunha fotografía vinculada biograficamente á autora.

En *Intempériome* (2003) a voz poética leva até o extremo o estrañamento do discurso con singulares colocacións pronominais, transcategorizacións gramaticais e encabalgamentos abruptos. A autora retoma a reflexión e a contradición de ideas preconcibidas e introduce unha perspectiva de xénero que confire ao conxunto unha dimensión social. A renovación do discurso, en sintonía coas poéticas que as escritoras viñan desenvolvendo desde a segunda metade da década dos noventa, xunto coa tráxica circunstancia de que a publicación da obra —esta vez na editora Espiral Maior— tivese lugar tan só uns meses antes do falecemento da autora incrementou o impacto do libro no seu momento.

A recepción de *Darío a diario* viuse polo tanto condicionada por unha serie de factores que se poden sintetizar, nunha extensión da hipótese antes formulada, como segue:

i) Factores de índole biográfica, que gardan relación coa sobredimensión da recepción de *Intempériome* con respecto ás obras anteriores.

ii) Factores de natureza editorial, relacionados coa súa publicación fóra de colección[2].

iii) Factores sistémicos, que teñen que ver, por unha banda, coa aparente proximidade á literatura infantil e, por outra, coa falta de tradición no tratamento do tema da maternidade máis alá do tópico.

A experiencia da maternidade como eixe do libro

A experiencia da maternidade constitúe o eixe vertebrador de *Darío a diario*. O libro enfía unha serie de reflexións sobre as mudanzas que supón na vida da nai a chegada do novo ser, así como de consellos e bos desexos dirixidos en segunda persoa a el. Desde o punto de vista da organización temporal, o poemario abrangue un treito que vai da fase embrionaria na que, "nunha entrezona da miña barriga había un rato pequeniño / que ollabamos nas pantallas do doutor" (Arias, 1996: 11), até o futuro: "Que saibas derruí-las marcas e apropiarte, / facer teu o aceno, e só aquel, que elixas" (Arias, 1996: 51).

A diferenza das abondosas composicións dedicadas á figura da nai, a maternidade como experiencia propia foi, como se indicou, un tema escasamente abordado na tradición poética galega, circunstancia da que se facía eco

2 A isto contribuíu o feito de que o libro estivese descatalogado e fose, polo tanto, inaccesíbel fóra de bibliotecas e coleccións privadas.

Romero nunha recensión onde salienta a *rareza* do libro nun sistema no que "faltaba falar da relación nai fillo nestes tempos" (Romero, 1997: 17).

Darío a diario cómpre enmarcalo ademais nunha tradición de pensamento feminista que revisou a identificación reducionista entre feminidade e maternidade, idealizadora tanto da reprodución como da relación estabelecida entre a nai e a súa descendencia. A reacción a este pensamento, fortemente enraizado na sociedade e tamén na literatura, deu lugar á oposición á maternidade dalgunhas voces feministas na década dos 70 do pasado século, así como a numerosos esforzos por parte de voces procedentes do campo da antropoloxía e a filosofía para denunciar os nesgos patriarcais das teorías psicanalistas que tanto levan influído na cuestión.

O libro de Adrienne Rich *Of Woman Born. Motherhood as Experience and Institution* (1976) marcou un punto de inflexión no tratamento do tema ao profundar nas contradicións entre maternidade como experiencia real vivida polas mulleres e como construto ideolóxico institucionalizado. A obra incorpora, a xeito de punto de partida, fragmentos dun diario sobre a experiencia da maternidade, polo que a súa influencia na concepción e no título de *Darío a diario* semella plausíbel. O texto de Rich abriu ademais novos camiños que foron seguidos, a partir da segunda metade da década dos noventa, por autoras como Julia Kristeva, Hélène Cixous, Lucy Irigaray e outras que, ao tempo que rexeitaron visións esencialistas da maternidade que excluían a muller do espazo público, reivindicaban a experiencia como unha "privileged female experience worth of representation, and as an important element of empowering women" e como "have emphasized the salient role that motherhood plays in providing access to unappreciated and previously unspoken female experiences" (Bassin *et al.*, 1994: 9).

As liñas de pensamento que acabo de enumerar delimitan as coordenadas nas que cómpre situar *Darío a diario*. Nunha entrevista concedida a raíz da súa publicación, Xela Arias aludiu á experiencia propia como motor da obra:

> Escribino por necesidade de poñer en orde as ideas preconcebidas que tiña, coa propia experiencia. Estes temas sempre se deixan como un reducto das mulleres. A maternidade si que é o oficio máis antigo do mundo, pero ninguén che ensinan a desenvolverte nesa duplicidade que se dá cando tes o neno diante e te preguntas ¿é meu o é independente de min?[3] (Porteiro, 1996: 3).

[3] Sobre esta cuestión *vid. infra.*

A necesidade de repensar ideas preconcibidas na que a autora ten insistido nas súas reflexións autopoéticas plásmase nunha visión da maternidade máis próxima á ética do coidado que á bioloxía:

> Non son sangue do meu sangue.
> Non carne da miña carne.
> Son a gran teta ofrecida,
> a gran boca que te agarima,
> a man enorme en recollerte (Arias, 1996: 35).

A experiencia do nacemento do fillo é ademais abordada desde unha posición diametralmente oposta á institucionalización de roles tradicionais no que á feminidade se refire. A voz poética semella neste sentido consciente da outredade na que a sitúa semellante concepción do xénero:

> Non me gustaban de nena os peluches
> e lembran meus pais que non xoguei moito ás bonecas.
> Non me deteño a cociñar e na química das quimeras
> rocei un xeito de delincuencia xuvenil.
> Un xénero feminino algo da desmán das narracións para o ano en que nacín (Arias, 1996: 47).

O discurso poético de Xela Arias conflúe neste punto co das voces femininas que estaban a iniciar, mediada a década dos noventa, os seus proxectos de escritura desde o xénero cun programa no que figuraba a revisión dos imaxinarios. O propio motivo das bonecas, rexeitadas nos versos que se citan máis arriba, foi (re)escrito, entre outras, por Luísa Castro, Isolda Santiago, Lupe Gómez e María Reimóndez.

Darío a diario comparte con outros poemarios da autora a vontade de cuestionamento dunha orde herdada e repensa, desde o xénero, a experiencia da maternidade. A obra anticipa o discurso feminista que agroma, xa de maneira nítida, en *Intempériome*.

A cotidianeidade

Unha das claves do libro de Xela Arias radica na descrición dunha cotidianeidade que se ve alterada desde aqueles días nos que ollaba na pantalla do ecógrafo "un rato pequeniño". A voz poética dá conta do diferente significado que esta imaxe ten para os *outros* e para ela:

Para os meus
era un centímetro de soño lindo que había ser desta e daquela maneira.
Para min, Darío, corazón,
eras ti en min,
de veras a xunción total (Arias, 1996: 11).

Alén de remarcar a subxectividade da vivencia, alude á contradición entre pertenza e independencia á que a autora se refería como "duplicidade" que conduce á pregunta "¿é meu ou é independente de min?" (Porteiro, 1996: 3). Neste senso, o libro pode ser lido como unha reflexión sobre o paradoxo de ser parte dun corpo e ao tempo un ente de seu, circunstancia que se reflicte a nivel textual nunha vacilación de formas verbais e tamén pronominais: "Teremos, terás, ¿acaso non temos, tes?" (Arias, 1996: 17).

As mudanzas na vida cotiá ocasionadas pola presenza dun novo ser, presentadas sen a idealización na que a miúdo aparecen envoltas, corresponden ao ámbito doméstico, dos coidados e dos afectos:

Invadíuseme a vida de cueiros e biberóns,
de roupiñas pequenas e xoguetes de colores,
de risas, de choros, agarimos, agarimos (Arias, 1996: 21).

A experiencia reflectida en *Dario a diario* é un proceso de constante asombro —"que ananez perante tanta novidade / que ti agasallas a cada instante" (Arias, 1996: 45)— e tamén de aprendizaxe, non exenta de dúbidas e atrancos, como deixa constancia, a xeito de declaración de intencións, a primeira composición do libro: "Imos, meu ben, camiñar sereno / pola cidade sen ramplas nas aceras. Imos / comeza-lo xeito da túa vida [...]".

Desde a crónica da cotidianeidade, *Darío a diario* presenta a maternidade como unha experiencia derivada do privilexio da condición de muller, aliñándose co pensamento feminista máis arriba mencionado. Tal se reflicte no final da seguinte estrofa, que pecha de xeito sentencioso a composición "Non me gustaban de nena os peluches":

E vés
ti
agora,
primeiro imaxinado e xa querido,
logo presente nestes cuartos a diario:

> hai posible en ser muller un privilexio imposible de transferir
> (Arias, 1996: 47)

A linguaxe do poema

O código poético é talvez o elemento que singulariza en maior medida *Darío a diario* no conxunto da obra de Xela Arias. O libro mostra un exercicio de simplificación a respecto de textos anteriores que responde á necesidade de aprender unha nova linguaxe (Romero, 1997: 17). A relación estabelecida polo *eu* cun *outro* na obra poética da autora (Nogueira, 2015) condiciona neste caso as escollas lingüísticas e tamén a retórica. O *eu* que se dirixe ao *ti* de *Darío a diario* bota man a miúdo de vocativos afectuosos —"meu ben", "rei", "neno", "cariño", corazón"— e tan só nunha ocasión do propio nome. Elementos fáticos —"¿sabes?", "¿vesme?"—, interxeccións —"caramba"— e interrogacións retóricas confiren ao discurso un ton de familiaridade que por veces emula o rexistro oral. A diferenza do que acontece na maioría dos textos dirixidos a un destinatario infantil, non hai apenas uso do diminutivo. Esta renuncia, xunto co emprego dun léxico intelectualizado —"na *tabula rassa* [*sic*] intelecto-sentimental que eras ti xa onte" (Arias, 1996: 51)— desfai calquera equívoco que leve a ler *Darío a diario* como un libro de literatura infantil, con independencia da idade do seu receptor inmanente.

Singular resulta tamén o utilizado para a figura da nai, que vai desde a cotidianeidade de "mesmo as bolsas dos meus ollos serán monecos / dos teus días xunto a min" até un empoderamento —e pénsese de novo nas visións antiesencialistas e antipatriarcais achegadas polos feminismos— construído sobre personaxes tomados da mitoloxía ou da historia. Tal acontece coa imaxe da metamorfose nunha deusa hindú producida tras o nacemento:

> Tiña eu antes de ti dúas mans para apaña-lo mundo;
> desde ti, ¿sabes?, son a deusa hindú de múltiples brazos (Arias, 1996: 17).

Noutra das composicións o empoderamento vén da man da identificación coas figuras da raíña e a emperatriz e leva implícito o desenvolvemento da nova linguaxe aprendida: "¡son a raíña parlante"!, "¡emperatriz de sonidos guturais en diante!" (Arias, 1996: 21). A adopción de modelos de personaxe para os protagonistas do libro esténdese tamén á figura do fillo, a quen se designa como "o preferido dos deuses que eu admiro" (Arias, 1996: 33), e "guerreiro forte da envexa" (Arias, 1996: 37), este último nunha composición

na que a voz poética lle transmite os valores da sinceridade, a nobreza e a grandeza de espírito.

O universo de personaxes compleméntase con outros procedentes do mundo da ficción, que mostran unha vez máis a transformación ocasionada pola chegada do novo ser:

> A heroína era unha romántica a debater criterios establecidos;
> tamén un doído inventando vida limpa en vapores de alcohol.
> Hoxe o heroe ademais é Xoán
> que gabea a planta das fabas para abrir un paraíso tal (Arias, 1996: 41).

Á incorporación á listaxe familiar de *heroes* do protagonista do conto de fadas "Xoán o das fabas máxicas" segue, na segunda das estrofas que conforman a composición, a de varios personaxes da literatura galega de tradición oral e a do propio destinatario do libro:

> A pita choca, o paxariño malferido,
> o caracol e os seus cornos ó sol.
> O dedo groso a come-lo ovo,
> ti sinalando en min o ollo de mamá (Arias, 1996: 41).

As mudanzas experimentadas a raíz da maternidade reflectidas no poemario non só implican a aprendizaxe dunha nova linguaxe senón tamén a interiorización duns referentes literarios entre os que figuran motivos da poesía galega de tradición oral.

A dimensión social do libro

Outra das singularidades do poemario de Xela Arias é o feito de que o seu contido transcenda o individual e acade unha dimensión social. Tal extensión, que pode quedar eclipsada pola temática do libro, asenta na necesidade de compartir a experiencia biográfica da maternidade logo de depurala de lugares comúns e herdanzas patriarcais. Aos versos que foron interpretados nesta clave resulta pertinente engadir un fragmento da carta que acompañaba o exemplar de *Darío a diario* que Xela Arias remitiu a Míguez (2004):

> ... envíoche este libro porque creo que hai nel cousa que creo que podes compartir. O certo é que malia a apariencia de agasallo para o meu propio fillo, eu concíboo máis como un texto (ideas, reflexións, poética) para compartir con mulleres, quizais preferentemente que teñan pasado pola

> maternidade, nais mesmo se non é outra experiencia de primeira man, pois todas, dun xeito ou doutro, levamos culturalmente gravado a lume no disco duro mental unha morea de significados e significantes que nolo relacionan. Se che interesa, se atopas algo de interesante nel, agradézoche que fága-lo posible por achegalo a outras mulleres (Míguez, 2004: 64).

A dimensión social do poemario radica ademais na transmisión dun código de valores baseado na independencia, que contradí tamén visións tradicionais da maternidade:

> Nada que ver coa posesión.
> Non te posúo nin quero.
> Cóidote, ámote e manteño a esperanza
> de aprenderche a te posuíres (Arias, 1996: 19).

Deste xeito, a maternidade preséntase nas reflexións poéticas de *Darío a diario* como unha compaña nun camiño de aprendizaxe cara á autorrealización e a liberdade:

> Busco o modo de te acompañar sen estorbo,
> que sexas ó meu carón feliz e creador
> de ti,
> de ti e mailo mundo que apañes[4] (Arias, 1996: 31).

O testemuño de Bragado (2003) sobre os motivos que levaron a Xela Arias a concibir o poemario constitúe unha oportuna anotación aos poemas anteriormente citados:

> Xela explicábame que o libro nacera da necesidade de explicarlle a Darío un manifesto íntimo e interno de intencións maternas para axudalo a desenvolverse nunha sociedade ensarillada nunha andamiaxe de valores que non consideraba nin liberadores nin fomentadores da independencia (Bragado, 2003: 28).

Conclusión

Baixo a aparencia dun libro dirixido ao seu fillo, *Darío a diario* é unha reflexión sobre a maternidade en sintonía coas correntes do pensamento

---

4 *Cfr.*: "Que, coa cabeza e o corazón limpo dirixas, / eu ben, / a orquestra da túa vida" (Arias, 1996: 49); "Que saibas derruí-las marcas e apropiarte, / facer teu o aceno, e só aquel, que elixas" (Arias, 1996: 51).

feminista desenvolvidas desde mediados da década dos oitenta en diante. Neste senso, o libro afástase das pautas que viñan determinando as escrituras tradicionais sobre o tema, ancoradas no esencialismo, na imaxinería xudeo-cristiá e na bioloxía. Fronte a tales construtos, Xela Arias ofrece unha visión desidealizadora e baseada na experiencia cotiá na que a maternidade é entendida como un privilexio. Neste sentido debemos entender estratexias de empoderamento como a convocatoria dun imaxinario feminino e tamén dunha linguaxe, nova e aprendida, esixida polo destinatario da comunicación. No código lingüístico radica unha das principais innovacións do libro a respecto dos anteriormente escritos pola autora.

Darío a diario foi obxecto dun certo esquecemento no conxunto da produción poética de Xela Arias. Nesta circunstancia influíron elementos tanto retóricos como paratextuais cuxa aparencia podía achegar o libro á literatura infantil, unha modalidade da que na que a obra non encaixaba e que estaba lonxe de intencionalidade da autora. Por outra banda, o poemario foi considerado unha peza singular na traxectoria da autora e mesmo na tradición poética galega. A este respecto é necesario salientar que, máis alá da innovación temática, a obra desenvolve algunhas das estratexias que particularizaron a poesía de Xela Arias e que se poden sintetizar como segue:

i) Vontade de indagación e de cuestionamento da orde estabelecida.

ii) Exploración da relación do suxeito coa outredade.

iii) Dimensión social e mesmo política no relativo ao xénero e á transmisión de valores emancipatorios.

iv) Trazos estilísticos que, malia a vocación de simplicidade, non renuncian á violentación da sintaxe e á tensión renovadora: "tan longo tempo baténdome nas pedras portas, entre lugares xente" (Arias, 1996: 11).

Aínda achegándose de maneira puntual á poesía infantil —velaí a fórmula "Todos os bebés son *tu* e ningún coma ti"—, bebendo en ocasións da literatura popular de tradición oral, e elaborando un discurso que ten como destinatario o fillo acabado de nacer, *Darío a diario* transcende a crónica íntima —esencial na obra— e acada unha dimensión social ao afrontar e compartir os conflitos contemporáneos da experiencia da maternidade.

Bibliografía

Arias, X. (1996): *Darío a diario*, Vigo: Xerais.

Bassin, D., M. Honey & M. M. Kaplan (eds.) (1994): *Representations of Motherhood*, New Haven and London: Yale University Press.

Bragado, M. (2003): "A indagación de Xela Arias", *Faro de Vigo*, 9 novembro, p. 28.

Expósito Rabadán, J. (2005): "Xela Arias: Verso Desnudo", *Madrygal* 8, pp. 33-41.

Míguez, A. (2004): "Sabía de Xela Arias" en V. Arias (ed.), *Xela Arias, quedas en nós*, Vigo: Xerais, pp. 63-64.

Nogueira Pereira, Mª. X. (2015): "O equilibrio transtornado. O *eu* e a súa relación co *outro* na poesía de Xela Arias", *Abriu* 4, pp. 29-43.

_____ (ed.) (2018): *Xela Arias. Poesía reunida (1982-2004)*, Vigo: Xerais.

Porteiro, M. X. (1996): "Xela Arias, 'O poema vaime'", *La Voz de Galicia*, 21 marzo, p. 3.

Rich, A. (1991 [1976]): *Of Woman Born: Motherhood as Experience and Institution*, London: Virago.

Romaní, A. (2003): "Xela Arias, serse intempestiva", *Tempos novos* 78, p. 82.

Romero, M. (1997): "Cando falar de nai é poesía", *A Nosa Terra*, 28 agosto, p. 17.

Historias de un pastor vasco convertido en pistolero. La serie Garmendia de Kirmen Uribe

Mari Jose Olaziregi
Universidad del País Vasco-Euskal Herriko Unibertsitatea

Cuesta creer que un tal Garmendia fuera un pistolero peligroso en el Lejano Oeste, "tan conocido, al menos, como Billy el Niño, Jesse James o Wiatt Earp" (Uribe, 2003b: 15)[1]. Así nos presenta el escritor Kirmen Uribe (1970) al protagonista de la serie de aventuras para lectores mayores de 9 años. A ella haremos alusión en las líneas que siguen[2], a la serie protagonizada por el pistolero Garmendia en el Far West[3] y partiremos de la hipótesis de que la misma ofrece un contrarrelato, en clave de novela de aventuras, a las narraciones vascas que han representado la emigración vasca al lejano oeste. Para ello, tras unas breves consideraciones en torno a las peculiaridades que presenta la obra de Uribe, recalararemos en el análisis de la serie Garmendia para ahondar en la representación de este pastor vasco convertido en pistolero, en los nexos intertextuales que presentan los cuentos, así como en la novedad que presenta en el conjunto del corpus de obras vascas que representan la diáspora vasca en los Estados Unidos de América.

1. Kirmen Uribe, un escritor de frontera

La trayectoria de textos de literatura infantil y juvenil de Uribe incluye, hasta la fecha, seis títulos: *Ekidazu, lehoiek ez dakite biolina jotzen* (*Ekidazu, los leones no saben tocar el violín*, 2003a), en colaboración con la compañía de teatro infantil Kukubiltxo y al grupo musical Oskorri, *Ez naiz ilehoria, eta zer?* (*No soy rubia, ¿y qué?*, 2004a), publicado por los Editores Asociados y traducido al catalán, gallego, asturiano y español, *Guti* (2005), y la aludida serie protagonizada por el "temido" pistolero vasco Garmendia: *Garmendia eta zaldun beltza* (*Garmendia and the Black Rider*, 2003b), *Garmendia errege*

1 "Billi Mutikoa, Jesse James eta Wiatt Earp-en adinakoa, gutxienez" (Uribe, 2003: 15).

2 Artículo redactado dentro de los proyectos IT 1047-16 (Gobierno Vasco) y FFI2017-84342-P (MINECO) que lleva a cabo el Grupo de Investigación Consolidado de nivel A, MHLI (Memoria Histórica en las Literaturas Ibéricas).

3 Utilizaremos para nuestro análisis las primeras ediciones en euskera de la serie Garmendia, que comprende tres títulos hasta la fecha. Las iniciales *GZB* (*Garmendia eta zaldun beltza*, 2003b), *GE* (*Garmendia errege,* 2004b) y *GFS* (*Garmendia eta Fannyren sekretua,* 2006) nos servirán para referirnos a cada título analizado.

(*Garmendia rey*, 2004b) y *Garmendia eta Fannyren sekretua* (*Garmendia y el secreto de Fanny*, 2006). Se trata de una no muy extensa trayectoria pero que, sin duda, viene presidida, como no podía ser de otro modo, por el afán renovador que preside la obra del ondarrutarra.

O zoomorfismo é un procedemento moi produtivo na linguaxe figurada, que na maior parte dos casos ten a súa orixe en tradicións populares, antigas crenzas e na propia observación e percepción do mundo animal. A cultura é un factor fundamental para a creación dos procesos de animalización, posto que a linguaxe "refleja inevitablemente el contexto cultural nacional del cual se nutren las creaciones expresivas, símiles, etc. que constantemente aparecen en los idiomas" (Luque e Manjón, 1998: 148). Por ese motivo, os valores asociados a cada animal poden cambiar considerablemente dunha lingua a outra. Nun estudo comparativo chinés-español, Wu (2015) sinala que a tartaruga na cultura chinesa, ademais de facer referencia á lentitude, tamén se pode identificar cunha persoa infiel; e o morcego, que en Occidente se considera unha criatura sinistra ou de mal agoiro, en chinés simboliza a fortuna, a boa sorte, a saúde e a alta posición social.

Para Nazárenko e Iñesta (1998: 101), o zoomorfismo é o uso metafórico ou alegórico dun nome de animal para caracterizar un ser, unha conduta ou un carácter. Esta teoría apoiase na metáfora conceptual AS PERSOAS SON

ANIMAIS, que establece un vínculo entre dous dominios (dominio fonte e dominio meta) e que se realiza a través de diferentes marcos semánticos e comparacións que se foron aceptando como convencionais co paso do tempo e que nacen da extracción de características, comportamentos e propiedades físicas dos animais.

O obxectivo principal deste artigo consiste no estudo das motivacións semánticas conectadas coas funcións figuradas dos zoomorfismos ou procesos de animalización na Literatura Infantil. Para acadar este obxectivo, tomamos como corpus as corenta e dúas obras da colección "A chalupa" (1983-1992), que foron baleiradas e revisadas minuciosamente. Esta colección foi creada pola Editorial Galaxia xunto cos grupos editoriais La Galera de Barcelona e Elkar de Donostia. Acolle títulos destinados fundamentalmente ao lectorado autónomo, con reescritura de contos clásicos e propostas máis contemporáneas, elaborados por "autores cataláns, vascos e galegos en volumes de formato cadrado, pastas brandas plastificadas e ilustracións policromadas que, en moitos casos, ofrecen unha narración alternativa" (Agrelo, 2015: 132). "A chalupa" implicou unha mudanza no marco da Literatura Infantil e Xuvenil galega, unha aposta na que participaron escritores de renome como Carlos Casares, Antonio García Teijeiro ou Agustín Fernández Paz e que supuxo un dos primeiros intercambios de títulos entre os sistemas literarios catalán, vasco[1] e galego.

Entre as corenta e dúas obras que compoñen a colección "A chalupa" só se atoparon casos de zoomorfismos fraseolóxicos[2] en trece: *O Pedro Pillabán* (1983), de Rosa García Vilariño, adaptación dun conto popular vasco; *O can Rin e o lobo Crispín* (1983), de Carlos Casares; *Pericles e a balea* (1984), de Xohana Torres; *O pintor do vento* (1985) e *O demo presumido* (1987), de Xesús Pisón; *A estrela verde* (1985) e *O avó* (1988), de Mariasum Landa; *O explorador e a mona* (1987), de Pako Sagarzazu; *Carta ó meu amigo* (1988), de Maite Carranza; *As ratas na escola* (1989), de M. Dolors

1 "No caso da LIX vasca, a vía de entrada das obras escritas orixinalmente en lingua galega foi principalmente a colección "A chalupa", que, dende 1983 a 1992, publicou un total de once obras" (Agrelo e Mociño, 2008: 90).

2 Cómpre salientar, ademais, a presenza de unidades monoverbais empregadas para denominar accións humanas, que teñen a súa orixe no mundo animal: rumiar (*As aventuras de Roi e Martiño*, [p. 25]), trotar (*A oca de ouro*, [p. 21]), arrolar (*A miña bici e mais eu*, [p. 3]), agatuñar (*Estes días refresca polas tardes*, [p. 23]), oulear (*Os zarramplíns*, [p. 12]), atordar (*O dragón das catro cabezas*, [p. 26])...

Alibés i Riera; *Se isto é unha escola eu son un tigre* (1990), de Montserrat Viza; *Estes días refresca polas tardes* (1991), de Xosé Cermeño; e *O tesouro do dragón Smaug* (1992), de Agustín Fernández Paz. Na seguinte táboa recóllense as unidades zoomorfas que se van analizar, a obra ou obras nas que se atopan, o dominio meta que representan e a presenza nos dicionarios (lexicalidade).

Zoomorfismo fraseolóxico	Obras	Dominio meta	Presenza en dicionarios[3]
Aburrirse coma unha ostra	*A estrela verde,* [p. 10]	Aburrimento	DFS21 DDFG
Brincar coma un gato	*O demo presumido,* [p. 8]	Axilidade	-
Cabeza de bubela	*Pericles e a balea,* [p. 11]	Insensatez	DFS21 DDFG
Cheirar a can	*A estrela verde,* [p. 13]	Desconfianza	DFS21 DDFG DCEFF
Dicir animaladas	*O can Rin e o lobo Crispín,* [p. 2]	Falar mal	-
Estar coma unha cabra	*O explorador e a mona,* [p. 4]	Tolemia	DFS21 DDFG DCEFF
Estarricada, -o coma unha galiña	*Carta ó meu amigo,* [p. 2]	Orgullo	-
Facer o mono	*Estes días refresca polas tardes,* [p. 18])	Humorismo	DFS21 DCEFF
Levar como o año ao matadoiro	*O Pedro Pillabán,* [p. 20]	Docilidade	-
*Moverse coma unha *alimaña*	*O tesouro do dragón Smaug,* [p. 8]	Sixilo/Axilidade	-
Non dicir un pío	*As ratas na escola,* [p. 20] *Estes días refresca polas tardes,* [p. 26]	Silencio	DDFG
Ser un animal	*O pintor do vento,* [p. 7]	Brutalidade	DFS21 DCEFF
Ser un bicho raro	*O avó,* [p. 20]	Rareza	-
Ser un sabuxo	*O explorador e a mona,* [p. 8]	Indagación	-
Ter un tigre dentro	*Se isto é unha escola eu son un tigre,* [p. 22]	Ira	-

3 *Dicionario fraseolóxico século 21 castelán-galego e de correspondencias galego-castelán* (DFS21), *Dicionario de fraseoloxía galega* (DDFG) e *Dicionario Cumio de expresións e frases feitas: castelán-galego* (DCEFF).

Estudo motivacional dos zoomorfismos

Algunhas das unidades atopadas nas obras da colección "A chalupa" son xenéricas, é dicir, fan referencia a animais en xeral e non a especies concretas: *dicir animaladas*, *ser un animal* e *ser un bicho raro*. A primeira expresión designa o comportamento da persoa que fala de xeito irracional, proceder que se considera impropio. En segundo lugar, emprégase a voz 'animal' para referir unha persoa bruta que usa a violencia, acepción que segundo o *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG) é figurada. Por último, a unidade *ser un bicho raro* emprégase coloquialmente para identificar persoas que saen do común pola súa conduta, normalmente cun matiz negativo. Enténdese que o individuo denominado deste xeito ten algún trazo que non se considera aceptable e que o distingue do colectivo no que debe encaixar segundo os criterios establecidos pola sociedade.

A continuación, para facilitar a lectura do artigo, preséntanse as unidades en dous bloques diferenciados: mamíferos e non mamíferos.

-Mamíferos

Brincar coma un gato

A base desta expresión non lexicalizada está na observación humana dos trazos propios dos felinos. Os gatos caracterízanse pola súa axilidade e pola realización de saltos extraordinarios. Ademais, son moi silenciosos, peculiaridade que os converte en cazadores excepcionais.

Cheirar a can

Esta expresión procede do enunciado *galiñas serán pero chéirame a can*, coa que se expresa desconfianza (Álvarez de la Granja, 1999: 23) e está baseada nun conto popular galego[4] (Ferro, 1996). Segundo o relato, unha cobra suplícalle a un home que a libere da pedra que a está esmagando. Cando este cumpre a súa petición, a cobra vólvese na súa contra e quere mordelo. Aconsellado por un raposo, o home vólvelle poñer a pedra enriba á cobra e, a cambio do seu valioso consello, o raposo pídelle as mellores galiñas que teña. Xa na casa, a súa muller recoméndalle enganar ao animal metendo nun saco o can no lugar das galiñas. Cando o home lle entrega o saco ao raposo, este exclama "¡Pitas serán, pero cheirar chéirame a can!".

---

4 Este conto popular foi reescrito por Fina Casalderrey en *Desventuras dun lobo namorado* (2002).

Estar coma unha cabra

Existen moitas expresións que relacionan a loucura humana co gando caprino (*estar coma unha cabuxa, estar coma unha chiba, estar coma unha chota...*), cuxa idea tamén aparece representada no refrán "A cabra é tola: por onde vai unha van todas" (Ferro, 1987). A motivación destas unidades parte do comportamento peculiar das cabras: saltan continuamente, corren polo monte dun lado para o outro e, ademais, son capaces de trepar por sitios abruptos ou de difícil acceso.

Facer monadas

A palabra 'monada' ten o significado de "xesto ou acción propia dun mono que fai rir pero que tamén pode resultar molesta" (DRAG). O máis probable é que a expresión parta da observación humana destes animais: saltan dunha árbore a outra, emiten sons agudos e estridentes, empregan movementos corporais extravagantes e expresións faciais para comunicarse.

Levar como o año ao matadoiro

Os cordeiros son animais fáciles de tratar e mansos cos seres humanos. Acostúmanse facilmente ás persoas e tenden a comportarse dun modo afable, case coma unha mascota. Ademais, o año é un símbolo cristián de resignación ante o sacrificio, que representa a mansedume e a inocencia. Á súa vez, a palabra matadoiro fai referencia a unha situación comprometida, de risco ou perigo, posto que o animal que entra non volve saír con vida.

*Moverse coma unha *alimaña*

A voz *alimaña, segundo o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, designa un animal daniño e prexudicial para a caza maior. Esta unidade fraseolóxica non lexicalizada está conectada coa imaxe de sixilo dos mustélidos. Na obra *O tesouro do dragón Smaug* emprégase para indicar que a protagonista, a princesa Zeralda, se move dun xeito furtivo, máis propio dun animal que dun ser humano.

Ser un sabuxo

Segundo Celdrán (2009: s.v. *ser un sabueso*) esta expresión úsase para designar a persoa moi observadora. Deste modo, establécese unha comparación co sabuxo, variedade de podengo cuxa principal calidade é o seu fino olfacto. Este can cazador, estimado pola súa capacidade para rastrexar as presas, serve para denominar metaforicamente a policías, detectives ou calquera outra persoa que destaca polas súas sagacidade e calidades investigadoras.

Ter un tigre dentro

No marco da metáfora AS PAIXÓNS SON BESTAS DENTRO DUNHA PERSOA, Santos e Espinosa (1996: 204) sinalan que en cada individuo hai una parte de animal salvaxe, "pero se supone que la gente civilizada ha de mantenerlo oculto y controlado". Deste modo, "la pérdida de control equivale a la liberación de este animal que llevamos dentro y nuestra conducta semeja la de un animal salvaje". Na obra *Se isto é unha escola eu son un tigre*, recóllese un exemplo que coincide coa idea de que dentro de cada persoa hai un animal salvaxe. Mediante o emprego da unidade non lexicalizada *ter un tigre dentro*, a nai do protagonista presenta a súa conduta irracional e irada.

-Non mamíferos

Aburrirse coma unha ostra

A asociación que se establece entre as ostras e o aburrimento procede da visión que a sociedade ten deste molusco, concretamente da súa forma de vivir, posto que son animais de escasa actividade. Buitrago (2007: s.v. *aburrirse como una ostra*) sinala que "sobran las explicaciones. Basta sólo pensar en el pobre molusco, en su «frenética» actividad, en todo lo que se desplaza, en el tiempo que tarda, si es que le apetece, en fabricar una perla, en sus relaciones sociales con otros habitantes marinos...".

Cabeza de bubela

A bubela é un paxaro "da familia dos upúpidos, de peteiro longo e curvado, ás arredondadas e plumaxe de cor castaña rosada, coa parte inferior do lombo e o rabo raiados de branco e negro e notable crista eréctil coa punta das plumas negra" (DRAG). A orixe desta unidade procede posiblemente dos cambios bruscos de dirección durante o voo, posto que unhas veces axita as ás con lentitude e outras con moita rapidez; da crista alaranxada que adorna a súa cabeza; e do desagradable cheiro que desprende o seu niño, xa que contén grandes cantidades de feces. Estas peculiaridades fan que a conduta da ave se asocie coa extravagancia, con comportamentos irreflexivos ou aloucados.

Estarricada, -ou coma unha galiña

A motivación desta unidade non lexicalizada resulta bastante escura, xa que habitualmente as galiñas tenden a asociarse coa covardía ou co medo (*ser un galiña*, *pel de galiña*), mentres que o galo denota vaidade ou soberbia. No exemplo atopado en *Carta ó meu amigo* úsase para indicar que cativa

protagonista chegou a casa moi orgullosa do logro acadado, aprender a escribir o seu nome.

Lakoff e Johnson (1986: 51) presentan as metáforas FELIZ É ARRIBA e TRISTE É ABAIXO, cunha base física: a postura inclinada é propia dunha persoa deprimida ou triste e a postura ergueita representa un estado emocional positivo. En relación con esta idea, o contido motivacional da expresión pode partir da forma de moverse das galiñas. Tamén pode estar conectada co comportamento destes animais cando poñen un ovo, imaxe que se reflicte na voz figurada 'cacarexar' "Ponderar esaxerada ou reiteradamente as accións ou as calidades de [algo ou alguén, especialmente as propias]" (DRAG).

Non dicir un pío

Esta expresión emprégase para denotar a ausencia de fala, establecendo unha conexión entre a voz dunha persoa e o son que producen os paxaros. Na nosa lingua existe unha expresión moi popular que tamén usa o mesmo verbo, *tarde piache!*

Conclusións

Como se puido comprobar ao longo deste pequeno estudo, os seres humanos toman como punto de referencia a súa propia experiencia, neste caso o seu contacto cos animais, para comprender e expresar dominios complexos, abstractos ou difíciles de delimitar como, por exemplo, as emocións. Deste xeito, os animais conforman unha realidade próxima que axuda a definir ao ser humano, respondendo ao modelo establecido pola sociedade: tolemia (cabra), insensatez (bubela), mansedume (año), axilidade (gato), orgullo (galiña)... Os zoomorfismos fraseolóxicos estudados teñen como orixe o comportamento ou conduta dos animais. Obtivéronse un total de quince unidades: sete lexicalizadas e oito non lexicalizadas.

A das maioría de expresións analizadas fundaméntanse en animais domésticos ou da contorna próxima dos falantes, é dicir, da fauna autóctona (año, bubela, cabra, can, galiña, gato...), mentres que as unidades que toman como base animais foráneos (tigre e mono) son escasas. Existe unha forte vinculación entre a fraseoloxía e as particularidades culturais propias dun determinado pobo. O idioma está intimamente relacionado coa identidade, xa que a lingua condensa as experiencias colectivas peculiares vinculadas a un determinado territorio (Ferro, 2008: 160).

A modo de conclusión, consideramos necesario observar un procedemento de animalización concreto que resulta moi ilustrativo na obra *Guillermo Tell* ([p. 13]):

> ¡Por fin, o falcón da montaña vén visitarnos! E ben vexo que baixou con tódalas súas poutas –referíase ao arco e ás frechas que Guillermo Tell levaba sempre–. ¡Ah! –seguiu dicindo raposeiramente– ¡Vexo que levas contigo un falconciño! ¡Falconciño! –dixo dirixíndose a Gualterio– ¡faille unha reverencia ó meu sombreiro!
> – ¡Eu só adoro a Deus, señor!
> – ¡Ha, ha, ha: un falconciño que ten o mesmo peteiro ca seu pai! ¡Ha, ha, ha!

Úsase a palabra 'falcón' para sinalar que Guillermo Tell é un cazador moi hábil, posto que esta ave de rapina é coñecida polas súas habilidades depredadoras. Dise que as súas poutas son as súas armas, é dicir, o arco e as frechas; e que o peteiro é a súa boca. Deste xeito, o proceso de animalización realízase a través de tres elementos: a denominación do animal (falcón), os obxectos que posúe a persoa (poutas) e unha parte do corpo (peteiro).

Bibliografía
Corpus analizado

Alcántara, R. (adap.) (1991): *Orellas de coello*, ilust. de I. Monés e trad. de C. Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia.

Alibés i Riera, M. D. (1989): *As ratas na escola*, ilust. de P. Estrada e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.

Antoniorrobles (1985): *O dragón das catro cabezas*, ilust. de M. Ginesta e trad. de Mª X. e X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.

Balestrini, S. (1983): *Os zarramplíns*, ilust. de R. Capdevila e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.

Benet, A. (1983): *Noite na barca*, ilust. de C. Peris e trad. de R. García Vilariño, Vigo: Editorial Galaxia.

Boada, F. (adap.) (1984): *As babuchas enmeigadas*, ilust. de F. Rovira e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.

Caballero, F. (1984): *Os tres pretendentes*, ilust. de M. Ginesta e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.

Capdevila, R. (1991): *A ovella negra*, ilust. da autora e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.

Calleja, S. (1989): *O mono Chimino*, ilust. de J. M. Muñoz e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.

_____ (1992): *A miña bici e mais eu*, ilust. de J. Tellaetxe e trad. de D. de Montemor, Vigo: Editorial Galaxia.
Carranza, M. (1988): *Carta ó meu amigo*, ilust. de M. Aràgega e trad. de A. Piñeiro, Vigo: Editorial Galaxia.
Casares, C. (1983): *O can Rin e o lobo Crispín*, ilust. de P. de Llano, Vigo: Editorial Galaxia.
Cermeño, X. (1991): *Estes días refresca polas tardes*, ilust. de M. Uhía, Vigo: Editorial Galaxia.
Cuadrench, A. (1987): *As aventuras de Roi e Martiño*, ilust. de P. Bayés e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.
Fernández Paz, A. (1992): *O tesouro do dragón Smaug*, ilust. de F. Jaraba, Vigo: Editorial Galaxia.
García Teijeiro, A. (1989): *Noa*, ilust. de P. Ares, Vigo: Editorial Galaxia.
García Vilariño, R. (1983): *O Pedro Pillabán*, ilust. de L. Errazkin, Vigo: Editorial Galaxia.
Gardella, M. À. (1984): *Guillermo Tell*, ilust. de V. Cruz e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.
_____ (1989): *O cataventos e a camisola*, ilust. de J. A. Poch e trad. de C. Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia.
_____ (1992): *O cazador*, ilust. de J. A. Poch e trad. de C. Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia.
Grimm, J. e W. (1984): *A serpe branca*, ilust. de J. Lucas e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.
_____ (1984): *A oca de ouro*, ilust. de M. Ginesta e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.
Jané, A. (adap.) (1983): *Enrique, o do Penacho*, ilust. de R. Culla e trad. de R. García Vilariño, Vigo: Editorial Galaxia.
_____ (1983): *O soldadiño de chumbo*, ilust. de J. Gabán e trad. de R. García Vilariño, Vigo: Editorial Galaxia.
Landa, M. (1985): *A estrela verde*, ilust. de J. Lucas e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.
_____ (1988): *O avó*, ilust. de C. Zabala e trad. A. Piñeiro, Vigo: Editorial Galaxia.
_____ (1984): *A tenda da Pepa*, ilust. de V. Santesmases e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.
_____ (1990): *Irma*, ilust. de B. Lucas e trad. de C. Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia.
López Domínguez, X. (1990): *Voces na lagoa do espantallo*, ilust. do autor, Vigo: Editorial Galaxia.

Medina, L. (1984): *A viaxe de Ruteazul*, ilust. da autora e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.

Moreno, M. V. (1986): *A festa no faiado*, ilust. de L. Blázquez, Vigo: Editorial Galaxia.

Olmo, L. (1984): *A ra sabia*, ilust. de J. Galbán e trad. de X. Vences, Vigo: Editorial Galaxia.

Pisón, X. (1985): *O pintor do vento*, ilust. de P. Carreiro, Vigo: Editorial Galaxia.

_____ (1987): *O demo presumido*, ilust. de F. Sampil, Vigo: Editorial Galaxia.

Sagarzazu, P. (1985): *Xianiño e Xianón*, ilust. de C. Zabala e trad. de Mª X. e X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.

_____ (1987): *O explorador e a mona*, ilust. de D. Colombo e trad. de X. Senín, Vigo: Editorial Galaxia.

_____ (1989): *A rata Rita*, ilust. de L. Errazkin e trad. de C. Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia.

Santisteban, K. (1991): *A rebelión dos xoguetes*, ilust. de P. Beltzunegi e trad. de C. Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia.

Torres, X. (1984): *Pericles e a balea*, ilust. de X. M. Xiráldez, Vigo: Editorial Galaxia.

Villar Janeiro, H. (1985): *O día que choveu de noite*, ilust. de M. F. Quesada, Vigo: Editorial Galaxia.

_____ (1988): *Vermiño*, ilust. de J. Pereira, Vigo: Editorial Galaxia.

Viza, M. (1990): *Se isto é unha escola eu son un tigre*, ilust. de P. Estrada e trad. de C. Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia.

Obras de consulta

Agrelo, E. (2015): "Contexto e factores sistémicos" en B. A. Roig Rechou (coord.), *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 125-148.

Agrelo, E. e I. Mociño (2008): "As traducións entre a literatura infantil e xuvenil galega e vasca", *Mundu bat, begirada anitz/Un mundo, muchas miradas* 1, pp. 81-100, en liña en http://criticaaelg.blogaliza.org/files/2012/12/traducions_AgreloeMoci%C3%B1o.pdf.

Álvarez de la Granja, M. (1999): "Locucións e enunciados fraseolóxicos. Un límite difuso", *Paremia* 8, pp. 19-24.

Buitrago, A. (2007): *Diccionario de dichos y frases hechas*, Madrid: Espasa Calpe.

Celdrán Gomariz, P. (2009): *Dichos, comparaciones y frases populares*, Cuenca: Editorial Alderabán.

Feixó Cid, X. (coord.) (2007): *Dicionario fraseolóxico século 21 castelán-galego e de correspondencias galego-castelán*, Vigo: Cumio/Edicións Xerais de Galicia.

Ferro Ruibal, X. (1987): *Refraneiro galego básico*, Vigo: Galaxia.

_____ (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*, A Coruña: Real Academia Galega, en liña en http://academia.gal/documents/10157/27090/Xesus+Ferro+Ruibal.pdf

_____ (2008): "A comparación fraseolóxica galega como radiografía lingüística" en M. Álvarez de la Granja (coord.), *Lenguaje figurado y motivación: una perspectiva desde la fraseología*, Frankfurt Am Main: Peter Lang, pp. 120-190.

Lakoff, G. e M. Johnson (1986): *Metáforas de la vida cotidiana*, Madrid: Cátedra.

Lakoff, G. e M. Turner, (1989): *More than Cool Reason. A Field Guide to Poetic Metaphor*, Chicago: The University of Chicago Press.

Luque, J. de Dios e F. José Manjón (1998): "Tipología léxica y tipología fraseológica: universales y particulares" en J. de Dios Luque e A. Pamies (eds.), *Léxico y fraseología*, Granada: Método Ediciones, pp. 139-153.

Nazárenko, L. e E. M. Iñesta (1998): "Zoomorfismos fraseológicos" en J. de Dios Luque e A. Pamies (eds.), *Léxico y fraseología*, Granada: Método Ediciones, pp. 101-109.

Pena, X. A. (2001): *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas: castelán-galego*, Vigo: Edicións do Cumio.

_____ (2005): *Gran dicionario Século 21 da lingua galega*, Vigo: Editorial Galaxia/Edicións do Cumio.

Real Academia Galega (2012-): *Dicionario da Real Academia Galega*, Vigo: RAG, en liña en http://academia.gal/dicionario.

Rodríguez González, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo: Editorial Galaxia, en liña en http://sli.uvigo.es/DdD/.

Santos Domínguez, L. A. e R. M. Espinosa Elorza (1996): *Manual de Semántica Histórica*, Madrid: Síntesis.

Soriano, C. (2012): "La metáfora conceptual" en I. Ibarretxe-Antuñano e J. Valenzuela (eds.), *Lingüística Cognitiva*, Barcelona: Anthropos, pp. 97-121.

Wu, F. (2015): "El sentido cultural de los zoónimos en chino y en español", *Language Design: Journal of Theoretical and Experimental Linguistics* 17, pp. 5-33, en liña en http://elies.rediris.es/Language_Design/LD17/LD17_01_WU_FAN.pdf

Balbino e Constantino: notas para a construção de uma galeria de heróis da literatura infantil luso-galaica

Ana Margarida Ramos
Universidade de Aveiro

1. Texto e pretexto

A escrita deste texto resulta de um convite irrecusável para me associar à homenagem à Professora Blanca Ana Roig Rechou que, em boa hora, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, do qual ela foi cofundadora, diretora da Área de Literatura, e coordenadora de vários projetos e grupos de trabalho, decidiu promover. Saúdo os colegas e amigos Marta Neira Rodríguez e Armando Requeixo por tomarem em mãos a tarefa de coordenação e agradeço-lhes terem-me incluído no vastíssimo grupo de amigos e admiradores da Professora Blanca Ana, permitindo-me marcar presença nesta obra que será certamente um marco nos estudos literários sobre a literatura galega e não só.

Conheci a Professora Blanca Ana em novembro de 2004, no Porto, nos Encontros Luso-galaicos-franceses do livro infantil e juvenil que aí se organizam há mais de 20 anos e, desde esse momento, nunca mais deixei de colaborar com ela em vários projetos e iniciativas, com destaque para a Rede LIJMI, que integrei no ano seguinte e da qual faço parte desde então. O seu espírito de liderança e o seu compromisso para com o desenvolvimento dos estudos sobre a literatura para a infância, não só na Galiza, como em Espanha, Portugal e no Brasil, por exemplo, fazem dela uma referência incontornável na investigação nesta área, autora de relevo de uma vastíssima bibliografia, promotora de eventos, coordenadora de projetos e de equipas de investigação muito diversas e multifacetadas.

Mas é a sua generosidade e amizade, o acolhimento de casa e braços abertos, o apoio incondicional ao longo de mais de uma década e meia que gostaria de sublinhar neste momento, uma vez que são estas qualidades raras e preciosas, ausentes dos currículos tradicionais, nas quais se baseia uma admiração pessoal e intelectual sólida e estruturante, desenvolvida ao longo dos anos, com implicações profundas no meu próprio percurso humano, académico e científico.

2. Para uma literatura luso-galaica infantil comparada

Entre os projetos mais ambiciosos e ousados da Professora Blanca Ana Roig Rechou esteve sempre, para além da premiada *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, que veio a lume em 2015, sob sua coordenação, um outro, o da História Comparada das literaturas infantojuvenis da Península Ibérica, com ênfase para as literaturas galega e portuguesa. Sem que essa obra magna esteja ainda concluída, ao longo dos anos, quer através da Rede LIJMI e dos volumes monográficos anuais por ela publicados, quer dos Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil realizados no Porto, quer ainda de várias publicações, como a revista *Malasartes* ou os livros que resultaram destes últimos eventos, foram várias as iniciativas lideradas pela Professora Blanca Ana para aproximar as literaturas de aquém e além Minho, procurando de forma ativa afinidades entre elas, orientando trabalhos académicos e de investigação sobre ambas, incentivando jovens investigadores a leituras comparadas de autores, obras e géneros literários. O moroso trabalho de divulgação de autores galegos em Portugal e de autores portugueses na Galiza, através de conferências, mesas-redondas, traduções e muitos textos científicos, tem vindo paulatinamente a dar os seus frutos e à professora Blanca Ana Roig Rechou devem-se, além dos trabalhos que tem assinado sozinha ou em coautoria, com investigadores de várias nacionalidades, a (co)orientação de várias teses e dissertações, algumas também em Portugal, que têm contribuído para a legitimação e o reconhecimento da literatura para a infância e juventude nos dois países. São, todavia, ainda escassas as leituras de índole comparada, pelo que foi a esse desafio que aqui se procurou dar resposta.

Atendendo ao contexto de publicação deste texto e aos limites definidos pelos editores deste livro, esta reflexão que aqui se apresenta não tem pretensões de exaustividade ou profundidade, quer do ponto teórico quer da própria análise, pretendendo apenas contribuir, com algumas notas breves e algo dispersas, para uma leitura comparada de duas obras narrativas marcantes das literaturas galega e portuguesa, publicadas com um ano de diferença, nas quais são apresentadas as vivências de duas crianças, quase adolescentes, em realidades socioculturais próximas. Falamos de *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas (1928-2015), publicada em 1961, e de *Constantino guardador de vacas e de sonhos*, de Alves Redol (1911-1969), editada em 1962. Alvo de sucessivas edições e alguns estudos de fôlego dos quais não podemos dar aqui dar conta

de forma detalhada[1], ambas as narrativas fazem parte do cânone escolar das respetivas literaturas nacionais, colaborando na formação de leitores literários e na legitimação de um subsistema que, pese embora todas as significativas conquistas recentes, ainda luta por reconhecimento. Apesar de todas as diferenças que os caracterizam, do ponto de vista editorial e narrativo, e que se estendem aos respetivos autores, os textos selecionados aproximam-se num conjunto de aspetos que parecem permitir o diálogo entre os protagonistas e o seu contexto social, dois rapazes no final da infância, habitantes de um mundo rural, marcado pela pobreza, isolamento e falta de perspetivas, pela desigualdade social, a braços com o mesmo tipo de dilemas existenciais, alguns claramente universais, ligados ao crescimento e ao amadurecimento humano.

As narrativas tocam, por isso, muitos temas comuns, com destaque para as relações familiares e de amizade, que se estendem aos próprios animais e à natureza envolvente, o trabalho infantil e a escola, os amigos, as brincadeiras e jogos, a religião e as festas. Mas é a dimensão social, de onde não está ausente uma vertente crítica, na recriação de uma realidade marcada pela pobreza, o isolamento, a falta de oportunidades e as desigualdades e as injustiças sociais que mais aproxima os textos, propondo uma visão particularmente realista de um contexto social que, apesar das diferenças, aproxima os dois países e as duas infâncias nele vividas.

3. Balbino e Constantino: heróis de além e aquém Minho

O texto de Xosé Neira Vilas é narrado em primeira pessoa, dando voz a Balbino, um menino galego do campo, filho de um caseiro do dono das terras, que, não obstante a sua inteligência e bons resultados escolares, bem como o gosto pela leitura e pela escrita, depressa se vê empurrado para o trabalho no campo, sem outras saídas que não seja a emigração ou o êxodo rural. Situada cronologicamente na década de 40, com a Galiza a braços com crise económica resultante da Guerra Civil Espanhola, a narrativa põe a nu, a partir do olhar infantil, simultaneamente ingénuo e crítico, mas sempre altamente questionador, as desigualdades e as injustiças sociais,

1 Sobre a narrativa portuguesa, destacam-se os estudos de Magalhães (2010), Marinovic (2014), Ramos, Gomes e Silva (2015), e Silva (2017). Já o clássico galego tem conhecido múltiplas aproximações críticas, em resultado de ser considerada uma obra fundadora da literatura para a infância e juventude galega. Vejam-se, entre muito outros, os estudos de Son (2001), Roig Rechou *et al.* (2007 e 2008), Carballal (2008) e Galanes (2017a e 2017b).

a exploração dos mais fracos e dos mais pobres, condenados a uma vida de trabalho árduo, resignação e subserviência perante os mais favorecidos donos da terra, sem perspetivas de melhoria que não passem pela emigração para a América ou a fuga para uma cidade grande.

Apesar de tudo, o texto não deixa de recriar, nesse contexto desfavorecido, momentos luminosos da infância do protagonista, associados às pequenas alegrias do quotidiano, como a amizade com Lelo, a cumplicidade com Pachín, o seu cão fiel, as descobertas e surpresas do rebusco ou os sucessos escolares. A estrutura episódica do volume, organizado em torno de acontecimentos marcantes registados numa espécie de diário pessoal íntimo, permite uma oscilação e variedade do registo, ora mais animado, ora mais melancólico, ao sabor dos dias e das vivências de Balbino e dos que lhe são próximos. A simplicidade dos dias e das rotinas, quase todas associadas ao trabalho e ao estudo, com um ou outro dia de festa pelo meio, está muito ligada à natureza e ao mundo rural, dos quais depende a sobrevivência da família. O ciclo das estações do anos, as festas e celebrações da aldeia, os nascimentos e as mortes, servem de pano de fundo à narrativa, mais centrada na perspetiva infantil, entre a curiosidade e a crítica, do narrador, especialmente atento ao que o rodeia. O texto avança numa espécie de progressão dramática que atinge o seu auge no episódio da pedra que Balbino atira ao filho do dono das terras (e até das vidas!) trabalhadas pelo seu pai, pondo em risco a sobrevivência da família. Manolito, "o neno do señor", atormentava Balbino desde há muito, tirando partido da sua posição social mais favorecida. Um dia, cansado das perseguições e ataques, num impulso incontrolável, Balbino atira-lhe uma pedra que lhe acerta em cheio na cara. O castigo não se faz esperar: além de violentamente espancado pelo pai e humilhado em frente ao dono das terras, é obrigado a fugir da aldeia para a que a família não perca o direito à casa e ao trabalho. É essa fuga que marca a mudança mais significativa da sua existência, uma espécie de crescimento forçado, já que se vê obrigado a partir da aldeia e a trabalhar como criado na casa do Landeiro, um comerciante de gado. Mas é também a partir daqui que passa a ter acesso a livros (que o patrão lhe oferece quando descobre que Balbino gosta de ler) que o inspiram para escrever a suas próprias memórias, sugestão que reforça a dimensão metaficcional que perpassa todo o relato.

O texto de Alves Redol é narrado em terceira pessoa, por um vizinho próximo do protagonista, que parece observar de perto as suas aventuras, mas tam-

bém conhecer os seus sonhos e projetos. À semelhança do volume anterior, a narrativa apresenta igualmente uma estrutura episódica, que quebra a linearidade da intriga, centrando-se nas vivências quotidianas, mais uma vez situadas no contexto rural, entre o trabalho, a escola e as brincadeiras. A família também tem aqui uma centralidade significativa, sobretudo, mais uma vez, as figuras femininas, nomeadamente a avó, a irmã e a mãe, como acontecia com a mãe e a madrinha no texto de Neira Vilas.

As rotinas do herói, ligadas ao trabalho com os animais, são cruzadas por episódios de cariz mais lúdico, com outras crianças ou com os animais, ilustrando a personalidade de Constantino, a sua imaginação fervilhante e atividade constante, desafiadora dos limites que lhe são impostos. Ao contrário de Balbino, que gosta de ler e tinha um bom desempenho na escola, Constantino mantém com ela uma relação difícil, marcada por dificuldades e insucessos, o que o leva a preferir o trabalho ao estudo. Contudo, revela-se uma criança esperta, de uma inteligência viva e ágil, muito prática, o que parece configurar uma crítica implícita à escola ao ensino nela ministrado, incapaz de motivar para uma aprendizagem produtiva.

4. Considerações finais

A leitura comparada de ambas as narrativas põe em evidência a centralidade do contexto rural na literatura infantil desta década, opção que tem implicações muito mais profundas do que a de um simples espaço físico, que serve de cenário à intriga. O universo rural e a sociedade que o constitui configuram um microcosmos particular, uma espécie de metonímia dos dois países/regiões (Portugal e Galiza) e da sua condição socioeconómica, marcada pelo isolamento, pobreza, desigualdades e significativo atraso. As repercussões particulares desse contexto nas vidas das pessoas, em particular das crianças, tornam-se, assim, o eixo central das narrativas, recriando infâncias específicas nas quais reverberam muitas experiências partilhadas por indivíduos diferentes. Talvez esta identificação dos leitores com os protagonistas e as suas vivências ajude a explicar o sucesso de ambos os livros nos dois países, ao longo de várias gerações de leitores, perpetuando as memórias de um passado onde se misturam as alegrias próprias da infância com as dores da existência num contexto desfavorecido. A leitura das narrativas não se reduz, contudo, à sua dimensão crítica e socialmente interventiva, ligada ao contexto político, sociocultural e literário de redação dos textos, de onde não estão ausentes influências das poéticas

neorrealistas, ainda que o tema da denúncias das desigualdades e da falta de oportunidades dos mais desfavorecidos percorra ambos os textos. As diferenças face aos mais favorecidos, no caso de Balbino, os filhos do dono da terra ou dos senhores, no caso de Constantino, os meninos de Lisboa, são sublinhadas recorrentemente, seja através do vestuário ou do calçado, dos brinquedos ou da própria alimentação. Nesta medida, ambos os heróis têm plena consciência da sua condição e das limitações de todo o tipo que ela acarreta nas suas vidas, tanto no presente, como no futuro.

Apesar de tudo, ambos os textos apontam para um final positivo, de superação, pelo menos parcial, das dificuldades sentidas na infância, abrindo uma janela de esperança para um futuro mais risonho e promissor. Enquanto Balbino trabalha como criado de um comerciante que lhe oferece livros e sonha, ainda, com a perspetiva de publicar o seu caderno de memórias, Constantino não desiste do sonho de ser serralheiro e aguarda que o pai cumpra a promessa de o fazer aprendiz nos estaleiros em Lisboa. Os sonhos são, assim, em última instância, a fuga possível à realidade e ao contexto envolvente, uma espécie de esperança viva que se mantém acesa. Não deixa ainda de ser curioso que, em ambos os casos, os protagonistas sonhem com a saída de terra natal, única forma de romperem os estreitos horizontes que lhes limitam a existência.

Unem também os textos a ligação umbilical ao espaço rural e à vida em contacto com a natureza e a terra, de onde os homens arrancam, com trabalho árduo e sacrifício, a sua sobrevivência, tendo como companhia próxima os animais. Esta dimensão telúrica dos textos estende-se aos dois protagonistas, Balbino mais ligado aos trabalhos agrícolas e Constantino aos animais, cedo habituados à vida no campo e aos desafios que ela coloca. Também é à natureza que estão unidos os momentos de ócio dos pequenos heróis, incluindo as brincadeiras, as aventuras e até algumas asneiras próprias da idade, marcadas pela simplicidade e candura. É, aliás, comum aos textos a forma como combinam uma certa ingenuidade e inocência que caracteriza as personagens, visível, por exemplo, na forma como questionam as desigualdades e injustiças que observam ou de que são vítimas, mas também na forma como lidam com os seus sentimentos, emoções, sonhos e receios, com uma maturidade que resulta das responsabilidades que já possuem, nomeadamente através dos trabalhos que têm de realizar. São textos que cristalizam infâncias diferentes, muito breves, histórias de crianças a que eram dadas poucas oportunidade de serem meninos, parafraseando livremen-

te a dedicatória de uma outra obra emblemática da literatura portuguesa que retrata infâncias duras e sofridas, *Esteiros* (1941), da autoria de Soeiro Pereira Gomes.

Referências bibliográficas

Bibliografia ativa

Neira Vilas, X. (2019): *Memorias dun neno labrego*, Vigo: Galaxia (1ª ed. 1961).

Redol, A. (1990): *Constantino Guardador de Vacas e de Sonhos* (20ª ed.), Lisboa: Caminho (1ª ed. 1962).

Bibliografia passiva

Carballal, A. (2008): "Dialectics of Representation in X. Neira Vilas *Memorias dun neno labrego*", *Rocky Mountain Review* 62(2), pp. 50-67.

Caveiro, L. e M. González Vázquez (2011): "O desamparo da nenez protagonista no cincuentenario da edición de *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas: da pequena fosforeira a Balbino", *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos* 14, pp. 41-47.

Galanes, I. (2017a): "*Memorias dun neno labrego*: a forxa dun longseller", *Madrygal: Revista de estudios gallegos* 20, pp. 113-126.

_____ (2017b): "*Memorias dun neno labrego*: revisitando la literatura de la emigración a través de la traducción", *Transfer: revista electrónica sobre traducción e interculturalidad* XII (1-2), pp. 1-28.

Magalhães, V. F. (2010): *Sobressalto e Espanto. Narrativas Literárias Sobre e Para a Infância, no Neo-Realismo Português*, Lisboa: Campo da Comunicação.

Marinovic, A. (2014): "Crescimento, desenvolvimento e formação no romance *Constantino Guardador de Vacas e de Sonhos* de Alves Redol", *Revista Athena* 3(2), s/p, disponível em https://periodicos.unemat.br/index.php/athena/article/viewFile/211/202.

Ramos, A. M., J. A. Gomes e S. Reis da Silva (2015): "Das dores e alegrias da infância. Uma leitura de *Constantino Guardador de Vacas e de Sonhos*, de Alves Redol" em B. A. Roig Rechou, I. Soto López e M. Neira Rodríguez (eds.), *Retorno aos Clásicos. Obras Imprescindíbeis da narrativa infantil e xuvenil*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 379-385.

Roig Rechou, B. A. (coord.) (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Roig Rechou, B. A. *et al.* (2007): "Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega [1960-1985]" em J. A. Gomes e B. A. Roig Rechou

(coords.), *Grandes autores para Pequenos Leitores*, Porto: Editorial Deriva, pp. 53-94.

_____ (2008): "Memorias dun neno labrego y la obra de Xosé Neiras Vilas" em A. Pelegrín, M. V. Sotomayor Sáez e A. Urdiales (eds.), *Pequeña memoria recobrada: libros infantiles del exilio del 39*, Madrid: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, pp. 155-168.

Silva, S. Reis da (2017): "Constantino, Guardador de Vacas e de Sonhos, de Alves Redol, ou uma história de infância para gente crescida" em A. Requeixo (ed.), *Sobre letras e signos: estudos em homenaxe a Anxo Tarrío Varela*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 683-687.

Son, C. (2001): *Xosé Neira Vilas y Memorias dun neno labrego: acercamiento a la novela gallega más popular de la segunda mitad del siglo XX*, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro.

Seis chaves femininas (a aprofundar) para a escrita da História da Literatura Infanto-Juvenil Portuguesa

Sara Reis da Silva
Instituto de Educação-Centro de Investigação em Estudos da Criança
Universidade do Minho

Para a Blanca, por todas as razões, não apenas literárias e investigativas, que ambas profundamente partilhamos.

A História da Literatura, em concreto, daquela que, muito particularmente, se destina à criança e ao jovem representa um campo investigativo que reclama, ainda, uma maior atenção pela academia, como, aliás, temos vindo a registar (Silva, 2016) com alguma assiduidade, especialmente no que diz respeito ao âmbito português. Equacionar e sistematizar os marcos da evolução histórica, assim como sinalizar os autores, as obras e as tendências mais significativos de tal produção literária, seguindo os estudos pioneiros, motivadores e muito úteis de Esther de Lemos (1972), Maria Laura Bettencourt Pires (1983), Natércia Rocha (1984/2001) e José António Gomes (1997), expandindo-os e actualizando-os, permanece um exercício por concretizar, no caso da literatura portuguesa para a infância. Um estudo desta natureza[1] exige, naturalmente, uma investigação aturada, que resulte na construção de uma periodização, assente em critérios de ordem temática e genológica, que dê conta da diversidade textual e autoral, da variedade de formas e de conteúdos, da pluralidade de tendências, que trate diacronicamente tal acervo literário e que valorize as suas manifestações hodiernas.

Exemplo paradigmático de concretização de um estudo norteado pelas coordenadas que vimos de enunciar é *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* (2015), volume coordenado por Blanca Ana Roig Rechou e resultante do labor investigativo levado a cabo, durante vários anos, por um grupo de estudiosas galegas. Trata-se de uma obra magistral e imprescindível que "não se entrega a um inventário atomizado dos factos literários, antes se rege por uma visão sistémica do devir diassincrónico dos estilos de época e do dinamismo peculiar do campo literário" (Pereira, 2019: 14), desse singular sistema que é o sistema literário infantil e juvenil. E este é estudado pela equipa em causa a partir das teorias sistémicas, sobretudo

[1] Por vontade expressa da sua autora, este texto encontra-se escrito segundo a norma ortográfica da Língua Portuguesa anterior ao Novo Acordo Ortográfico.

da Teoria dos Polissistemas, de Itamar Even-Zohar (1979), assim como de outros paradigmas teórico-metodológicos que associam sinergicamente os quatro domínios alicerçantes dos Estudos Literários: Teoria, Crítica, História e Literatura Comparada (Villanueva, 1994 e 2004).

Ora, resulta este nosso breve estudo (de homenagem) do longo, reconhecido e profundamente inspirador trabalho investigativo que Blanca Ana Roig Rechou sempre ofereceu à comunidade académica que se tem dedicado à pesquisa sobre a literatura que tem na criança o seu preferencial destinatário, investigação materializada, aliás, também na obra a que vimos de aludir. E a este mote juntamos, ainda, um outro, a abordagem *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor* (2008), como (assim o pretendemos) indicia o título que escolhemos para este trabalho.

Assim, nesta sucinta reflexão, centrar-nos-emos num conjunto de seis nomes, de seis vozes femininas selecionadas que, cada uma à sua maneira e a seu tempo, contribuíram substancialmente para a expansão criativa da Literatura para a Infância e a Juventude (LIJ) e que, por isso, conquanto ainda escassamente/medianamente estudadas, possuem, no nosso entender e pelas razões às quais, de seguida, aludiremos, um lugar cativo na História da LIJ Portuguesa. São essas figuras literárias: Maria Lamas (1893-1983), Lília da Fonseca (1906-1991), Maria Lúcia Namorado (1909-2000), Alice Gomes (1910-1983), Patrícia Joyce (1913-1985) e Maria Cecília Correia (1919-1993).

São vários os pontos convergentes que unem estas autoras, sendo o primeiro o facto de todas sentirem "os problemas da Infância", como lembra Maria Lúcia Namorado, ou de estarem presentes e participarem, de forma plural, numa "acção cultural", como nota Maria Cecília Correia, respectivamente, no *Inquérito ao Livro Infantil* (1980), efectuado por Soledade Martinho Costa[2]. Outro aspecto que aproxima algumas destas escritoras reside na sua actividade pedagógica ou educativa[3], assim como, em certos casos, social e política, testemunhada, por exemplo, no exercício da profissão docente –como sucedeu com Alice Gomes, por exemplo– ou nas intervenções públicas em conferências, por exemplo. De notar, ainda, que todas se tornaram escritoras num contexto político ditatorial, ou seja, durante o Estado Novo (1926-1974), facto que, de forma mais ou menos transparente e, também, de

2 Outra autora a merecer atenção.

3 De notar que Nóvoa (2003) inclui verbetes referentes a Maria Lamas, Maria Lúcia Namorado e Alice Gomes.

maneiras diversas, se reflecte, em certos casos –como, por exemplo, no de Maria Lamas– na sua postura combativa e nas suas escritas para a infância.

Maria Lamas (1893-1983)[4], com uma "intensa vida" (Esteves, 2003: 693), foi uma mulher destacada na vida pública portuguesa. Opositora ao regime salazarista, com uma forte actividade associativa e política, e viu-se obrigada ao exílio, tendo vivido em Paris durante algum tempo. Entre as obras de teor sociológico, como *As Mulheres do Meu País* (1948), a direcção e colaboração em periódicos infantis e a poesia para adultos, na sua produção literária, por vezes assinada também com pseudónimos como Rosa Silvestre, por exemplo, a escrita para a infância emerge igualmente como uma faceta marcante entre os anos 30 e 50 do século passado, período durante o qual publica diversos relatos mais ou menos extensos, alguns de contornos "realistas". *A Montanha Maravilhosa* (1933), *Os Brincos de Cerejas* (1935) ou *O Vale dos Encantos* (1942) exemplificam esta produção, que se singulariza, por exemplo, pelos enredos dinâmicos e vivos, protagonizados por grupos de crianças, e pela especial configuração axiológica, com a tematização de tópicos como a aceitação da diferença, a justiça, a igualdade, o trabalho, a educação ou a instrução, a paz entre outros.

Os valores pontuam igualmente a escrita para a infância de Lília da Fonseca (1906-1991), pseudónimo literário de Maria Lígia Valente da Fonseca Severino, autora que, tal como Maria Lamas, também esteve ligada a diferentes periódicos. Em *O Clube das Três Aldeias* (1961)[5] e *O Grande Acontecimento* (1962)[6], narrativas pertencentes à colecção "Carrocel"[7] da autoria da fundadora e dinamizadora do Teatro de Branca-Flor (iniciado em 1962), os protagonistas são crianças. Como escreve Natércia Rocha, "a Autora parte do real para construir as suas histórias, marcando-as com a força da esperança nas capacidades do Homem" (Rocha, 1984: 83). Desta feitas, linhas ideotemáticas como a infância, o isolamento, a amizade e a união, bem como, de forma muito discreta, a paz, materializam-se num discurso sensorial e com leves notações simbólicas. Em 1963, a autora publica também *Histórias de Animais* e *Noite de Natal*.

---

4 Para saber mais sobre a escrita para a infância e a juventude de Maria Lamas, *vide* Gomes (2017).

no se puede remediar,
las perdices, muy alegres,
saben que han vuelto a ganar
(Berrocal, 2016: 32-33).

La fantasía surge, también, en poemas en los que se presenta intencionadamente un mundo al revés, que solo puede ser imaginado por aquel que se aleje de la realidad cotidiana. En el poemario *Versos para estar guapo* (2004), de I. Cobo, encontramos "Un mundo un poco liado" donde existe

Un barco anclado en el bosque
y un castillo en alta mar (Cobo, 2004: 12).

Además,

Los piratas a caballo,
los reyes a navegar;
las princesas a cubierta,
las sirenas a estudiar (Cobo, 2004: 12).

Incluso la luna y el sol han cambiado sus papeles:

La Luna da calorcito,
por la noche brilla el Sol (Cobo, 2004: 12).

Todo este caos es divertido y razonable para el niño lector, que a su vez aprende a gustar de estos poemas en los que se adivina una gran dosis de comicidad:

Todo está patas arriba,
¿quién lo podrá enderezar?
Aunque así es más divertido,
que lo dejen como está (Cobo, 2004: 12).

La fantasía, por otro lado, posibilita la aparición de seres de otras galaxias que realizan acciones humanas, como por ejemplo *comer*. En el poema

"Marcianos a comer", de *Versos para estar guapo*, un niño imagina que los marcianos vienen a compartir la mesa con él:

> Por la claraboya veo la olla
> con la sopa en burbujitas,
> con la sopa de estrellitas.
> Y en la mesa varias copas
> y platos para comer,
> [...]
> Es que vienen los marcianos
> y hay que atenderlos bien (Cobo, 2004: 15).

Otro de los temas que aparece en la poesía infantil del siglo XXI es el del humor. Como los niños son en esencia seres alegres, la visión del mundo que les rodea está claramente influenciada por este pensamiento alegre y, en algunas ocasiones, irónico (Jabato y Bravo, 2016). La presencia del humor en la poesía infantil puede deberse a diversos motivos. Entre ellos, el humor como una forma de juego. En "El canto del grillo", del poemario *Bichopoemas y otras bestias*, la poeta juega con el sonido que emite el grillo para provocar la risa del lector, que sitúa la presencia de este insecto en un cuerpo humano:

> Hay un grillo en mi corazón
> cri-cri, cri-cri,
> que, en todo lugar y estación,
> cri-cri, cri-cri,
> canta al vino y a la risa,
> cri-cri, cri-cri,
> y al botón de mi camisa,
> [...]
> (Bilbao, 2019: 12)

El humor también aparece gráficamente en poemas infantiles al encontrar versos que ilustran realidades que vienen definidas por el significado de las palabras. El poema "Los versos encerrados" de *Los versos del libro tonto*, de B. Giménez de Ory, es un ejemplo de lo dicho:

> El libro tonto guarda
> más de trescientos versos
>
> *Encerrados*

Casi todos pequeños
y callados.
Como nadie los lee, ni los escucha,
parece que estén muertos.
+ + + + + + + + + + +
(Esta fila de cruces son los versos.) (Giménez de Ory, 2011: 10).

Un tercer tema presente en los poemarios estudiados es la percepción particular que el niño tiene del mundo y de sus diversas realidades (Cerrillo, 2008: 24). Encontramos poemas en los que el niño observa de noche un mundo tranquilo en el que los animales son cómplices entre sí y se respetan. Así, el poema "El secreto del oso hormiguero", del poemario con el mismo título, dibuja la figura de un oso hormiguero que deja escapar a las hormigas sin hacerles daño:

Cuando todos sueñan,
el oso hormiguero estornuda...
¡Escapad, escapad!
[...]
No quiero que sepan
que sois mis amigas (Osés, 2009: 15).

Otras realidades que el niño percibe a su manera son aquellas que tienen que ver con el nacimiento de un ser y su educación vital. En "El farolito", de *Versos para estar guapo*, se presenta como algo natural el que dos cuerpos inertes, dos farolas, hayan engendrado un farol al que quieren educar:

La farola y el farolo
han tenido un farolito;
lo han colgado en una plaza,
no muy alto, frente al mar,
para que esté entretenido
mientras aprende a alumbrar (Cobo, 2004: 18).

Son también frecuentes los poemas en los que se invita al niño a mirar realidades cotidianas para otorgarles todo el valor simbólico que estas tienen. En el poema "La nevada", de *Versos para estar guapo*, se muestra la visión infantil de por qué se producen las nevadas, un fenómeno natural en estaciones frías:

La nube se ha despistado
y en vez de llover se ha mojado.
Jugando a pisar los charcos...
[...]
Pero el agua estaba fría,
se ha constipado.
y al toser
se desprenden algodones (Cobo, 2004: 23).

En la poesía infantil, la naturaleza y los elementos que la conforman (animales, plantas y árboles, así como otros seres vivos) siempre han tenido un protagonismo temático muy destacado (Díaz Armas, 2009: 46). Es así como el niño aprende el ecosistema propio de naturalezas diversas. Así, en *El secreto del oso hormiguero*, de B. Osés, el protagonista es un tigre que, a diferencia de otros tigres, va consiguiendo la complicidad del joven lector a partir de sus buenas acciones que repercuten en el bien del resto de animales que desfilan por el poemario. En *A mares*, de M. J. Jabato, peces y otros seres marinos viajan por unos versos que dibujan el cosmos acuático. Por su parte, en *La revolución de las perdices* (2016), de B. Berrocal, las protagonistas son las perdices que, cansadas del final tópico de los cuentos en el que ellas siempre acaban en la cazuela, deciden cambiar los acontecimientos de estos para así revertir su suerte. Y en *Bichopoemas y otras bestias*, de L. Bilbao, los insectos son los protagonistas de un conjunto de acciones que rozan la inverosimilitud.

Los poemas de claro contenido didáctico también tienen su importancia en la poesía infantil. De todos los poemarios aquí estudiados, quizás en el que la intención didáctica cobra mayor fuerza es el de *Lo que saben los erizos* (2015), de Beatriz de Osés. A través de breves composiciones poéticas poemas, la poeta van desgranado el verdadero peso de una lágrima:

La niña se viste
con traje de niebla.
Se mira al espejo
refleja tristeza.

Recoge una gota,
redonda y pequeña,
pregunta en silencio:
"dime, ¿cuánto pesas"
(Osés, 2015: 5).

Por último, hallamos poemas en los que una intensidad lírica mayor sobresale en el conjunto del poema (Díaz Armas, 2008: 47). Es como si una voz más adulta, misteriosa y sugerente, despunte por encima de la unidad que representa el poema. Este, lógicamente, gana en ternura y calidez. El poema "Pueblo dormido", de *Campo Lilaila*, de M. J. Lobato, la visión que de un pueblo tiene el poeta favorece la complicidad de esta mirada a partir de la expresión de sentimientos ligados a la solitud y al silencio espacial:

> Cuando el pueblo duerme
> el silencio blanco
> dueño de la noche
> lo envuelve en su manto.
> Cuando el pueblo duerme
> un temblor lejano
> escarcha de estrellas
> las flores de mayo.
> Cuando el pueblo duerme
> no hay risas ni llanto,
> pero si amanece
> es canto del gallo.
>
> (Lobato, 2013: 26).

En *Arroz con leche*, el paso del tiempo ligado a la vejez de los seres queridos es una manera que tiene la voz poética de expresar el amor incondicional que se siente por, en este caso, la abuela, que es el verdadero motivo del poema:

> Mi abuela habla
> los ojos llenos de cataratas
> habla de su mamá
> como si pudiera verla:
> "Desde temprano ella estaba con la escoba,
> la recuerdo barriendo el suelo de esa casa,
> suelo de arena, a orillas del río Uruguay".
>
> (Tentori, 2017: 14).

5. Conclusiones

Tras la presentación y análisis de las formas destacadas (tipos de rimas y versos, y recursos estilísticos) y los temas predominantes que podemos encontrar en los poemarios infantiles y juveniles aquí citados, podemos hablar de un panorama esperanzador y consolidado para el género poético infantil de autoría femenina. Cantidad y calidad se aúnan para definir unos textos escritos por unas poetisas con sensibilidad y conocimiento del mundo infantil. Estas aportan los elementos necesarios para la creación de piezas poéticas llenas, como hemos visto, de rimas asonantes y también

consonantes, versos tanto de arte menor como mayor, y versos libres que otorgan al poema un ritmo particular y determinado.

Junto a estas formas, encontramos un conjunto de temas que nutren la casi totalidad de las creaciones poéticas que en este estudio hemos analizado: la naturaleza con todos sus componentes, en especial el animal; situaciones de la vida cotidiana y la percepción de estas por parte de los niños; y el denominado imaginario infantil, representado por personajes y situaciones que son próximos al niño por su forma de ser, actuar y pensar.

En definitiva, la poesía infantil aquí estudiada está compuesta de poemas repletos de formas heredadas de la tradición popular si bien hay una gran presencia de poemas en los que el verso libre permite el alejamiento intencionado de las pautas de rima y metro tradicionales. Son poemas en los que abundan los juegos verbales, la imaginación, y el humor, y un conjunto de diferentes recursos verbales y estilísticos, sobre todo la metáfora, que hacen de la poesía una vía de acceso imprescindible que tienen los niños para el conocimiento de las palabras, a través de un arte como es el de la composición poética. Como afirma Cerrillo (2008: 27), "la poesía educa la sensibilidad, desarrolla la creatividad y fomenta el espíritu crítico en las primeras edades".

Bibliografía

Referencias bibliográficas de los poemarios estudiados

Colección "Luna de Aire"

Berrocal Pérez, B. (2016): *La revolución de las perdices*, Cuenca: Universidad de Castilla La Mancha.

Cobo, I. (2004): *Versos para estar guapo*, Cuenca: Universidad de Castilla La Mancha.

Giménez de Ory, B. (2012): *Canciones de Garciniño*, Cuenca: Universidad de Castilla La Mancha.

Iglesias Lodares, G. (2010): *El mundo de Casimiro. Memorias de un elefante*, Cuenca: Universidad de Castilla La Mancha.

Lobato, M. J. (2013): *Campo Lilaila*, Cuenca: Universidad de Castilla La Mancha.

Colección Factoria K de libros

Bilbao, L. (2019): *Bichopoemas y otras bestias*, Pontevedra: Factoría K de libros.

Bosch, L. (2015): *Animales que hacen cosas en silencio*, Pontevedra: Factoría K de libros.

Ferrada, M. J. (2013): *El idioma secreto*, Pontevedra: Factoría K de libros.
Forchetti, L. (2015): *Donde nace la noche*, Pontevedra: Factoría K de libros.
Giménez de Ory, B. (2011): *Los versos del libro tonto*, Pontevedra: Factoría K de libros.
Jabato, M. J. (2014): *A mares*, Pontevedra: Factoría K de libros.
_____ (2014): *Gorigori*, Pontevedra: Factoría K de libros.
Mañas, P. (2010): *Ciudad Laberinto*, Pontevedra: Factoría K de libros.
Osés, B. (2009): *El secreto del oso hormiguero*, Pontevedra: Factoría K de libros.
_____ (2015): *Lo que saben los erizos*, Pontevedra: Factoría K de libros.
Tentori, N. (2017): *Arroz con leche*, Pontevedra: Factoría K de libros.

Referencias bibliográficas citadas en el artículo

Borda, Mª I. (2003): "La edición de poesía infantil castellana actual", *Cuadernos de literatura infantil y juvenil* 163, vol. 16, pp. 44-52.
Bravo-Villasante, C. (1959): *Historia de La Literatura Infantil Española*, Madrid: Doncel.
Borges, J. L. (2006): "La metáfora", *Revista de Psicoanálisis* 63 (3), pp. 539-548.
Camilo Suárez, J. (2011): "Hermenéutica: una vía para la comprensión del poema", *Coherencia* 8 (15), pp. 219-236.
Cerrillo Torremocha, P. C. (2008): "Poesía y Escuela: reivindicación de la poesía infantil", *Lenguaje y Textos* 26, pp. 33-52.
_____ (2009): "Sobre poesía infantil y juvenil" en B. A. Roig, I. Soto y M. Neira (eds.), *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*, Santiago de Compostela: GÁLIX/Teófilo Piñeiro edicións, pp. 13-31.
Díaz Armas, J. (2009): "La poesía en el siglo XXI en el ámbito castellano" en B. A. Roig, I. Soto y M. Neira (eds.), *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*, Santiago de Compostela: GÁLIX/Teófilo Piñeiro edicións, pp. 35-53.
García Padrino, J. (1990): "La poesía infantil en la España actual" en P. Cerrillo y J. García Padrino (eds.), *Poesía infantil. Teoría, crítica e investigación*, Cuenca: Universidad de Castilla La Mancha, pp. 65-68.
_____ (1992): *Libros y literatura para niños en la España contemporánea*, Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
Garralón, A. (2002): "Poesía infantil en castellano desde 1990", *Educación y Biblioteca* 130, pp. 67-68.
Gutiérrez Sebastián, R. (2016): *Manual de Literatura Infantil y Educación Literaria*, Santander: Editorial Universidad de Cantabria.

Jabato Dehesa, M. J. y M. Bravo (2016): "El mundo patas arriba: breve reflexión sobre el humor en la poesía infantil", *Qué leer* 218, pp. 46-47.

López Valero, A., I. Jerez Martínez y E. Encabo Fernández (2010): "Aproximación a la poesía infantil", *Dígitum*, recuperado de https://digitum.um.es/xmlui/bitstream/10201/17374/1/Aproximaci%C3%B3n%20a%20la%20poes%C3%ADa%20infantil%20ALV.pdf [10-05-2017].

Pelegrín, A. (1989): "Panorama sucinto de la poesía contemporánea para niños", *Letragorda* 3, pp. 15-17.

Romero Yebra, A. M. (1994): "El rincón de la poesía", *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil* 58, pp. 15-21.

Selfa, M. y M. T. Llamazares (2016): "La dramatización de poemas infantiles: algunos ejemplos de trabajo para el aula de Educación Infantil y Primaria", *Álabe* 14, en línea en http://revistaalabe.com/index/alabe/article/view/291/246.html [10-05-2017].

Sotomayor Vázquez, Mª. V. (2002): "Poesía infantil española de los últimos 20 años", *Lazarillo* 8, pp. 8-38.

Trapero, M. (2001): "La décima popular en la tradición hispánica", en línea en http://www.webs.ulpgc.es/canatlantico/pdf/8/8/popular_tradicion_hispa.pdf [10-05-2017].

Vázquez Sáez, F. (2010): *El libro escuela de la canción y del poema*, Alicante: Editorial Club Universitario.

Juan Farias e Galicia

Xavier Senín Fernández
Tradutor

Na *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, coordinada por Blanca Ana Roig Rechou, non se fala de Juan Farias. E levan razón a coordinadora e as redactoras do libro, porque Farias nunca escribiu en galego. O manual, referencia ineludible para quen queira acceder ao estudo da nosa literatura, ten a súa cerna na primeira tese doutoral sobre a literatura infantil e xuvenil galega, *A Literatura infantil e xuvenil galega. Perspectiva diacrónica e análise da actualidade*, da que é autora a profesora. Non se me ocorreu nada mellor para deixar patente a miña admiración polo infatigable labor da profesora durante tantos anos, ca estas páxinas sobre Farias que, ao mesmo tempo, queren ser unha homenaxe á amizade que os protagonistas delas compartimos entre nós e tamén con ela. Blanca levou a ramo un inxente traballo a prol da LIX, animando, dirixindo, promovendo e estudando as obras dos nosos escritores e escritoras dunha literatura que estaba agochada. Foi quen de poñela á luz para que as nosas creacións acadasen o grao de recoñecemento do que hoxe gozan.

Se as peripecias vitais de Farias collesen outros vieiros distintos, se cadra poderiamos contar a Juan Farias como un máis dos escritores da Xeración do 68 que se estudan no mencionado traballo, pero os avatares da vida conducírono a instalarse e formar familia fóra da terra onde naceu. Natural de Serantes, viviu en Lugo, pero, aínda cativo, estableceuse coa familia en varios lugares do país até que arribou a Madrid, onde fundou con Lourdes Huanqui familia numerosa. A presenza de Juan en Galicia non se limitou ás vacacións senón que participou en non poucos actos que tiñan que ver coa literatura: falou no Salón do Libro Infantil e Xuvenil da Coruña, nos Encontros de Literatura Infantil en Santiago, no Salón do Libro de Pontevedra, pronunciou conferencias na Coruña, Santiago e Lugo, leu o pregón da Feira do Libro de Ferrol... Aínda máis, Galicia estivo sempre presente na súa obra.

Nas veces que teño ido visitar a Juan Farias, fun agarimosamente acollido e tratado coma un membro máis da familia. A primeira vez que comín na súa casa era domingo e estaba reunida toda a súa ampla familia, incluídos os netos, xaora. Colocáronnos xuntos a Juan a e a min para que lle désemos

ao veo a gusto, mentres o home de Paula preparaba un xantar grego. Cando principiamos a comer, Juan decatouse de que aquel non era o menú habitual dos domingos e preguntou cal era a razón do cambio. E descubriuse: o seu fillo Juan informara o cociñeiro de que eu era vexetariano. Aínda resoan na miña cabeza as risas do patriarca. Ao final, acendeuse a grella e acabamos comendo todos coma a xente, en palabras do propio Juan.

A esa seguiron non poucas visitas. Sentados á sombra dunha árbore, falábame de literatura, de Galicia, do mar. Logo quería que eu lle contase. Como sempre foi un pillabán, cando xa non lle deixaban beber alcohol, cambiaba as cervexas que nos serviran para deixarme a min a que non tiña alcohol. E eu calaba coma un peto malia non aturar aquelas cervexas cero. Algo semellante facía á hora de comer. Permitíanlle medio vaso que acababa mudando polo meu mentres miraba para min e ría cos ollos.

Na última visita que lle fixen, pouco antes de morrer, veume acompañar á parada do autobús cun neto que me contou que el tiña que mirar polo avó. Non lle faltaba razón a Mateo, pois levábao pola man con moito tino, aínda que algo tiraba del. Emocioneime no seu enterro cando un gaiteiro tocou a *Marcha do Antigo Reino de Galicia* na súa honra. Caían os paxaros e non puidemos sentir a brisa da súa ría de Ares.

Coñecín a Juan Farias arredor dos 90. Presentounos na feira do libro de Boloña un amigo común, Antonio Basanta, que naquela altura dirixía o Centro Internacional do Libro Infantil e Xuvenil que a Fundación Germán Sánchez Ruipérez tiña en Salamanca. Antonio coñecía moi ben a obra de Juan, e xunto con Luis Vázquez, mesmo lle encargaran un libro de relatos para uso escolar. Sostiña que algún libros de Juan moi ben poderían estar escritos en galego.

Como é ben sabido, os primeiros libros de Juan non estaban dirixidos a pé feito para a xente nova:

> Un bo día alguén decidiu que as miñas historias eran historias para nenos. Foi un crítico despectivo, un culto de alta octanaxe que me deixou na miseria e non por ferir a miña vaidade (que esa era de cortiza), senón porque de ser certa aquela afirmación, obrigábame a escribir baixo unha disciplina máis rigorosa (Farias, 2009a: 12).

Así entendía Juan como había que escribir para a xente nova.

Farias comezou na literatura para adultos, pero a partir de mediados dos setenta escribiu máis de cincuenta libros, case todos eles cualificados como obras para a xente miúda ou a mocidade, aínda que confesaba que nunca escribiu para ninguén en concreto e case sempre para si mesmo, convencido de que unicamente existía unha literatura, a literatura con maiúsculas. Creaba cada libro como consideraba que debía facelo, deixándolles aos editores e a crítica o traballo de encaixalo no espazo que considerasen máis adecuado. Comprometido consigo mesmo, honesto, o home que sempre quixo ser escritor, sabía que os lectores máis pequenos, polos que sentía un profundo respecto, son tremendamente importantes, o cal o obrigaba a poñer todo o seu bo facer en cada un dos libros, sen pensar de antemán nun tipo de destinatario concreto. A pesar de ser unha das voces máis representativas da literatura para a infancia, ou precisamente por iso, Juan sostiña que a literatura infantil é aquela que non lle cae das mans a un neno e que "a claridade debe ser un trazo esencial de todo libro infantil..." (Vázquez Vargas, 2009: 14). Todo o demais son formas de enredar a madeixa.

De por parte, como consecuencia das súas frecuentes visitas á que nunca deixou de ser a súa terra, Juan comezou a ter trato de amizade con persoas que traballaban no mundo dos libros. Así coñeceu editoras como Irene Penas, bibliotecarias como Ánxeles Roca ou ilustradores como Xosé Cobas, Manuel Uhía ou Xan López Domínguez. Aproveitaba os encontros que posibilitaban as xuntanzas, como o Congreso de OEPLI en Cáceres, para coñecer máis xente e establecer os fundamentos do que sería unha amizade entre eles. Foi en Cáceres, precisamente, onde Xabier Docampo lle presentou *La posada del séptimo día*, ilustrada por Cobas. Algúns dos mencionados aínda hoxe lembran unha comida a base de percebes na Coruña con Irene, Ánxeles, Cobas e Xabier para poñer en marcha un proxecto que nunca viu a luz. Tratábase con varios escritores e escritoras galegos, sobre todo cos que escribían para a xente nova, como Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz ou Carlos Casares, por poñer tres exemplos.

Fina lembra a primeira vez que cadrou con el no Salón do Libro da Coruña:

> Ti remabas pensamentos e –inconformista, provocador, desertor, rebelde, transgresor, acusador, sabio, directo, conciso, curioso, aventureiro, sedutor, valente, franco...– conxugabas o auténtico verbo dos posibles. Rías ti e facíasnos rir a nós: a vida vai en serio para ti e sabes que non hai aventura máis grande que a de vivir. Cunha soa frase es quen de apreixar unha vida.

> E foi como chegar nadando ata ti para firmar un pacto de admiración e afecto (Seoane Pérez, 2011: 64).

Agustín fala dos libros de Juan:

> O libro pode ter calquera dos títulos dunha longa ringleira. O nome do autor é sempre o mesmo: Juan Farias. O home humilde e sabio, o amigo leal e sempre alegre, o mestre imprescindible de todas as persoas que gastamos unha boa parte da vida no oficio de crearmos mundos e personaxes por medio das palabras (Seoane Pérez, 2011: 66).

Así e todo, con quen chegou a trabar unha amizade máis intensa foi sobre todo con Paco Martín e con Xabier P. Docampo. Con eles dous participou en Lugo nunha mesa redonda sobre literatura que, no canto de ser unha conferencia seria e aburrida, se converteu en algo informal e divertido para eles e para os asistentes. Pouco e pouco deixaron a un lado o guión que levaban preparado e as súas intervencións, réplicas e contrarréplicas fixeron as delicias do público, máis ben escaso, que acudiu ao acto.

E estreitáronse os lazos de irmandade. Nos anos que precederon a súa morte en 2011, unha vez ao ano, case sempre polo mes de xuño, faciámoslle unha visita Xabier, Paco e mais eu. Paco conducía desde Lugo, parabamos a tomar café na metade do camiño, sempre no mesmo sitio, e apareciamos na casa de Juan, o Aturuxo, arrodeada dun extenso terreo na Urbanización El Bosque en Villaviciosa de Odón. Alí pasaba Juan os seus días: lía, escribía e paseaba polo terreo, no que se gababa de ter un exemplar, polo menos, de cada especie arbórea da súa terra. Eu, que xa estivera unhas cantas veces alí, dirixía. É un dicir, porque sempre acababamos perdéndonos entre tantas rúas, todas iguais e con nomes de ríos, que había naquela urbanización. Así que seguiamos a liña do autobús que viña de Madrid. A primeira vez, o encontro foi moi emotivo. Na cancela, deunos a benvida Jonás, o seu can, que axiña nos deixou paso franco cando oíu que o Farias lle dicía: «A eses non os mordas, que son galegos».

Nas seguintes veces aprendemos ben a lección e cambiamos de táctica: chegabamos a Madrid, aparcabamos o coche, deixabamos as maletas no hotel e montabamos nun autobús con destino ao Aturuxo. Nunca apareciamos pola cancela coas mans baleiras. Non faltaba algún libro, pero, sobre todo, produtos da terra, maiormente viño, augardente branca e de herbas, un queixo da Ulloa e, imprescindible, o licor café.

É ben sabido que Juan escribiu todas as súas obras en castelán, que era a lingua habitual que empregaban na casa, pero con nós falaba o galego, e mesmo algún dos fillos era quen de seguir a conversa, aínda que con bastantes atrancos á hora de falar. Lourdes, a súa muller, entendía perfectamente o que falabamos "os galegos".

As primeiras veces quen levaba a voz cantante era Juan. En visitas sucesivas, ao que a enfermidade se apoderaba del, deixou de dirixir a conversa, pero non deixaba de mirarnos os tres con eses ollos pequenos que escintilaban intelixentes e non deixaban de aloumiñarnos.

De que se falaba? De literatura. Dos clásicos universais, dos clásicos xuvenís, do que cadaquén estaba escribindo, de se era mellor o san Benitiño de Lérez, o de Paredes ou o san Benitiño de *Bastián e mailos trasnos* "máis Benitiño có de calquera outra parte" (Farias, 1997b: 13).

Paco contaba que, cada certo tempo, volvía ler o *Lazarillo de Tormes*, e confesaba que aínda lle seguía producindo o mesmo pracer que a primeira vez. Tamén falaban de Fole, do Lugo antigo. Paco Martín lembra estas visitas:

> Hai uns poucos meses cando, despois do xeneroso xantar co que nos soubestes agasallar nese intenso Aturuxo que é a vosa casa de Villaviciosa de Odón, falabamos todos ao tempo e de todos os temas posibles, e Lourdes, agarimosa e atenta ao teu benestar reconvíñate: "Es que siempre que vienen estos amigotes tuyos gallegos...". Lembrarás, Juan, o brillo de satisfacción que escintilaba nos ollos de cada un de nós ao escoitar o xentil aumentativo co que nos definía aos dous Xabieres e mais a min, porque iso era xusto o que desexabamos. Acadar canda ti a superior categoría de "amigote" agora que xa soamente estamos en condicións de usar dela no que de entrañable confabulación poida ter (Seoane Pérez, 2011: 68).

Xabier, gran contador, engaiolábanos a todos cos seus sucedidos ou falaba de todas as illas literarias, sobre todo da Illa do Tesouro, outro tema recorrente en Farias. Velaquí as palabras que este lle dedicou a Xabier no Salón do Libro de Pontevedra de 2008: "Escribe da súa terra e ao lelo móllaste, sopra o vento do oeste e Galicia esperta. DoCampo é galego, galego de profesión e virtudes, o amigo indispensable para acompañar unha ou dúas taciñas. DoCampo, o meu amigo, un dos máis prezados regalos que me fixo a vida" (Seoane Pérez, 2011: 71).

A Juan gustáballe falar das súas lecturas, introducíanos no seu mundo literario, os seus personaxes, o que lle andaba pola cabeza neses momentos, os libros que tiña gardados a levedar e que calquera día retomaría para enfornalos. Percorría as novelas dos seus personaxes literarios preferidos: John Silver, Oliver Twist, Tom Sawyer, Huckleberry Finn, Robin Hood, Alicia, Peter Pan...

> Chega un momento en que a razón non pode afirmar a non-existencia de John Silver, así como a non-existencia do aire, e tantas cousas que compoñen o existir de tantos e tantos como Tom Sawyer, Huckleberry Finn, Robin Hood, e demais habitantes deses mundos imaxinarios que debaten entre eles as realidades pasadas, presentes e futuras, todas elas reunidas dentro dun universo onde quixo situalos a imaxinación (Farias, 2009b: 49).

Así e todo, ao que avanzaba a tarde, a conversa facíase máis íntima e poida que máis transcendente. Juan rememoraba a súa mocidade. Revivía os lugares de Galicia nos que vivira, falaba dos pais, sobre todo do seu pai, a quen admiraba e que o introduciu no mundo da literatura, ben contándolle historias, ben léndolle libros.

Pero cando Juan se atopaba máis a gusto era ao romper a falar do mar e de barcos. Nas súas obras paira a súa experiencia de mariñeiro e moitos feitos remiten ás súas experiencias vitais. Durante as vacacións aproveitaba para saír a dar unha voltiña co seu irmán pola ría de Ferrol, sobre todo desde Redes, o lugar máis próximo ao paraíso que el coñecía, e contábanos aquelas singraduras coma se estivese rememorando unha das súas voltas ao mundo no Juan Sebastián de Elcano. E deu tres. E volviamos ás illas e falabamos do misterio que gardan as palabras; e Paco lembraba o seu desgusto cando se lle ocorreu mirar nun dicionario o significado da palabra "proceloso", que lera n'*A illa do tesouro*. E os catro cadrabamos en que "tempestuoso" ou "borrascoso" eran unha pálida sombra do que a nosa imaxinación creara ao ler o texto.

Ao caer da tarde colliamos o autobús e marchabamos a Madrid onde quedabamos para cear co ilustrador Xan López Domínguez e a editora Mª Jesús Gil, tamén amigos de Juan e nosos. Desde o propio restaurante, contra as dez da noite, Docampo aproveitaba para chamar a Agustín, e cada un de nós botabamos unha parolada con el. Ese costume de falar todos os días con Agustín alimentouno Xabier durante moitos anos. Máis paroladas, pero esa é outra historia.

Conta Carlos Casares no prólogo á tradución de *Crónicas de Media Tarde*:

> Aló polo ano 1965, un día, paseando por Oviedo, vin no escaparate dunha librería, un libro cun título fermoso e inquietante: *Los niños numerados*. O nome do autor, Juan Farias, érame descoñecido... Aos poucos minutos, sentado nun café, rodeado de señoras gordas que tomaban pasteis, comecei a ler nel. Antes de rematalo, xa volvera á mesma librería para ver se había máis obras do mesmo autor. Pola noite, co gozo daquela magnífica novela vivo na miña memoria, púxenme a ler *Puente de cáñamo*, outro libro de Juan Farias... (Farias, 1997a: 5).

Nós os tres accedemos á obra de Juan cadaquén por unha vía distinta, pero todos quedaramos engaiolados pola prosa daquel escritor co que aínda non tiñamos trato, pero que moi axiña había ser un dos nosos mellores amigos. Coas primeiras lecturas, decatámonos de que Juan era un escritor galego da mesma maneira que o son Torrente Ballester, tamén natural de Serantes, Valente, Cela ou Valle Inclán.

Temos falado do tema con el; lembrabamos as paisaxes, os lugares, os personaxes, os oficios, a propia estrutura das vilas e, por riba de todo, o mar. Juan non só estivo disposto a dar todas as facilidades para que as súas obras fosen traducidas ao galego, senón que moitas delas as promoveu con entusiasmo. E así, desde os primeiros noventa vertéronse ao galego 18 das súas obras. O seu derradeiro libro publicado, *Galego. Á beira do mar*, en galego (2008a) e en castelán (2008b), vén ser coma o testamento vital do autor, centrado nalgunhas das súas constantes: a vellez, a mocidade, o amor, a morte, o mar e a súa terra.

En boa parte das súas creacións, Juan sitúanos nunha Galicia rural cuxo universo máxico domina de tal modo que logra transmitir á perfección os torrentes de sensacións e emocións que poboan ese mundo. Boa parte desas historias cotiás transcorren nun mundo habitado por xente tan corrente que o lector ten a impresión de que calquera día podería cruzarse con ela pola rúa. Nos seus libros salienta a sinxeleza coa que describe o mundo rural e un omnipresente lirismo. "Utiliza termos sinxelos, claros, frases curtas, adxectivos espidos e recorre con frecuencia á elipse. A economía das palabras ponse en xogo para retratar a realidade" (Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2009: 30).

Con esta prosa evocadora, suxestiva, concisa e cargada de lirismo, Juan regálanos esas historias, que son un canto á vida cotiá na que non pasa nada extraordinario, nin tan sequera de interese, pero na que viven a maioría das xentes que coñecemos. Como a todas elas, ao noso autor élle aplicable unha frase que utiliza para falar de Martiño Piñeiro: "os días de Juan non fan ruído" (Farias, 1992a: 15).

Juan sente morriña desta terra. Pásalle o mesmo ca a un personaxe d'*Os Corredoiras*: "Tiráballe a terra, que quizais non era a terra onde naceu Deus, pero si a que Deus quixo darlle, pobre, gris, rocha máis ca terra, fronte a un mar duro, chovida de augas e de penas" (Farias, 1988: 82).

Farias parece escribir sempre o mesmo libro, variando en cada caso o centro de atención pero sen modificar os fundamentos da súa poética. Inventa un microcosmos onde ten lugar a acción e que está inspirado na terra onde naceu. Case todas as vilas son pequenas, vellas, pouca cousa: "A vila é pequena e vella, gris, moi usada e, aínda para máis, píntana ben pouco" (Farias, 1996: 11); "A vila aínda era pequena, as rúas tres e estreitas, o chan de pedra e o ruído de pisar rebotaba e parecía que, no canto de pasar un, pasara un cento" (Farias, 1998, 25); "Media Tarde é unha aldea pequena e sen importancia. Non adoita aparecer nos mapas nin figura nas enciclopedias" (Farias, 1997a: 19); "Esta vila, señor, élle pequena e non ofrece moitas novidades" (Farias, 1997b: 51); "A miña vila é pequena e antiga" (Farias, 1994: 35).

Nesas vilas hai casas de pobres, unha igrexa con campanario, algún hórreo, un cruceiro, unha taberna, unha praza un cemiterio e por veces un pazo: "A igrexa é barroca. O órgano tamén é do tempo de Maricastaña e está asinado en latín" (Farias, 1992a: 74); "Vivimos nunha aldea de poucos veciños...pero con igrexa románica..." (Farias, 1997b: 12); "Aquí todo é románico, todo, a igrexa, a miña casa..." (Farias, 2000: 12); "A igrexa, pequena coma ela soa, algo románica ela, non tiña cura fixo" (Farias, 2008a: 7). Tamén hai unha escola, xaora: "A escola tamén é pequena e ole a xiz" (Farias, 1994: 28); "A escola, pouco máis ca un galiñeiro, tiña pingueiras e estaba alí, segundo se sobe esa rúa" (Farias, 1996: 26); "...tiña escola unitaria e un só mestre, ensinante do oficial e dalgunhas impertinencias" (Farias, 1996: 12). E o mar molla unha parte substantiva dos seus libros: "A vila cae na beira do mar, moi ría dentro, onde a auga non se decide a ser nin insulsa nin salgada" (Farias, 1996: 11); "...vivía en San Benito, que é unha vila á beira do mar"

(Farias, 1988: 9); "San Tomé estaba, e seguirá aí, supoño, á beira do mar..." (Farias, 1992b: 9); "O Rapaciño...tiña dito que antes de saca-lo peixe a poxa botasen na cesta das viúvas uns puñados do mellor" (Farias, 1988: 21).

Os personaxes, apenas descritos con lixeiros trazos, teñen unha sólida entidade en todos os relatos, e o autor vainos construíndo a través do que fan e din. Hai curas, mestres, médicos, alcaldes e, sobre todo, xente do común. Case nunca encontraremos unha descrición minuciosa, unha caracterización exhaustiva, pero a realidade é que o lector termina coñecendo como é cada un. Todos se nos aparecen absolutamente verosímiles, nítidos, reais, coma se os tratásemos moi ben. Cada libro forma unha armazón de xentes que o percorren de principio a fin para vivir a historia que o autor lles asignou. En todas as vilas a vida é difícil e hai que traballar duro: "Non sei se teño dito que na vila todos eran xente de pouco ter, pescadores de baixura, mariscadores de rocha e algún con oficio en terra, carpinteiro, calafate, e un xubilado da Mariña que facía cestas e contaba batallas. O tendeiro tampouco tiña moito". (Farias, 1988: 36). O oficio que máis abunda é o de mariñeiro, pero tamén o médico, o mestre, o cura, o boticario e o alcalde. Son xente tirada directamente das nosas vilas, das nosas aldeas, case todos xente pobre, "xente de pouco ter" (Farias, 1988: 36). Os máis son solidarios, como Asunta, que "nos releos deixábase gañar polos que teñen pouco" (Farias, 1992a: 47). Como é de supoñer, na vila hai ricos e pobres, aínda que a maioría pertence a esta segunda categoría. Os ricos adoitan ser personaxes negativos que o teñen todo e non o queren compartir cos demais.

As mulleres sempre xogan na casa o papel principal, gañan a vida a recoller ameixas ou berberechos, ou traballan no campo: "Maruxa, unha que vivía de pescar pouco, mendigar algo e roubar carbón no porto" (Farias, 1992a: 59). Nas vilas mariñeiras a muller agarda polo seu home, que non acaba de chegar do mar: "Non ben se facían ao mar, as mulleres xa estaban a agardalos" (Farias, 1992a: 63). Tamén hai nais solteiras, que Farias trata con dozura, en contraposición coa crueldade dos veciños: "Naqueles anos, ser nai solteira, ter fillo natural ou de pai descoñecido, marcaba para sufrir..." (Farias, 1992b: 15). E outras mulleres teñen un oficio ben particular, do que el falaba moito: a meiga, a curandeira, a remediadora.

Por todas as obras de Farias corrican nenos e nenas que van á escola, pero tamén teñen que axudar a traballar e así, na época en que abre a veda, vense obrigados a baixar á praia para recoller ameixas: "Por min soubo que

se levantara a veda e que os rapaces estaban na praia, a recolle-la ameixa" (Farias, 1996: 26).

Así son algúns dos personaxes que habitan ese mundo recreado por Juan Farias, todos eles pertencentes a un universo ben gravado na súa memoria des que era un neno e se sentía arrolado polo mar que tanto chamaba por el e do que non podía prescindir. Probablemente algúns son testemuñas dun pasado que foi e que o devir do mundo moderno enterrou, se cadra para sempre, pero que non morrerá de todo mentres existan escritores como Juan que nolo fan tan presente. Deste pasado presente, Juan sente morriña, "unha pena que che dá" (Farias, 1988: 82), aclara un dos seus personaxes.

E para rematar recollo unha frase que Juan pronunciou nun encontro con autores en Salamanca e que para nós sempre foi a medida do seu respecto polos nenos e a confianza no futuro da humanidade, que deixa nas súas mans:

> Ás veces pregúntome se non deberiamos sentar nun foxo, tirar a toalla, meter toda a nosa experiencia nun baúl, tirar o baúl ao río e deixar que os nenos improvisen unha sociedade nova. Se cadra a eles se lles ocorra aquilo de "Ama o teu próximo como a ti mesmo", que é, sen dúbida ningunha, a constitución ideal (Farias, 2009a: 12).

Bibliografía

Farias, J. (1988): *Os Corredoiras*, Vigo: Ediciones SM.
_____ (1992a): *A infancia de Martiño Piñeiro*, Madrid: Bruño.
_____ (1992b): *Carmela*, Vigo: Ediciones SM.
_____ (1994): *Desde o corazón da mazá*, Zaragoza: Editorial Luis Vives.
_____ (1996): *Á sombra do mestre*, Vigo: Alfaguara-Obradoiro.
_____ (1997a): *Crónicas de Media Tarde*, A Coruña: Everest Galicia.
_____ (1997b): *Bastián e mailos trasnos*, Vigo: Editorial Galaxia.
_____ (1998): *A pousada do sétimo día*, A Coruña: Everest Galicia.
_____ (2000): *Ismael que foi mariñeiro*, A Coruña: Everest Galicia.
_____ (2005): *O tolo da ría*, Vigo: Edelvives-Tambre.
_____ (2008a): *Galego. Á beira do mar*, Pontevedra: Kalandraka.
_____ (2008b): *Gallego. A la orilla del mar*, Madrid: Fondo de Cultura Económica.
_____ (2009a): "Juan Farias habla sobre Juan Farias", *Juan Farias*, Salamanca: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, pp. 11-12.
_____ (2009b): "Relato para una monografía" *Juan Farias*, Salamanca: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, pp. 49-50.

Fundación Germán Sánchez Ruipérez (2009): "Crónicas de un tal Juan: Encuentro de Juan Farias con sus lectores", *Juan Farias*, Salamanca: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, pp. 27-36.

Roig Rechou, B. A. (coord.) (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, Vigo: Xerais.

Seoane Pérez, E. (dir. e coord.) (2011): *Juan Farias. Un mar de palabras e de imaxes sobre o escritor e ferrolán universal*, Ferrol: Concello de Ferrol-Concellería de Educación.

Vázquez Vargas, M. (2009): "Juan Farias, escritor humanista y universal", *Juan Farias*, Salamanca: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, pp. 13-25.



Azares e personaxes

Isabel Soto
Tradutora

Hai momentos na vida que non se borran nunca,
pois quedan ancorados con firmeza na nosa memoria.
(Fernández Paz, 2006: 37)

Unha das meirandes traxedias da miña vida
é a morte de Lucien de Rubempré.
É unha dor que endexamais logrei superar de todo.
Atorméntame nos meus momentos de gozo.
Lémbroa cando río.
(Wilde, 1891)

Recordo o verán de 1994, cando coñecín a Blanca, van alá vinte e seis anos neste 2020. En realidade, tempo antes, alguén me remitira a ela cando lle fixen unha pregunta relacionada coa literatura infantil e xuvenil galega, pero naquel momento non me atrevín a chamar á súa porta. No entanto, os fíos do azar fixeron que acabase coñecéndoa unha mañá de agosto cando, sen máis, entrou na sala de dicionarios do Centro Ramón Piñeiro e, falangueira e vivaz, dixo que ela era Blanca e me pediu un cigarro. E desta maneira tan pouco protocolaria comezou unha historia compartida, tan chea de vivencias de índole persoal e profesional que creo que ocuparía este volume enteiro de homenaxe con pequenas e grandes aventuras, traballos compartidos, charlas, desgustos, alegrías, cancións, chamadas intempestivas... E, como non, reprimendas, pois ambas somos dese carácter que estoupa nunha tormenta tras a que loce o sol. Pero se hai algo que predomina na lembranza son as risas, moitas risas...

En plena pandemia, coa cabeza acugulada de preocupacións e tarefas varias, non atopei a forma de homenaxeala como merece, e espero que me desculpe. En calquera caso, cal sería a maneira de mostrar a gratitude debida a quen cho aprendeu todo? Como plasmar en palabras sisudas tal gratitude? Como reflectir a súa xenerosidade e entrega ao traballo? Seguro que moitas achegas deste libro demostrarán que é posible.

Non tiven mellor ocorrencia que compartir este esbozo de algo no que estou traballando e que reúne paixóns compartidas: presentación a modo de dicionario –grazas ao cal nos coñecemos–, literatura infantil e xuvenil –eido no que é unha sabia e unha pioneira–, historias interesantes e perso-

naxes saídos da imaxinación e dos fíos da vida dun creador como Agustín Fernández Paz, ao que Blanca lle dedicou diferentes traballos e que definiu como "un clásico contemporáneo" (Roig, 2008a e 2008b).

Existen personaxes capaces de provocar as máis vivas emocións; seres ficticios cos que rimos, choramos, que nos conmoven ou que detestamos. Hainos que forman parte dun imaxinario compartido e saltaron por riba de calquera barreira xeracional. A min pásame, coma a Oscar Wilde co protagonista de *Illusions perdues*, salvando as distancias! No caso dos creados por Agustín Fernández Paz, a escolla non resulta doada, pois todos os que retratou son suxestivos, ricos en detalles e están cargados de verdade. Como esquecer a Alba de *As flores radioactivas* (1990); a Mariña de *Fantasmas no corredor* (1993); a Branca, de *Trece anos de Branca* (1994); a Xabier Louzao de *Cartas de inverno* (1995); ao doutor Nogueira de *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998); a Daniel de *Cos pés no aire* (1999); a Laura Novo de *Aire negro* (2000); a Ramón e Sara de *Noite de voraces sombras* (2002); a Skywalker de *O meu nome é Skywalker* (2003); a Luís de *A pastelaría de dona Remedios* (2008); a Khoedi de *Lúa do Senegal* (2009); a Damián e Marga de *Fantasmas de luz* (2011); a Gabriel Lamas de *Non hai noite tan longa* (2011); a Miguel Mendiguren de *A viaxe de Gagarin* (2014); a Ollos Grandes de *Amizades secretas* (2015)... A listaxe sería ben longa!

As páxinas que seguen foron redactadas fuxindo á mantenta da frialdade que subxace en ocasións nos vocábulos da crítica literaria ou nesas referencias bibliográficas académicas expresadas entre as parénteses de remisión a unha obra e unha páxina concretas, e non porque eu desprece tales análises senón porque o aquí recollido pertence ao eido da emoción e a experiencia significativa. Esta colaboración non pretende ser máis ca a celebración dunha amizade que xa dura anos, e poñer de relevo as reviravoltas do azar, entre elas, porque son numerosas, as que fixeron que eu chegase a coñecer a Blanca; que por mor do seu empeño traballase na Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil durante dez anos; que grazas a iso coñecese unha persoa tan excepcional como Agustín Fernández Paz e posteriormente este me encargase traducir un libro seu ao castelán, o cal abriu a porta a moitos outros e motivou que principiase a traballar na tradución até o día de hoxe.

Seguindo a orde alfabética pola que aparecen estes cinco personaxes, gustaríame explicar as razóns da escolma, aínda que iso me leve a falar de min. Sei que Blanca, que é lista coma un allo, ha entender por onde vou.

Adrián naceu para unha aventura que se revelou efémera, a alianza Planeta-Oxford; por encarga da editora catalá Marta Vilagut seleccionei uns cantos libros de autores e autoras galegos para que formasen parte dese selo e, con tal fin, Agustín axudoume creando *O Raio Veloz*, unha historia que sempre me fai sorrir porque reflicte moi ben a súa maneira de pensar e o seu desexo de construír un mundo mellor e máis amable. Sempre que acabo o libro, fágoo cun sorriso, penso que oxalá houbese máis persoas coma Adrián e deséxolle o mellor.

No caso de Argos 1 e Argos 2, senllos cans pertencentes a *Querido inimigo* e "Esta estraña lucidez", relato incluído en *O único que queda é o amor*, ademais da miña debilidade por todo o que teña que ver cos cans, trátase de historias igual de emotivas, malia as diferenzas que presentan. *Querido inimigo* é un conto moi breve do que me apracen en igual medida a interpretación que a ilustradora, Tesa González, fixo do relato e os personaxes, e a anécdota que se conta, inspirada nun feito real que tivo como protagonista un cativo veciño meu. "Esta estraña lucidez" conmóveme até as bágoas pola extraordinaria delicadeza do texto e a orixinalidade da perspectiva narrativa. Non podo evitar lembrar como o autor me coseu a preguntas interesándose polos comportamentos do meu can Otto, ao que, malia os seus receos iniciais, coñeceu e co que compartiu tempo e paseos, até chegar a comprender que son animais especiais, "que son xente", que comparten as nosas alegrías e os nosos momentos difíciles.

A Clara Soutelo únenme varios detalles persoais que non collen aquí, pero o máis importante son as moitas horas que Agustín e mais eu pasamos falando desta historia e do seu desenlace, ese dilema moral ao que debe enfrontarse a personaxe no seu camiño cara á madureza en soidade, pois *Corredores de sombra* foi o primeiro libro que traducín por desexo de Agustín. Non se borran da miña mente as sesións de traballo das que acabou nacendo un método de pormenorizada análise e alteración dos textos tanto nas sucesivas edicións coma nas traducións simultáneas dos libros ao castelán. A dedicatoria manuscrita do autor que conservo no meu exemplar en galego vai acompañada dunha fiestra recortada dunha cartolina vermella, e ao abrila pódese ler: "Unha fiestra, si. Para que cando te asomes a ela saibas que nunca esquecerei as conversas arredor desta historia do pazo". Eu tampouco, Agustín, ben o ves!

E, finalmente, incluín a Helena, protagonista, canda Xoel, de *Valados*, unha historia por desgraza cada vez de maior actualidade, nun mundo que teima en construír muros para separar as persoas. Co optimismo que o caracterizaba, Agustín Fernández Paz argalla a maneira de evitar a separación destes amigos inseparables, aínda que os muros seguen aí, atormentando a xente de ben.

Velaquí van logo algúns detalles das historias destes seres de ficción, como tributo á amizade –o perfume da vida (Heraclio Pérez Placer *dixit*)– e ao azar que me fixo atopar a Blanca no camiño. Grazas ao talento que os fixo nacer, alcanzamos e podemos facer que se estendan as súas marabillosas aprendizaxes, algo que a homenaxeada non deixa nunca de facer, por máis que, segundo ela, estea "retirada".

Cinco historias do futuro *Dicionario de personaxes* de Agustín Fernández Paz

adrián. *O Raio Veloz* (Fernández Paz, 2006b, 2010)

Certamente, a miúdo obsérvase que moitas persoas aférranse á idea de que a multiplicación dos contactos co exterior que caracterizan á sociedade postmoderna na que vivimos é, de feito, unha ameaza contra a identidade. Claro que crer isto implica presupoñer que hai unha identidade desde sempre constituída así, e isto nunca foi o caso tal como argumenta Augé (1993: 79) que insiste en que "non hai identidade sen a presenza dos outros. Non hai identidade sen alteridade". E é que, en realidade, a identidade constrúese no nivel individual a través das experiencias e as relacións co Outro. Iso non ocorre exclusivamente no nivel individual, xa que é tamén moi certo no nivel colectivo. Así, un grupo que se reprega sobre si mesmo e péchase... é un grupo moribundo.

A sociedade multilingüe, favorecedora como ningún modelo alternativo dos contactos co Outro, frea as tentacións de replegarse sobre un mesmo e restrinxir así os nosos acenos de identidade a unha cultura construída sobre as bases das denominadas *raíces antropolóxicas*. Esta metáfora das raíces asimílase á idea de *terra das orixes*. Con todo, na maioría dos casos, a historia trata de grupos que se moveron. Reivindícase unha identidade en parte ilusoria e créese ameazada precisamente porque non se chegan a admitir as relacións de alteridade: non é a alteridade a que pon a identidade en crise. A identidade está en crise cando un grupo ou unha nación rexeitan o xogo social do encontro co Outro. E quen se forma para formar parte dunha cidadanía plurilingüe e intercultural, como é o caso da nova educación idiomática, non pode rexeitar ese xogo social do encontro co Outro, porque en definitiva o encontro no diálogo intercultural é a esencia dos actos comunicativos na actual sociedade multilingüe. Non sen motivo, unha das ferramentas didácticas máis recentes –a *Autobiografía de Encontros Interculturais*– promovida pola División de Políticas Lingüísticas do Consello de Europa[6] busca como obxectivo que os usuarios poidan reflexionar de xeito crítico sobre as experiencias interculturais que lle resultaron memorables, e, ao tempo, axúdalles a analizalas retrospectivamente e sobre a base dos aspectos máis definitorios de cada encontro.

6 Ver o portal da institución: http://www.coe.int/t/dg4/linguistic/domaines_EN.asp.

Cita Moreno Cabrera (2008: 116), ao fío do colonialismo lingüístico español con ocasión do descubrimento de América, o tipo de bilingüismo substitutivo que souberon impoñer progresivamente os conquistadores e o seu séquito. Apoiándose nunha referencia histórica de Alvar, o autor explica que con este tipo de bilingüismo substitutivo "trátase de introducir unha lingua estraña que vai acompañada dun halo de prestixio que serve para empequenecer e devaluar as linguas indíxenas". E segue a referencia de Alvar:

> Conforme o bilingüismo acrecéntese, aumentará o prestixio social do castelán en todos os niveis, vencendo a inercia a favor das novas estruturas. Porque as falas indíxenas –abandonadas á súa sorte– difícilmente enriquecen o seu propio acervo, nin son capaces de adaptarse ás novas necesitadas [Nota 83. Baste pensar no guaraní, que ten consideración de lingua nacional, incapaz para expresar –segundo os seus falantes– conceptos farto triviais na vida dun falante instruído.]

Cando chegamos a pensar dun modo así, como foi o caso e segue sendo hoxe noutros moitos contextos, non estamos suscitando a cuestión multilingüe ou intercultural nun espazo de argumentación lingüística. Estámolo facendo nun entramado interdisciplinar que se asenta nun espazo antroposocial e antropolítico. Como o destacou Byram (2003: 53-54):

> [...] Un dos obxectivos educativos no ensino de linguas estranxeiras debería ser promover a conciencia cultural crítica a través da educación política. A formación en idiomas non é xa que logo unha actividade neutra, como podería deducirse do simple desenvolvemento de *destrezas*. Está profundamente enraizada nas relacións da educación coa política. [...] Argumentarei esta cuestión demostrando que a aprendizaxe das linguas e culturas e a interacción con falantes doutras linguas é un xeito especial de socialización que produce efectos nas identidades sociais dos aprendices, e que o ensino das linguas estranxeiras pode e debe ter obxectivos educativos que son políticos.

Existe unha forma de concibir as linguas e os seus usos que implica unha complexa rede integrada de niveis que se conforman desde achegas sociolóxicas, políticas, culturais, éticas, ecolóxicas etc. Non podemos, así, desbotar o intento por dar sentido á trans-disciplinariedade nas estruturas do pensamento sobre as linguas e os seus usos sociais. O individualismo metodolóxico, de carácter exclusivamente pedagóxico, que caracterizou o xerme vertebrador da cultura reducionista das estruturas de pensamento das

linguas ao longo do século XX resulta, en si mesmo, incapaz de comprender o fenómeno social da linguaxe e as linguas na súa propia dinámica, precisamente polo carácter reducionista do seu enfoque e visión do problema. É precisa unha forma complexa de organización do pensamento que nos permita afrontar unha racionalidade que abra as portas a modos interdisciplinares e transdisciplinares que sexan capaces de asumir a diversidade e facer que esta diversidade dialogue.

En realidade, as aprendizaxes efectivas de idiomas viñéronse orientando durante as pasadas décadas na dirección de esperar que o encontro social, un duro crisol de competencia da apropiación da nova lingua, prodúzase un día (¡para moitos aprendices nunca!) nalgunha situación real moi afastada do contexto educativo do aula. Xa ninguén se atreve a motivar ficticiamente (si, en realidade, existiu algunha vez tal motivación extrínseca) aos seus alumnos a aprender unha lingua diferente á propia ou propias para cando vaian a un país onde esa lingua teña unha instalación social plena. En realidade, estes deben estar preparados para o encontro social no discurso desde o primeiro momento do seu proceso de contacto coa nova experiencia lingüística na lingua en cuestión, aínda que isto suceda nun aula.

Ese encontro social no discurso, expresado en clave hermenéutica, precisa da construción dun espazo ao que os que participan nun acto comunicativo e cultural aportan algo... algo que permite negociar os significados... significados que non están no texto (ou están simplemente mostrados como indicios de significación) xa que non son recibidos senón construídos. Por iso é polo que o encontro social no discurso sexa transdisciplinar e, por ser complexo, necesita que os suxeitos participen activamente. No encontro social no discurso, facémonos conscientes da finitude e o inacabado do coñecemento: alí onde sabemos que non existe posibilidade humana de saír completamente do contexto vémonos obrigados a optar, a elixir perspectivas. Son as perspectivas que efectúa un individuo en situación de comunicación intercultural ao aplicar, por necesidade efectiva, estratexias complexas. E, como sabemos por Morin, quen pon en marcha a transdisciplinariedade está practicando a *reticulación*... pensa articulando... vai do todo á parte e da parte ao todo... non linealmente do simple ao complexo. Así avanza o bo aprendiz de idiomas: do texto ao contexto, do contexto ao texto.

Cada vez hai menos dúbidas sobre a necesidade de que a construción do mundo da educación lingüística céntrese na lingua como comportamento

intercultural, como compromiso na acción intercultural (Guillén e Castro, 2008). Os últimos anos do século XX e os que inician este XXI estannos levando, finalmente, a comprender a lingua como comportamento intercultural –unha ferramenta para desenvolver as nosas interaccións interculturais nunha cultura do mestizaxe. E a nosa perspectiva vólvese sociolóxica. A nosa preocupación inicial polo *locutor ideal* (que, en realidade, non quere dicir moito) trasladouse, da man dunha sociedade global da información, da educación e do mestizaxe, ao interese por un *locutor intercultural.*

Parece evidente que os materiais didácticos e as metodoloxías do aula deberían reflectir, polo menos, algúns dos seguintes trazos concernentes á aprendizaxe dunha lingua engadida como forma de comunicación, si pretendemos que os alumnos desenvolvan as súas capacidades para afrontar os problemas da dimensión social e intercultural vinculada a tales aprendizaxes lingüísticas (Trujillo Saéz, 2006). En síntese, asumir o feito de que:

- A mediación na derivación do significado é un proceso dinámico de inferencia.
- (Como consecuencia) Os significados son plurais e variables na medida en que se desenvolven as características concretas do proceso de comunicación.
- Un proceso de negociación de significados está determinado por regras discursivas de tipo social e específicas dunha cultura (e por regras de tipo pancultural) que constitúen unha axuda esencial na aprendizaxe e progreso lingüístico de apropiación dunha nova lingua.
- Este tipo de regras entran en xogo a través de procesos de interacción e, como consecuencia, as estratexias de apropiación da lingua estranxeira deberían enmarcarse na dinámica dun contexto transaccional.
    - Os alumnos dunha lingua estranxeira necesitan desenvolver unha certa sensibilidade cara aos prexuicios sociais e culturais que conlevan determinados actos de fala, e que unha sensibilidade deste tipo –que se pode impulsar mediante o deseño de contidos específicos de tipo actitudinal– resulta un prerrequisito básico para comprender a nova lingua como un medio de traspasar o limiar da comunicación intercultural.

Sen dúbida, o *contexto social* non nos conduce a unha terra prometida no ámbito das aprendizaxes lingüísticas pero, desde o punto de vista das estratexias procedementais do ensino, aprendizaxe e avaliación de novas lin-

guas, pon de relevo algúns aspectos concretos que merecen unha atención particular. Claro que o discurso social e a cultura son, á súa vez, algo máis que o pano de fondo e o contexto da significación nunha lingua franca. Apropiarse dunha lingua engadida é apropiarse dos seus discursos sociais e da súa cultura. Iso implica penetrar na dimensión da linguaxe e as linguas como un instrumento social baixo unha perspectiva que sitúa os propios conceptos de lingua, discurso social e cultura nunha dinámica de correlación interna que une estes tres conceptos á hora de compartir a característica común das situacións imprevisibles.

Este trazo de *situacións imprevisibles*, que comparten os conceptos de lingua, discurso social e cultura, póñennos en garda, no ámbito das aprendizaxes lingüísticas, ante a necesidade de impulsar os procedementos e as destrezas da negociación como fonte de toda acción didáctica e metodolóxica enfocada cara a un proceso efectivo de apropiación dunha lingua e unha cultura diferente á que marca nosa propia identidade social. En realidade, as variables que –como tales– interveñen neste proceso de negociación están presentes no uso da lingua (ou linguas) propia en cada momento das nosas relacións interpersoais cotiás. En sentido estrito, non son outras variables as que entran en xogo á hora da comunicación intercultural. Máis ben o que ocorre é que estas variables cotiás aumentan, fanse máis complexas e resultan máis demandantes á hora do encontro intercultural entre locutores interculturais.

Dalgún modo, nesta liña manifestáronse os equipos que traballaron as liñas conceptuais do *CEFRL* producido polo Consello de Europa (Council of Europe, 2018), á hora de definir e promover a idea de *competencia intercultural*. Unha competencia moi particular, máis difícil de desenvolver do que a primeira ollada parece e que, ao revés do que habitualmente pensan os que se enfrontan a ela por primeira vez desde premisas educativas, comeza no punto onde estamos cada un de nós no momento de tomar conciencia da súa importancia. Así, o concepto de interculturalidade e de competencia intercultural forma parte do pensamento complexo na didáctica das linguas, máis aló das racionalidades simplificadoras (ou deterministas) e reducionistas que caracterizaron os enfoques estruturais ou nocio-funcionais do século pasado.

A nosa percepción do universo plural do exterior que nos rodea está moi condicionada por nosa propia capacidade de observar o universo plural

interior. Isto é algo aínda máis complexo no caso de locutores interculturais que deben aprender a construír a cultura desde o discurso e a acción. Esta apreciación da diversidade como motor de impulsión da conciencia lingüístico-cultural dos locutores interculturais implica unha boa interiorización do que supón unha interacción dinámica entre culturas. O locutor intercultural é *inter* porque *inter-acciona* ao ter que moverse no recoñecemento da diversidade de culturas. Como o expuxo Guilherme (2004: 125),

> ... [o intercultural] admite a existencia de múltiples culturas como ámbitos autónomos, aínda que esencialmente heteroxéneos, aínda que o seu foco de atención reside nos espazos intermedios, é dicir, na súa interacción dialóxica, na natureza flexible das identidades culturais e nos trazos dinámicos que caracterizan os encontros interculturais.

En definitiva, os locutores interculturais proxectan unha disposición á asunción dun compromiso no que converxen factores vinculados a aspectos de identidade, alteridade e diversidade cultural. Non cabe o intercultural sen este compromiso. E, neste sentido, os locutores interculturais teñen un compromiso para unha actitude de estar abertos, ser flexibles, tolerantes e dispostos a aprender de forma permanente, a diferenza dun locutor nativo que aprende menos co paso dos anos e, en consecuencia, tamén se esforza menos en cada encontro co Outro. Para expresalo de forma moi sintética, un locutor intercultural o é porque dispón dunha competencia na acción: a capacidade de verse a si mesmo como outros lle ven a el ou a ela. Intuicións que o gran poeta escocés Robert Burns xa posuía e deixounos patentes nos últimos versos do seu poema *To a Louse*: "O would some Power the gift to give us, to see ourselves as others see us!".

Bibliografía

Augé, M. (1993): *Los no lugares. Espacios del anonimato*, Barcelona: Gedisa.

Baetens Beardsmore, H. (2008): "Multilingualism, Cognition and Creativity", *International CLIL Research Journal* 1 (1), pp. 4-19.

Beacco, J-C. e M. Byram (2007): *From linguistic diversity to plurilingual education. Guide for the development of language education policies in Europe*, Strasbourg: Language Policy Division.

Byram, M. (2003): "On being bicultural and intercultural" en G. Alred, M. Byram e M. Flemming (eds.), *Intercultural experience and education*, Clevedon: Multilingual Matters, pp. 50-66.

Cenoz, J. (2013a): "The influence of bilingualism on third language acquisition: Focus on multilingualism", *Language Teaching* 46.1, pp. 71-86.

Cenoz, J. (2013b): "Defining multilingualism", *Annual Review of Applied Linguistics* 33, pp. 3-18.

Clifford, J. (1992): "Travelling Cultures" en L. Grossberg, C. Nelson e P. Treichler (eds.), *Cultural Studies*, Nova York: Routledge, pp. 69-74.

Council of Europe (2018): *Common European Framework of Reference for Languages: Learning, Teaching, Assessment. Companion volume with new descriptors*, Strasbourg: Language Policy Programme/Education Policy Division/ Education Department.

Eurydice (2009): *El sistema educativo español*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

González Piñeiro, M., C. Guillén Díaz e J. M. Vez (2010): *Didáctica de las Lenguas Modernas. Competencia Plurilingüe e Intercultural*, Madrid: Ed. Síntesis.

Guilherme, M. (2004): "The role of intercultural communication and interaction in Modern Languages Departments", *Anglo-Saxonica* II, 21, pp. 119-138.

Guillén Díaz, C. e P. Castro Prieto (2008): "¿Qué formación didáctica del profesorado de lengua extranjera para la gestión de la dimensión intercultural? La concepción de un dispositivo como instrumento de referencia", *Intercompreensâo. Revista de Didáctica das Línguas* 14, pp. 181-208.

Haugen, E. (1953): *The Norwegian Language in America: A study in Bilingual Behaviour*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press.

Lorenzo, F., F. Trujillo e J. M. Vez (2011): *Educación bilingüe. Integración de contenidos y segundas lenguas*, Madrid: Ed. Síntesis.

Madrid, D. e S. Hughes (eds) (2011): *Studies in Bilingual Education*, Bern: Peter Lang.

McNamara, J. (1966): *Bilingualism and Primary Education*, Edimburgo: Edinburgh University Press.

Moreno Cabrera, J. C. (2008): *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva*, Barcelona: Península.

Pattanayak, D. P. (ed.) (1990): *Multilingualism in India*, Clevedon: Multilingual Matters.

Silva Valdivia, B. *et al.* (2010): *Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.

Trujillo Sáez, F. (2006): *Cultura, Comunicación y Lenguaje. Reflexiones para la enseñanza de la lengua en contextos multiculturales*, Granada: Octaedro-Mágina.

Vez, J. M. (2010a): "Bilingüismo internacionalista" en A. Egea Fernández-Montesinos (coord.), *Agenda 2012. Nuevas perspectivas del sistema educativo andaluz*, Sevilla: Fundación Centro de Estudios Andaluces, pp. 33-50.

Vez, J. M. (2010b): "Linguas e globalización en Europa" en B. Silva, J. Rodríguez e I. Vaquero (coords.), *Educación e Linguas en Galicia*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, pp. 165-194.

Ramón Piñeiro, filólogo filósofo

Darío Villanueva
Universidade de Santiago de Compostela/Real Academia Española

Tiven o privilexio de tratar persoalmente a Ramón Piñeiro, que ademais dos seus ensaios filosóficos sobre o significado metafísico da *saudade* e os seus escritos sobre literatura galega, foi un intenso activista cultural e político, promotor de instrumentos imprescindibles como a editorial Galaxia ou a revista *Grial*, na que fixen varias colaboracións, e, sobre todo, participei de determinadas institucións. Por exemplo, o Padroado da Lingua Galega, que non chegou a constituírse, como si o foi, ao amparo do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Consello da Cultura Galega do que o primeiro presidente foi, precisamente, Ramón Piñeiro desde a súa creación en 1983 ata o ano do seu falecemento, 1990.

Como tal presidente, el foi o impulsor desde o Consello da Cultura, xunto coa USC, dun magno congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo, desenvolvido entre o 15 e o 20 de xullo de 1985 en varias localidades galegas para conmemorar o centenario da morte da Cantora.

A organización foi confiada a unha secretaría executiva formada, xunto co decano da Facultade de Xeografía e Historia Xosé Ramón Barreiro Fernández, por tres catedráticos de disciplinas distintas que foramos compañeiros de carreira: Mercedes Brea López, de Filoloxía Románica; Anxo Tarrío, de Lingua e Literatura galega; e eu mesmo. Non nos faltou, ademais, o apoio do Patronato Rosalía de Castro e do Instituto da Lingua Galega da USC, pero Ramón Piñeiro, xunto co reitor Carlos Pajares, proporcionáronnos todos os medios e achegaron as súas suxestións particulares para que reunísemos en Galicia a estudosos de vinte nacionalidades distintas procedentes de máis de sesenta universidades de todo o mundo. O froito deste congreso plasmouse en tres volumes de actas que representaron un antes e un despois na traxectoria dos estudos rosalianos.

O esforzo foi grande, pero uniuse, en torno á figura máis representativa do *Rexurdimento* cultural galego, unha vontade de colaboración por parte de tirios e troianos máis alá de toda diverxencia: nacionalistas e non nacionalistas; progresistas e conservadores; hispanofalantes e galegofalantes; defensores da ortografía oficial adoptada pola Xunta de Galicia, o Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega e reintegracionistas, defensores dunhas regras identificadas ao máximo cunha tradición que viría

directamente do galaico-portugués medieval e politicamente representaría un afastamento de calquera resonancia castelá xunto cunha aproximación decidida ao mundo da lusofonía.

A máxima autoridade nesta liña era Ricardo Carballo Calero, o primeiro catedrático de galego da USC. Era un filólogo dunha peza, comezando loxicamente pola súa fala, de sedutora precisión conforme, nos seus rexistros, ás distintas situacións comunicativas de que se tratase. E, no que á escritura se refire, don Ricardo cultivou un abano moi amplo de expresións filolóxicas: a erudición literaria e lingüística, por suposto, pero tamén a creación literaria nos seus xéneros fundamentais.

Don Ricardo era o presidente da comisión organizadora do congreso por parte da Universidade. Constantino García González, fundador e director do Instituto da Lingua Galega, figuraba ao mesmo nivel nela, pero por designación do Consello da Cultura Galega presidido por Piñeiro. O Consello participaba tamén da normativa ortográfica oficial, fronte á lusista.

A don Constantino, que foi o meu profesor dunha das disciplinas que considero fundamentais na miña formación, a Filoloxía Románica, debo un recoñecemento especial. Catro anos despois da morte de don Ramón, en 1994, creouse en Santiago de Compostela o Centro de investigaciones lingüísticas y literarias Ramón Piñeiro (actualmente, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades). O seu coordinador, o propio Constantino García González, que fundara xa en 1971 o Instituto da Lingua Galega da USC, foi encargado pola Xunta de Galicia de poñelo en marcha, e pediulle a Guillermo Rojo que se ocupara da división lingüística e a min que fixera o propio coa literaria. Puiden traballar pouco no empeño, porque ao ser elixido reitor da USC en xullo dese mesmo ano tiven que deixar a batuta en mellores mans que as miñas, as de Anxo Tarrío Varela.

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades leva xa máis de vinte e cinco anos traballando en proxectos moi ben escollidos e liderados, con algún dos cales colaboro desde un principio, como por exemplo o do Equipo GLIFO (Grupo compostelán de Investigacións Semióticas e Literarias). Xunto ao propio Tarrío Varela, Fernando Cabo Aseguinolaza, Arturo Casas e Anxo Abuín González, a miña compañeira de Licenciatura, a nosa homenaxeada deste volume Blanca Ana Roig Rechou, e eu empezamos a elaborar un *Diccionario de termos literarios*, cuxo primeiro tomo, que comprende da letra A á letra D, foi publicado en 1998, e o segundo, do E

ao H en 2003. Entre as miñas achegas están as entradas "Autobiografía" e "Fenomenoloxía", pois o director que mas encargou sabe ben de que pé coxeo. Este *Diccionario de termos literarios* é aínda unha *work in progress* a cuxos traballos se incorporou unha nova xeración de investigadores, pero que xa se pode consultar no sitio correspondente de internet.

Volvendo ao recordo do congreso rosaliano que tivo lugar en 1985, como pode ocorrer coas cousas da lingua a adopción dunha ou outra postura en canto á ortografía –bendecida pola oficialidade e maioritaria a primeira (a do ILG), minoritaria (a reintegracionista) desde a oposición a segunda– influía nas relacións persoais de quen tiveran sido compañeiros, e incluso amigos, na convivencia e o traballo universitario. E iso era o que ocorría –sen que nunca, por suposto, o sangue chegase ao río– entre don Constantino e don Ricardo, quen antes da chegada do romanista asturiano a Santiago fixera xa dúas aportacións filolóxicas froito do seu enorme esforzo individual: a *Historia da literatura galega contemporánea,* en 1963, e, tres anos máis tarde, a *Gramática elemental del gallego común* (1966).

Plenamente consciente da situación, dado que unha das sesións do congreso se ía celebrar no pazo de Mariñán e no Concello da Coruña, pareceume que como coordinador do secretariado executivo debía asumir o reto encargándome da viaxe, ida e volta no meu coche particular, dos dous mestres. Comezamos a recorrer a ruta en completo silencio; o aire cortábase cun coitelo. E uns quilómetros máis adiante, don Constantino, que como asturiano (eu era fillo de un) gozaba dun pronto máis expansivo –os psicólogos dirían "primario"– que don Ricardo, que, como acostumamos ser os galegos, era "secundario", sen mediar prolegómenos ningúns espetoulle ao seu colega que parecía mentira que se tivese entregado á causa do lusismo ata o extremo de converterse na súa cabeza visible e máxima autoridade, en contra dunha normativa baseada nas enquisas que desde facía varios lustros o ILG fixera para identificar o galego real falado no noso país e acomodar logo a el a ortografía. Concluíu que lle parecía unha absoluta irresponsabilidade que non aceptase a que finalmente se declarara oficial como un logro imprescindible para a normalización lingüística, proceso que todas as linguas nalgún momento tiveron que afrontar con disciplina individual e colectiva.

Polo retrovisor eu estaba seguindo a prédica, cos ollos ben abertos para non perder detalle, sobre todo, da reacción de don Ricardo, a quen, escoitándoa, non se lle moveu nin un pelo. Non se fixo esperar a súa resposta, pronunciada

nun ton pausado e conciliador: "Constantino, o que ocorre é que ti non queres comprender a miña postura. Hai algo máis que consideracións lingüísticas na miña toma da partido. O que eu postulo é que El Rei de España reivindique a Coroa de Portugal, sobre a que ten abondos dereitos dinásticos, e poidamos constituír así un Estado serio e rexo na Península Ibérica".

O debate acabou aquí. Ben é certo que no resto do traxecto o silencio volveu dominar no limitado recinto do auto, e logo, xa en Bergondo e Coruña, todo seguiu transcorrendo sobre rodas.

Volvendo cara atrás, tras este excurso provocado polo congreso rosaliano de 1985, retomo o fío facéndome unha pregunta: Piñeiro filólogo ou filósofo? Non sería capaz de establecer unha fronteira entre estas dúas dimensións. O que, por outra parte, non deixa de agradarme, porque, aínda que filólogo, síntome moi vinculado ao pensamento filosófico, e intento facer unha filoloxía baseada nel.

Existen outras afinidades amigables que persistiron o paso do tempo e que continúan ata hoxe. Veñen de 1960, cando comecei o bacharelato, e se prolongaron na etapa xuvenil da universidade. Tal é o caso de tres compañeiros de estudos que o fomos desde aquel principio e seguimos sendo amigos fraternos. Un deles é xurista, Constantino Rodríguez Ramos; o outro, Pepe Otero, filósofo. Precisamente, prologando un libro seu escrito en galego, apuntaba eu en 2018 que ao igual que temos médico de cabeceira, non estaría mal que contásemos cun "filósofo de cabecera" que nos axudara a asimilar, superar e, sobre todo, comprender o que nos está a pasar, e o seu sentido último. E concluía que o meu compañeiro de estudos, que expresa o seu pensamento orteguianamente a través da prensa, fora o meu "filósofo de cabecera" desde facía medio século.

Algunha das creacións de Piñeiro entreveran tamén literatura e filosofía. Por exemplo, cando escribe o seu ensaio sobre "A saudade en Rosalía de Castro", está desenvolvendo unha teoría de estirpe *heidegeriana*, mediante unha interpretación neoexistencialista do seu pensamento aplicada a unha expresión en forma de poesía.

No meu libro *Da palabra no tempo. Estudos e ensayos de literatura*[1], que me publicou o meu paisano o poeta chairego Miguel-Anxo Fernán Vello, figura

1 A Coruña, Espiral Maior/Auliga Ensaio, 2007.

un ensaio dedicado á figura socrática de Ramón Piñeiro. Cando o lembro, teño que pensar sobre todo no referente do creador da maiéutica. Piñeiro era un dialéctico socrático, e exerceu como tal na Galicia do século XX igual que Sócrates profesou a súa maiéutica na Grecia do século IV antes de Cristo. Utilizaba a palabra como un instrumento para entender e á vez incidir sobre a maneira de pensar dos demais. E isto, a través da súas conversacións, das que non queda constancia nada máis que cando os seus interlocutores puxeron despois por escrito o que falaran pero tamén, destacadamente, a través dun xénero literario que cultivou, que antes de ser parte da Literatura, é unha expresión da conduta lingüística e comunicativa das persoas: a redacción de cartas, de epístolas.

Ramón Piñeiro ata tal punto asumía desde a súa filiación socrática a virtualidade da carta como un instrumento dialóxico de comunicarse cos outros que, ás veces, a súa crítica literaria adquiría forma de epístola, incluso para ser publicada, ben en *Grial* ou ben como prólogo a algún dos libros dos autores que llo solicitaban.

Hai que ter en conta tamén a filiación xermana do seu pensamento, de Husserl a Heidegger. E dentro desa tradición de pensamento, filosofía e literatura estaban fortemente imbricadas. Nesa liña, a fenomenoloxía husserliana reclama aterse a "las cosas mismas" ("*Zu den Sachen Selbst*"). Abandonar todas as disquisicións, moitas veces bizantinas e gratuítas, para que o pensamento se ateña ao que ocorre realmente, aos fenómenos das cousas. Hai que entender aquilo que nos rodea sen prexuízos mediante unha visión clara e nidia do que está a pasar. E isto vale tanto en termos universais como concretos. Por iso, tanto García-Sabell como Ramón Piñeiro son valedores dunha fenomenoloxía cultural de Galicia. Sen que iso representara limitarse exclusivamente ás manifestacións culturais máis comúns, incluso tópicas. Era a súa unha especie de interpretación global da vida social en todas as súas expresións públicas de todo tipo: as tradicións e costumes, a literatura, outras manifestacións escritas, os comportamentos da xente, as prácticas colectivas, as modas, os soños expresados de maneira articulada. Todo isto forma parte dun magma que filósofos, e tamén antropólogos culturais tratan de describir e estudar.

Debo confesar que a miña admiración por Ramón Piñeiro nace máis da consideración intelectual da súa figura, dos seus escritos e da súa acción pública ca dunha relación de tipo persoal. Coñecino da man de Carlos Ca-

sares, e gardo sempre o recordo da longa conversación mantida a tres voces mentres conducía nun regreso xuntos de Salamanca a Santiago. Este e outros momentos con el non me cabe dúbida de que foron relevantes para a miña formación, pero non podería reivindicar a condición de persoa especialmente favorecida polo maxisterio socrático de Piñeiro a través da súa "mesa camilla" da rúa Xelmírez que se incorporou como unha icona á historia da cultura galega da posguerra.

Hai outro aspecto de Piñeiro que me gustaría destacar aquí. Nunha das súas páxinas, Domingo García-Sabell, que con toda certeza era a persoa que mellor o coñecía intelectual e humanamente, concreta o retrato do seu amigo afirmando que era un *kantiano* auténtico. Dicir isto de alguén no contexto europeo significa o mesmo ca definilo como racionalista e ilustrado. A este respecto Johan Gottfried von Herder, líder do movemento prerromántico do "Sturm und Drang", representa, aínda que discípulo de Kant, un certo afastamento ao espírito *kantiano*, sobre todo nunha cuestión moi sensible que segue mantendo plena vixencia entre nós, que é a dialéctica entre a concepción unitaria da Humanidade –é dicir, todos os seres humanos somos iguais no substantivo– e a cuestión de como, ao mesmo tempo, somos diferentes.

Velaquí unha contradición agrandada pola crítica que Alain Frinkielkraut fai en 1987 a Herder como destrutor da mellor tradición do racionalismo iluminista –representada eponimamente por Inmanuel Kant– nun dos libros pioneiros na advertencia de todos os males que traería consigo o "pensiero debole" da posmodernidade: *La défaite de la pensé*[2].

Escribo estas páxinas sobre don Ramón trinta anos despois da súa morte cando me sinto moi concernido coa "ética del cosmopolitismo" formulada polo filósofo anglo-ghanés Kwame Anthony Appiah que me interesa como comparatista e como intelectual, e que Piñeiro, loxicamente, non chegou a coñecer. Gustaríame ter tratado con el, á luz desta exposición, a cuestión de que a identidade se substancia nunha palabra que ten dúas acepcións contraditorias: identidade significa "ser semejante a", pero igualmente hoxe en día utilízase o termo para significar o que nos une só a un grupo inmediato a nós e que nos diferenza das identidades dos demais. É como unha especie de fragmentación da identidade racionalista. Segundo os ilustrados, a identidade era universal. Había unha identidade humana que non admitía

2 Éditions Gallimard, Paris, 1987.

compartimentos nin división. Pola contra, para moitos agora –e desde hai tempo– as identidades dependen do relativismo predominante, das concrecións xeográficas, lingüísticas, relixiosas, culturais, por non falar das raciais.

Mentres Kant postulaba aquela primeira concepción ampla de identidade, Herder, non obstante, comeza a expresar de maneira clara que as identidades había que concretalas en comunidades máis abarcables, máis "negociables", máis comprensibles. Pero o importante é que Herder non era en modo algún un relativista radical. Non era un antiilustrado neste sentido. Ben é certo que o pensamento *herderiano* foi absolutamente manipulado en Alemaña polo nazismo, que era unha ideoloxía de diferenciación agresiva, de marcación de fronteiras entre razas, entre crenzas e entre culturas. Os nazis, cando leron a Herder, omitiron todas as súas declaracións sobre o que el denominaba *Humanitat*, palabra que acostumaba escribir con letras maiúsculas. A Humanidade é un universal que a todos nos alcanza e inclúe.

Desafortunadamente continúa aínda, e incluso está crecendo en Europa, e non só nela, unha interpretación da identidade moi redutiva e belixerante que contradí esa outra concepción de Humanidade, que foi na que se baseou ao final da segunda gran guerra a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, concepción unitaria no esencial aínda que falemos linguas distintas, teñamos unha cor de pel diferente ou a nosa historia e intrahistoria sexan tamén disímiles.

Pois ben, para min Piñeiro era un *herderiano* absolutamente xenuíno no seu pensamento literario. Para el existía un país, Galicia, e había un espírito dese país que se expresa a través dunha lingua, a súa gran creación colectiva, unha creación singular. Pero xunto con isto, nel residía así mesmo un poderoso substrato intelectual de europeísmo, e de racionalismo kantiano. Con el comprendín mellor que o dilema galego/castelán, Galicia/España era resoluble simplemente seguindo a pauta que nos dá Ortega nunha cita que sempre me acompaña: "Nos pasamos la vida eligiendo entre *lo uno y lo otro*. ¡Un penoso destino! ¡Prolongada, insistente tragedia! (...) La vida cobra sentido cuando se hace de ella una aspiración a no renunciar a nada" (Ortega y Gasset, 2010: 187-188).

Á luz das ideas de Appiah (2005, 2006 e 2019) expostas nas súas obras máis importantes, os estudos de literatura comparada xa existentes constitúen o marco de referencia doutrinal máis apropiado e útil para que as novas xeracións identifiquen como *su Literatura* non só a escrita na súa

lingua materna e, incluso, polos seus escritores compatriotas, senón que así mesmo asuman un repertorio multilingüístico de textos eminentes, por outra parte intimamente relacionados entre si e partícipes de similares exposicións poéticas que a teoría describe e explica como verdadeiros "universales literarios".

Podemos falar, pois, dunha verdadeira "lectura cosmopolita" como fai Kwame Anthony Appiah. Se o seu cosmopolitismo consiste nunha fórmula tan simple como "universalismo más diferencia", a "lectura cosmopolita" é aquela que se recrea na diferenza. Cando Appiah (2001: 204) engade que a lectura cosmopolita presupón un mundo no que as novelas viaxan entre lugares onde son entendidas de distintas maneiras, porque a xente é diferente e asume a súa diferenza, parece estar pensando, sen citalos, en escritores "globales" como o xaponés Haruki Murakami, o anglocaribeño de orixe hindú Vidiadhar Surajprasad Naipaul ou o albanés Ismail Kadaré. En termos de Stanley Fish, esta lectura cosmopolita consiste simplemente na multiplicación de "comunidades interpretativas" actuando simultaneamente, posibilidade hoxe factible pola globalización do polisistema literario, pola internacionalización da industria cultural e a xeneralizada mediación dos tradutores. Isto dará lugar, inevitablemente, a variados *misreadings,* pero non doutro modo concluía a lectura dunha obra polos seus primeiros lectores vernáculos.

Teño que insistir en que o compromiso coa universalidade da condición humana é algo consubstancial á Literatura Comparada desde a concepción dos seus propios fundadores, desde Juan Andrés, Madame de Staël e Goethe ata Jean-Jacques Ampère, Abel-François Villemain ou Hugo Meltz de Lomnitz, e que cobra renovado valor na actualidade, na dirección dun cosmopolitismo entendido como "la ética en un mundo de extraños".

Porque, como apuntei xa recordando a don Ramón Piñeiro, existen dúas acepcións dunha mesma palabra que desde sempre se relacionou coa literatura: *identidade*. Unhas veces, quizais demasiadas, prevaleceu o significado individualista, segundo o cal a identidade é "el hecho de ser quién o qué una persona o cosa es; las características que determinan quién o qué una persona o cosa es". A esta conciencia, a veces afirmada con pugnacidade, que unha persoa ten de ser ela mesma e distinta ás demais hai que engadir outra acepción non menos lexítima, que apunta cara "una cercana similitud de afinidad". *Identity,* identidad, como cualidade de *identical*, idéntico, "similar en cada detalle; exactamente parecida". Unha identificación total

nunca poderá darse entre persoas como si pode producirse entre obxectos ou cousas, pero é innegable a percepción que os humanos temos –e que con frecuencia se fortalece viaxando ou lendo– de que os grandes asuntos e as grandes paixóns que afectan a nosa condición máis xenuína, desde o nacemento ata a morte, desde os terremotos ás pandemias, desde o odio ao amor, nos resultan comúns.

Esta idea, que demanda todo tipo de matices e inspira simultaneamente unha profunda reflexión, explícase perfectamente nestas precisas palabras da escritora e premio Nobel polaca Wisława Szymborska, coas que conclúe o seu poema "Nic dwa razy" (Nunca dúas veces):

Medio abrazados, sonrientes,
buscaremos la cordura,
aun siendo tan diferentes
cual dos gotas de agua pura.

Hai que recuperar, tamén, a crenza de que a literatura é unha institución social e estética de primeira magnitude, e que a súa ensinanza non é un mero adorno que os sistemas educativos se conceden graciosamente para colorear os seus cadros, senón que pode desempeñar un papel insubstituíble para a formación dos cidadáns nun sentido plural, democrático e cosmopolita. A este respecto, é moi probable, como Ed Ahearn e Arnold Weinstein afirman, que "la literatura comparada es la única disciplina humanística equipada para alcanzar este reto educativo e ideológico" (Bernheimer, 1995).

A Piñeiro levoume, como xa dixen, Carlos Casares, outra das personalidades, de Galicia ou de fóra dela, ás que me sentín, e me sinto aínda despois da súa morte acaecida en 2002, máis próximo. Primeiro coñecino como lector de *Xoguetes para un tempo prohibido*, novela xeracional, da xuventude universitaria de Compostela coa que Carlos coincidira nos anos sesenta, e das súas inquietudes políticas, intelectuais ou simplemente humanas. Despois ven o encontro persoal, a simpatía mutua, a coincidencia de criterios non soamente literarios, as conversacións, as longas conversacións aquí e alá, en Ferrol, en Vigo, en Salamanca, en Verines, en Bos Aires, en Madrid... Carlos era un dos mellores interlocutores que coñecín. E digo interlocutores, porque tanto como falar sabía escoitar, festexando as ocorrencias do oínte. Participante en faladoiros con outros, e no –como se acostuma ás veces– expropiador sistemático do tempo que lle correspondería, en boa lei, á palabra allea.

O liderado de Casares como home da cultura aprecieino persoalmente non tanto na editorial Galaxia e a revista *Grial*, onde, por certo, entrei a escribir da súa man, senón no Consello da Cultura Galega, onde estiven con el desde 1994 ata o seu falecemento. Carlos Casares facía as cousas cunha estraña facilidade, coma se todo fose moi sinxelo e non significase nunca un gran esforzo, nin moito menos o máis mínimo abafo. Os seus escritos xornalísticos, a súa conversación e a súa propia presenza eran unha garantía de serenidade. Poucos como el apreciaban a cortesía, e a practicaban, desautorizando así o comportamento dos que a miúdo perden a compostura, ás veces xustificándose en non sei que firmeza de convicción agresiva ou descortés. Do Carlos Casares home cabal basta recordar a súa fidelidade á figura e ao pensamento de Ramón Piñeiro, o primeiro presidente do Consello da Cultura Galega.

O fecundo legado que deixou don Ramón a Galicia, nas ideas e nas institucións vertebradoras do país, tivo en Carlos Casares o seu máis leal curador, ata o punto de que foi el quen reuniu e ordenou para a imprenta os documentos orais e escritos nos que toman corpo as memorias inconclusas de Ramón Piñeiro, publicadas na primavera de 2002 baixo o título *Da miña acordanza. Memorias*.

Bibliografía

Appiah, K. A. (2005): *The Ethics of Identity*, Princeton: Princeton University Press.

_____ (2006): *Cosmopolitanism. Ethics in a World of Strangers*, Nova York: WW Norton.

_____ (2019): *Las mentiras que nos unen. Repensar la identidad*, Madrid: Taurus.

Bernheimer, C. (comp.) (1995): *Comparative Literatures in the Age of Multiculturalism*, Baltimore: Johns Hopkins University Press.

Dharwadker, V. (comp.) (2001): *Cosmopolitan Geographies. New Location in Literature and Culture*, Nova York: Routledge, p. 204.

Ortega y Gasset (2010): *El espectador I. La vida en torno. Tierras de Castilla. Notas de andar y ver, Obra completa*, tomo 2, Madrid: Santillana/Fundación José Ortega y Gasset (5ª edición), pp. 187-188.

Este libro *Verbas amigas*,
en homenaxe a Blanca Ana Roig Rechou,
rematouse de imprentar o día 28 de xuño do 2021,
coincidindo co
seu septuaxésimo segundo aniversario

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Xacobeo 21·22

galicia

ISBN 978-84-453-5373-8

XUNTA
DE GALICIA